



REAL
ACADEMIA
GALEGA

ALMAS VIVAS

Os libros de Antón Vilar Ponte
na Real Academia Galega

Ana M.^a Menéndez Rodríguez
Emilio Xosé Ínsua

ANEXOS BRAG

Almas vivas

Os libros de Antón Vilar Ponte na Real Academia Galega

Ana M.^a Menéndez Rodríguez
Emilio Xosé Ínsua

The background of the page features a large, light gray watermark of the seal of the Real Academia Galega. The seal is circular and contains a sun with rays rising over a body of water represented by horizontal lines. The text 'REAL ACADEMIA' is visible in an arc across the top of the seal.

ANEXOS BRAG

Anexos BRAG 10

Edita

Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2024

© Ana M.^a Menéndez Rodríguez, 2024

© Emilio Xosé Ínsua, 2024

Cuberta

Caricatura de Antón Vilar Ponte,
por Álvaro Cebreiro (1921). Real Academia Galega

Deseño da colección

Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación

Real Academia Galega

Impresión

Imprenta Mundo

ISBN: 978-84-17807-44-3

Depósito Legal: C-1909-2024

<https://doi.org/10.32766/rag.446>

REAL ACADEMIA GALEGA

Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
15001 A CORUÑA
Tif. 981 20 73 08
www.academia.gal



REAL
ACADEMIA
GALEGA




Concello da Coruña

Almas vivas

Os libros de Antón Vilar Ponte na Real Academia Galega

Ana M.^a Menéndez Rodríguez
Emilio Xosé Ínsua



Ao meu pai, Valeriano Menéndez, lector incansable e galeguista exemplar,
pola súa sabiduría e bondade

Aos académicos receptores deste fondo na Real Academia Galega,
Antonio Gil Merino, Xosé Ramón Barreiro e Francisco Fernández del Riego,
pola súa boa disposición e os seus sabios consellos

Á familia de Antón Vilar Ponte, pola súa xenerosa doazón

Ana M.^a Menéndez Rodríguez

Para o profesor Justo G. Beramendi, que presidiu o tribunal
que xulgou no seu día a miña tese de doutoramento na USC
sobre a figura de Antón Vilar Ponte, in memoriam

Emilio Xosé Ínsua

INTRODUCCIÓN

Ana M.^a Menéndez Rodríguez

Directora da Biblioteca da Real Academia Galega

PROCEDENCIA E CONTEXTO DA DOAZÓN

A Biblioteca da Real Academia Galega inclúe, na súa colección, os fondos particulares de numerosos intelectuais galegos, como Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Xosé Fontenla Leal, Marcial del Adalid ou Luis Seoane, entre os que se atopa un dos principais artífices da creación das Irmandades da Fala, Antón Vilar Ponte (Viveiro, 1881 – A Coruña, 1936).

Aínda que unha boa parte do fondo procedente da súa biblioteca e arquivo persoal se atopa na actualidade na Biblioteca do Parlamento de Galicia, a Real Academia Galega recibiu, no ano 2001, unha valiosísima doazón de libros e folletos que foran da propiedade do intelectual viveirense. Este fondo foi doado polos seus netos Antón Villar Casal e Isabel Villar Casal, por desexo do seu pai, Antón Villar Chao, finado o ano anterior.

A entrega formal dos volumes levouse a cabo o día 15 de maio de 2001, ao tempo que se asinaba o documento de doazón polo daquela presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, e a representante da familia de Antón Vilar Ponte, Esperanza Casal Rodríguez, viúva de Antón Villar Chao e nora do galeguista. Neste acto de recepción do fondo tomaron parte, tamén, os académicos Xosé Ramón Barreiro Fernández e Antonio Gil Merino, secretario e bibliotecario da institución respectivamente.

A doazón, composta por 184 obras, suma un total de 195 volumes. Do total de exemplares, 151 conteñen dedicatoria autógrafa dos seus autores. Inclúe tamén dous libros, excluídos do catálogo principal, pero sinalados nun anexo, dado que pola súa data de publicación, posterior ao pasamento de Vilar Ponte, non puideron pertencer á súa biblioteca, senón á dos seus descendentes. Do mesmo xeito, están incluídos noutro anexo algúns exemplares localizados na Biblioteca da RAG, á marxe desta gran doazón, que pertenceron orixinalmente ao viveirense.



Esperanza Casal Rodríguez fai entrega dos libros de Antón Vilar Ponte na sede da Real Academia Galega. Foto: Eduardo / *La Voz de Galicia*

BREVE PERFIL DO PROPIETARIO

Sen entrar a describir a biografía completa de Antón Vilar Ponte, nado en Viveiro en 1881 e finado na Coruña en 1936, hai que destacar tres liñas claves na súa traxectoria vital que nos axudan a comprender mellor a natureza da súa biblioteca: o xornalismo, a literatura e a política.

Aínda que o intelectual estudou Farmacia, dedicou a maior parte da súa vida laboral ao xornalismo, exercendo como redactor ou director en diversos xornais como *La Voz de Galicia*, *El País* ou, alén mar, *Follas Novas*, da Habana, sen esquecer o seu esmerado traballo nas emblemáticas publicacións galegas *A Nosa Terra* e *Nós*.

Foi creador, xunto co seu irmán Ramón, da primeira Irmandade dos Amigos da Fala en 1916 e publicou, en defensa da lingua galega e o galeguismo, o folleto titulado *Nuestra afirmación regional*. Concibiu o teatro como medio máis efectivo para prestixiar o galego e espallar o ideario nacionalista. Nesta liña hai que sinalar a súa propia produción teatral con obras como *Almas mortas* (Ferrol, 1922), *Os evanxeos da risa absoluta* (Santiago de Compostela, 1934) ou *Nouturno de medo e morte* (Santiago de Compostela, 1935).

Canto a súa faceta política, foi elixido deputado da Federación Republicana Galega pola provincia da Coruña en 1931 para, posteriormente, militar no partido galeguista, co que acadou novamente acta de deputado en 1936.

Coa Real Academia Galega mantivo unha estreita relación dende os seus inicios. En 1908 foi secretario na Habana da Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega, fundada en 1905 por Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal, cuxo principal cometido era financiar a entidade presidida por Manuel Murguía, inaugurada na Coruña en 1906 e da que foi académico correspondente. Máis adiante, o 24 de xullo de 1934, coa lectura do seu discurso titulado *O sentimento liberal na Galiza*, ingresaría como académico de número da institución, da que formaría parte ata o seu pasamento en 1936.

A vinculación de Vilar Ponte coa RAG, que lle dedicou en 1977 o Día das Letras Galegas, explica en boa parte que a institución fose a destinataria do importante conxunto bibliográfico que describe esta publicación.

CARACTERÍSTICAS DA COLECCIÓN

Achegarse a este conxunto bibliográfico particular implica, como na maioría dos casos, intuír en liñas xerais a personalidade do propietario, porque os libros, como extensión do propio dono, teñen voz e alma, e permiten deducir, entre outros aspectos, en que tempo e área xeográfica viviu, os seus gustos literarios ou científicos, o seu nivel socio-cultural, a súa ideoloxía, inquedanzas e afeccións.

Se nos detemos a observar esta colección, podemos determinar que se trata, dende o punto de vista cronolóxico, dun fondo do primeiro terzo do século XX, tendo en conta que, se ben é certo que hai un grupo considerable de obras dos anos dez do século pasado e, aínda máis, dos anos trinta, a década predominante é, claramente, a dos anos vinte, con arredor dun centenar de títulos. Debemos sinalar, non obstante, a presenza de dúas obras do século XIX, *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, publicada na Coruña en 1882, e *Os calaicos*, de Florencio Vaamonde, publicada na Habana en 1894.

Case a práctica totalidade do fondo está formado por primeiras edicións. Tan só en oito das obras consta a indicación de 2ª edición, e, noutras dúas, a de 3ª e 4ª edición, respectivamente. A isto hai que engadir o feito de que en moitos casos se trata de tiradas curtas, ás veces con exemplares numerados e asinados polo autor, o que aumenta considerablemente o seu valor.

Canto aos lugares de publicación das obras, non é de estrañar, tendo en conta a identidade e ideoloxía do seu propietario orixinal, que máis da metade do fondo estea publicado en Galicia. Os lugares con máis presenza son a cidade da Coruña, seguida por Santiago de Compostela e Ourense. Tamén están representadas,

por esta orde, as cidades de Pontevedra, Ferrol, Lugo e Vigo, e, aínda que de xeito puntual, vilas como Pontearreas ou Mondoñedo, entre outras. Do resto do fondo publicado en España o lugar predominante é Madrid, cunha trintena de obras. Temos que indicar, ademais, a presenza de títulos editados no estranxeiro, maioritariamente na Habana e Buenos Aires, mais tamén en Montevideo, Lisboa ou Porto, entre outros lugares.

Outro dos aspectos destacables desta colección é a abundante cantidade de obras escritas en lingua galega, concordante, unha vez máis, coa ideoloxía galeguista do seu dono. Tamén hai bastantes obras en castelán, e, cunha presenza puntual, algún título en portugués e catalán.

Aínda que hai que lembrar que este fondo é tan só unha parte da biblioteca de Vilar Ponte, os autores máis representados neste conxunto bibliográfico son Ramón Otero Pedrayo, Federico Maciñeira e Victoriano García Martí, seguidos de Ramón Cabanillas, Álvaro de las Casas, Gonzalo López Abente, Roxelio Rodríguez Díaz e Francisco Tettamancy.

Non é de estrañar a escasa presenza de autoras nesta colección, non atribuíble á vontade do propietario, senón ao contexto da época na que nos movemos. Non obstante, están presentes no fondo as escritoras Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Herminia Fariña, coa que lle unía unha relación de amizade, como testemuñan as dedicatorias autógrafas á súa persoa.

Non detectamos, nesta parte do conxunto bibliográfico conservado na Academia, ningún título da autoría de Vilar Ponte, aínda que están presentes algunhas obras doutros autores prologadas por el, como *A tola de Sobrán*, de Francisco Porto Rey (A Coruña, 1927) ou *Pepa Andrea*, de Pedro Guimarey (Santiago de Compostela, 1933), onde comenta sobre o teatro:

Si de algo está necesitando Galicia é do cultivo do folk-drama pol-o xeito dos do teatro irlandés. Teatro d'ambiente e de costumes onde as almas se moven avaladas pol-o seu ser natural, como peixe na i-auga.

Precisamente forma parte deste fondo recibido pola RAG un folleto coa tradución do inglés ao galego, feita polo propio Vilar Ponte, xunto co seu irmán Ramón e Plácido Castro, de dúas obras de teatro irlandés. A tradución foi publicada en 1935 en Santiago de Compostela pola editorial Nós, co título *Dous folk-dramas de W. B. Yeats*, e contén as obras *Catuxa de Houlihan* e *O país da saudade*.

A literatura galega é unha das temáticas máis predominantes no fondo, con obras de poesía, narrativa e teatro de autores como Cabanillas, Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Enrique Labarta, Luís Amado Carballo ou Francisco María de la Iglesia. Á marxe dalgún outro título de tema histórico, etnográfico, artístico ou

incluso médico, outro dos temas de interese de Vilar Ponte, a política, ten presenza no fondo a través de obras de autores galegos como Manuel Portela Valladares ou Vicente Risco, do que non podía faltar a súa obra *Teoría do nacionalismo galego* (Ourense, 1920). Interésase, igualmente, por outros autores non galegos que tratan asuntos de temática política, como Joan Estelrich ou Enric Prat de la Riva, un dos fundadores da Lliga Regionalista e considerado como un dos principais teóricos do nacionalismo catalán, cuxa doutrina política queda exposta no libro *La nacionalitat catalana* (Barcelona, 1910). O exemplar que posuímos desta obra inclúe o selo da Lliga Regionalista. Igualmente de temática política hai obras pertencentes aos portugueses Ângelo César ou Cunha Leal.

Tamén é importante destacar nesta colección, como valor engadido, a presenza nalgúns exemplares de marcas, correccións ou anotación manuscritas.

Aínda que se hai unha característica que singulariza e achega moitísimo interese a este conxunto de libros e folletos é a presenza de dedicatorias autógrafas no 82% dos títulos. Como sucede coas propias obras, a lingua predominante nestas é o galego e o castelán, pero tamén hai algún exemplo en catalán e portugués. Na inmensa maioría dos casos as dedicatorias van dirixidas expresamente ao xornalista viveirense. Nalgún caso puntual van destinadas a algún dos seus fillos, a Mariano Miguel, director artístico do *Diario de la Marina* da Habana, do que Vilar Ponte foi correspondente á súa volta de Cuba en 1910, ou a un destinatario xenérico como a Redacción de *La Voz de Galicia*, onde o intelectual exerceu o seu labor de xornalista.

As dedicatorias testemuñan a relación entre Vilar Ponte e a maioría dos autores das obras. Moitos deles, como Florencio Vaamonde, Ángel del Castillo, Federico Maciñeira, Victoriano García Martí, Antonio Rey Soto, Manuel Leiras Pulpeiro ou Emilio González López, empregan a palabra “amigo” nas súas dedicatorias. Luis Costa Figueiras incluso se refire a Vilar Ponte como amigo entrañable da adolescencia.

Noutros casos, a palabra escollida nas dedicatorias é a de “irmán”, en referencia as Irmandades da Fala, como fan Álvaro de la Casas, Florentino López Cuevillas, Ramón Cabanillas ou Eduardo Blanco Amor. Algúns, incluso empregan conxuntamente as palabras amigo e irmán na mesma dedicatoria, como é o caso de Francisco Tettamancy, Herminia Fariña ou Daniel Martínez Ferrando.

As dedicatorias tamén contribúen a debuxar un perfil de Vilar Ponte mediante expresións como gran poeta, escolleito escritor galego, cultísimo literato, verdadeiro mestre de xornalistas, galego insigne, infatigable loitador galego, “gran pensador de la Raza” etc.

DIFUSIÓN DO FONDO

Ademais da conservación deste fondo nas mellores condicións posibles, a biblioteca da Real Academia Galega ten como obxectivo divulgar este conxunto bibliográfico entre o maior número de investigadores. Dende a súa chegada foron numerosas as consultas e solicitudes de reprodución realizadas. Ademais o fondo está presente en varias seccións da páxina web institucional, e incluso algunhas destas obras están dixitalizadas e son accesibles na Biblioteca Virtual Galega e no portal Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia.

Ata o de agora, o fondo participou en varias exposicións. A máis importante delas, titulada *Unha ollada á biblioteca particular de Antón Villar Ponte*, tivo lugar entre o 24 e 28 de outubro de 2016 na Biblioteca da Real Academia Galega e estivo protagonizada por unha escolla de libros pertencentes exclusivamente a este fondo. Foron expostos títulos de temática política como *El Estatuto Galicia y la asamblea regional de municipios* (Santiago de Compostela, 1932), *El problema político de Galicia*, de Vicente Risco (Madrid, 1930), *Unificación y diversificación de las nacionalidades*, de Manuel Portela Valladares (Barcelona, 1932), *La nacionalitat catalana*, de Enric Prat de la Riba (Barcelona, 1910), ou *A revolução nacionalista*, de João de Castro Osório ([Lisboa?], 1922). Canto á literatura, escolléronse entre outras obras, *Vento mareiro*, de Ramón Cabanillas (Madrid, 1921), *Proel*, de Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1927), *De catro a catro*, de Manuel Antonio (A Coruña, 1928), *Nao senlleira*, de Fermín Bouza-Brey (Santiago de Compostela, 1933) ou *Dous folk-dramas de W. B. Yeats* (Santiago de Compostela, 1935). Finalmente tamén foron expostas outras obras singulares como *Estética da muiñeira*, de Euxenio Montes (Ourense, 1923).

Antes de protagonizar no ano 2016 a mostra bibliográfica mencionada, o fondo xa formara parte da gran exposición con motivo do centenario da entidade, titulada *Galicia, a forza da palabra: centenario da Real Academia Galega*, celebrada na cidade da Coruña do 16 de novembro de 2006 ao 16 de febreiro de 2007. Ademais moitas pezas desta colección participaron nestas outras exposicións:

A Coruña na creación do libro galego, organizada pola Real Academia Galega e o Concello da Coruña (A Coruña, 2010); *Exlibris Gallaeciae*, organizada pola Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela, 2010-2011); *Saúde e terra, Irmá(n)s!*, organizada pola Real Academia Galega, a Deputación da Coruña e o Museo do Pobo Galego (exposición itinerante, inaugurada na Coruña no 2016); *Ferrol e as Irmandades da Fala*, organizada pola Biblioteca Municipal de Ferrol (Ferrol, 2017); *Castelao grafista. Pinturas, dibujos, estampas*, organizada pola Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid, 2017); ou *Galicia, un relato no mundo*, organizada pola Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela, 2019-2020).

ESTRUTURA DA PUBLICACIÓN

Segue a esta introdución un estudo pormenorizado deste conxunto bibliográfico da man do profesor, doutor e investigador Emilio Ínsua, especializado na figura de Antón Vilar Ponte, no que achega unha valiosísima información sobre os autores das obras que forman parte deste fondo e a relación que estableceron moitos deles co xornalista, así como a opinión do viveirense sobre moitos destes libros, vertida, a xeito de recensións críticas, nos distintos xornais da época.

A continuación recóllese o catálogo do fondo, formado por 182 rexistros bibliográficos, que describe, por orde alfabética de autoría, as obras que forman parte desta colección. Os rexistros proporcionan os principais datos de cada obra: autoría, título, edición, pé de imprenta (lugar de publicación, editor e ano de publicación), descrición física (número de páxinas ou volumes, presenza ou ausencia de ilustracións, e dimensións) e serie. Indícanse, finalmente, algúns datos útiles para os investigadores, como a sinatura topográfica e unhas observacións, que dan conta, entre outros aspectos, da presenza de dedicatoria autógrafa, nos casos en que aparece, co lugar e a data da mesma, cando se indica, transcritos dun xeito estandarizado. Inclúese, así mesmo, cando é preciso, a presenza de anotacións ou correccións manuscritas ou dalgún selo.

Acompaña o catálogo un anexo que contén a relación de obras da Biblioteca da RAG pertencentes a Antón Vilar Ponte procedentes doutras doazóns, así como as dúas obras pertencentes aos familiares de Vilar Ponte, que forman parte da doazón de 2001.

A continuación segue un apéndice gráfico que, ademais de facer a publicación máis atractiva, pon en valor a importante calidade artística da colección, na que deixaron a súa pegada grandes artistas galegos como Castelao, Álvaro Cebreiro, Camilo Díaz Baliño ou Carlos Maside, entre outros. O apéndice inclúe unha selección de imaxes extraídas dos libros, dende as propias cubertas a ilustracións interiores de moi diversa índole, acompañadas dos seus correspondentes pés de foto, así como unha escolma de dedicatorias autógrafas coa indicación da obra da que proceden. A escolla está baseada en criterios de autoría, contido e lexibilidade.

Agardamos, pois, que esta publicación sirva de instrumento útil para os investigadores e, á súa vez, contribúa e destacar o valor deste fondo e a figura do ilustre galeguista Antón Vilar Ponte, que defendeu con ímpeto a súa terra e a súa lingua.

Antón Vilar Ponte. Unha atalaia galega de innúmeros horizontes

Emilio Xosé Ínsua



ANTÓN VILAR PONTE

Unha atalaia galega de innúmeros horizontes

Emilio Xosé Ínsua

Catedrático de Ensino Medio de Lingua galega e Literatura
IES A Basella (Vilanova de Arousa)

ORCID: 0009-0009-8794-0102

Para darmos conta da rede de relacións persoais, profesionais e ideolóxicas que está na base da conformación da fracción, pequena pero moi significativa, conservada na Academia Galega do que foi no seu día a ben nutrida biblioteca persoal de Antón Vilar Ponte, botaremos man dun esquema ou clasificación, todo o discutíbel que se queira, que nos permita identificarnos e ordenarmos os diversos nódulos desa rede e organizarmos minimamente a nosa exposición.

Podemos abesullar así no conxunto ata cinco grandes categorías, que pasamos a enunciar, para despois desenvolvermos cada unha delas deténdonos nos títulos e autores/as que as integran. Non se nos oculta que ás veces podería ser perfectamente lexítimo integrar un determinado título ou autor/a en máis dunha categoría, mais optaremos sempre por centralo nunha soa, por razóns de claridade expositiva:

- a) **Libros “espurios”**, quere dicir, que non pertenceron propiamente á biblioteca persoal do autor, senón emprastados ou tomados doutras persoas e entidades e que o azar acabou convertendo finalmente en “non devoltos”.
- b) **Libros “literarios”**, quere dicir, encadrados nos diversos xéneros e subxéneros da literatura galega e publicados, no esencial, durante as tres primeiras décadas da vixésima centuria. Neste apartado, o máis nutrido sen lugar a dúbida dentro da biblioteca vilarpontina, optamos por organizar as referencias en varias subepígrafes, que enumeramos aquí: “Escolmas de clásicos da literatura galega”; “Poetas, narradores e dramaturgos do Rexionalismo finisecular”; “Poetas, narradores e ensaístas das Irmandades”; “Dramaturgos coetáneos”; “Os Novos”; “Investigadores e eruditos”; “Escritores da Galiza emigrada”; “Literatos locais” e “Literatos galegos en español”.

- c) **Libros “cívicos”**, quere dicir, obras, opúsculos e folletos de variada temática, mais sempre con vontade de intervención social, escritos por correligionarios de Antón Vilar Ponte nas Irmandades da Fala, no Partido Galeguista ou no campo das forzas agraristas, republicanas, democráticas e progresistas anterior ao tráxico 36, tanto galegas coma doutras nacións da Península Ibérica.
- d) **Libros “xornalísticos”**, quere dicir, publicados por colegas de profesión, tanto galegos coma foráneos, cos que Antón Vilar Ponte coincidiu puntualmente na redacción ou no corpo de colaboradores dalgúns cabezallos de prensa.
- e) E, finalmente, **Libros “das culturas irmás”**, quere dicir escritos pola intelectualidade doutras latitudes, nomeadamente das nacións ibéricas sen Estado, de Portugal, da propia España e dalgúns países suramericanos nos que houbo forte presenza migratoria galega, xeradora de toda clase de vínculos. Subdividimos este apartado en “Libros hispanoamericanos”, “Libros dos Países Catalans”, “Libros de Euskal Herría”; “Libros de Alén Miño” e , por último, “Libros Hispanos”.

Que o conxunto obxecto deste noso estudo sexa, en realidade, só unha “fracción” da biblioteca de Antón Vilar Ponte, a que se conserva na Academia Galega,¹ explica notorias ausencias nel, que notará a persoa lectora inmediatamente, como as relativas a obras de autores como Castelao, Lugrís Freire, Noriega Varela, Blanco Torres, Fernández Flórez ou Cunqueiro, por poñermos só algúns exemplos relevantes. Para nada significa isto, xaora, que non houbese libros deses autores na casa de Antón mentres viviu.

Debemos subliñar, en todo caso, a relativa sorte deste espolio bibliográfico de Vilar Ponte, que se puido salvar de rapinas e roubos como os cometidos durante a guerra e a posterior ditadura franquista coas bibliotecas privadas de Castelao e Casares Quiroga, perfectamente analizados por competentes investigadores como Redondo Abal.²

Este conxunto bibliográfico conservado, parcial e todo, constitúe unha ferramenta privilexiada para coñecermos os temas de interese, os esteos ideolóxicos, os círculos de relación e as amizades despregadas polo de Viveiro ao longo da

1 Outra “fracción” foi depositada no ano 2000 no Parlamento de Galiza pola súa sobriña Teresa Villar Chao, grazas á oportuna mediación realizada nese sentido pola entón deputada do BNG M.^a Pilar García Negro.

2 Véxanse os seus traballos “A pillaxe da biblioteca de Santiago Casares Quiroga: un exemplo de incautación dunha biblioteca privada” (2007); *O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil* (2009); *Proceso a unha biblioteca. A persecución de Castelao a través da incautación da súa biblioteca* (2010) e *Bibliotecarias e bibliotecarios “infames”. A depuración franquista do corpo bibliotecario republicano. O caso galego* (2014).

súa traxectoria. Nos andeis da súa biblioteca amoreábanse non simples obxectos de papel impreso e encadernado, senón un fondo suxestivo de ideas, un material de traballo valioso para nutrir a súa articulística, testemuños elocuentes das sintonías que establecía no transcurso da súa actividade cívica e política, probas dos afectos persoais e das conexións de pensamento instauradas etc. Cabe subliñar, nesta perspectiva, a abundante presenza de exemplares con dedicatorias manuscritas, o que lles dá de seu valor engadido. A través desas dedicatorias, confírmase rotundamente a *imago* de Antón Vilar Ponte como referente esencial do xornalismo, da política, da cultura, da lingua e da literatura galegas do seu tempo.

Queremos subliñar, así mesmo, que dunha boa porcentaxe destes libros presentes na súa biblioteca falou Antón nos seus propios artigos de prensa. Precisamente un dos nosos desexos ao escribirmos este traballo foi “conectar” as entradas bibliográficas do catálogo, magnificamente elaborado por Ana María Menéndez Rodríguez, coa produción xornalística, literaria e oratoria do viveirense, quen actuou durante toda a súa vida como un permanente farol orientador e exerceu decote como crítico literario tan atento coma competente.

E así, non sen antes agradecer sinceramente aos actuais reitores da Academia Galega o convite a colaborarmos neste volume, pasamos sen máis dilación a desenvolver o noso particular percurso contextualizador e explicativo sobre os fondos bibliográficos doados polos familiares de Antón Vilar Ponte á corporación fundada e presidida na súa primeira hora por Manuel M. Murguía.

1. OS LIBROS “ESPÚREOS”

Denominamos así os libros presentes neste espolio vilarpontino que non eran, en realidade, da súa estricta propiedade, probabelmente emprestados amigabelmente polos seus donos ou tomados de entidades coas que o de Viveiro tivo relación directa nalgún instante da súa traxectoria. Fose por unhas ou por outras razóns, eses libros ficaron no fin de contas sen devolver.

Son, en concreto, tres: o poemario *Frangullas* (Pontevedra, 1913, 2ª ed.), de José Rey-González, con dedicatoria manuscrita á redacción do xornal herculino *El Noroeste*; o poemario *Cántigas* (Xixón, 1921), de Joaquín A. Bonet, que ten dedicatoria autógrafa do autor ao pintor Mariano Miguel (1885-1954) e a recompilación de entrevistas de Enrique Estévez Ortega titulada *El alma de Galicia* (Madrid, 1922), tamén con dedicatoria autógrafa ao citado pintor galaico-cubano.

Todo parece indicar que o volume do caldense José Rey-González (1874 - 1957), mestre de profesión e autor doutros libros como *Fume de pallas* (1912), *Frores murchas* (1914), *A musa da terra* (1915) e *Latexos. Cántigas da terraña* (1925), puido chegar á man de Antón Vilar Ponte durante o período en que este frecuentou como director o local de redacción do xornal *El Noroeste*, entre febreiro e setembro de 1918.

No que respecta aos dous volumes procedentes da biblioteca persoal de Mariano Miguel, cómpre dicir que Antón e o pintor galaico-cubano se coñeceran na illa caribeña en 1908. Ambos formaron parte, en outubro dese ano, da comisión organizadora dunha homenaxe no restaurante El Paraíso do Parque Palatino habaneiro ao actor galego Bernardo Bermúdez Jambrina, daquela integrante da compañía Borrás, entón de xira por Cuba. Mariano realizou logo varias ilustracións e un retrato da ilustre penalista ferrolá Concepción Arenal para a capa do primeiro número da efémera revista *Alma Gallega*, que Antón fundou e dirixiu en 1910 na capital cubana, pouco antes de regresar a Galiza. Os dous fixeron parte, así mesmo, do corpo de colaboradores e correspondentes na Península do *Diario de la Marina*.

Instalado en Sada a partir de 1922, Mariano Miguel organizou en xullo de 1924 unha exposición antolóxica da súa obra nas dependencias do Pazo Municipal da Coruña, e Antón Vilar Ponte, que foi obxecto dun dos retratos que integraron a mostra e que compuxo o texto de presentación do catálogo editado con tal motivo, encargouse de publicitala e glosala positivamente nalgunhas das súas colaboracións de prensa (1924a e 1924e).¹ No texto de presentación amentado resumiu:

Mariano Miguel, hoy, es un pintor original y proteico; clasicista a ratos y a ratos impresionista. Tan pronto seducido por lo viejo como devoto de lo nuevo y abierto a lo novísimo. Firme en el dibujo y seguro en la pincelada. Concedor como pocos de los difíciles secretos del arte de Apeles [...]. Y hoy, como siempre, sabe reflejar en sus obras admirables, a veces desconcertadoras, donde muchos pudieran aprender muchas cosas, el intenso amor que siente por Galicia, por la verde tierra *meiga* que considera su tierra, por haber sido el berce de su madre y el escenario inolvidable de sus primeros escauceos artísticos. (Vilar 1924a)

1 Neste último artigo citado (1924e, “El arte en Galicia. Unos comentarios a la exposición de Mariano Miguel”) salientou Antón o valor de cadros de Mariano Miguel como os paisaxísticos *Barcas de Sada* e *Baixamar en Sada*, a serie de doce retratos de mulleres anciás titulada *Apostolado de las madres*, o cadro *A meiga* e catro augafortes titulados *El hórreo de las palomas*, *La lechera de Campo de Caso*, *Alcázar de Segovia* e *Tierra infecunda*, respectivamente.

2. OS LIBROS “LITERARIOS”

Durante a súa dilatada traxectoria xornalística e intelectual, Antón Vilar Ponte orientou de xeito continuado o seu interese polo mundo literario, tanto no ámbito europeo coma no peninsular, e coma, lóxica e nomeadamente, no galego.

A recensión de libros de todo xénero, a intervención nas polémicas arredor do papel dos intelectuais ou nos debates sobre a valía e pertinencia das correntes estéticas e a reflexión sobre os avances na normalización do idioma nese eido, dito de maneira resumida, son algunhas das grandes liñas que centraron a súa atención. A este respecto, chegaría a confesar, elocuentemente:

Si tuviera que dedicar un artículo, como acuse de recibo, a cada uno de los libros que llegan a mis manos enviados por los autores o por las casas editoriales, veríame en la obligación de escribir casi cotidianamente impresiones literarias, dejando de mano las cosas de actualidad que constituyen la razón de ser del verdadero periodista. Ya se sabe que los libros nuevos resultan también temas de actualidad. Pero como estos temas no interesan a todos, es forzoso simultanearlos con otros de índole distinta. (1928l)

2.1. ESCOLMAS DE CLÁSICOS DA LITERATURA GALEGA

Dúas das “coroas” do Rexurdimento literario galego do século XIX, Rosalía de Castro (1837-1885) e Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), están presentes no espolio bibliográfico vilarpontino da Academia mercé a senllas edicións antolóxicas póstumas.

A primeira delas é a *Escolma de poeas de Rosalía de Castro*, ordenada e prologada por Aurelio Ribalta Copete (1864-1940) e publicada na editorial Ibérica de Barcelona en 1917.

A cruzada emprendida por Antón Vilar Ponte en 1914 na prensa, expondo o seu *idearium* normalizador da lingua e reivindicativo da personalidade nacional da nosa Terra, encontrou no ferrolán Ribalta e nalgúns outros intelectuais galegos

afincados entón en Madrid (Rodrigo Sanz, Porteiro Garea...) favorábel acollida. A Reunión de Estudios Gallegos, formada por aqueles como sección autónoma dentro do Ateneo madrileño, impulsou a revista bilingüe *Estudios Gallegos*, que se publicou desde febreiro de 1915 até comezos de 1917. Nela colaboraron, ademais dos xa citados, autores como Gonzalo López Abente, Vitoriano Taibo, Salvador Cabeza de León, Eduardo Lence-Santar e Javier Montero Mejuto, que engrosarían as fileiras das Irmandades na primeira hora.

Ribalta publicou en *Estudios Gallegos* traballos como o titulado “El cultivo de la lengua propia” (1915). Nel defendeu o carácter plurilingüístico de España, interpretando que a existencia de varios idiomas, todos eles igualmente “españoles”, era un trazo de riqueza cultural a conservar e fomentar, e non unha limitación ou unha desgraza a reparar, como consideraban os intelectuais centralistas.

A total sintonía que nesa altura se estableceu entre Antón Vilar Ponte e Ribalta explica que fose o ferrolán un dos “cinco gallegos ejemplares” (os outros catro eran Rodrigo Sanz, Luguís Freire, Antón Valcárcel e Constantino Horta), a quen o de Viveiro dedicou o seu folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* (1916), cualificándoo ademais de “gran poeta e concienzudo filólogo”. Vilar Ponte inseriu na introdución do seu folleto, así mesmo, parágrafos literais dunha carta particular súa dirixida a Ribalta, amosando nela a súa esperanza en que “más tarde o más temprano”, grazas ás propagandas e ao exemplo que eles mesmos como intelectuais estaban comezando a dar, o uso do galego fose impoñéndose paulatinamente entre a clase media.

Neste sentido, Ribalta secundou de maneira inmediata e entusiasta a idea de crear unha entidade con tal fin: “Es necesario constituir una asociación tan numerosa como sea posible, de amigos de la lengua gallega [...]. La liga por el gallego será la liga por la cultura y por el trabajo de Galicia, por su personalidad étnica, económica y social, por su florecimiento industrial y financiero”. E unha vez formados os primeiros núcleos *irmandiños* (A Coruña, Compostela, Monforte), o ferrolán escribiu en *Estudios Gallegos*, coa súa particular ortografía: “Os Amigos da Fala son un fato de balentes qe se botan a loitaren coa rutina das crases cultas. Diolos axude. Fan a Galizia un beneficio enorme, porque afirman a sua presoalidá, obra berdadeiramente redentora e desinteresada” (1916b, p. 223). Referíndose, concretamente, ao folleto *Nacionalismo gallego*, engadía:

O balente periodista cruñés Antón Villar Ponte, antusiasta cabaleiro das ideas grandes, conbenzido partidario da España múltiple, ten dado aa empresa (duas edizioés en poucos días) un nutrido folleto titulado: *Nazionalismo gallego. A nosa «afirmazió» rexional*. E un folleto qe representa un longeiro proceso espirituale desde o sentimento patriótico chegou aa sua encarnación no culto da fala, astra

que o traballo discursibo, fortalecido con moitas leaturas, axuntou un arsenal pra defendere con razóns rexas e ben trabadas, con datos e mais con zitas, a berdá e mai la xustizia do esmentado culto como base de toda unha autuazón administratiba da Rexión.

Ten moitísima razón o distinto e benqêrido compañeiro. E mais ten esa secreta elocuencia das conbiziós moi fondeiras, que enzerran a maravillosa birtú de fazer pegadizo o propio antusêasmo.

E un folleto de porpaganda pra os que buscan razóns, pra os que aspiran a fundaren aa sua conduta no conbenzemento. Este folleto d'Antón Villar, xenial, antusiasta, xeneroso, escorreito, dará lus a moita xente que se sinte incrinada para a nosa causa polos ditados do seu cûrazón, pro que se non dezide porqe pesan no seu esprito e mais escurezen o seu xuízo todas as mil e mais infamias que se teñen dito contra Galizia, contra a sua lêngôa e mais contra as suas ansias de redenzión. (Ribalta 1916a, pp. 217-218)

Ribalta participou na expedición que unha delegación das Irmandades realizou a finais de 1917 a Cataluña, a fin de establecer unha alianza coa Lliga de Cambó. No transcurso da chamada, por iso mesmo, Semana Galega en Cataluña, o ferrolán pronunciou o día 30 de novembro nas dependencias do Institut d'Estudis Catalans unha conferencia que versou sobre a personalidade filolóxica de Galicia.

Mais pouco despois, Ribalta afastouse das Irmandades, en desacordo coa paulatina decantación nacionalista operada nelas ao longo de 1918 e consagrada democraticamente na Asemblea de Lugo, en novembro. Desde entón a súa relación persoal con Vilar Ponte arrefriou e practicamente non volveron coincidir en ningunha plataforma cívica ou cultural común.

A segunda das escolmas é a titulada *Poesías de Valentín Lamas Carvajal*, con selección e prólogo de Juan G. del Valle e impresa pola casa Moret da Coruña en xullo de 1925. Trátase do primeiro volume dunha colección denominada Biblioteca Escollida de Autores Galegos, que, ata onde sabemos, só tivo continuidade ata o ano 1927 coa edición da novela *Ruínas* de Rosalía de Castro, con prólogo de Armando Cotarelo Valledor; cun volume de contos do activista agrario Salvador García-Bodaño Fernández titulado *Nubes y sombras* (1927); co álbum de caricaturas de Tomás Pellicer titulado *Siluetas. Memorias de un lápiz* (1927) e co ensaio divulgativo *Higiene corporal y moral de la mujer*, do médico Eliseo Sández Otero.

Antón Vilar Ponte non se limitou a recibir como agasallo un exemplar dedicado do libro, senón que correspondeu comentándoo con satisfacción na prensa e congratulándose especialmente do paso adiante no emprego do idioma dado polo

seu responsábel, Juan González del Valle (1898-1941), quen, como é ben sabido, acabaría traxicamente os seus días asasinado polos *nazis* no campo de exterminio de Mauthausen:

Juan G. del Valle, que nunca había hablado ni escrito en gallego, en gallego, en un gallego culto que no por artificioso parece menos espontáneo, expresa su juicio íntimo sobre la obra de Valentín Lamas Carvajal, glosando versos de éste con admirable propiedad.

Nuestro idioma, en la pluma primeriza dentro de lo *enxebre* de Juan G. del Valle, adquiere una elegancia, una plasticidad y una riqueza de giros y de adjetivos castizos que no pudo adquirir jamás en los escritos de otros que exteriorizan su pensamiento en gallego con frecuencia. Y esto demuestra que querer es poder; y que los jóvenes de nuestra tierra que dicen que no escriben en lengua vernácula, por no conocerla, mal pueden convencernos de que la aman, puesto que si la amaran, con un esfuerzo como el que hizo Juan G. del Valle podrían rendirle culto, cuando menos en horas solemnes. (1925g)¹

2.2. POETAS, NARRADORES E DRAMATURGOS DO REXIONALISMO FINISECULAR

Diversos escritores encadrados na literatura galega que correu paralela ao Rexionalismo finisecular e que son situados habitualmente na promoción de “entre dous séculos” achegáronlle a Antón Vilar Ponte exemplares das súas obras, hoxe conservadas no seu espolio bibliográfico pola Academia.

Fose porque vían nel un digno representante da nova xeración que asumía un rol activo e enlazaba coas causas sociais e políticas da precedente, fose porque aspiraban a que a súa pluma de crítico literario competente lles emprestase atención, fose porque o seu espírito aberto era garantía á hora de non escatimarlles o mérito nin ás producións que representaban novidade estética nin ás que levaban o selo do compromiso coa lingua e a identidade do país, o xornalista Antón converteuse nun receptor constante e cualificado de novidades editoriais desde os primeiros compases do século XX ata practicamente o momento do seu óbito, en marzo de 1936.

Seguindo unha orde alfabética, o primeiro autor desa categoría a que nos referimos é o pontevedrés Xerardo Álvarez Limeses (1871-1940). O exemplar do

1 Para Manuel Moret, impresor e promotor desa Biblioteca, tivo tamén o de Viveiro palabras de recoñecemento (1925f). Vicente Risco, co gallo da publicación do volume *Poesías* de Lamas Carvajal, referiuse tamén con eloxios a esa “Biblioteca” do editor Moret no boletín *Nós* (1925b, p. 15).

seu poemario *Antre dous séculos (versos gallegos)*, editado en Pontevedra en 1934 con prólogo de Castelao e cuberta de Luís Pintos Fonseca, presenta a seguinte dedicatoria autógrafa: “Pra seu antergo amigo Antón Vilar Ponte con admirazón pola sua admirabele laboura *pro Galicia* e o desexo de velo trunfar nela”.

O sogro de Alexandre Bóveda, inspector educativo de profesión desde 1904, socio do Seminario de Estudos Galegos e militante do Partido Galeguista, colaborara no pasado remoto, como o propio Antón Vilar Ponte, con publicacións da colonia galega emigrada en Cuba, como *Follas Novas* e mais *El Eco de Galicia*. En 1904 alzárase co triunfo nuns xogos florais celebrados na vila de Viveiro, e con outro poema en oitavas reais titulado “A Viveiro” e mais coa composición “Entre lusco e fusco” gañara, así mesmo, varios apartados do Certame Científico Literario celebrado en Lugo en 1915. Versos da súa autoría apareceran tamén nas planas do *idearium* das Irmandades, *A Nosa Terra*, e no *Galicia*, de Vigo. Ademais do libro en galego con que agasallou en 1934 o xornalista viveirense, Xerardo publicara anteriormente outros en castelán como *Margaritas* (Madrid, 1893) e *Versos morales. Fábulas, cuentos, poesías sueltas* (1898). Escribiu tamén o volume “Provincia de Pontevedra” para a *Geografía de Galicia* publicada nos anos 20, en luxosos volumes, pola casa editora catalá Carreras i Candi.

Os poemas que compoñen *Antre dous séculos* foron escritos en diferentes épocas, case sempre en moldes moi tradicionais ou folclóricos, fóra dalgunha pinxelada modernista ou mesmo hilozoísta. Son, sobre todo, poemas costumistas, paisaxísticos (moitos deles co Salnés como escenario: Baión, Godos, Vilanoviña, O Xiabre, O Castrove etc.), sentimentais e relixiosos, sen que falten algúns de corte patriótico e histórico-mítico.

Por outra banda, tamén está no fondo bibliográfico vilarpontino da Academia a peza teatral *A fonte do xuramento*, de Francisco M.^a de la Iglesia González (1827-1897). Como é sabido, este drama de costumes en dous actos e en verso, estreado no Liceo Brigantino o 13 de agosto de 1882 e publicado nese mesmo ano, está considerado a primeira mostra de *teatro culto* en galego, tras séculos en que a nosa lingua ficara marxinal dese ámbito. De la Iglesia tamén participou na confección de escenas orfeónicas como *Gallegos. ¡A Nosa Terra!* (1879) e *Os Ártabros* (1889), ambas con música do mindoniense Pascual Veiga.

De orixes compostelás, Francisco M.^a estableceuse na Coruña como mestre en 1852 e xa non abandonou nunca esa residencia. As moitas bocas que manter na súa familia (nada menos que quince fillos) e as constantes estreitezas económicas fixeron que apenas puidese publicar en vida libros coa súa copiosa obra poética, que se espallou en numerosos xornais e revistas e que só coñeceu

edición libresca en 1930 da man do frade mercedario Gumersindo Placer, quen presentou unha escolma co título *D'a terra e d'o mar. Poésias gallegas de D. Francisco M^a de la Iglesia*. Un total de doce poemas da súa autoría están presentes, así e todo, no *Álbum de la Caridad*, elaborado polo seu irmán Antonio despois da celebración na Coruña en 1861 dos Xogos Florais.

Dedicado por vocación ao xornalismo, *Farruco d'a Igrexa*, como ás veces asinaba, promoveu ou dirixiu xornais como *El Diario de Galicia* (1856), *O Vello do Pico-Sagro* (1860), *Diario de la Coruña* (1863) e mais *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860-1865). Participou, así mesmo, en todo tipo de entidades sociais, benéficas, pedagóxicas e culturais da cidade herculina. Foi, por exemplo, membro da Sociedad del Folklore Gallego, presidida por Emilia Pardo Bazán, socio da Reunión de Artesáns e en 1891 fixo parte da Asociación Regionalista, se ben axiña se afastou dela por desavinzas con Murguía, que derivaron nunha forte antipatía mutua. Do seu mérito como pedagogo dá conta o feito de ser elixido por Concepción Arenal para que educase o seu fillo Fernando mentres a brillante penalista residiu na Coruña.

Antón Vilar Ponte foi un dos organizadores da celebración por parte da Academia Galega do primeiro centenario do nacemento de Francisco María, dedicándolle ademais un artigo de prensa en que salientaba a súa contribución ao Rexurdimento (1927a). A velada conmemorativa da efeméride tivo lugar nos salóns da Reunión de Artesáns coruñesa o martes 15 de febreiro de 1927 e interviñeron nela varios familiares (os seus fillos Eladía e Alfredo e mais o seu irmán Santiago, destacado líder do republicanismo ferrolán), Carré Aldao, Ángel del Castillo, Eladio Rodríguez (presidente da Academia nesa altura), Martínez Morás (que leu un discurso de Amor Meilán) e Antón Vilar Ponte, quen, único en empregar o galego nese acto, manifestou, segundo recolle a prensa da época,

que se siente conmovido por el acto que se verificaba y que ante todo considera justo.

Añadió el señor Villar Ponte que don Francisco de la Iglesia fué un precursor del Renacimiento gallego, y concluyó manifestando que hace falta exhumar su memoria de la fosa común de los olvidados.²

Pola súa banda, o boletín *Nós* comentaría a intervención de Vilar Ponte nese acto destacando que pronunciara a súa intervención en idioma galego e que

2 “El centenario de Don Francisco de la Iglesia”. *El Noroeste*. 16/II/1927, p. 1.

fixera un canto “de xeito incidental â libertade e â rebeldía, nai da hestoria”.³ O diario herculino *El Orzán* glosaría:

Luego hizo una breve síntesis de la vida ejemplar de la Iglesia: le presentó como maestro, arqueólogo, folk-lorista y poeta y dijo de él que escribió el primer drama gallego *La fuente del juramento* [sic]. También hizo el libreto de una zarzuela “enxebre” inédita, que contiene un hermoso canto a la Libertad y compuso la letra de varias composiciones para orfeón.

Dedicó el Sr. Villar Ponte un recuerdo a D. Antonio de la Iglesia, hermano de D. Francisco y autor de una notable obra titulada *El idioma gallego* y dijo que todos los que trabajan por la cultura gallega son tributarios de La Iglesia [...].⁴

E, finalmente, o anónimo cronista de *La Voz de Galicia* indicaba que Vilar Ponte:

pronunció una oración muy elocuente, en gallego, encomiando la iniciativa del homenaje, señalando al Sr. de la Iglesia como un precursor y proclamando que a él, como a sus compañeros que sembraron la semilla del amor a Galicia y a su idioma, en tiempos en que el lenguaje regional no se cultivaba, deben gratitud las generaciones galleguistas de hoy.⁵

Outro autor presente na biblioteca de Antón Vilar Ponte é Enrique Labarta Pose (1863-1925), empregado de Facenda en varios destinos (Pontevedra, Burgos, Valladolid, Ourense, Toledo, A Coruña, Barcelona...), destacado cultivador en galego e castelán dos xéneros humorístico e costumista en volumes como *Última novedad. Noventa y nueve céntimos de versos de todas clases y arreglados a todos los gustos* (1884), *Bálsamo de Fierabrás* (1889), *Millo miúdo* (1896), *Adormideras* (1902), *Cuentos humorísticos* (1905) e *A festa da patrona de Tabeirón* (1904), e promotor de revistas como *Galicia Humorística* (1888), *Extracto de Literatura* (1893) e *Galicia Moderna* (1897-1898).

De Labarta consérvanse no fondo correspondente da Academia dous exemplares. O primeiro deles é o titulado *Poesías en gallego y castellano* (1926), que facía parte das Obras Completas do autor promovidas, de xeito póstumo, pola

3 “Os homes, os feitos, as verbas. Homenaxe a un precursor”. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 38 (15/II/1927), p. 16.

4 “Un centenario. En honor de un buen gallego”. *El Orzán. Diario independiente*. 16/II/1927, p. 1.

5 “En la Reunión de Artesanos. El centenario de D. Francisco de la Iglesia”. *La Voz de Galicia*. 16/II/1927, p. 2.

editorial Políglota de Barcelona. O segundo leva por título *Cuentos humorísticos (en castellano y en gallego)*, e foi editado en 1929 dentro dese mesmo proxecto recompilatorio citado.

O de Viveiro comentaría en *El Pueblo Gallego (1929g)* eses dous volumes póstumos das obras completas do de Zas nestes termos:

Acaba de aparecer un nuevo tomo de las obras completas de Enrique Labarta. Se intitula *Cuentos humorísticos* y contiene trabajos en castellano y gallego. El nombre de aquel notable ingenio festivo fué uno de los más populares de Galicia hace quince o veinte años. Hoy sólo se conserva vivo en el recuerdo de sus coetáneos. Para las nuevas generaciones ya suena a cosa lejana y esvaída. Enrique Labarta pertenece a la época en que otro gallego también altamente ingenioso se imponía en todas las revistas de España: nos referimos a Luis Taboada. Desde que ellos han dejado de existir cambiaron mucho los gustos del público. La sensibilidad actual ya requiere algo más complejo y sutil por parte de quien pretenda llegar a ella por los caminos del comicismo. Los humoristas de hoy tienen que proceder como Castella, Julio Camba y Fernández Flórez. Sino [sic] contarán con muy escasos lectores, a menos que no recurran a gestos astrakanescos que poco tienen que ver con el verdadero y auténtico humorismo. La conquista de la sonrisa y la conquista de la carcajada son cosas muy diferentes. Y Luis Taboada y Enrique Labarta estaban más próximos a la segunda clase de conquistadores que a la primera. Sin embargo, merecen que se les recuerde con cariño. Al fin y al cabo consiguieron divertir a varias generaciones de lectores, cuando Echegaray privaba en el drama, y Vital Aza y Ramos Carrión privaban en la comedia, y cuando la buena tradición del humorismo hispano representada por Larra se había relegado al olvido de manera lamentable.

Pero queríamos hablar de los *Cuentos humorísticos* de Enrique Labarta que acaban de ver la luz recogidos en un pulcro volumen. Estos cuentos —unos gallegos y otros castellanos— tienen gracia y revelan ingenio. Se leen con gusto de una sola sentada y constituye un necesario antecedente para el estudio de la evolución del humorismo de nuestra raza. No nos extraña, pues, que logren un buen éxito de venta, como lo han logrado las poesías serias y festivas del mismo autor que se recogieron en otro libro por sus familiares. Debido al gran afecto que nosotros profesábamos a Enrique Labarta celebramos que así venza. Aun muchas veces tenemos que echar [mano] de la vena satírica del que escribió “Una corrida de toros en Noya”, viendo como hay por Galicia adelante muchachos de temperamento horteril que sueñan aún con trocarse en ases de la tauromaquia.

A relación de Antón Vilar Ponte co médico, poeta e destacado masón e republicano mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912) resultou moi especial, e iso explica doadamente a presenza na biblioteca do viveirense de dous volumes: os *Cantares gallegos* editados por Leiras na imprenta Mancebo en 1911, con dedicatoria manuscrita incluída, e as *Poesías* tiradas do prelo por Ánxel Casal na Coruña en 1930, dentro dun proxecto de *opera omnia* que non pasou dese primeiro tomo⁶ e no que interviñeron decisivamente o propio Vilar Ponte e Ramón Otero Pedrayo.⁷

O mozo Antón, establecido a comezos da centuria pasada como boticario en Foz, compartiu con Leiras militancia na Unión Republicana que lideraba Nicolás Salmerón, exercendo en 1903 como secretario do Comité Republicano de Mondoñedo que aquel presidía. Tamén se impregnou Antón da man de Leiras da devoción polo folclore popular, da curiosidade polo esperanto, do credo federalista de Pi i Margall e do interese pola figura e a lenda do mariscal Pardo de Cela. O médico resultou así decisivo no primeira espertar ideolóxico galeguista do mozo viveirense.

A lealdade de Antón á figura do seu mentor foi perpetua. Morto o autor dos *Cantares gallegos*, o de Viveiro converteuse nun dos seus principais reivindicadores e non deixou de secundar e aplaudir todas cantas iniciativas de honra ao poeta mindoniense se emprenderon no seu tempo. Cando a Sociedade Fillos de Mondoñedo erixiu un mausoleo a Leiras, o de Viveiro participou como orador na solemne velada que se celebrou con tal motivo o 30 de outubro de 1921 no Casino da localidade e a súa peroración foi logo oportunamente reproducida nas páxinas d'*A Nosa Terra*. A ela pertence este significativo fragmento (1921m, p. 2):

Eu cando falo de D. Manoel Leiras Pulpeiro síntome ateigado de fonda emoción. Porque o coñecín na intimidade. Porque soupen das suas bondades e dos seus pensamentos. Porque ouvinlle lére, para min solo moitos versos, inéditos, inda hoxe; porque actuei canda él en propagandas republicanas; porque puđen apreciare a sua modestia e tiveron o honore d'andar na súa compañía pol-as ruas de Mondoñedo...

6 O segundo, “contendo vocabulario, folk-lore e refráns, está xa no prelo e non tardará en ser publicado”, afirmábase na sección “Follas Novas” d'*A Nosa Terra* (“Follas Novas. *Obras completas* (1.º Tomo). — Leiras Pulpeiro”, núm. 270, 1/IV/1930, p. 10), mais nunca chegou a editarse.

7 De 1970 data a edición da obra completa de Leiras preparada por Xosé Luís Franco Grande para a Fundación Penzol; de 1983 é a de Alonso Montero para as Edicións Sálvora e de 1984 a de Ramón Reimunde Noreña para Sotelo Blanco. Co gallo do Día das Letras Galegas de 1983, fixo Trapero Pardo o volume *Manuel Leiras Pulpeiro. Vida e obra. Escolma de textos*, en tanto o Departamento de Filoloxía da USC publicaba nese ano tamén unha *Escolma de Leiras Pulpeiro*. O xa citado Noreña publicou en 1998 o ensaio *Ben pode Mondoñedo desde agora. A esencia popular na obra e na lingua de Manuel Leiras Pulpeiro* e, finalmente, Xurxo Martínez González e Armando Requeixo deron ao prelo *Vida e obra de Manuel Leiras Pulpeiro. Antoloxía poética* (Galaxia, 2012).

Eu era d'aquela un rapaciño novo e él un home venerábel, de corpo rexo como os cotos de Tronceda e de cabeza baril coberta de canas; de branco bigote e de longa barba branca; de corazón d'ouro tan grande com'a Paula, e d'espírito esquisito ond'o humorismo aristocrático da raza andaba a frolecer de cote. Vir a Mondoñedo e non coñecer a Leiras se non concebía. Porque Leiras era unha institución popular. O médico demócrata típico de total-as vilas ao escomenzal-o século xx, que para os doentes probes tiña xeito de pai garimoso, pro, ademais d'isto, o herdeiro dereito de Rosalía, Pondal, Curros e Lamas, n'unha época en que a musa enxebre soneaba no silencio.

Ademais, como xa adiantamos, tivo Vilar Ponte moito que ver coa preparación do tomo de poesías inéditas de Leiras que imprimiu Casal en 1930, de cuxa edición consérvase un exemplar na Academia con dedicatoria manuscrita da viúva e fillos do vate mindoniense.

Xa cando se editaran os *Cantares gallegos* de Leiras, Antón Vilar Ponte escribira solícito sobre eles en *La Voz de Galicia*, vaticinando que tal volume “pasará á las antologías selectas y ocupará un puesto de honor en la biblioteca de todos los verdaderos amantes de la poesía gallega” (1911). Despois de ponderar o profundo coñecemento poético e lingüístico que a obra encerraba e de lamentar, ademais, que existise no escritor mindoniense “no sé que raras y absurdas preocupaciones de modestia incomprensible, perjudicial para el arte”, Vilar Ponte fixera votos para que esta publicación fose o preludio da edición de toda a obra inédita de Leiras, “en estos tristes momentos de profunda y desoladora decadencia por que atraviesa el regionalismo literario de Galicia”.

Sería el mesmo quen, en setembro de 1929, adiantase noticia nas planas de *El Pueblo Gallego* sobre a preparación do primeiro tomo, con setenta e nove composicións, cos que botaban a andar esas Obras Completas de Leiras que planeaba editar a Nós de Casal:

Ahora, varios años después de su muerte, los gallegos de Buenos Aires que ya allegaron recursos para erigirle un monumento, han girado el dinero preciso con destino a la edición en La Coruña de un volumen contenedor de sus poemas inéditos. Este volumen saldrá a la luz muy pronto y así podremos rendirle de nuevo un homenaje de cariño a la memoria del venerable mindoniense, que derramó el bien a manos llenas, adorando a Galicia sobre todas las cosas y haciendo del amor a la libertad el culto supremo de su existencia. (1929h)

A ausencia de indicación sobre a responsabilidade última da edición, coloca a cuestión de se foi realmente Antón Vilar Ponte, como parece estaba

inicialmente previsto, o compilador e ordenador dos materiais de Leiras Pulpeiro publicados. Nas páxinas de *El Pueblo Gallego*, el propio sinalará que o volume ao que nos estamos a referir chegou ás súas mans por amabilidade da viúva e fillas do finado poeta, dedicatoria incluída, e que foi “confeccionado con sencillez plausible por la editorial Nós”, sen referirse en ningún momento ao seu grao de participación na empresa. Fiados no maxisterio do profesor Alonso Montero e en base ás nosas propias deducións, somos claramente da idea de que foi Antón o compilador, organizador e editor final deses textos de Leiras, mais o que nos interesa subliñar agora é que non houbo ningún outro propagandista máis entusiasta ca el do propio tomo editado e da personalidade cívica e poética do seu autor. Desta arte, aos poucos días de publicado o tomo en cuestión, escribía en *El Pueblo Gallego* (1930c) un traballo no que sintetizaba os tres grandes méritos que da poesía de Leiras, ao seu xuízo, o volume patentizaba: a enxebreza do seu léxico, o seu humorismo racial e a emoción liberal oitocentista, laica e republicana, que animaba todos os poemas.

Do décimo marqués de Figueiroa, Juan Armada Losada (1861-1932), o quiñón da biblioteca vilarpontina doado no seu día á Academia Galega atesoura dous exemplares, ambos dedicados co correspondente autógrafo polo seu autor. O primeiro corresponde ao volume *Del solar galaico* (Madrid, 1917) e o segundo ao *Libro de cantigas: en tierras galaico-lusitanas* (1928), tamén bilingüe coma o anterior.

Resulta significativo que o xornalista de Viveiro se ocupase de comentar un deses volumes na prensa periódica, como veremos. Por riba da evidente distancia ideolóxica que afastaba o republicano galeguista de esquerdas do monárquico conservador católico e varias veces ministro con Maura,⁸ parece que Antón quixo corresponder amabelmente dese xeito certas actitudes dese “aristócrata enxebre” que lle resultaban simpáticas ou que redundaban nos seus afáns galeguizadores: o cultivo do xénero poético en lingua galega, a abordaxe de temáticas galegas en moitas das súas conferencias,⁹ a colaboración co boletín *Nós*,¹⁰ a admiración

8 Ostentou a carteira de Agricultura, Industria, Comercio e Obras Públicas en decembro de 1904, aínda que apenas por espazo dun mes, e a de Graza e Xustiza entre xaneiro de 1907 e outubro de 1909. Contou como secretarios particulares neses cometidos, sucesivamente, o pontevedrés José Mosquera e, a partir de decembro de 1904, o ferrolán Aurelio Ribalta.

9 Sirvan como exemplos as tituladas “De la poesía gallega” (Ateneo de Madrid, 1889); “Del renacimiento literario y artístico de Galicia” (recollida pola revista *La España Moderna* en 1890); “De la tierra gallega y su poesía” (Reunión de Artesáns da Coruña, febreiro de 1916) e “Renacimiento artístico y literario de Galicia y sus consecuencias” (Reunión de Artesáns da Coruña, novembro de 1923), respectivamente.

10 Ao que achegou, concretamente, tres colaboracións: “¿Fada ou quimeira? ¿Vixilia ou sono?” (1920); “Falares miñotos” (1925) e mais “Poesía [Todos chámánlle coitado]” (1926).

polo cancionero medieval e pola figura de Camões, a filia por Portugal e o cultivo de relacións con parte da intelectualidade lusitana, o constante interese pola actividade cultural de toda caste despregada no noso país, o mecenado exercido con certas iniciativas artísticas e literarias (exposicións, monumentos, certames, revistas...) e con certos autores (Labarta Pose, Cabanillas...), a actitude entusiasta e sempre dignificadora a respecto do folclore popular galego etc.

Antón Vilar Ponte, que consideraba Armada Losada “uno de los pocos políticos gallegos cultos y de vena *enxebre*”,¹¹ deixou testemuño xornalístico (1916b) de que fora o marqués en persoa quen lle dera a coñecer as obras de Cabanillas ao prócer Antonio Maura, e hai constancia, ademais, de que o autor de *Antonia Fuertes* asistiu *ex professo* á cerimonia de ingreso do cambadés na Academia Galega celebrada no Balneario de Mondariz o 30 de agosto de 1920, para presidir a sesión e impoñerlle a correspondente medalla ao novo numerario. Por iso mesmo, cando en novembro de 1932 se produza o óbito do marqués de Figueiroa en Abegondo, vítima dunha anxina de peito, Antón dedicaralle unhas sentidas liñas necrolóxicas (1932h), en que o definirá como sincero rexionalista e xeneroso cultivador e amante da lingua galega:

Finóuse o marqués de Figueiroa. A súa vida de prócer *enxebre* tivo un belido solpor. Acabou de súpeto, n'un pazo campesino cheio d'ambiente geórxico âs poucas horas de ter plantado pol-as suas propias maus unhos eucaliptus e de ter recibido sobre o seu corpo vello o bautismo da chuvia galega...

Falaba eu fai poucos días de Montero Ríos calificándoo de galego representativo. Pois outro galego representativo era o marqués de Figueiroa. Dentro do seu aboengo aristocrático latexaba un corazón de verdadeiro demócrata. Tamén respondían os seus sentimentos mais íntimos ó imperativo categórico da nosa raza. Amaba fondamente a terra natal. Gustaba moito da conversa c'os labregos. Tíña fonda devoción pol-a fala galega na que s'espresaba a cotío e na que deixa escritos numerosos poemas. Foi un dos catro políticos de prestixio dos derradeiros tempos que non sentiron desdén pol-a lingua vernácula. Desde este punto de vista merece un posto d'honor cabo de Montero Ríos, de Leonardo Rodríguez e de Portela Valladares.

El, com'os dous últimos, defendeu tamén o rexionalismo, que ten na nosa terra un antigo raigame, unha verdadeira tradición da que o actual alcalde da Cruña Iglesias Corral non se fixo cárrego ó trazar unhas impresións para un xornal madrileño. Cando a dictadura de Primo de Rivera hachábase en pleno apoxeo o marqués de Figueiroa valentemente, barilmente, amosando o sentimento liberal que foi sempre característica de tódol-os homes esgrevios da nosa raza inda que se chamasen

11 Así o manifesta no artigo “El Marqués de Figueiroa y la personalidad de Galicia” (1923d).

conservadores, defendeu n'unha notabel conferencia no "Circo d'Artesanos" da Cruña a autonomía galega, non só no xeito administrativo, senón tamén no político. Merece pol-o mesmo esta agarimosa lembranza *post mortem* que deita dos bicos d'unha pluma enxebre tan oposto n'outros respectos â do culto aristócrata galego que agora acaba de se finar devolvéndolle â terra que o deu o seu corpo miúdo. Os derradeiros eucaliptus que él plantou, mollado pol-a chuva e falando na lingua natal cos labregos que ll'axudaban na tarefa n'unha xornada d'outono, cando crezan vizosos poñerán a sombra da sua follaxe verdecente sobre anacos de chán d'unha terra libre. Co'a morte do marqués de Figueroa perde Galicia un prócer enxebre. Algo do seu espirito flotará eternamente na brétema da nosa paixaxe: o postreiro acto da sua vida recente a geórxica virxiliana.

A pesar de ser o pensamento de Vilar Ponte, como el mesmo indica, "tan oposto n'outros respectos ô do culto aristócrata galego", non deixará de lembrar tamén a valente afirmación do dereito de Galiza á súa autonomía política realizada desde a tribuna do Circo de Artesáns coruñés polo autor de *Del solar galaico* en plena ditadura de Primo de Rivera.¹²

Compárense estes panexíricos coas frases que o propio Antón lle dedicara ao marqués de Figueiroa anos antes no artigo "Breviario enxebre (pra lér pensando)", publicado no decimo quinto número d'*A Nosa Terra* (Anvipo 1917). Daquela, fronte aos protestos de sincero rexionalismo formulados publicamente polo marqués, o de Viveiro subliñara que o seu proceder como peza decisiva da Restauración e do sistema caciquil dominante na política galega non deixaba dúbidas sobre a súa obediencia centralista e oligárquica, polo que non lle cabía ás Irmandades senón manter unha actitude de natural desconfianza e distancia cara á súa persoa pública.¹³ Evidentemente, esta recomendación ía dirixida a un sector das propias Irmandades, non pequeno, que mantiña nexos e simpatías co maurismo e no que se encadraban desde o Castelao promotor de *El Barbero Municipal* no seu Rianxo natal ata a maior parte dos irmáns da fala ourensáns da primeira hora (Xavier Prado *Lameiro*, Hixinio V. Ameixeiras etc.), pasando por

12 A avaliación do período ditatorial que lle fixo a Álvaro de las Casas nunha entrevista que publicou o diario ourensán *La Zarpa* o 22 de abril de 1930 non pode ser máis elocuente: "¿Cómo ve usted la actual situación de España? —Peor, mucho peor que en 1923. La dictadura fué un desastre, cayó en miles de torpezas, pero lo peor que hizo fué detener más de seis años nuestra historia para dejarnos peor que estábamos. No deshizo tantas cosas que debiera deshacer, y no preparó el terreno —y pudo hacerlo— para emprender ahora caminos nuevos. Todo está igual. La única variación, es el acrecentamiento de las huestes republicanas".

13 Armada Losada foi deputado polo distrito de Pontedeume en sucesivos comicios (case sempre polo famoso artigo 29 da Lei electoral) desde febreiro de 1891 ata abril de 1910 e logo polo distrito da Coruña desde o propio 1910 ata a implantación da ditadura de Primo de Rivera, en setembro de 1923.

figuras como Rodrigo Sanz, Antón Valcárcel e Iglesias Roura, na Coruña; Manuel Comellas Coímbra e Aurelio Ribalta en Ferrol; Laureano Gómez Paratcha, en Vilagarcía de Arousa etc.

Máis tarde, Antón Vilar Ponte recensionará positivamente na súa sección “Galerías” (1928i) o volume *Libro de cantigas: En terras galaico-lusitanas*, dedicándolle estas liñas:

Se intitula *Libro de cantigas: En terras galaico-lusitanas*. Consta de dos partes: la primera, en prosa castellana, es un notable ensayo sobre prehistoria de nuestro país y de Portugal, que acredita una vez más la sólida y extensa cultura del autor. La segunda, una colección de poemas escritos en la dulce lengua vernácula que el *enxebre* marqués de Figueroa cultiva desde antiguo con gran cariño y sumo acierto. Esa colección de poemas es digna hermana de la que nos ofreció en aquel otro bello libro suyo denominado *Del Solar galaico*. Con lo que creo haber hecho su mejor elogio.

Tan ilustre prócer gallego —a quien debieran imitar en la devoción a Galicia y en el estudio de sus problemas los aristócratas y políticos que son nuestros conterráneos— es un fino erudito y un agudo pensador. A través de la nobleza de su linaje heredó algo de los señores enciclopedistas del siglo XVIII, de los poetas de nuestros cancioneros y de los trovadores medioevales peninsulares que hacían sus cantigas de amor en gallego; según el veraz testimonio del marqués de Santillana. Y esto puede apreciarse en la prosa y los versos de su nuevo libro que habrá de leerse mucho y que habrá de figurar en todas las buenas bibliotecas. Desde luego ya lo he ojeado con verdadera fruición y me propongo conservarlo como cosa de gran valor y estima.

Do escritor limiao Alfredo Fernández, *Nan de Allariz* (1875-1927), autor de pezas como *Recordos d'un vello gaiteiro* (1904) e *O zoqueiro de Vilaboa* (1908), que el propio interpretaría como actor, alberga a biblioteca vilarpontina un exemplar da segunda edición da colección de poemas *Fume de palla*, impresa na Coruña en 1909.

Alfredo e Antón coincidiron durante un tempo na Habana, á que chegaran como emigrantes en 1904 e 1908, respectivamente. As actividades do Centro Galego, as da Asociación Iniciadora y Protectora da Academia e algunhas revistas (*Galicia, Follas Novas, Eco de Galicia...*) foron ámbitos nos que chegaron a colaborar ao unísono. Tamén participaron ambos no Comité Redencionista Galego da Habana, actuando como oradores o 19 de xuño de 1910 nun mitin no parque Casablanca xunto a Constantino Horta e Juan Vicente Martínez Quelle. Este

Comité, presidido por Narciso Rocha, artellárase a comezos dese ano da man de Emilio Rodal, activo membro do Directorio Antiforista de Teis.

Posteriormente, Nan de Allariz cultivou xa só a literatura en castelán, con volumes como *A golpes de hacha: hachazos poéticos* (1913) e *Del salón al sotobanco: escenas de amor y navajazos y opulencias y miserias, entre damas y rufianes* (1920), ambos impresos en Madrid por Juan Pueyo.

Da autoría do escritor noiés Lisardo Rodríguez Barreiro (1862-1943), colaborador de numerosos cabezallos da prensa do seu tempo (entre eles *A Nosa Terra* cando estaba baixo a dirección do xornalista viveirense), autor do volume *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia* (1890) na Biblioteca Gallega de Martínez Salazar e boticario en Vilagarcía, hai na fracción da biblioteca de Antón Vilar Ponte conservada na Academia un exemplar dedicado da segunda edición do poemario *Escumas e brétemas* (1923). Esa dedicatoria, asinada na capital da bisbarra arousá en 1927, di: “Pr’o intelixentísimo e culto literato, Antón Villar Ponte, con moito agarimo, d’o seu admirador e compañeiro”.

Lisardo R. Barreiro, porén, foi identificado no seu día polo profesor Alonso Montero como autor, baixo o pseudónimo *O percebe copreiro de Cortegada*, dunha serie de poesías escritas durante a guerra civil en eloxio dos soldados galegos do bando franquista (*mariscos*) e reunidas co título *Resposta escontra unha inxuria*. Do seu posicionamento co bando sublevado dá tamén conta o feito de entrar a facer parte da Academia como numerario en 1939.

A relación persoal de Antón Vilar Ponte con Eladio Rodríguez González (1864-1949) pasou por momentos moi distintos. Pódese dicir resumidamente que, tras un primeiro momento de coincidencia nas páxinas da *Revista Gallega* de Galo Salinas e un primeiro enfrontamento en 1906 arredor do proceso de fundación da Academia, foi abalando logo entre a plena sintonía que se estableceu durante algúns intres, como no período inicial das Irmandades, e posteriores e profundas desavinzas entre ambos, que repercutiron en ámbitos como a redacción do xornal *El Noroeste*, o suplemento *Nós* dese mesmo xornal e, sobre todo, a Academia Galega, que o de Leiro chegaría a presidir desde novembro de 1926 ata marzo de 1934.

A temporal ruptura entre Antón e Eladio tivo fragua no terreo político, pois o autor do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* mantívose sempre nas marxes dun notorio conservadorismo ideolóxico e non asumiu en absoluto o horizonte reivindicativo soberanista deseñado polas Irmandades na súa Asemblea de

Lugo (novembro de 1918). A ruptura de “rexionalistas” e “nacionalistas” colócoulos en bandos enfrontados. De aí a causa, sen irmos máis lonxe, da absoluta preterición do viveirense das páxinas do suplemento literario *Nós* de *El Noroeste*, dirixido polo ribeirao.

A comezos de 1922, doído pola expulsión como director d’A *Nosa Terra*, Antón orienta en moitos aspectos a confección do polémico manifesto *¡Más allá!*, de Cebreiro e Manuel Antonio, lexitimando a actitude de total rebeldía e ruptura que encarnaban os seus autores e suxerindo aspectos do seu contido, entre os que nos permitimos salientar os ataques ás “ras da lagoa académica”, entre as que cabe supoñer incluído o propio Eladio Rodríguez, xaora.

Con todo, estes enfrontamentos coñeceron instantes de tregua. No segundo número da revista quincenal de arte e literatura *Hispania*, que aparecera en Madrid da man de Ricardo León e Adolfo Bonilla y San Martín e vinculada á editora Renacimiento, Antón Vilar Ponte publicou o 30 de xaneiro de 1925 un artigo titulado “Temas regionales. La poesía gallega en la actualidad”, en que repasaba a grandes trazos a evolución da lírica no noso país, distinguindo nela varios instantes: o indiscutido esplendor medieval; a decadencia multiseccular subseguinte á dominación castelá; o espléndido rexurdir no século XIX; a nova decadencia na fin de século; e, por último, a potente alborada da centuria novecentista, que el considerará encarnada en nomes representativos como os de Ramón Cabanillas, Victoriano Taibo, Gonzalo López Abente, Noriega Varela e, subliñémolo, Eladio Rodríguez (1925c). O significativo dese novo renacer poético que experimentaba Galiza nos comezos da vixésima centuria era, en opinión de Vilar Ponte, a conxunción equilibrada e harmoniosa na obra dos poetas máis representativos do herdo decimonónico e a novidade, dos influxos de Rosalía, Curros, Lamas Carvajal e Pondal coas correntes modernistas:

En Cabanillas, en López Abente, en Eladio Rodríguez, en Noriega Varela y en Taibo, la sensibilidad poética privativa del momento actual ha hecho presa, para nuestra fortuna. Sin embargo, todos ellos, acaso como tributo de admiración a los poetas gallegos ochocentistas, y acaso también por causas instintivas que prueban lo vigoroso y eternal de nuestra aptitud lírica, aun siendo hijos de su tiempo, no han querido o no han sabido romper de modo brusco con las formas estéticas y los fondos temáticos del pasado. Y así, a veces, las estrofas de algunos de sus poemas, parecen *ritornellos* de las estrofas de los poemas de Rosalía, Pondal, Lamas y Curros, que hacen verdadero contraste con otras composiciones de ellos mismos, muy siglo XX, plenas de modernidad, lo que prueba más que nada (y por eso apuntamos el fenómeno) que no tiene traza esporádica la continuación feliz del renacimiento gallego en la lírica.

Tiña logo o de Viveiro breves palabras de eloxio para cada unha das propostas poéticas encarnadas polos autores citados: o voo xenial e proteico de Cabanillas; o sentimento montañés e ancestral de Noriega, amante “de las cosas vernáculas de mayor belleza humilde”; a vibración robusta de López Abente “al contacto con las mámoas seculares, las gándaras esquivas, los bosques celtas y las aguas del Atlántico”; a lira saudosa de Taibo e finalmente —destaquémolo— a emoción perante a vida campesiña de Eladio Rodríguez.

Poucos días despois, Antón presentaba na Reunión de Artesáns coruñesa unha conferencia sobre poesía galega de Eladio Rodríguez e pronunciaba sobre el estas cordiais palabras:

La persona de Eladio Rodríguez —dijo— no necesita presentación. Todos conocéis su vida. Vive como yo del periodismo; es además director del coro ‘Cántigas da Terra’, funcionario modelo, socio de mérito del ‘Circo’ y, por encima de todo, un hombre digno, bueno, de esos hombres de quienes se dijo que debíamos inclinarnos a su paso, antes de reverenciar a los sabios.

No hace mucho se le hizo en la Coruña un gran homenaje por el triunfo que obtuvo en Santiago en la fiesta de la poesía gallega.

Todos conocéis sus versos. Son almas de paisajes y paisajes de almas. En sus oraciones campesinas, que así pueden ser llamadas sus estrofas, hay un panteísmo místico, reflejo fiel del ambiente del agro celta.

Eladio Rodríguez ama todo lo que es profundamente gallego y característico de nuestra raza: la bruma, el humo azul de las chozas campesinas, el voltear de las campanas, los pobres bueyes cantados por Virgilio, pacientes y sufridos, de ojos grandes, esféricos, en los que se refleja el paisaje de la tierra. Después de oír estos versos, pensaréis en la hermana bruma, en los carros campesinos, en los ecos dolientes de sus ejes y de sus ruedas, verdaderos ‘leit motiv’ para inspirar otra música como la de Borodina.

El mejor homenaje que podíamos hacerle a Eladio Rodríguez sería una ofrenda de leche y miel, de esa miel que tiene todas las esencias de nuestro paisaje. Después de leer los versos de Eladio Rodríguez, siento deseos, como Ganivet, de tirarme al suelo y comer la hierba de nuestros prados.

Y no os entretengo más. Sólo me resta decir la gratitud de esta sociedad a Eladio Rodríguez, por venir a ocupar esta tribuna, honrada anteayer por Sofía Casanova, esa mujer buena, esa dulce mujer, concedora de las tristezas de Polonia y de Galicia y que en sus virtudes tiene las virtudes de la mujer gallega.¹⁴

14 *Galicia Nueva*. Vilagarcía de Arousa, nº 6.538, 15/V/1925.

Talvez por iso e a despeito das tensas relacións que protagonizaron por momentos, Eladio Rodríguez agasallou o de Viveiro en decembro de 1927 cun exemplar do seu *Oracións campesiñas (versos galegos)*, estampando nel a seguinte dedicatoria autógrafa: “Ô meu querido amigo Antonio Villar Ponte, escritor e publicista que sinte coma ninguén os desacougos da Terra e que leva na alma o lume dos bos e xenerosos e na fronte a estrela dos escollidos. Con fondo afervoamento”.

Antón Vilar Ponte correspondeu entregando un artigo na sección “Galerías” de *El Pueblo Gallego* (1928a) en que definiu esa obra como “un inventario rimado del trabajo y la vida *enxebre*, donde un léxico natural, de exquisita selección, ofrece notas de indudable belleza”, e salientou as conexións co franciscanismo poético de Noriega Varela da musa do entón director de *El Noroeste*, esencialmente descritiva e “fecundada por las puras esencias del *rus*”, allea a toda a contaminación baudelaireana ou novecentista.

Algo despois, enviou a súa adhesión ao banquete dado en Ribadavia na honra do daquela presidente da Academia Galega.¹⁵ Mais sería no seo desta entidade, precisamente, onde pouco despois volverían agromar as discrepancias entre o presidente e o correspondente e numerario electo Antón. Esa falta de sintonía, que tivo clara manifestación no debate que se desenvolveu en 1930, suscitado por Couceiro Freijomil, arredor da lexitimidade da bandeira galega coa franxa celeste, está na base da demora do viveirense en tomar posesión do seu asento na Corporación, acto que tivo lugar finalmente en xullo de 1934, cando Lugrís Freire accedeu á presidencia logo da renuncia do ribeirao.

Do avogado e xornalista pontevedrés Prudencio Rovira Pita (1870-1960), durante máis de dúas décadas secretario persoal do político conservador balear Antonio Maura¹⁶ e deputado en varias ocasións por distritos galegos (Ribadeo en 1907; A Pobra de Trives en 1919, 1920 e 1923), está presente na biblioteca vilarpontina o volume *iHirmandade!: poemíña de revolta*, editado pola casa Pueyo de Madrid en 1918. O poemario, de contido agrario-rexionalista, presenta unha dedicatoria autógrafa que está dirixida ao director de *El Noroeste*, quere dicir, ao propio Antón Vilar Ponte, quen ocupou ese posto entre febreiro e agosto de 1918, cando o xornal foi adquirido polo catalanismo en alianza coas Irmandades da Fala como parte da súa estratexia publicitaria.

15 “El domingo, en Ribadavia. El homenaje a Eladio Rodríguez”. *La Voz de Galicia*. 19/XI/1929, p. 1.

16 Sobre a súa figura o propio Rovira chegaría a publicar diversos libros na posguerra, como *Cartas son cartas* (1949), *Maura. Infancia y juventud* (1953) e *Maura, acuarelista* (1955).

O libro *iHirmandade!* foi comentado moi eloxiosamente na sección “Follas Novas” d’A Nosa Terra:¹⁷

Trátase d’un pequeno poema de rebelión e loita, nado, cicais, mercede ôs infruxos das arelas de rebeldía e dos síntomas de despertamento que na nosa patria veñen creando un novo ambiente. A bon seguro qu’as infruenzas do actual momento galego tiveron non pequena parte nos propósitos que moveron ô autore a faguer o seu poemiña.

Hirmandade! é un poema en catro partes ô que precede un parrafeo en prosa cô leutor, parrafeo no que, o autore, despois de moitas e moi atinadas consideracións, presenta algunhas solucións acertadas qu’ô seu xuízo, de levárense â práctica, traerían consigo o melloramento da nosa patria e o desbotamento, por ende, dos males qu’hoxe abafan a Galicia.

Básase todo o poema n-un feito histórico: o viaxe que Pedro de Padrón, no nome dos hirmandinos galegos, fixo â Corte —sin abranguer audenza— con ouxeto de pedir xustiza contra dos abusos qu’os nobres e os señores feudales cometían en terras galicianas, viaxe que rematou cô lexítimo alzamento con que, os hirmandinos, souperon amosstrar ôs outos i-ensoberbecidos Poderes do qu’é capaz un pobo cando se lle desatenden as suas xustas peticións, e se descoitan os seus xusticieiros berros. Iste episodio histórico [...] é aproveitado pol-o poeta pra faguer unha eiscitación â xuntanza de todol-os bos galegos [...]. I-en versos rotundos, vibrantes, ategados d’un fervoroso patriotismo, o poeta vai desenvolvendo a[s] sua[s] cobizas xenerosas nas que latexa, como algo básico, a eixistencia d’unha estreita unión, rexa e forte, antre todos aqueles que coa actual situación de Galicia —hoxe como antaño apreixada pol-as poutas dos modernos señores feudales, os caciques— óllense aldraxados e magoados como fillos honrados d’unha nai escravizada [...]. En todol-os versos —algunhos de feitura de mestre mais que d’afeizoado— déixase ver a facilidade con que o autor manexa o difícil arte da rima, e n-eles latexa de cote o fervoroso patriotismo que fixo mover a pruma do poeta [...].

Pol-o que significa, e pol-as tendenzas en *Hirmandade!* contidas, ben merecente é o seu autore da nosa mais cumprida embora. Libriños, como o que comentado deixamos, son acreedores â calurosa e cordial acollida con que nós soupemos recibilo.

Dous asiduos da Cova Céltica, fundadores da Academia Galega, colaboradores habituais da *Revista Gallega* de Galo Salinas e militantes do Rexionalismo que deron o paso de se integraren nas Irmandades e asumiren con plenitude o seu

17 “Follas Novas (crítica de libros). *iHirmandade!*”. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 47-48 (10/IV/1918), p. 9.

ideario lingüístico e político foron Francisco Tettamancy Gastón e Florencio Vaamonde Lores. Non admira, por iso mesmo, a presenza de volumes da súa autoría entre os libros conservados da biblioteca vilarpontina.

Da autoría de Francisco Tettamancy Gastón (1854-1921), funcionario da Deputación provincial coruñesa de profesión, resultan ser un total de catro:¹⁸ un exemplar da terceira edición de *Britanos y galos (Páginas de la Guerra de la Independencia, 1808-1809)*, que apareceu en 1911; outro da segunda edición de *Boicentril: o druidismo e o celtismo gallegos. A epopeya irlandesa* (1914); un da conferencia *Victor Said Armesto*, que pronunciou no local da Irmandade coruñesa o 3 de agosto de 1917 e que leva como paratextos unha folla de Murguía e un colofón de Carré Aldao; e, finalmente, o titulado *La Torre de Hércules: impresiones acerca de este antiquísimo faro bajo su aspecto histórico y arqueológico* (1920).

No exemplar do primeiro dos títulos citados Tettamancy estampou a seguinte dedicatoria autógrafa: “Para o culto Antón Villar Ponte, amigo agarimoso e hirmán; de ideas enxebres e principios humans”; no terceiro, así mesmo, escribiu: “Para o meu agarimosísimo amigo, home de gran entendemento, Antón Villar Ponte. Seu devoto admirador”.

Numerario fundador da Academia, militante da Liga presidida por Murguía e promotor do monumento aos Mártires de Carral, Tettamancy adheriuse con entusiasmo ás Irmandades da Fala desde a xuntanza inaugural e estivo sempre ao servizo da causa, colaborando de maneira continua n’*A Nosa Terra* e intervindo en todo tipo de actos públicos (conferencias, mitins, veladas, recitais...). Ao longo de 1917, por exemplo, disertou en febreiro no local do grupo coruñés sobre as peregrinacións dos cruzados a Compostela e foi orador no acto que o agrupamento celebrou en maio diante do monumento ao comandante Solís e demais heroes do Provincialismo,¹⁹ movemento que el propio estudaría nunha relevante monografía titulada *La Revolución Gallega de 1846* (1908).

Ao falecer na Coruña en maio de 1921, a Irmandade da Fala local organizou unha velada para homenaxealo. Á mesma acudiron representacións da Academia Galega, do Concello herculino e da Reunión de Artesáns. Deuse lectura a un soneto de Roberto Blanco Torres e fixeron uso da palabra varios oradores, entre os que cabe citar a Xoán V. Viqueira, Carré Aldao, Florencio Vaamonde, Lugrís Freire, Peña Novo e Antón Vilar Ponte. A intervención do viveirense, aínda discorrendo como é lóxico polas canles panexiristas e elexíacas propias deste tipo

18 Outros libros e opúsculos que, a maiores, publicou este autor foron *Enredadas. Poesías* (1902); *O castro de Cañás. Diego de Samboulo (Leenda histórica). Poemetos* (1903); *Apuntes para la historia comercial de La Coruña* (1900); *Batallón Literario de Santiago: Diario de campaña (años 1808 al 1812)* (1910); *Los Mártires de Carral* (1912) e mais *La torre del homenaje del castillo de Villalba* (1913).

19 “Un acto galleguista”. *La Voz de Galicia*. 7/N/1917, p. 1.

de actos (“todos sabedes canto tivo de bô e xeneroso”, indicaba referíndose a Tettamancy), contou non obstante cunha tonalidade inesperada en moitos dos seus parágrafos, pois, ao mesmo tempo que aludía profusamente aos numerosos méritos humanos e intelectuais do finado, Antón tamén denunciaba con acritude o esquecemento e ingratidade con que ese labor fora correspondido e pagado, na súa opinión, pola sociedade galega en xeral e pola herculina en particular:

Nunca me erguín eu en ningures disposto a falar, irmáns e amigos, c’unha tan fonda tristura na i-alma e un amargor tan grande no corazón coma hoxe. Nunca no meu cerebro latexaron pensamentos tan acedos. Y-é que eu que moito sei da ingratidade humana, nunca soupen tanto como agora despois da morte de Francisco Tettamancy. Poucas veces foi tan ingrata unha terra con ninguén, com’o ten sido a Cruña c’o vello irmán fundador que hoxe choramos. (1921f, p. 2)

A carraxe e amargura do xornalista viñan dadas, sobre todo, pola distinta medida con que a sociedade herculina trataba os persoeiros do ámbito da cultura, reservando enormes gabanzas para os artistas superficiais e frívolos e condenando ao esquecemento, por contra, os entregados de por vida, como Tettamancy, á reivindicación e cultivo dos valores propios:

Aquí onde se lle renden tributo a total-as mentiras convencionaes que levan un nome propio, obra da adulona adxectivación periodística, aquí onde se proclama xenio a calquer rapaz que fai catro versos ou emporca unha vara de lenzo ou fai un debuxo extravagante porque non’o sabe facer “en cristiano”, pode pasar inadvertida a figura representativa i-exemplar de quen, coma Tettamancy, adicóuse a enaltecé-la Terra patria c’o seu cerebro i-a dignificál-o arte da amizade c’o seu corazón, dend’os seus primeiros anos mozos até o momento mesmo de ceibar o derradeiro layo xa vello e cheio de doores. (1921f, p. 2)

En opinión do viveirense, con Tettamancy estábase a cometer o crime máis vil, o da minusvalorización inicua do seu esforzo xeneroso e desinteresado “en estes tempos de decadencia moral e de crise do sentimento”. Uns tempos en que precisamente, engadía Antón, “o estómago i-a médula son os principaes motores de tódal-as accións humanas”. En realidade, non era estraño que estas cousas acontecesen nunha sociedade como a galega, vistos os precedentes:

Aquí, onde foi posíbel que se fixera fillo adoptivo a un cronista americano [Gómez Carrillo] que aldraxou aos galegos; aquí onde s’esquecen as nosas gorrias, n’un indigno rebaixamento dos propios valores, para buscar entr’os estranxeiros e alleos

nomes cos que bautizar os parques; aquí onde s'enche de fachenda a boca das xentes ao decir que un Dato era galego por ter nacido por casualidade na nosa Terra, e se ignora, verbigracia, quen foi Nicomedes Pastor Díaz, aquí onde se tolera que poidan usurpal-o nome de parlamentarios galegos aqués que tiveron ouvidos xordos para o heroísmo das mulleres de Sálvora e para os crimes cometidos co'as labregas de Nebra, Osera [sic], Sofán e Narón, i-en troques únense coma un solo home dispostos a ensayaren unha reverencia de pavana diante d'unha vanagloria aristocrática, porque isto é de bon tono e non compromete a nada, aquí onde ninguén pide pra viuda de Said Armesto unha axuda económica que percisa, cando o Estado ven concedendo axudas d'isa crás a moitas nais e viuvas d'artistas e escritores d'outras terras, aquí onde a ninguén lle caiu a cara de vergoña vendo como un catalán tiña que solicitar unha pensión para as fillas de Rosalía Castro porque ningún galego se lembrara d'elas, aquí onde o que concede unha subvención para adoquinar unha rua ou construír un edificio, tense por mais digno d'homenaxes que o que fai un poema, ou escribe unha Historia, ou fixa un valor espiritual [...], aquí, dígovos, non pode estrañarnos de que Tettamancy áchese esquecido. Somos un pobo escravo, sin alma e sin corazón, com'as colonias e as fautorias. Un pobo que non quer a súa liberdade por medo a sentir a saudade da escravitude, que é a saudade mais vergoñosa i-a prova de degra[da]ción suprema â que pode chegar un país. Pro con este pobo escravo exerceremos a mais nobre, a única nobre das tiranías: a de forzalo para que sexa libre. (1921f, p. 3)

A intervención finalizou cun chamamento aos presentes a se converteren en continuadores do testamento espiritual de galeguismo que deixara plasmado coa súa vida, coa súa obra e co seu exemplo o autor de *La Revolución Gallega de 1846*.

De Florencio Vaamonde Lores (1860-1925) conserva a Academia Galega no seu fondo bibliográfico vilarpontino dous volumes: o poema en catro cantos *Os Calai-cos*, publicado na Habana en 1894, e mais a novela *Bestas bravas*, editada na Coruña en 1923.

Florencio, funcionario de Facenda de profesión, foi membro fundador da Academia en 1906 e entusiasta seareiro das Irmandades desde a propia xuntanza inaugural coruñesa do maio de 1916. Colaborou acotío con *A Nosa Terra* e estivo presente en numerosas actividades do agrupamento, entre as que cabe destacar o seu concurso como rapsoda durante a velada con que aquelas celebraron o seu segundo aniversario.²⁰ Certo é que na ruptura de 1922, Florencio e Antón

20 "Centros y reuniones". *La Voz de Galicia*. 20/V/1918, p. 1.

se colocaron en bandos enfrontados, mais a estima persoal axiña se sobrepuxo ao puntual desacordo. De feito, nun artigo publicado no diario vigués *Galicia* a finais dese mesmo ano (Meilán 1922b), Antón retrataría moi positivamente a figura humana e intelectual de quen tiña asinado moitos traballos co pseudónimo *Xan de Ouces*, subliñando, alén do seu peculiar aspecto físico que “evoca el de un asceta”, certos anacronismos do seu vivir cotián, o seu vasto coñecemento das culturas clásicas (lémbrese que verteu para galego as odas de Anacreonte, poemas de Virxilio, textos de Horacio etc.), as súas afeccións de anticuario e o mérito da súa produción literaria na nosa lingua.²¹

A posterior morte do de Ouces, o 19 de outubro de 1925, inspiraríalle ao de Viveiro un sentido texto necrolóxico, tamén publicado no citado *Galicia*. Xuntamente co protesto pola escasa atención e relevancia emprestada pola maioría dos xornais galegos á infausta nova, en doloroso contraste co xeneroso espazo concedido “a cualquier burgués prosaico, a cualquier nuevo rico, a cualquier señor simpático”, o xornalista poñía novamente de relevo a vasta cultura do defunto e a súa entrega xenerosa ao cultivo do idioma e ao estudo da historia galega. Algúns trazos peculiares do seu carácter, (“célibe y casto, abstemio, sencillo”) e a súa curiosa aversión a elementos da vida moderna como os reloxos mecánicos, a luz eléctrica e os novos medios de locomoción facían del, en expresión de Vilar Ponte, un home que “nació pretérito” (1925h).

2.3. POETAS, NARRADORES E ENSAÍSTAS DAS IRMANDADES

Entre o poeta cambadés Ramón Cabanillas Enríquez (1876-1959) e o xornalista de Viveiro trabouse á calor da xeira das Irmandades unha relación intelectual moi cordial e intensa, que propiciou durante algún tempo óptimos froitos literarios. Entre eles, cabe amentar as constantes achegas poéticas do primeiro ás planas d’*A Nosa Terra*, o emprego da peza *A man de Santiña* para a estrea do Conservatorio Nazonal alentado pola Irmandade coruñesa, a participación de ambos como accionistas-fundadores na primeira xeira do boletín *Nós* ou a escrita a dúas mans do drama *O Mariscal*.

Como é ben sabido, o ensaio de Vilar Ponte *Ramón Cabanillas, poeta da Raza*, publicado n’*A Nosa Terra* en sete entregas durante o derradeiro terzo de

21 Entre as producións en galego de Florencio cabe amentar tamén o epítome *Resume da Historia de Galicia* (1898), os volumes poéticos *Mágoas* (1901) e *Follas ao vento* (1919) e a novela *Anxélica* (editada por Lar en decembro de 1925).

1917,²² resultou decisivo nesa época, ademais, para a proxección do cambadés como lexítimo sucesor da tríade excelsa do Rexurdimento e como encarnación do “poeta arelado”, anovador da nosa lírica e voceiro do novo movemento de afirmación colectiva. En opinión do viveirense:

Cabanillas [...] cultiva todol-os xéneros, pulsa total-as cordas da lira, até a torva das supremas xenreiras, Cabanillas bebéu as augas da inspiración nas mesmas fontes que os grandes vates do noso renacemento primeiro, e zugóu, como abella de milagre, en total-as froles da raza, pra darenos a ofrenda da mel hymeta que arelábamos. Pro soupo evolucionar c’os tempos, pra faguerse moderno, novo no vello e vello no novo, que é sere contemporáneo de cada día pra sempre, trocándose no primeiro poeta da Raza, pol-a forma e pol-o fondo, pol-os grandes recursos que acertou a sacare do noso idioma, nas suas bentas mans cal un órgano que tan axiña deixa ouvir os rexistros feituquiños, doces, mimosos, com’as voces graves, e os berros irtos, bruantes, feros.

O auxe experimentado pola poesía galega da man das Irmandades da Fala e a súa posta ao día a respecto das estéticas modernas en Europa e América tiña para Antón Vilar Ponte un nome propio indiscutíbel, o do poeta de Fefiñáns, pois:

con el estro iluminado por la espléndida “claridad novecentista”, salió a la palestra para elevar la poesía gallega a las cumbres de lo moderno. Los versos del ilustre vate cambadés han conseguido incorporar nuestra lírica enxebre a la lírica europea actual. Rosalía, la divina, ya fuera una revolucionaria de la rima, una admirable precursora; pero en ella la manera de decir aún no lograra emanciparse de la superabundancia verbalista propia de los poetas del siglo XIX. La transparencia de la idea conseguida con el menor número de palabras, la diafanidad serena de la emoción artística, la difícil sencillez cristalina que hace de la breve frase musical un espejo, este *ne quid nimis* del rítmico renglón corto que no pudo sospechar Horacio, y que abre para siempre un hondo abismo entre los buenos versificadores y los elegidos de las musas, con Cabanillas vino a Galicia. (1922a)

Non pode admirar, por iso mesmo, que Cabanillas tivese o detalle de lle remitir e regalar ao de Viveiro algúns exemplares das súas obras, hoxe conservados no correspondente fondo bibliográfico da Academia. Doado por Julia Gallegos gárdase, ademais, un exemplar do primeiro título editado en Cuba, *No desterro*

22 Concretamente nos números 32 (30 de setembro), 33 (10 de outubro), 34 (20 de outubro), 35 (30 de outubro), 37 (20 de novembro), 38 (30 de novembro) e 39 (10 de decembro) (1917e).

(1913). Consérvase tamén o exemplar impreso do discurso *A saudade nos poetas gallegos*, lido polo seu autor no Balneario de Mondariz o 31 de agosto de 1920 como parte dos actos de ingreso na Corporación, con resposta de Eladio Rodríguez. Figura, igualmente, a segunda edición de *Vento mareiro*, feita en 1921 en Madrid pola editora Galatea, con cuberta ilustrada por Castelao e debuxos de Álvaro Cebreiro. Neste caso aparece valorizado o exemplar coa seguinte dedicatoria autógrafa: “A meu irmán Antón Villar Ponte co-a mais firme e a mais fonda das devociós e as amizades”.

No mesmo caso están tamén as sagas de *Na noite estrelecida*, ilustradas por Castelao e impresas por Lar en 1926. Finalmente, o exemplar d’*A rosa de cen follas: breviario de un amor*, impreso en Mondariz-Balneario en 1927, agasalloullo e dedicoullo Cabanillas á filla de Antón, María del Carmen Villar Chao, *Meliña*.

En correspondencia a ese afecto e a esas atencións tributadas por Cabanillas, o de Viveiro estivo sempre pendente de anunciar ou comentar nos seus artigos de prensa as producións do cambadés. Fíxoo en *La Voz de Galicia* (1917a) co proxecto de *opera omnia* acariñado en 1917 polo autor de “Meu carriño”, do que finalmente só se imprentou o tomo *Da terra asoballada* e no xornal cubano *La Correspondencia* (1921a) coa lectura que aquel fixo no Ateneo vigués do seu poema longo “O cabaleiro do Santo Grial”, logo incluído en *Na noite estrelecida* (1922). Tamén debe ser obra de Antón o comentario da sección “Follas Novas” d’*A Nosa Terra*, que aparece sen asinar, sobre o discurso de ingreso de Cabanillas na Academia.²³ En *El Pueblo Gallego* anunciou, finalmente, a aparición d’*A rosa de cen follas*,²⁴ se ben nesa altura a relación entre ambos os autores xa non estaba no seu mellor momento e non faría máis que arrefriarse nos anos seguintes.

A diferenza de Ramón Vilar Ponte, que mantivo sempre aberta unha canle de contacto epistolar co cambadés e unha certa sintonía en determinados aspectos ideolóxicos como a confesionalidade, Antón comezou a distanciarse de Cabanillas por volta de 1925, co fracaso da Irmandade Nazionalista Galega risquiiana como pano de fondo, e esa ruptura foi xa evidente no período republicano, co autor cambadés achegado ao lerrouxismo e distanciando no estratéxico e aínda no persoal de boa parte do núcleo central dirixente do Partido Galeguista.

23 “Follas Novas. Libros e Revistas. *A saudade nos poetas gallegos*”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 136, 15/III/1920, p. 8.

24 “Noticias de orden cultural. Revistas, versos y gramática”. *El Pueblo Gallego*. 26/XII/1926, p. 9.

Por outra banda, dous libros do escritor de Eirís de Arriba Xosé Lesta Meis (1887-1930) fan parte da fracción da biblioteca de Antón Vilar Ponte conservada na Academia: a súa novela *Estebo* (Lar, 1927), cuxo exemplar aparece dedicado “Para o meu querido colega e amigo Antonio Villar Ponte, con fonda devoción e unha aberta grande” e mais as prosas de *Abellas de ouro* (Nós, 1930), en cuxo exemplar escribiu o propio Lesta: “Ao meu fraterno amigo e compañeiro ilustre, irmán na santa causa de Galicia Antón Villar Ponte cunha aperta de todo corazón”.

Logo de protagonizaren algúns desacordos arredor da avaliación dos méritos do alcalde herculino Manuel Casás Fernández ou no xuízo sobre a pertinencia do manifesto *¡Más alá!*, Antón Vilar Ponte acabou por desenvolver con Lesta Meis unha profunda amizade, que se acentuou sobre todo durante os anos da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930). A camaradería profesional (ambos dedicáronse ao xornalismo como columnistas habituais e como correspondentes en Galiza de diversos periódicos de Cuba), as semellantes peripecias profesionais (ambos coincidiron en numerosos cabezallos —*Eco de Galicia, A Nosa Terra, La Zarpa, Galicia, El Pueblo Gallego* etc.— e padeceron por igual os rigores da censura ditatorial, cárcere incluído), a esencial coincidencia ideolóxica (ambos foron galeguistas, progresistas e republicanos), a común experiencia migratoria en terras cubanas e o feito de compartir espazos de cultura, lecer e sociabilidade na propia urbe herculina (*Café Galicia, Reunión de Artesáns* etc.) forxaron esa relación cordialísima. Así se explica que o de Oza solicitase do viveirense un prólogo para *Abellas de ouro* e que este dedicase o seu comentario na prensa a todas e cada unha das producións literarias éditas de Lesta Meis.²⁵

De *Manejo o da rúa* (Lar, 1926) proclamou Vilar Ponte “que demuestra, sin género alguno de duda, hasta que punto reúne excepcionales condiciones para el difícil arte de novelas [sic] nuestro querido compañero” (1926c). Do romance autobiográfico *Estebo* (Lar, 1927), do que se ocupou ata en tres artigos distintos nas planas de *El Pueblo Gallego* (1927g, 1927o e 1927r), alén de achalo un tanto oitocentista de máis no estilo, salientou que constituía un exacto retrato da realidade do mundo rural galego coetáneo. E, finalmente, sobre *Abellas de ouro* (Nós, 1930) escribiu o de Viveiro o “Preludio cordial” que confeccionou para esa obra,²⁶

25 O xornalista de Eirís de Arriba tamén tivo louvanzas nos seus artigos para determinadas producións literarias vilarpontinas como a peza *Almas mortas*, “obra meritísima y de mucho valor en el momento actual” (Lesta 1922).

26 Sinalaba aquí a orixinalidade deses trece “cadros realistas” que ofrecía Lesta Meis, cunha “sinxeleza limpa e pura de toda influencia literaria allea”. O conxunto constituía “unha belida haxiografía laica que honra o noso rusticismo racial”, pois nel ficaba patente a mansedume evanxélica, o heroísmo calado, a resignación optimista e ancestral, a entrega ao traballo, o desleixo polo diñeiro, a vida acugulada de enxebreza, a caridade, a limpeza de espírito, a tolerante bondade e outras moitas virtudes atribuíbeis ao carácter dos habitantes do rural galaico, nomeadamente das súas mulleres. *As Abellas de ouro*, nese

publicada pouco tempo antes de que o seu autor falecese o 22 de decembro de 1930 vítima dunha cruel doenza contra a que nada valeron os tratamentos recibidos na clínica compostelá do doutor Puente Castro. O xornalista viveirense choraría amargamente ese óbito nun artigo da sección “Exemplos” en *El Pueblo Gallego* (1930r), subliñando a traxectoria dun Lesta Meis que saíra de neno da súa aldea de Eirís, pobre e analfabeto; que pasara mil e unha penurias na emigración cubana, traballando nos *ingenios* azucreiros; que loitara decote cunha grave doenza que o acababa de levar finalmente á morte; e que, a pesar de todo iso, acabara forxando unha cultura e un sentimento galeguista que xa nunca máis o abandonaría. Era, en definitiva, “un puro exemplar da raza, tan cheio de virtudes e bondades com’as *Abellas d’ouro* que él contou con sinxela gracia”. Nese mesmo artigo necrolóxico, o de Viveiro compendiaba deste xeito os méritos literarios do falecido:

Na novela *Estebo* e no libro *Abellas d’ouro* Lesta Meis non somentes reflexou a súa alma, o seu carácter e os seus sentimentos, senón que tamén fixo un estudo de fondo interés desd’o punto de vista folk-lórico e social ond’o realismo e o romantismo vencéllanse estreitamente. Ambas obras poderán servir de canteira da que resulte doado tirar materiaes para traballos literarios enxebres e esquisitos no futuro. Fixo un honrado labor que non ha de se perder. *Abellas d’ouro*, especialmente, c’o seu encanto de literatura cáseque ilitaria, acugulada de cordialidade, sinalan un acerto moi plausible. Son páxinas cheas de recendo aldeán e de sabor a natureza silvestre que somentes quen as viveu podería facelas. Canto n’elas buliga ten prestixio autográfico [sic], ofrecéndonos de xeito nidio os sentires franciscanos do inesquecente Lesta.²⁷

Outro destacado membro das Irmandades e da ING que alimentou xenerosamente coas súas obras a biblioteca do xornalista viveirense foi o muxián Gonzalo López Abente (1878-1963), que iniciara en 1911 a súa traxectoria como escritor publicando o volume de versos *Escumas da ribeira*.

sentido, “envoltas en irto verbo prosaico, ispidas de galas retóricas, sin outro ritmo có vital que delas deita, son modelo de novas xeórxicas que abenzoaría o mesmo Virxilio”.

27 Ao se cumprir o primeiro cabodano da morte de Lesta Meis, confesaría o de Viveiro ter botado moito de menos, nos tempos axitados e esperanzados que daquela corrían, o amigo e correligionario, de quen proclamaba virtudes como o acceso amor a Galiza, o espírito cristián e fraterno, o alto sentido da amizade e da xustiza, a bondade de corazón, a fidelidade ás súas orixes labregas etc. “Lesta Meis —concluía Vilar Ponte— era un home con hache maiúscula. Dos que tanta falla fan na nosa terra...” (1932a).

O 19 de xuño de 1917 dedicoulle un exemplar do seu segundo poemario, *Alento da raza*, estampando o seguinte texto: “A Antón Villar Ponte, o culto apóstolo e milagreiro rexurdidor do nazionalismo gallego —que Dios protexa— devotamente”. Ese libro, que leva un limiar de Aurelio Ribalta, foi recensionado na sección “Follas Novas” d’*A Nosa Terra* e o propio Vilar Ponte daría conta en *La Voz de Galicia* da súa aparición, salientando nel o fondo ancestralista que acompañaba todos e cada un dos poemas e ponderando a habilidade do seu autor para bosquexar, por medio de poemas que falan de dolmens, castros, piñeiros, furnas, emigrantes ou mariñeiros da costa fisterraica, un completo panexírico da patria galega, en consonancia co seu desexo último de afirmala en todos os aspectos. Por iso, *Alento da raza*, no dicir do xornalista viveirense, constituía

un libro que *quedar*á porque, como los del gran Ramón Cabanillas, marca lo que pudiéramos llamar la característica progresiva en la evolución del renacimiento literario gallego iniciado por Rosalía, Curros, Pondal, Añón, Lamas, etc. *Vento mareiro* y *Alento da Raza*, son como lindes del nuevo camino por el que ha de orientarse la juventud que viene... Asemeljándose a las obras de los poetas precursores, diferéncianse de ellas, no obstante, en cierto sentido de unidad y de universalidad propio de todos los escritores “novecentistas” [...]. Además en Cabanillas y en López Abente —como en algunos poetas noveles que prometen mucho— se observa, a veces, casi siempre, una “clarificación colorista” de que los grandes precursores han carecido por lo general, y que corre parejas [sic] con la naciente escuela de pintura gallega. (1917c)

Tamén integrou a biblioteca de Vilar Ponte un exemplar dedicado do poemario de López Abente *D’outono*, editado pola Ronsel de Correa Calderón en Lugo en 1924 e que leva debuxos de Álvaro Cebreiro. Nun traballo publicado na revista coruñesa *Alfar*, Antón referiuse á aparición dese libro como nova proba do instante de verdadeiro renacemento que estaba a vivir o idioma galego nos ambientes literarios e intelectuais desde a posta en marcha en 1916 das Irmandades. A respecto do propio contido do libro, acertou a ver nel un alento moito máis intimista do que insuflara o poeta muxián aos seus anteriores poemarios:

En *D’Outono*, por el contrario, canta el poeta entregado a sí mismo, reflejando el espíritu en soliloquios de ritmo endecasílabo, escuchando únicamente, con serenidad melancólica, su voz interior que aprisiona siempre en cuartetos y tercetos, salvados de modo hábil del peligro de la monotonía. Sin embargo, no es menos

“enxebre” en este último libro que en los otros, debido a que su alma se halla totalmente galleguizada. (1925d, p. 34)²⁸

O poemario *Nemancos*, publicado por López Abente da man da editora Nós en 1930 e tamén presente no fondo bibliográfico vilarpontino depositado na Academia, mereceu críticas eloxiosas por parte do xornalista tanto nas planas da revista galaico-arxentina *Céltiga* (1929n) coma nas columnas de *El Pueblo Gallego* (1929l). Concretamente, nestas últimas dicía Antón que o poeta muxián:

que enriqueció ya las letras gallegas con varias obras notables, ahora nos ofrece un nuevo conjunto de poemas bajo el título de *Nemancos* que nosotros hemos leído con verdadero gusto. Gonzalo López Abente, ilustre por su talento y su bondad, sigue fecundando las musas con el acierto de costumbre. Los poemas que integran el volúmen que nos ocupa, cuya tinta está todavía fresca, son modelo de inspiración y de bien decir. El autor de *Alentos da Raza* [sic] es, sin duda, una de las figuras más destacadas de nuestro actual renacimiento literario. Como pocos contribuye seriamente a la fijación del idioma gallego, que ama de modo entrañable y que domina de veras. Merece, pues, la gratitud de todos los buenos conterráneos y desde luego la nuestra, que hacemos extensiva en justicia a la Editorial coruñesa “Nós”, sostenida por gallegos de fe, heroicamente.

Outro tanto ocorre, finalmente, coa novela *Vaosilveiro* (Nós, 1929), eloxiada así mesmo por Antón nestes termos:

Vaosilveiro es una narración interesante de tiempos pretéritos que revela en ocasiones la vena poética del notable vate mugiano que la confeccionó. Gonzalo López Abente, en esta nueva obra suya, pone de relieve una vez más sus excepcionales cualidades de brillante escritor y de poeta inspirado. Porque aun cuando se trata de un trabajo en prosa, se echa de ver con frecuencia a través del mismo que la pluma que lo ha escrito es de las que tienen trato continuo con las musas.

Fábula amena y bien desarrollada la de *Vaosilveiro*, hace que el que inicie su lectura sienta deseos de seguirla hasta el final sin interrupciones.

Gonzalo López Abente, con esta obra, que es la octava que publica, demuestra hallarse en el disfrute de la plena madurez literaria. Por este nuevo triunfo suyo que viene a contribuir al enriquecimiento de las letras gallegas le felicitamos

28 Vicente Risco, comentando tamén *D'outono* no primeiro número da segunda xeira do boletín *Nós* sinalou: “Co gallo d’iste libro, dixo o Vilar Ponte en *Alfar* cousas moi atinadas en col da expresión racial na literatura” (1925a).

cordialmente. Ya sabe el ilustre autor de *Alentos da Raza* [sic] cuánto nosotros le queremos y admiramos. (1929b)²⁹

Tiña xa tamén eloxiado Antón, no seu momento, *O deputado por Veira-mar* (1919), coa que López Abente gañara un certame literario promovido polo boletín *A Nosa Terra* e que servira para inaugurar o 3 de xullo de 1919 unha ao cabo efémera Biblioteca Galeguista impulsada pola Irmandade herculina. Significativamente, o daquela director do citado boletín fora o encargado de prologar o volume cun texto titulado “Unhas palabriñas...”, en que catalogaba a obra como “ensaio feituco de novela”, como “a primeira novela moderna escrita en galego” e como adianto das capacidades dun literato que estaba chamado como ningún outro a confeccionar algún día,

a novela grande e difinitiva [sic] na que a costa brava, cheia de misterios tráxicos, que os vellos lobos de mar lembran nas noites tromentosas [sic] do inverno, xurda alcesa e viva ó influxo da vermella labarada das tremelucientes fogueiras piratas, ou adormecida e melancónica, baixo o manseliño acochamento branco do branco luar que bica os dólmes e os carballos litúrxicos, testigos dos sacrificios celtas ben amados de Breogán, con tod’o meigo agarimo que lle cadra. Porque isa novela grande ten de vire...³⁰

Da autoría do arqueólogo e prehistoriador Florentino López Cuevillas (1886-1958), destacado integrante do chamado Grupo Nós, gardou Antón na súa biblioteca un exemplar do ensaio *Os Oestrímnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza*, escrito por aquel en colaboración con Fermín Bouza-Brey e imprentado na Coruña pola Nós de Ánxel Casal en 1929. Ese exemplar leva unha dedicatoria manuscrita

29 Non achamos, porén, alusións do xornalista viveirense a outras novelas editadas por López Abente con anterioridade a *Vaosilveiro*, como *O novo xuez* (Céltiga, 1922), *Buserana* (Lar, 1925) ou *Fuxidos...* (Lar, 1926).

30 Tamén emprestou atención o de Viveiro á única peza teatral coñecida do de Muxía, a comedia *María Rosa*, estreada polo cadro de declamación da Irmandade coruñesa en 1921 e publicada en 1928 por Casal. Co gallo da citada estrea, Antón escribía para *La Voz de Galicia* o artigo “Teatro gallego. Ante el estreno de *Rosñia* [sic]” (1921c), no que entre outras cousas, sinalaba: “[...] es un afortunado ensayo en el que López Abente aborda un tema sin mayores complicaciones, sencillo y fácil; pero desbordante de sinceridad y desarrollado con una gran ternura que suavemente se adentra en el corazón del espectador y lo envuelve en un ambiente de sentimiento sano y de buena ley. Algunos personajes que desfilan por la escena están delineados con maestría —más los secundarios que los principales, cuya personalidad no se acusa con verdadero vigor—, tiene escenas muy interesantes y diálogadas en un gallego armonioso y fluido y, en general, toda la obra está presidida por un acierto que acredita en su autor la posesión de esa innata habilidad en el manejo de los muñecos, que caracterizan al escritor de comedias”.

do ourensán que di: “Pra Antón Villar Ponte do seu irmau na Causa” e sobre el escribiría o de Viveiro un elocuente comentario na sección “Pretextos cotidianos” de *El Pueblo Gallego* (1929c):

El idioma gallego, con esta nueva obra, de carácter serio y científico, de investigación serena y aguda, gana una nueva batalla. Como gana otra de importancia nuestra cultura enxebre. Del idioma gallego ya no puede decirse que sirva única y exclusivamente para la poesía y para los cuentos picarescos y socarrones, cosa que suele afirmar, sin permiso de la inteligencia, el vulgo ilustrado de nuestra tierra, que es el peor de los vulgos. Vienen demostrando con obras, que son amores, los más conspicuos líderes de la galleguidad que sirve para todo, absolutamente para todo. Una ojeada a la colección de volúmenes que lleva publicados la Editorial coruñesa “Nós” y a los “Arquivos do Seminario d’Estudos Galegos” de Santiago basta y sobra para confirmar dicho aserto. Contamos ya con un gran número de libros de prosa y verso; de poemas ochocentistas y novecentistas; de novelas, cuentos y obras de teatro; ensayos históricos y geográficos; de estudios sobre arqueología y prehistoria. Es decir, que el gallego ya no se cultiva solamente en la revista, el periódico y la conferencia, sino que se lleva a las páginas del libro, tanto de orden literario como científico. Y cada vez con más entusiasmo y constancia. ¿Quién puede dudar, pues, que asistimos a un verdadero renacimiento de nuestra lengua natural, pese a que hay muchos gallegos que presumen de cultos y que permanecen aún completamente indiferentes a empresa tan patriótica?

Un dos autores máis representados na biblioteca de Vilar Ponte é, sen dúbida, Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), figura á que Antón profesou decote unha profunda admiración intelectual e á que tributou un vínculo fraterno capaz de abeirar os evidentes matices diferenciais existentes nos seus respectivos galeguismos. Do carácter recíproco dese afecto deu boa mostra o de Trasalba nas páxinas que lle dedicou ao viveirense no seu *Libro dos amigos* (1953), onde o definiu como “chama endexamais desviada do seu arelar xusticeiro”.

O 10 de marzo de 1928, facendo a súa presentación como conferenciante nun acto de celebración dun novo cabodano de Curros Enríquez organizado pola Universidade Popular da Coruña en colaboración coa Irmandade da Fala local e celebrado nos salóns da Reunión de Artesáns, Antón Vilar Ponte saudaba no escritor de Trasalba “un dos homes mais repersentativos da intelixencia galega”, ao “pensador galego de todol-os días, o ensayista enxebre, o novelista admirabel, o poeta requintado, o home de cencia fondo, o gran polígrafo” e facía o auditorio partícipe desta significativa confianza:

Eu dígovos, amigos e irmáns, qu'en poucas ocasións me teño erguido n'este posto co'a inteira ledicia de que hoxe me sinto poseído; porque á quen hoxe teño o honor de vos presentare é un dos galegos de mais grande valimento que coñecín [...]. Ninguén coma él fixo ensaios unanimistas da vida galega no século XIX. Ninguén coma él profundou na ialma da aldeia, que dos seus traballos xurde c'o xurdio recendo do que parez inédito sendo eterno e tan vello com'o mundo. Ninguén hastra él fixera estudos de xeografía da nosa terra ô xeito mais centífico e moderno. Ninguén trouxo unha erudición mais vasta e mais sutil —mixture de cousas anter-gas e novísimas— as letras galegas. (1928f, p. 5)

Posuíu Antón exemplares de dous dos ensaios de temática xeográfica publicados polo autor ourensán. Son os titulados, respectivamente, *Síntesis xeográfica de Galicia*, impreso por Lar e editado polo Seminario de Estudos Galegos en 1926, e mais *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* (Madrid, 1928), segundo volume da Biblioteca de Estudios Gallegos animada por Álvaro de las Casas na Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.

Do primeiro deles escribiu o viveirense:

Su autor es Ramón Otero Pedrayo, uno de los pensadores gallegos del momento de mayor enjundia intelectual y de cultura más intensa y extensa; hombre de inteligencia verdaderamente proteica y de espiritualidad refinada como pocos.

Ramón Otero Pedrayo tiene todas las ventajas del erudito —porque es un verdadero, no un erudito a la violeta, según la aguda frase del P. Feijoo, su paisano— y ninguno de sus inconvenientes. Es decir, que sabe mucho de muchas cosas y sabe decir bien lo que sabe. El buen fondo y la digna forma caracterizan los trabajos que produce. Lo fundamental va de acuerdo con lo formal en sus prosas notables. Así resulta al propio tiempo que didacta, estilista. Ramón Otero Pedrayo, cabe manifestarlo sin ambages, es uno de los más sólidos valores gallegos de la actualidad. (1926ñ)

Non podían faltar, evidentemente, algunhas das máis relevantes producións novelísticas oterianas, obxecto invariabelmente de aplauso por parte do viveirense en artigos de prensa. Antón (1930d) consideraba Otero o máximo responsábel de que a prosa galega atinxise a súa maioría de idade e un dos principais causantes de que o idioma galego se consagrara definitivamente como vehículo de expresión de pensamentos tan profundos coma exquisitos.

A triloxía *Os camiños da vida*, cuxas tres partes foron aparecendo ao longo de 1928, espertou nel verdadeiro entusiasmo. Otero demostraba con ela ser un gran coñecedor da historia do país e, ao mesmo tempo, un magnífico talento literario, superior, en opinión de Vilar Ponte, tanto ao Galdós dos *Episodios*

nacionales como ao Baroja das *Memorias de un hombre de acción*, e máis atinado que o Valle-Inclán das *Sonatas* á hora de plasmar personaxes e motivos extraídos da mesma canteira. Do mesmo xeito, sobre *Os señores da terra* escribiu, particularmente, que

es el mejor, en su género, de cuantos libros se llevan producido hasta la fecha en nuestra rica y dulce lengua vernácula. Puede afirmarse esto de modo rotundo, sin vacilaciones ni titubeos de ninguna clase. [...] resulta una obra maestra: la mejor novela de Galicia entre cuantas han visto la luz pública hasta ahora, y una de las mejores entre las mejores que en los últimos tiempos se escribieron en España. (1928g)³¹

Non menos entusiasmo amosou a respecto doutra das obras presentes no seu espolio bibliográfico, *Arredor de si* (Nós, 1930), aínda que, a xulgar pola dedicatoria manuscrita, o exemplar conservado era propiedade de Ramón e non de Antón. A emblemática crónica do proceso de conversión espiritual galeguista experimentado polos principais membros do Grupo Nós, encarnados no personaxe protagonista Adrián Solovio, resultaba en opinión do xornalista de Viveiro “un libro bello y muy moderno, en cuyas páginas reverbera una vasta cultura” (1930l), unha obra autenticamente “magistral” que resistía comparación coas mellores de calquera outro sistema literario (1930n).

Finalmente, *Morte e resurrección*, publicado por Otero en 1932 da man da editora ourensá Alauda, está presente no espolio vilarpontino en exemplar numerado e cunha dedicatoria para Antonio Villar Chao, o fillo máis vello do xornalista, quen a propósito desa obra escribiría que se trataba dun texto “enxundioso” e de “formato pulcro”, que revelaba máis unha vez a enxebreza e a inspiración inesgotábel do escritor ourensán. A obra tamén presentaba, porén, ao seu xuízo, certa dose excesiva de espontaneísmo: “[...] nosotros desearíamos que Ramón Otero Pedrayo recortase un poco las alas de lo espontáneo, acercándose un tanto a lo premioso (entendiendo por premioso lo serenamente reflexivo)”. Formulaba Vilar Ponte, en fin, unha sorte de definición sintética da arte literaria oteriana que a percepción crítica posterior non faría senón corroborar:

Una gran cultura, contrastada por muchas culturas, discurriendo espontáneamente por los más hondos cauces de la galleguidad en oleaje barroco que salpican

31 Vilar Ponte tería tamén eloxios para a terceira parte da triloxía, *O estudante*, no seu artigo “Galerías. Tres libros meritorios” (1928l).

de continuos granos de sal romántica, viene a ser la verdadera característica literaria de Ramón Otero Pedrayo. (1933a)

Aínda que non formen parte do espolio bibliográfico que nos ocupa, debemos engadir que da pluma de Antón tamén saíron comentarios eloxiosos para tres obras máis de Otero Pedrayo. Así, comparou o seu *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* co *Galicia* de Manuel Murguía, catalogándoo como o libro que sinalaba a plena madurez intelectual dun escritor dono dun estilo absolutamente orixinal que se caracterizaba por un

elegante barroquismo muy de nuestra raza con dejos románticos otoñales que no empañan los giros modernos en que es pródigo. [...]

Se trata de un verdadero polígrafo con altas dotes de escritor artista, que para ser completo posee envidiables condiciones de *causeur* en las que pocos podrán superarle.

Y si por el saber, la inteligencia, la memoria y el abundoso caudal oratorio merece ponérsele en un primer plano, como hombre se hace acreedor a la noble categoría de verdadero *vir bonus*. (1933b)

D'A *romaría de Xelmírez* anotou que se trataba de “una novela histórica documentada y metodizada con arreglo a las exigencias modernas donde se sigue con escrupuloso rigor la ruta de Gelmírez” (Sil 1933), mentres que sobre *Devalar*, nun dos derradeiros textos que compuxo (1936a), deixou dito o de Viveiro:

Devalar es una novela moderna esculpida en lo más antiguo y siempre nuevo: fluir de geografía e historia donde el paisaje devora al hombre para asimilarse su alma y proyectarla hacia el futuro con la ballesta de la tradición que impide el naufragio del progreso en el mimetismo y que salva lo original del ambiente de la raza de olvido y muerte. Otero Pedrayo es un alto poeta cosmogónico que mejor que nadie canta los momentos de la alborada y del crepúsculo, el alma de los caminos y de las sierras, la belleza del otoño, los confines de lo cristiano y lo pagano, vertiendo en los odres de su enxebriismo insuperable la esencia más requintada de la cultura universal. [...] La obra ya copiosa de Otero Pedrayo, el campesino doctor en letras de Trasalva [sic], es alicerce incommovible de la literatura gallega renaciente.

Durante algúns anos da súa existencia, entre 1918 e 1925 nomeadamente, Antón Vilar Ponte non puido evitar ser absorbido pola potente órbita intelectual e ideolóxica do ourensán Vicente Risco (1884-1963), erixido desde a súa “conversión

paulina” ao galeguismo, por volta de finais de 1917, nun dos referentes internos e externos principais das Irmandades. Na deriva do movemento, Risco articulou un polo referencial onde se conxugaban o espírito “sinnfeiniano”, o repudio á política restauracionista, as saudades dunha Galiza campesiña idealizada allea ao industrialismo e ao obreirismo, o aristocratismo intelectual, o europeísmo, a desconfianza nas “masas”, o explícito confesionalismo católico etc. Ramón Vilar Ponte adheriuse practicamente de cheo a esas concepcións e seu irmán Antón, a pesar de ter uns fundamentos precedentes laicistas, republicanos e esquerdistas, tamén acreditou nelas durante un tempo.

Do grao de admiración e adhesión que chegou a sentir entón polo intelectual ourensán dá boa mostra a *laudatio* que lle dedicou nas páxinas da revista coruñesa *Alfar*, nun traballo ilustrado por Álvaro Cebreiro e titulado “Valores culturales de Galicia”. Equiparando a valía de Risco á de intelectuais como Unamuno, Eugeni d’Ors ou Ortega y Gasset, defíneo como “pensador más alto de la Galicia actual” e acrecenta que nel se dan

todas las cualidades del apóstol y todas las características del escultor de pueblos. Posee cultura extensiva e intensiva; talento, originalidad, ingenio y probidad. Ni el leguleyismo ni la listeza, a la española, lograron adentrarse en su alma. Aunque licenciado en leyes, piensa más en las costumbres que en las leyes. Dentro de sí mismo el profesor derrotó al abogado. Las disciplinas históricas y pedagógicas metodizaron su voluntad. Y así supo buscar en las cosas más viejas y más nuevas de la ciencia y del arte, realizando una verdadera integralización cultural que lo eleva a la categoría del primer crítico gallego y del mejor ensayista de nuestra Tierra [...]. Tiene tanto de varón bueno como de hombre sabio y de espíritu original. [...] Yo os digo que pocas veces nuestra tierra produjo cerebro tan prodigioso en hombre tan bueno. El, todo actividad anímica y todo inquietud espiritual —que pugnan con la endebles de su menudo cuerpo—, acaso sólo tenga un defecto: algo de falta de carácter. Por lo demás, Vicente Risco es cumbre y cabeza de una naciente aristarquia gallega que las moscas de la plaza pública son incapaces de comprender hasta ahora. (1922c)

A súa adhesión ás teses de Risco conducírono ao enfrontamento con Peña Novo, Viqueira e a maioría dos militantes da Irmandade coruñesa. Expulsado da dirección d’*A Nosa Terra*, Antón afastouse desa Irmandade a comezos de 1922, para facer parte da ING, colaborar activamente na posta en marcha da editora ferrolá *Céltiga* e dos boletíns *Nós* e *Rexurdimento*, ingresar no cadro de colaboradores do diario vigués *Galicia* e aceptar a finais de 1923 un posto de concelleiro na

Coruña, cando Risco marcou como estratexia para a organización na que exercía como “conselleiro supremo” a colaboración coa ditadura primorriverista.

O que veu despois foi un proceso de corrección de rumbo e de desencanto persoal de Antón Vilar Ponte a respecto do intelectual ourensán, que se tornou cristalino cando en 1925 o de Viveiro fixo un chamamento para crear un partido liberal autonomista galego. En todas as ocasións decisivas que viñeron despois (VI Asemblea Nacionalista, eleccións ás Cortes Constituíntes da Segunda República, sucesivas asembleas do Partido Galeguista...) as posicións de Antón e de Risco foron antitéticas. Cando o autor de “A velliña vella” e outros galeguistas publicaron a finais de 1931 un manifesto de afirmación católica contra a nova Constitución republicana, Antón deulles contundente réplica publicamente. E cando o PG emprendeu no “bienio negro”, co total apoio de Antón Vilar Ponte, unha política de alianzas coas esquerdas, primeiro coas burguesas e, en febreiro de 1936, tamén coas obreiras, a posición de Risco foi alentarse a escisión da Dereita Galeguista e camiñar decididamente cara ao nacional-catolicismo.

O espolio bibliográfico do viveirense gardado na Academia conta, concretamente, con dous exemplares de obras da autoría de Risco: a *Teoría do nacionalismo galego* (1920) e o ensaio *El problema político de Galicia*, publicado con prólogo de Álvaro de las Casas pola CIAP madrileña en 1930, como sexto volume da súa Biblioteca de Estudios Gallegos. Este exemplar leva a seguinte dedicatoria autógrafa: “Pra Antón Villar Ponte iste libro que vai por un camiño aberto por el hay moitos anos. Con admiración e fonda amizade”.

De *El problema político de Galicia* ocupouse Antón nun artigo en *El Pueblo Gallego* (1931a) ao que pertencen as seguintes liñas:

El libro que ha poco publicó en la Biblioteca de Estudios Gallegos tan culto y prestigioso profesor concreta en capítulos bien urdidos y lógicamente desenvueltos el ideario preciso para una auténtica política de nuestra tierra. Se trata de un libro claro, categórico, metodizado y rebosante de amor a Galicia, que nadie que presuma de poseer entre nosotros un espíritu civil puede dejar de leer. Vicente Risco le ha prestado, pues, a su país nativo un nuevo y trascendental servicio que merece, no sólo la gratitud y el respeto de sus contemporáneos, sino también los de las generaciones venideras. Vicente Risco es un conterráneo de espíritu luminoso. Un *specimen* de selección racial.

Dun dos poetas máis destacados das Irmandades, o compostelán Victoriano Taibo García (1885-1966) está presente na biblioteca vilarpontina o volume *Abrente*, editado en Compostela en 1922, con cuberta ilustrada por Álvaro Cebreiro e

unha dedicatoria autógrafa que di: “A Antón Villar Ponte; o primeiro nazonalista; co a mais forte das apreixas”.

Sobre esta obra vertería o de Viveiro xuízos encomiásticos, entre os que cómpre mencionar o relativo á súa enxebreza lingüística:

acaso ningún poeta gallego haya trabajado y estilizado el léxico como Victoriano Taibo. Nuestra querida lengua nativa en las páginas inspiradísimas de *Abrente* aparece en pleno recobro de la dulzura, la flexibilidad, la eufonía y la riqueza de voces y giros que propios y extraños le reconocen. Después de leer el libro de Taibo, nadie podrá dudar de que el idioma gallego es uno de los más bellos idiomas del mundo, y desde luego el más adecuado para la poesía. (1922a)

Taibo, que exerceu como mestre en diversas escolas (Mera-Ortigueira, Oza-A Coruña, Xinzo de Limia, Morgadáns-Gondomar, Lavadores...), que militou activamente nas Irmandades da Fala e na ING, que pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos e que espallou as súas colaboracións en xornais e revistas como *A Nosa Terra*, *Rexurdimento*, *Nós*, *Ronsel* e *Céltiga*, é habitualmente encadrado na “escola” poética de Ramón Cabanillas. Hai, efectivamente, na súa lira cordas diversas, que van do costumismo á poesía de loita agrario-patriótica, sen que falten intimismo, celtismo pondaliano e influxos do modernismo hispanoamericano.

Con posterioridade, o xornalista de Viveiro saudaría tamén na revista *Alfar* a aparición dun novo poemario de Taibo, *Da vella roseira*, cualificando as súas composicións como “perfectas síntesis del lirismo popular, en que la alquimia de la cultura hizo milagros de prodigioso mimetismo” (1925e, p. 35). Taibo demostraba posuír, segundo Vilar Ponte, “un hondo conocimiento folk-lórico y un buen gusto depuradísimo”, de maneira que *Da vella roseira* constituía “un ramillete de cántigas que parecen obra del pueblo y que con las del pueblo pronto habrán de confundirse envueltas en sonos musicales” (1925e, p. 34).

Finalmente, presentando o poeta nun recital dado na Reunión de Artesáns coruñesa o 4 de xuño de 1926, Antón Vilar Ponte sinalaría que o autor de *Abrente* e *Da vella roseira* tiña un pé nos campos líricos do s. XIX e outro nos do s. XX e que entre os seus méritos indiscutíbeis estaban o ter traído unha sensibilidade nova á poesía galega, depurando o léxico no crisol do bo gusto, e o ter chegado como poucos ao fondo da alma galega, “mostrándonos a pura esencia da saudade” (1926l, p. 4).

Por último, fan parte da porción da biblioteca de Vilar Ponte conservada na Academia tres volumes do filósofo institucionalista e *irmán da fala* Xoán Vicente Viqueira Cortón (1886-1924), cuxa morte prematura privou o galeguismo dun dos seus intelectuais máis relevantes en campos como a psicoloxía e a pedagogía —lémbrese que foi o primeiro en expoñer un plan para a introdución efectiva do idioma galego na docencia (1917c) e en reflexionar en conferencia sobre os “Nosos problemas educativos”³²—, alén dun dos defensores máis entusiastas da concorrencia ortográfico-normativa do galego co portugués.³³

O primeiro deses volumes é *Introducción a la psicología pedagógica*, que foi editado en Madrid en 1919. O segundo leva por título *Ética y metafísica* e apareceu, postumamente, da man da casa editora madrileña de Juan Pueyo en 1926. Sobre el escribiu o de Viveiro na prensa o seguinte:

Doña Jacinta Landa, viuda de J. V. Viqueira nos ha enviado un ejemplar del libro póstumo de su malogrado esposo que se intitula *Ética y Metafísica* y que editó en Madrid Juan Pueyo. Este libro puede ser muy útil para los alumnos de los Institutos de segunda enseñanza, puesto que de modo claro y sencillo expone en las páginas del mismo su autor los principales problemas relacionados con la moral y las cosas del alma. Se trata, según leemos en el prólogo, de las lecciones de *Ética* explicadas a los estudiantes del sexto año del Instituto general y técnico de La Coruña por tan ilustre catedrático en los últimos años de su existencia. “Mi idea directora —dejó escrito Viqueira—, ha sido siempre explicar los diversos puntos de vista de los problemas éticos, y ante todo, mostrar a los escolares el estado actual de las cuestiones, claro que con los límites impuestos por el tiempo y lo elemental de la enseñanza. Pero en toda ocasión he querido que las mayores contradicciones mostrasen una solución, y que no hubiese lugar a dudas escépticas, sino fecundas, es decir, creadoras”.

Nosotros hemos hojeado este libro que con tan buen acierto ha dado a la estampa la viuda de Viqueira y pensamos, después de hacerlo, que existirán actualmente en España pocos de la misma índole capaces de iniciar de manera más fácil y

32 Publicado como folletín n’A *Nosa Terra* ao longo de 1918, concretamente nos números 50 (30 de marzo), 51 (10 de abril), 52 (20 de abril), 53 (30 de abril), 54 (10 de maio), 56 (30 de maio), 57 (10 de xuño), 58 (20 de xuño), 60 (10 de xullo), 61 (20 de xullo) e 62 (30 de xullo) (1918b).

33 O filósofo galego explicaría n’A *Nosa Terra* as razóns que avalaban a súa proposta, sintetizadas neste fragmento: “a) é a antiga ortografía galega, b) somella moitísimo a portuguesa e facilita pois o aumento de lectores, c) coincide c’a as das outras linguas latinas, d) é etimolóxica, e) foi defendida e empregada n’as súas publicacións, por Antonio de la Iglesia no século XIX, f) pode ser base para a reforma da fonética galega hoje tan castellanizada” (1917b). No exemplar do *idearium* de 20 de xaneiro de 1918 publicaría aínda o artigo “Pol-a reforma da ortografía”, insistindo na idea dunha reforma gradual e paulatina da ortografía galega no camiño da unificación coa portuguesa.

comprensible a muchachos ayunos de toda cultura psicológica en disciplinas tan serias como las de la Ética y la Metafísica, por lo que merece recomendarse con plena efusión, máxime habida cuenta de que Juan V. Viqueira era entre todos los catedráticos jóvenes de España uno de los más prestigiados en lo referente al cultivo provechoso de la Filosofía y de su hija legítima la Pedagogía.

Con el recibo de la obra que nos ocupa, volvemos a recordar al buen amigo que la muerte arrebató tan prematuramente, pareciéndonos que entabla de nuevo dilecta conversación con nosotros. Dijimos mal recordar, porque Viqueira está siempre vivo en el espíritu y en el corazón de cuantos sentimos acendrado afecto por el galleguismo renaciente y en vez del verbo recordar, debimos hacer uso de otro, sin duda. Para no recordarlo de continuo tendríamos que anular previamente la memoria, dando por olvidada toda nuestra vida de los dos últimos lustros y por perdida su fecunda y admirable obra. Mientras se conserve una colección de la revista *A Nosa Terra* y otra colección de la revista *Nós* —y estas colecciones no es fácil que se extingan—, la personalidad de Viqueira no caerá en el esvaimiento.

Viqueira y Porteiro, ambos catedráticos, ambos malogrados y ambos enterrados en humildes y risueños cementerios de aldea —uno de mariña y otro de montaña— merecen que se les considere por las nuevas generaciones gallegas como egregios “continuadores” de la obra de los que, Murguía, precursor, ha denominado los Precursores. Ellos dieron a la tierra madre en que reposan lo mejor de sus vidas. (1927e)

O terceiro volume a que nos referimos, de edición póstuma realizada por Ánxel Casal cando aínda non trasladara a súa editora a Compostela, é o titulado *Ensayos y poesías*, en cuxa confección tivo parte non pequena, pensamos, o propio Antón Vilar Ponte.

Xa no intre do pasamento de Viqueira, o 29 de agosto de 1924, Antón escribira un artigo necrolóxico que se publicou en *El Noroeste* coruñés baixo o rótulo “In memoriam” e que reproduciu tamén *A Nosa Terra* (1924g). Nel queda patente a nula pegada deixada por discrepancias habidas entre eles no inmediato pasado e a fonda admiración intelectual que lle profesaba. Despois de salientar os vínculos de Viqueira coa Institución Libre de Enseñanza, a súa sólida formación filosófica, a calidade dos seus libros sobre psicoloxía e o seu magnífico labor docente, Antón indicaba que Viqueira levaba Galiza consubstancializada no corazón,

o que equivale a dicir que todo o seu sangue era unha fervenza de galleguismo a bulir pol-as veas para trocar en enerxía enxebre aquel cerebro privilexiado que hoxe roen os vermes, cecais sufrindo o castigo de se transformaren en vermes de lus por ela.

Pouco despois, concretamente en outubro de 1925, con motivo do traslado desde o cemiterio santiagués de Boisaca ao de Santa Mariña de Gafoi dos restos mortais do dirixente das Irmandades Porteiro Garea, que falecera durante o andazo gripal de 1918, Antón Vilar Ponte expuxo nun artigo aparecido no diario *Galicia* (1925i) a necesidade de recompilar a obra inédita e dispersa tanto do propio Porteiro coma de Xoán Vicente Viqueira, por canto ambos os persoeiros constituían:

dos figuras cumbres de un momento trascendental para nuestra tierra que profesaron, siguiendo la buena tradición gallega, en el liberalismo [ambos sentíanse republicanos] y que han sido fieles al país de que eran oriundos, a pesar de su característica de verdaderos intelectuales, o por esto, precisamente. El hecho es que Porteiro y Viqueira, uno excelso filósofo, otro elocuente jurisconsulto, constituyen los mejores ejemplos que cabe oponer a tantos conterráneos ilustres que sólo piensan en Galicia para que Galicia les tribute homenajes veraniegos y que, en puridad de verdad, únicamente tienen de gallegos la partida de bautismo.

De igual maneira, en 1930 dedicará parágrafos encomiásticos ao libro de edición póstuma *La psicología contemporánea*, publicado pola Editorial Labor, de Barcelona (1930h);³⁴ participará discretamente na achega de materiais para a edición dos *Ensayos y poesías* de Viqueira; e anunciará con entusiasmo a inminente aparición do volume, pois “el hecho de salvar del olvido y de la muerte los sentimientos y las ideas de quienes, como Viqueira, prestáronle alas aquilinas a la santa cruzada galleguista del primer cuarto del siglo xx, es algo de verdadera trascendencia” (1930o).

O de Viveiro considerou esta obra recompilatoria un “verdadero tesoro espiritual”, a mellor homenaxe que se lle podía render “a un gallego que dignifica y prestigia a su país como pocos” e o marabilloso legado póstumo que deixaba “uno de los pensadores más exquisitos y dilectos que ha producido nuestra tierra; del que pudiéramos llamar el intelectual gallego por antonomasia en el primer tercio del siglo xx” (1931f).

34 Ademais de glosar o contido da obra e de mencionar algúns outros títulos relacionados coa materia debidos á pluma de Viqueira, ofrece Vilar Ponte neste artigo un breve apuntamento biográfico do malogrado irmán da fala, salientando como el e Porteiro Garea foran dos primeiros en secundar o seu chamamento no ano 1916 para a fundación das Irmandades e como desde o primeiro instante estivera presente nas preocupacións do filósofo o estreitamento de relacións galaico-lusitanas.

2.4. DRAMATURGOS COETÁNEOS

Do prolífico escritor ourensán Álvaro de las Casas (1901-1950) consérvanse no espolio bibliográfico vilarpontino da Academia Galega nada menos que catro exemplares doutras tantas obras: o conto dramático *O outro* (1930), ilustrado por Fernández Mazas; a peza teatral *Pancho de Rábade: viacrucis en VI estaciós* (1930); o poemario *Sulco e vento* (1931) e, por último, *Mr. Borrow por Finisterre* (1935).

Foi peculiar e controvertida, en case todos os aspectos, a traxectoria pública de Álvaro de las Casas. Promotor da Biblioteca de Estudios Gallegos na Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, socio do Seminario de Estudos Galegos, impulsor e vicepresidente da primeira Asociación de Escritores de Galicia e creador da editora ourensá Alauda, no plano cívico e político afrontou diversas loitas e duros enfrontamentos en tempos da Segunda República (así cun nutrido sector do claustro da Universidade compostelá, mais tamén con Alexandre Bóveda no seo do PG). O seu perfil afectivo-sexual causou tamén escándalo e incompreensión, o mesmo que as súas abraiantes evolucións político-ideolóxicas, pasando do integrismo católico, monárquico e conservador que caracterizou a súa mocidade ao galeguismo, desde este ao aberto arredismo (que difundiu por medio do partido Vanguardia Nazionalista Galega e do seu boletín *Máis!*, da revista compostelá *Alento* e dos grupos xuvenís *Utreya*) e abrazando finalmente con entusiasmo a causa franquista e nacional-católica.

Antón Vilar Ponte comentou na prensa dous deses catro títulos de Casas que formaron parte da súa biblioteca persoal.³⁵

No conto escénico *O outro*, que está dedicado ao poeta lusitano Teixeira de Pascoaes (“noso irmán d’alem Minho”), Casas plasmou en tres escenas un drama rural sobre o motivo da avaricia, co asasinato dun neno polo seu pai e a súa madrastra como eixo da traxedia. A peza debe poñerse en relación, polas semellanzas temáticas e estilísticas existentes, co posterior *Nouturnio de medo e morte* do propio Vilar Ponte, quen se referiu á obra do ourensán con estas precisas palabras:

drama rústico, comprimido, de traza gran guiñolesca, en que el egoísmo aldeano de una barragana de mala ralea provoca el sacrificio cruento de una vida infantil, entre sugerencias de amor de naturaleza primitiva e influencias perniciosas del buen vino de la tierra...

Álvaro de las Casas desarrolla su cuento dramático, fuerte, recio, angustiante, con verdadera precisión, sin redundancias episódicas ni excesos verbalistas —atento al

35 Na revista galaico-arxentina *Céltiga* apareceu tamén a opinión de Antón Vilar Ponte sobre outra obra de Casas, titulada *A morte de Lord Staüler* (1929n).

ne quid nimis horaciano—, llevando siempre los hechos por el hondo cauce de un realismo desnudo y muy moderno. (1930a)

Pola súa vez *Pancho de Rábade*, “vía crucis en seis estacións”, constituíu un dos textos dramáticos galegos de maior fortuna editorial (non así escénica) do período anterior ao estoupido bélico do 36, tal vez porque aborda en chave crítica e con estrutura itinerante unha das problemáticas máis serias e transcendentales para o galeguismo: a da desgaleguización idiomática. Está protagonizada por un afiadador que regresa á súa terra, enfermo de morte e despois dunha prolongada ausencia, para constatar con mágoa a falta de estima dos seus paisanos cara á propia lingua e cara aos outros trazos definidores da identidade colectiva, así como as grandes transformacións culturais e de hábitos que experimentou a sociedade, ás que só outra personaxe, Rosa de Láncara, semella opoñer algunha resistencia. Antón Vilar Ponte escribiu a propósito desta peza de Álvaro de las Casas o seguinte comentario (1930p):

Otra obra de Álvaro de las Casas en edición selecta de cien exemplares numerados y firmados por el autor. Fascículo elegante y pulcro de papel couché conteniendo un bello dibujo alusivo de Larrañaga. Se denomina *Pancho de Rábade: vía crucis en seis estaciones* [sic].

Hemos leído con verdadera avidez esta nueva producción del ilustre autor de *O outro*, y al rematar la lectura, en nuestros ojos, que ya lloraron tanto, teníamos humedad de lágrimas.

Pancho de Rábade es un verdadero acierto de escritor, un serio intento logrado de pieza dramática para leer y representar. Una obra de las pocas que pueden llevarse con orgullo a una escrupulosa escolma del teatro gallego. Marca sin duda una feliz orientación para la moderna literatura escénica de nuestra tierra. Para nosotros, el mejor libro que hasta ahora escribí —habiendo escrito ya varios notables— Álvaro de las Casas.

Pancho de Rábade es un *specimen* de los afiladores típicos que dan las comarcas orensanas. Que nosotros sepamos, nunca, hasta la fecha, un individuo de tal oficio giróvago pasara por las páginas de ninguna obra literaria gallega. Lo que prueba que todavía hay muchas cosas “enxebres” que en pleno renacimiento de nuestra literatura siguen disfrutando del raro privilegio de lo inédito. [...] Indudablemente Álvaro de las Casas va encontrando el buen camino que debe seguir la literatura teatral de Galicia. Comienza a bordar con las agujas de su talento el folk-drama, que tantas veces echamos de menos nosotros, en el cañamazo rústico tejido con puro lino del país.

En *A morte de lord Stäuler* hay un atisbo de esta feliz orientación, que se acen-túa más, aunque recordando vagamente a Valle Inclán, en *O outro*. Y en *Pancho de Rábade* ya Álvaro de las Casas acaba por encontrarse plenamente a sí mismo, mirando adentro de su alma, a lo más hondo y lejano de su oriunde. [...]

Nosotros creemos por lo mismo, que *Pedro* [sic] de *Rábade* debe llevarse a la edición popular sin demoras.

Un único volume de Armando Cotarelo Valledor (1879-1950) está presente no fondo de libros que pertenceron a Antón Vilar Ponte gardado na Academia. Trá-tase da peza teatral *Hostia*, editada por Lar en 1926 e que xira arredor da figura do bispo heresiarca Prisciliano. O seu autor xa fixera unha lectura pública da mesma no transcurso dunha das xuntanzas do Seminario de Estudos Galegos en Compostela, en maio de 1924.

A relación entre o catedrático orixinario da Veiga e o xornalista viveirense non foi especialmente estreita (certo que antes da fundación das Irmandades, Antón aplaudiu na sección “Con letra del siete” de *La Voz de Galicia* que Cota-relo incluíse no programa da súa materia na Universidade compostelá algunhas leccións de historia literaria galega) e mesmo non faltaron instantes de aberta dis-crepancia entre eles. O máis claro verificouse en 1928, a raíz dunhas declaracións do autor de *Trebón* ao xornalista Xoán Xesús González nas que, ao fío do debate aberto nas páxinas de *El Pueblo Gallego* e no seo do Seminario de Estudos Galegos, interviña para aseverar que había de ser a Academia Española, que incluía xa representantes doutras linguas da Península (o propio Cotarelo e Cabanillas pola galega), a que fixase definitivamente a gramática do noso idioma cunha orienta-ción claramente etimoloxista (González 1928). Antón Vilar Ponte rebateu con-tudentemente esa afirmación de Cotarelo, negándolle calquera “soberanía” ou “potestade” á Academia Española sobre a norma do galego e defendendo a idea de que ese papel correspondía en exclusiva á corporación fundada en 1906 por Manuel M. Murguía.

Con todo e con iso, Antón non deixou de dedicar á citada peza teatral *Hos-tia*, de Cotarelo Valledor, algunhas liñas encomiásticas, que aquí reproducimos a seguir:

Con el mismo esmero de costumbre, la “Editorial Lar” ha editado un nuevo volu-men que ya se mostró en los escaparates de las librerías. Se denomina *Hostia* y es su autor don Armando Cotarelo, catedrático de Lengua y Literatura españolas en la Universidad de Santiago.

Trátase de una fantasía trágico-histórica que fué leída en el Seminario de Estudios Gallegos y cuyo protagonista es el heresiarca Prisciliano. Don Armando Cotarelo en esta nueva produccion suya demuestra una vez máis el gran dominio que posee de nuestra dulce, rica y flexible lengua.

Hostia es una obra de teatro, quizá poco teatral, que tiene por escenario la cárcel de Tréveris en el alborar de un día de primavera del año 385. La figura interesantísima de Prisciliano, lo mismo que la de la enamorada y linda Prócula, están diseñadas con finos y certeros trazos. Los monumentos [sic] trágicos, anteriores y posteriores a la muerte del famoso heresiarca gallego, en las páginas del libro que nos ocupa adquieren solemne prestancia. El ambiente de la época aparece magistralmente estudiado. Y las dulces evocaciones de la verde Galicia tienen el encanto poético de las bellas lejanías de un cuadro romántico.

Las letras gallegas han cobrado, pues, un nuevo valor con esta nueva produccion que viene a enriquecer la interesante serie de notables obras que la benemérita «Editorial Lar» de La Coruña va dando a luz, poco a poco.

La primera edición de *Hostia*, estamos seguros de que se agotará muy pronto.

Dos obreiros ebanistas ferroláns e entusiastas *irmáns da fala* Euxenio Charlón (1889-1930) e Manuel Sánchez Hermida (1888-1940) son os *parrafeos* teatrais titulados *Mal de moitos* e *Trato a cegas*, editados conxuntamente en 1921, cunha tiraxe “de varios miles d'exemprares” segundo *A Nosa Terra*,³⁶ nun volume que está presente na biblioteca de Antón Vilar Ponte, non por acaso prologuista do mesmo cunhas “Liñas limiares”. O exemplar en cuestión, impreso nos obradoiros do xornal *El Correo Gallego* durante o breve período en que o rotativo foi dirixido por Ramón Vilar Ponte, leva ademais a seguinte dedicatoria manuscrita, con data de 22 de decembro de 1921:

A o noso moito querido amigo e Irman que tanto nos honra apadriñando istes mal argallados parrafeos, Antón Villar Ponte, o xurdio xornalista de xeito europeo que cõ seu admirabel traballo, “Nazonalismo galego” soubo despertar azos de Irmandade nos que levamos na ialma o fogo santo da redenzón da nosa Galiza. ¡¡Terra Ceibe!!

No prólogo, Antón Vilar Ponte cualifica a peza *Mal de moitos* como “un salaio tráxico acochado en gargalladas d'humorismo populare, que val, pol-o que

36 “Follas Novas. Libros e Revistas. *Mal de moitos* e *Trato a cegas*”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 154 (31/XII/1921), p. 7.

abrange d'edificante, mais que cen discursos cheios d'elocuencia". *Trato a cegas* defínea como "estudo dos cegos socarróns e pidicheiros das nosas aldeias, das nosas feiras e das nosas romaxes, que é unha maravilla d'humorismo". Ambas en definitiva, segundo o parecer do viveirense, "ofrecen â consideración dos literatos enxebres un camiño a seguiren dentro do teatro de costumes".

Co gallo dunha actuación súa no Circo de Artesáns coruñés, a finais de 1917, Antón tivera xa palabras de alento para ambos os dramaturgos, nas páxinas d'*A Nosa Terra* (1917f), destacando o fondo galeguista e a eficacia cómica das súas producións, que era representadas por eles mesmos no seo dos cadros de declamación dos coros ferroláns Toxos e Froles, primeiro, e Ecos da Terra, máis tarde. *Mal de moitos* estreárase no Teatro Jofre de Ferrol o 29 de maio de 1915 e *Trato a cegas*, no mesmo local, o 7 de febreiro de 1916. Ademais das dúas pezas contidas no volume de referencia, Charlón e Hermida escribirían e publicarían en *Céltiga*, concretamente en 1922, outras dúas, tituladas respectivamente *Axúdate* e *O menciñeiro*.

Ao se producir o falecemento de Euxenio Charlón, en 1930, Antón Vilar Ponte dedicoulle unhas liñas de loito na sección "Exemplos" de *El Pueblo Gallego* (1930m), das que entresacamos os seguintes parágrafos:

A morte de Euxenio Charlón é meresciente d'algo mais que unhas liñas necrolóxicas *ad usum vulgaris*. Aquel bó galego —bó com'o pan de Neda— cuia alma acaba de s'embrar para sempre no eterno acougo tiña para cantos coñecimol-as suas virtudes a rexa forza d'un outo exemplo vital. [...]

Falando do probe Charlón n'un curto prólogo que puxen fai anos ás obríñas suas [e] de Sánchez Hermida, *Mal de moitos* e *Trato a cegas*, lembraba eu unha frase d'Eugenio D'Ors: "O ideal do cibdadán grego era o ser un pouco filósofo, e o ideal do cibdadán moderno tería de consistir en ser un pouco filósofo e un pouco artesán". Pois algo d'esto lle cadraba ô noso amigo.

Nado n'un ambiente pouco doado para facer enxebre[ez]a soupo con todo criar enxebreza ô seu redor; soupo esculpir a sua propia estatua dentro da i-alma e soupo ainda espallal-a sua i-alma pol-a terra coma recendo da verdecente arbre vizosa do humorismo popular.

Charlón, artista, artesán e unha miga filósofo, no seu fogar entronizou o sagro corazón da Matria onde rendíulle culto a cotío; aprendeu a vivir com'os obreiros da Europa, e sintíndose entón cibdadán —que somentes é cibdadán o que profesa un ideal e traballa para impólo— querse dicir, dono de sí mesmo, realizou o miragre da simbiosis artística que todos coñecedes. Foi actor e autor n'un sinxelo e orixinal teatro que él, canda Sánchez Hermida, fixo xermolar n'un pulo d'enxebreza que é santo amor ô *genius loci*.

Charlón, no senso societario, sempre se mantuvo fidel á causa do proletariado que era tamén a súa. No oficio d'ebanista, c'o que gañaba o pan par'a familia, soupo revelarse com'un xurdio imaxineiro que trocaba a obra de artesán en primor d'artista. No menester de pai e d'esposo igoal que un *Specineor* de bondá, con xeito de santo laico. E como galego non había mais que lle pidire.

¡Meu probe amigo! En *Mal de moitos*, en *Trato a cegas*, en *Axúdate* e *O Mariñeiro* [sic: *Menciñeiro*], coadriños teatrais que fixo na compañía de Sánchez Hermida, latexa seu espírito todo enxebre. En *Mal de moitos*, sobre todo, que percorreu moitas terras en trunfo, pondo no cumio do ridículo a aqués paisanos nosos que coidan, efecto de cinco séculos longos d'escravitude espiritoal que sufriron sin reaccionaren contra d'ela, que todo o galego é inferior e cativo. [...]

Eu atreveríame a pedir unha cousa que quizais a algúns non lles acaia ben. Eu atreveríame a pedir, c'o corazón axoenllado ante a lembranza do amigo inequiescente, que o povo do Ferrol n'un xesto honroso de devinidade democrática, termara de conseguir que se lle dese o nome de Charlón a unha rúa homilde da vila onde este tivo berce. Ningún homenaxe millor á artesanía exemplar d'un cidadán modelo, galeguista aceso, que sementou sin tregolas o amor á terra e a xusticia con doce sorrisa de bondade.

Antón Vilar Ponte prologou en 1933 a edición feita por Ánxel Casal da “novela iñota” *Pepa Andrea*, escrita polo ferrolán Pedro Guimarey Filgueiras (1905-1936). O exemplar conservado na Academia presenta dedicatoria autógrafa de Pedro Guimarey asinada o 16 de outubro de 1933, que di: “Ô gran home Antón Villar Ponte, como un anaco homildoso da nosa terra Galicia”.

Guimarey, militante republicano federal integrado logo na Unión Republicana de Martínez Barrio, era practicante de profesión e estivo estreitamente vinculado ás actividades culturais e divulgativas de entidades como o Ateneo e o Centro Obrero na súa cidade natal. En 1931 dirixiu o xornal *Nueva Infancia* e en 1932 o semanario *Renovación*. Publicou tamén en *El Pueblo Gallego* no Día de Galiza de 1934 un traballo titulado “Los astilleros ferrolanos en la vida y en la literatura”. Ademais de *Pepa Andrea*, compuxo outros libros, como *La luminaria de Dios* (1934), *Carcoma*, *Nidos de esclavos* (1935) e *Doña Tierra*, peza esta última estreada no Teatro Jofre en xuño de 1936. En setembro dese ano o autor sería “paseado” polos falanxistas.

Aínda que ao de Viveiro non lle desagradou a tese anticlerical presente en *Pepa Andrea*, non puido deixar de manifestar certa crítica á construción un tanto maniquea dos dous personaxes protagonistas (un mestre, “D. Xerardo”, enfrontado a un crego, “D. Benito”) nin pasar sen verbalizar o seu desacordo cun

enfoque estético que, cultivado por el propio no remoto pasado en pezas como *A patria do labrego*, entendía agora que resultaba excesivamente inclinado ao didacticismo, ao esquematismo e ao ideoloxismo e, como tal, demasiado decimonónico. E por iso, nas propias verbas limiares á obra escribiu Antón que:

si algún defeuto vexo en *Pepa Andrea* (defeuto pra min; quizais non'o sexa pra o gran público), é o do simbolismo dos persoaxes dramáticos. O escolante e o crego (Pedagogía e Irexia en loita tendenciosa, onde os sentimentos do autor se ven parcializados), fánse máis que persoaxes de carne e oso bonecos artificiosos buscados pra sentar unha tese anticlerical.

Esta tese, como tese, a min non me desagrada, porque combato e combatirei sempre a praga do clericalismo. Mais a arte teatral que arela permanencia é a que crea seres que non son rectilíneos nin queren probar nada, senón viviren a xeito das circunstancias levados pola pouta do destino.

Temos de fuxir do teatro de símbolos do século pasado, no que caíu o mesmo Galdós, onde o inxeneiro era sempre a liberdade, o progreso; e o comerciante, o mercadeiro e o crego, a reación.

A alternativa que o de Viveiro lle suxería a Pedro Guimarey, partindo da base de que o autor ferrolán representaba “unha esperanza da literatura galega” e tiña boas condicións para “facen obras notables, tan axiña como se ceibe de prexucios antergos”, era cultivar o xénero do “folk-drama”, no ronsel de autores irlandeses como Yeats, Synge, Lady Gregory etc.:

Hai belidos motivos galegos que andan a pediren a estilización literaria para fondo de obras onde as forzas da Natureza reaccionan con nidia espontaneidade.

Pra Guimarey, que é mozo, ise camiño é o comenente. N'ise camiño a súa pruma pode trazar cousas admirables.

O teatro que perdura ao longo dos tempos mais que ética é estética. A estética ten inmovilidade de cumio, a ética movibilidade de nube. Ésta acaba por se esvaír no inmenso ceo das culturas pasadas. Aquéla, non. Habrá cambios de sensibilidade a través das xeneracións; pero desde Homero a hoxe, os xenios literarios nunca deixan de selo.

Antón Vilar Ponte ocupárase posteriormente na prensa de *Nidos de esclavos*, que resultara gañadora do 2º Concurso Nacional de Teatro y Literatura organizado pola Asociación de Artistas y Escritores Reunidos de Madrid, e viña significar, en opinión do viveirense, a confirmación da plena madurez como literato de Guimarey. Ben é certo que continuaba advertindo nela, como en *Pepa*

Andrea, algúns defectos derivados do excesivo esquematismo ideolóxico co que se manexaba o seu autor, pois

una tendencia ideolóxica tan generosa como simplista projecta sombras demasiado densas. [...] Aceptamos con reservas mentales una literatura “de clase” o proletaria, siempre que la luz cenital del surrealismo le infunda la belleza de la armonía que es ausencia de prejuicios. (1935a)

Un exemplar do drama *Desourentación* (1924), do coruñés Fernando Osorio Docampo (1894-1974), que leva por subtítulo o de “boceto teatralizado e analítico de ideas” e que nunca chegou a representarse, tamén compón o legado da biblioteca vilarpontina depositado na Academia Galega.

Antón e Fernando, que nos anos 30 compartirían tamén militancia na ORGA, foron entre 1919-1922 os principais impulsores do Conservatorio Nazonal do Arte Gallego (CNAG) auspiciado pola Sección de Cultura e Fala da Irmandade coruñesa e presentado ao público por vez primeira o 22 de abril de 1919, no Pavillón Lino, coa posta en escena d'*A man de Santiña*, de Cabanillas.

Aproveitando a formación teatral recibida en Portugal cando novo, Osorio Docampo púxose á fronte do elenco de actores e actrices *amateurs* da entidade,³⁷ levando aos escenarios, ademais da peza representada na citada estrea, outras comedias e dramas de Xavier Prado *Lameiro*, Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, Manuel Lugrís Freire, Leandro Carré Alvarellos, Gonzalo López Abente, Manuel Comellas Coímbra, Enrique Labarta Pose, Xesús San Luís Romero, Avelino Rodríguez Elías, Francisco Porto Rei, Xaime Quintanilla, varias pezas portuguesas de Júlio Dantas, Marcelino Mezquita, Manuel Laranjeira e João de Castro e algunhas traducións para o galego de autores como Molière (*O avarento*), Shakespeare (*As alegres comadres de Windsor*, co título de *Xan entre elas*), August Strindberg (*O pai*) ou Aristófanes (*Lysístrata*).

O seu alto concepto da misión social e educativa do teatro e a súa actitude aberta cara ás tendencias estéticas innovadoras da dramática europea coincidiron coas concepcións alentadas por Antón Vilar Ponte, mais chocaron axiña coas reticencias doutros elementos do propio Conservatorio, como Leandro Carré Alvarellos. O principal punto de fricción estivo na configuración do repertorio, pois mentres uns aspiraban a representar un teatro en galego moderno e de ambición universal, selecto e claramente anovador, outros preferían a opción dun teatro

37 As irmás Chao Maciñeira (Carme, Tereixa e Micaela), Vitor Casas, Manuel Lemus, Baltasar Edreira, Elvira Bao, Luís Lafuente, Carme Meléndez, Luísa Castelo, Bernardino Varela etc.

“enxebre”, máis tradicional e conservador no plano estético e que non se desviase das preferencias do público en xeral. A crecente tensión desembocou na imposibilidade de representar a peza *Donosiña*, de Xaime Quintanilla, considerada demasiado “atrevida” e “indecorosa” no seu argumento por algúns, dado que amosaba en escena un adulterio feminino. A ruptura do propio CNAG fíxose inevitábel. Nese contexto, Osorio constituíu a súa propia compañía, que representou en Betanzos a súa peza *Norte*, mentres que da man de Carré Alvarellos en exclusiva nacía en paralelo a Escola Dramática Galega, de traxectoria tamén efémera.

Na mesma orde de cousas, a finais de 1927, a editorial Nós puxo en marcha unha colección dedicada á publicación de textos teatrais galegos, visando, en palabras de Vilar Ponte, “imprentar, para que se non esmorezan no esquecemento, todas aquelas obras de teatro galego que se teñen levado â escena algunha vez, sin pasaren antes pol-o prelo, ou que pasaron pol-o prelo pro sin se repersentar, contidas en folletíños xa esgotados fai tempo”. Inaugurouna a peza *A tola de Sobrán*, comedia nun acto de Francisco Porto Rey (1876-1941) que estreara en 1920 o cadro da Irmandade coruñesa. Este primeiro volume, con ilustracións de Castelao, apareceu prologado precisamente por Antón Vilar Ponte, quen gardou un exemplar na súa biblioteca, hoxe conservado nos fondos da Academia.

Francisco Porto Rey foi socio protector da Escola Rexional de Declamación coruñesa en 1903, membro correspondente da Academia Galega desde 1908 e colaborador de xornais e revistas como *El Eco de Arosa*, *Galicia Nueva*, *Heraldo de Arosa*, *Nova Galicia*, *Vida Gallega* e *Faro de Vigo*. Escribiu, ademais, libros bilingües como *Las mil y una composiciones* (1894) ou *Pisto* (1894) e obras en galego como *Papel e tinta* (1901, con prólogo de Lisardo R. Barreiro), *O alalá* (1906), *Cascarrabias ou o filósofo das carqueixas* (1912) e a novela de ambiente vagamente medieval, ambientada nas terras do Salnés, *Fermosinda* (1918).³⁸ Durante anos traballou en Vilagarcía de Arousa como administrativo da compañía ferroviaria The West Galician e exerceu como secretario da Cámara de Comercio local. Un fillo seu, Manuel Porto Casás, colaborou con *A Nosa Terra* nos primeiros tempos do *idearium* das Irmandades.

No seu prólogo, Vilar Ponte cualificou *A tola de Sobrán* como peza teatral “de traza sencilla y sin pretensiones, anuncio de otras de mayores proporciones”.

38 A recensión da mesma que aparece n’*A Nosa Terra* (“Follas Novas. *Fermosinda* de F. Porto Rey”, núm. 73-74, 5/XII/1918, p. 3) leva a pegada de Vilar Ponte e nela valorízase a importancia do cultivo da prosa para o prestixio da lingua, o fundamental contributo realizado polas Irmandades no proceso normalizador (“pasaron dous anos en que escrevéuse mais no noso idioma, que denantes nun século enteiro”), e o positivo que resultaría que os plutócratas galegos se implicasen no financiamento e promoción da cultura do país. Téñase en conta que a propia edición de *Fermosinda*, realizada na imprenta do xornal *El Eco de Arosa*, foi costeadada polo navieiro arousán Wenceslao González Garra.

Recoñecendo que “cecais é pouco hábil ás vegadas no que fai ô que chamamos no argot teatral ‘manexo dos monecos’”, non dubidou en aseverar que “posee verdadeiras belezas de léxico e inxenio axeitadas a unha fábula orixinal”, de maneira que “pouco habería con todo que arranxar n’ela para que puidera chamárselle, amén de boa obra literaria, excelente obra teatralizada”. Sobre o transfundo patriarcal e certamente machista do argumento da peza, o de Viveiro non fixo alusión ningunha.

A biblioteca do xornalista viveirense, home de gran compromiso co desenvolvemento do teatro galego como estamos a ver, albergou tamén tres volumes da autoría do dramaturgo Xavier Prado (*Lameiro*) (1874-1942), os tres impresos en Ourense en 1928 e os tres coa correspondente dedicatoria autógrafa: *Cóxegas e moxetes*, *Farsadas* e *Monifates*.

Inspector pecuario, home de pensamento conservador e afiliado á Irmandade da Fala ourensá na primeira hora, Xavier Prado colaborou na terceira xeira d’O *Tío Marcos da Portela* e no boletín *A Nosa Terra*. Tivo, ademais, un papel relevante na traxectoria da coral ourensá De Ruada, para a que escribiu moitas das súas pezas. Exceptuando algunhas bilingües e de ambiente burgués (*Luís de Castromouro*, *Vida vilenga...*), basicamente consisten en diálogos e sainetes costumistas, de ambiente e protagonista labrego, que tratan nun galego coloquial e dialectal temas como a emigración, o debate entre progreso e tradición, a deserción lingüística etc.: *Os trasacordos de Míngos*, *Marzadas*, *Todo ten goberno* ou *Almas sinxelas* entre outras. O propio *Lameiro* explicaba no prólogo a *Farsadas* (1928) os parámetros cos que deseñaba a súa concepción teatral:

hai un mangado de tipos e costumes labregas que eu quixen levar á escena coa realidade posible nunha obra teatral [...] a min non me agrada o superrealismo; pra min o teatro é o retrato da vida [...] a miña obra non pode satisfacer ós preciosistas nin ós que, escomenzando a fague-la casa polo tellado, sóo queren que se produza en Galicia, literariamente, obra quintaesenciada, obra cume.

Antón Vilar Ponte ocuparíase na sección “Galerías” de *El Pueblo Gallego* (1929a) deses tres tomos que recompilaban o conxunto da obra do autor ourensán, expresándose nestes termos:

Hemos recibido los tres tomos, bien editados, donde se contienen los principales cuentos, poemas y piezas de teatro que produjo hasta ahora la socarrona pluma de Javier Prado (*Lameiro*).

El hecho de que los comprovincianos devotos del gran humorista y costumbrista orensano le hayan rendido este homenaje de recopilación de sus mejores obras literarias, nos parece sumamente justo y plausible. Así se salvarán del olvido y de la muerte cosas que deben salvarse. En los volúmenes *Monifates*, *Farsadas* y *Cóxe-gas e moxenas* hay mucho digno de consideración y estudio. Tendríamos, pues, que escribir extensamente para ofrecer a los lectores un reflejo fiel de los mismos. Y no siendo esto posible nos conformamos con unas cuantas expresiones sintéticas sobre la obra de referencia.

En Javier Prado, a nuestro modesto juicio, hay un heredero directo de la musa aguda y burlona de Valentín Lamas Carvajal. *Lameiro*, como el inolvidable poeta ciego orensano, parece haber hecho su nido en la revuelta pelambre de un petrucio de aldea, docto en marrulleros decires. Dijérase que al escribir sus obras, según afirmó la Pardo Bazán de Valentín Lamas, pone monteira y calza zuecos, con lo que queda insinuado que es uno de los más enxebres escritores que hoy existen en Galicia. Muestra su alma a toda hora cogüelma de puras esencias folk-lóricas, y sabe beber en la cuenca de las manos el agua fresca y cristalina de las costumbres raciales, lo que quiere decir que desdeña toda libación de arte que no sea hecha en vaso propio. Por eso resulta tan interesante; por eso es de los pocos escritores gallegos del momento que sabe ofrecernos casi siempre verdades de primera mano. La llamada a la realidad que dejan de escuchar muchos que se elevan más de la cuenta, perdiendo en dimensiones lo que ganan en altura, por ley ineluctable de la óptica, está viva y latente en las obras de *Lameiro*. Y de estas obras, las más meritorias para nosotros, son las de índole teatral. En ellas las finas dotes de observación, de agudo humorismo y de graciosa espontaneidad de Javier Prado se acusan de modo gallardo. Como sainetero, acaso no tenga par en Galicia, y tal vez fuese el mejor o uno de los mejores de España, si las envidiables condiciones que posee para el cultivo de tan simpático género teatral pudiera desenvolverlas con gran constancia y amplitud, como pueden desenvolverlas los autores de otras tierras donde, por existir urbes populosas, funcionan constantemente en coliseos ad-hoc compañías consagradas a la interpretación de la literatura escénica regional. Entonces Javier Prado, contando con el estímulo necesario, sería sin duda alguna un “as” del sainete y la comedia de costumbres entre los principales de nuestra pinínsula [sic]. Pero como el teatro gallego funciona de modo esporádico e intermitente, puesto en manos de aficionados, razón por la cual es más para leer que para representar, ni Javier Prado ni ningún otro autor de nuestra tierra están en condiciones de hacerse profesionales de la literatura escénica, aunque por sus facultades y su intuición fuesen de los llamados a ello.

Durante algúns anos, foi moi intensa e frutífera a relación intelectual e ideolóxica que existiu entre os irmán Vilar Ponte e o médico de orixes coruñesas pero intensa e definitivamente vinculado a Ferrol Xaime Quintanilla Martínez (1898-1936).

Activo integrante e dirixente da Irmandade da Fala ferrolá e colaborador asiduo do boletín *A Nosa Terra*, Xaime Quintanilla xogou un papel decisivo na posta en marcha do coro Toxos e Froles, dirixiu o efémero boletín ferrolán *Galicia* e fixo parte tamén do equipo de redacción de *El Correo Gallego* cando este xornal saíu ao longo do segundo semestre de 1921 baixo a dirección de Ramón Vilar Ponte.

Con Antón, seu irmán Ramón e con outros galeguistas locais (Manuel Morgado, Manuel Fernández Barreiro, Fiz Álvarez etc.) fundou a editora Céltiga, que puxo na rúa títulos emblemáticos como a *Doctrina nazonalista* de Ramón Vilar Ponte, *Un ollo de vidro* de Castelao e as *Almas mortas* de Antón Vilar Ponte. Na dinámica de polémicas internas *irmandiñas* desatada ao longo de 1921-1922, Quintanilla colocouse a carón de Vicente Risco e fixo parte da ING, mais a partir dun momento dado afastouse dela e xa máis nunca retomaríaa os vínculos orgánicos co galeguismo. Centrou entón o seu labor político ao abeiro das siglas do PSOE, polas que chegaría a ser alcalde da cidade departamental, ata que os fascistas lle tiraron vilmente a vida.

Quintanilla, como Antón Vilar Ponte, cultivou a escrita teatral e foi autor de dúas pezas: *Alén* (1921), da que se conserva exemplar no fondo bibliográfico vilarpontino da Academia, editado por Céltiga e con cuberta de Álvaro Cebreiro, e mais *Donosiña*, que foi estreada en Ferrol en 1920, con grande escándalo por presentar en escena un adulterio feminino, e que ficou inédita ata o seu rescate pola profesora Laura Tato en 1997. As semellanzas e paralelismos, tanto temáticos coma argumentais, entre *Donosiña* e a propia peza de Vilar Ponte *Entre dous abismos* son bastante evidentes, o que resulta indicativo dunha previa posta en común, intencional e estética, por parte de ambos, se ben o resultado sexa máis audaz, ambicioso e logrado na peza de Quintanilla, ao noso humilde entender.

Volvéndomos á peza *Alén*, comedia dramática nun acto e tres cadros, interesa anotar que tanto os seus personaxes coma a ambientación non son galegos (a acción transcorre en Nova York), feito este profundamente novidoso na dramática galega do seu tempo, pois viña quebrar definitivamente a identificación mecánica entre teatro escrito en galego e teatro de temática e localización necesariamente “enxebres”. A obra sustenta, ademais, unha refinada crítica do espiritismo e doutras crenzas teosóficas e revela na súa estética influencias do movemento saudosista portugués e do teatro simbolista europeo (Maeterlinck). Sobre ela escribiría o propio Antón Vilar Ponte

Alén quizás sea la obra gallega que se ha editado con más lujo. Ostenta una portada de Álvaro Cebreiro, el genial artista casi niño aún, maravillosa. Representa la santa compañía caminando bajo pinos donde cantan los *mouchos* a la luz de la luna llena. La fábula de *Alén*, se desarrolla en Nueva York. Una sola mujer interviene en ella. Y los hombres son todos exóticos: varios norteamericanos, un inglés, un irlandés y un alemán. Pero pese á esto, nada más gallego puede darse por lo que respecta al espíritu de la obra. La saudade tan de nuestra raza cabría decir que resulta la protagonista.

Jaime Quintanilla ha logrado un éxito literario envidiable. En su pluma hay dejos del sentimiento maeterlinckiano. Elegantemente, con una gran dosis de poesía que en todo momento se compagina con el realismo más completo, el autor de *Alén* va desarrollando la bella y exquisita acción. El amor aparece sublimado, y la saudade triunfal como una virtud sublime de nuestra raza.

Alén es obra que muy pronto se traducirá a varios idiomas. Para nosotros significa la iniciación del nuevo teatro gallego capaz de imponerse en el mundo. Nada más puro, delicado, intenso e inquietante se ha escrito hasta ahora en la lengua nativa. (1922b)

Un último dramaturgo galego coetáneo a Antón Vilar Ponte do que existe algún exemplar de obra súa na fracción da biblioteca do viveirense conservada na Academia é Xesús San Luís Romero (1872-1966). Aínda que xa representara na Arxentina en 1898, con grande éxito entre a colonia emigrada, a súa peza *O xastre aporveitado*, a definitiva consagración deste emigrante retornado en 1902 e instalado como zapateiro en Compostela, profundamente afecto ás ideas republicanas, veulle da man do drama en verso en tres actos e un cadro *O fidalgo*, que foi estreado polo grupo Brisas Futuras no Teatro Principal de Santiago o 17 de xaneiro de 1918. Resultou, sen dúbida, grazas ao seu transfundo anticaciquil e ao seu argumento melodramático, a peza teatral galega que atinxiu maior éxito de público e representacións na súa época, até o punto de ter dúas edicións case consecutivas (a segunda de 3000 exemplares), constituír peza case obrigada no repertorio de todos os cadros de declamación *amateurs* do país e estar a piques de converterse en película, de non mediar a guerra do 36.

Un exemplar desa segunda edición d'*O fidalgo*, precisamente, imprentada en 1925 pola tipografía do xornal *El Eco de Santiago* e con cuberta ilustrada por Camilo Díaz Baliño, é o que se conserva no espolio bibliográfico de Antón Vilar Ponte. O viveirense confesaría nun dos seus artigos que soubo pola primeira vez da existencia de San Luís Romero por mediación de Cabanillas (1917b), e sabemos que chegou a acudir en persoa posteriormente a unha lectura privada da

nova peza composta por aquel, *Rosña*, que estreará o cadro A Terriña o 23 de febreiro de 1921 no Teatro Principal compostelán.

2.5. Os “Novos”

Está presente no espolio bibliográfico de Antón Vilar Ponte o primeiro poemario do tudense Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985), titulado *Abril (Poesía, 1929-1932)*, que foi publicado en Pontevedra en 1932 con cuberta de Castro Arines e limiar de Álvarez Limeses. e que no exemplar conservado na Academia presenta, ademais, unha dedicatoria autógrafa do autor ao xornalista asinada en Tui a 15 de xuño de 1932.

Ata onde sabemos, Antón non comentou este libro en ningún dos seus artigos, talvez por non resultar unha achega significativa para as letras galegas ao estar escrito en castelán, mais, na recíproca, o mozo Xosé María, estudante de Maxisterio que se integrou ao ano seguinte na Federación de Mocidades Galeguistas e que publicou en 1934, xa en galego, o opúsculo poético “Berro en lembranza dos heróis de Carral”, secundou con entusiasmo algunhas das iniciativas que a organización despregou³⁹ cando o galeguista e deputado electo da Fronte Popular faleceu, a comezos de marzo de 1936, sen poder tomar posesión do seu escano nas novas Cortes. Xosé M.^a preparou un libro de relatos en galego, *Os ruíns*, que estaba pronto para se publicar na editorial Nós cando o tráxico estoupido da guerra desbaratou o proxecto. Xa na posguerra, cómpre dicir que resultou decisivo no rescate dun dos poemas galegos do poeta viveirense Pastor Díaz, a “Égloga de Belmiro e Benigno”, e na popularización do libro en galego a través de coleccións como O Moucho e Pombal das súas Edicións Castrelos, fundadas en 1964.

Do poeta pontevedrés Luís Amado Carballo (1901-1927) hai no espolio vilarpontino dous volumes: *Proel* (1927), con dedicatoria autógrafa do autor datada en

39 Entre elas lembraremos aquí dúas. A primeira, a do grupo de Celanova, liderado por Celso E. Ferreiro, que imprentou unhas cartolinas cuxo anverso dicía: “Irmán Antón Vilar Ponte. Fundador das Irmandades da Fala. Escritor e Diputado nacionalista galego. Finou na Cruña o 4 de Marzal do MCMXXXVI” e cuxo reverso proclamaba: “Lembrámoste pol-a Patria. Confía en nós irmán, tua obra non morrerá endexamais. Cando o camiño era negro tua verba foi frígoa acesa de fé i-espranza. Confía en nós irmán. No teu sartego total-as primadeiras sentirás ledó recendo de froles nacionalistas”. A segunda, a do grupo compostelán, presidido por González García-Paz, que editou unha breve *Escolma d-artigos nazionalistas* que contiña o poema do viveirense “Lembranza d’amore” e fragmentos de varios artigos emblemáticos seus, como “A bandeira ergueita”, “O 17 de Nadal do 1483. Non esquezamos a nosa historia. Cando morreron as liberdades galegas” e outros, todos eles publicados n’A Nosa Terra.

Pontevedra en xuño de 1927 “A Dⁿ Antonio Villar Ponte. Coa fonda admiranza de Amado Carballo”, e mais *O Galo* (1928), de edición xa póstuma.

O de Viveiro comentou o primeiro deses dous poemarios no penúltimo número da xeira coruñesa da revista *Alfar* (1927i), que promovía o poeta e cónsul uruguaio na propia cidade herculina Julio J. Casal. Opinou que se trataba dun bo libro que colocaba dous problemas simultaneamente: o do perfeccionamento do idioma e o do concepto literario de modernidade:

Amado Carballo al confeccionar los poemas que en *Proel* se contienen, no cabe duda que tuvo en cuenta lo que nuestro idioma posee de dúctil para mostrarnos cuán excelente resulta, como instrumento de expresión, en el campo de la poesía. [...] en *Proel* se halla latente aquella preocupación novecentista que ya en la poesía de Taibo habíamos advertido antes. Amado Carballo hace sus versos conforme a la sensibilidad moderna, procurando destilar las esencias de los más exquisitos matices en el alambique de las mejores palabras. (1927i, p. 28)

No debate entre o “vello” e o “novo” en literatura, entre “tradición” e “vanguardia”, Vilar Ponte achega ao fío deste comentario sobre *Proel* as seguintes reflexións:

hay una sensibilidad moderna de tónica común —que todavía dió poco de sí, pareciéndonos sin embargo a veces ya cansada y decadente por lo mucho que repiten los mismos temas y las mismas imágenes las individualidades activas que en ella forjan sus creaciones—, pero que es susceptible de rectificación transcendental en cada nuevo gesto de originalidad que se produzca. Ser artista, o no serlo: he aquí todo. Quien sea artista hará su obra, ni vieja ni moderna, sino buena y por lo mismo capaz de dejar huella en el universo de la cultura. (1927i, p. 29)

O mestre e escritor estradense Manuel Bergueiro López (1898-1985), que adoitaba asinar os seus traballos con pseudónimos como *Rogueiber* e *Manuel de Vicenta*, exerceu entre 1921 e 1923 como columnista habitual de *El Compostelano*, publicou diversos contos en galego na revista *Vida Gallega* e, a partir de 1926, fixo ás veces de correspondente na vila de Negreira do diario *El Pueblo Gallego*. Destinado logo como docente en Taboada, casou en 1928 nesa localidade coa tamén mestra Elena Aragón Álvarez e colaborou con diversas entidades de corte agrarista na zona. En 1932 encontrábase destinado en Mieres, onde exerceu como secretario do seu Centro Galego.

De dúas obras da súa autoría a biblioteca de Antón Vilar Ponte contou con senllos exemplares. O primeiro corresponde á novela *A pecadenta silenciosa*, editada en 1927 baixo o selo Lar, con cuberta de Díaz Baliño, facendo o número 29 da súa colección de narrativa curta. Na dedicatoria autógrafa de Bergueiro lese: “Ao gran cultivador da lingua vernácula da nosa Nai Galicia, Don Antonio Villar Ponte, con admiración e afeito”. O segundo é a comedia nun acto e en prosa *iOjo con los estudiantes!*,⁴⁰ con dedicatoria ao xornalista de Viveiro asinada polo autor en Mieres (Asturias), en novembro de 1934. Trátase, neste caso, da versión traducida para castelán da peza *iOllo cos estudantes!*, xoguete cómico que fora editado xa polo seu autor en 1930, na imprenta do Seminario compostelán⁴¹ e que coñecería representación en 1932 na cidade das Burgas por un cadro *amateur*⁴² e

40 A recepción dun exemplar dedicado desta tradución foi agradecida na súa sección “Follas Novas” polo voceiro galeguista *A Nosa Terra* (núm. 364, 4/V/1935, p. 2) nestes termos: “Sinxelamente adicado, chegou a nós un exemplar de *iOjo con los estudiantes!*”

Ista obra ven esquirta en castelán, mais pra nós ten o méreto de ser filla d-un irmán que alá por terras d-Asturias loita polo bon nome de Galicia.

Bergueiro López e o autor d-ista obra da que se levan feito dúas edicións: unha en galego, que se agotou axiña; outra en castelán que recende a Galicia co así tanto como a primeira.

Ao correr das distintas páxinas podemos decatarnos de que Bergueiro López sigue sendo tan galego como antes, inda que o destiño o lobou [sic] pra sempre pra rexión irmán.

Lendo *iOjo con los estudiantes!* non pode o lector por menos de ollar as rúas de Santiago, de lembrar tempos que se foron pra non voltar endexamais, de soñar con feitos de personaxes con quenés vivimos non fai moito, e a quenés vemos hoxe xustamente caracterizados en *Ollo cos estudantes*.

Ista comedia lévase posto en escea en: Ourense, Mieres, Lalín, As Cruces etc; o éisito outido fará que se siga representando en outros pobos de Galicia. Desexaríamos que un d-eles fose a Estrada por ser o pobo en que naceu o autor”.

Tamén a revista *Vida Gallega* (núm. 641, 20/IX/1935, s.p.) se fixo eco dunha estrea en terras asturianas da versión castelá da peza de Bergueiro, reproducindo ademais o comentario sobre a mesma publicado polo diario ovetense *El Carbayón*.

41 Un comentarista anónimo escribiu entón nas planas de *El Pueblo Gallego* de Vigo (“Letras galegas. *Ollo cos estudantes*”, 30/X/1930, p. 1): “*Ollo cos estudantes*, que así se chama a comedia nun acto que Bergueiro oferta a Galicia arastora, é unha peza teatral sinxela, de páxinas ledas, pertencente á picaresca estudantil, na que se vencellan i estreitan, con tipos populares do mais enxebre, realismo, esceas de amor, ledicia e mocidade, cheas de verismo e gracia inxenua. A súa lectura é cousa grata i entretida.

Agoiramos a *Ollo cos estudantes* un éxito de venda. Lembranza da vida escolar, será lida pol-os mais dos que foron estudantes, e maormente por aqueles que un día de bon apetito e poucos cartos, foron comensales nun mesón aldeán e pagaron cun billete falso ou fóronse sin pagar”.

42 Comentaría o xornal estradense *El Emigrado* no seu número 407 (31/III/1932, p. 3): “Hace días hemos leído con verdadera satisfacción en la prensa de Orense, los atinados comentarios que hacen de la obra de nuestro paisano y amigo Don Manuel Bergueiro López, con motivo del estreno de su comedia *Ollo cos estudantes*, en la ciudad de las Burgas.

Respecto a ello dice, entre otras cosas, *Heraldo de Galicia* de dicha ciudad: «La representación hizo las delicias de la concurrencia por la gracia de la obra y la feliz interpretación de que fué objeto. Lo mismo las Srtas. Piñeiro y Fernández Sierra, que los Sres. Iglesias, Santana, García López, López Álvarez, Torviso, Villamarín, Cid Rumbao y Feijóo Villarino, fueron aplaudidísimos y demostraron notables aptitudes para el arte escénico. El distinguido escolar orensano D. Javier Iglesias y su compañero Sr. Feijóo Villarino, a quienes correspondieron los papeles más difíciles, se lucieron como actores veteranos»”.

en 1935 da man da Agrupación Artística de Vila de Cruces (*El Pueblo Gallego*, 16/II/1935, p. 11).

Durante 1930, Bergueiro López barallaba tamén a escrita e publicación dunha terceira obra en galego que había de levar por título *O Triunvirato dos caladiños*,⁴³ que non sabemos se chegou a rematar. Na posguerra, escribiría en Asturias algunhas pezas teatrais máis, tanto en castelán (*Trampla adelante* e a farsa cómica *Engaño sobre engaño*) coma en galego (*Unha tendiña navideña*).

A aparición d'*A pecadenta silenzosa* foi saudada no boletín *A Nosa Terra*, que a presentou como obra dun “rapaz novo escolante en Negreira que é outra promesa a quen hai que alentar para que prosiga traballando na nosa fala. Comenza ben e revela aptitudes dinas de se estimular”.⁴⁴ Tamén suscitou este breve, pero positivo, comentario por parte de Antón Vilar Ponte (1927b):

Revela en esta obra el novel escritor sus buenas cualidades de observación, y si bien en el desarrollo de la novela no hay una gran intensidad dramática, se lee con gusto porque en ella se dibuja con bastante acierto la vida de nuestros pueblecillos gallegos.

La trama es sencilla, real, y tiene interés y amenidad, con lo que *A pecadenta silenzosa* habrá de agradar a los muchos lectores con que cuenta la notable revista LAR, que con este número entra en su cuarto año de publicación.

O mozo Eduardo Blanco Amor (1897-1979), xa emigrado na Arxentina, compartiu militancia na ING con Antón Vilar Ponte e contou con el como colaborador nalgunhas das publicacións periódicas que promoveu ou dirixiu durante os anos 20, como *Terra* (1923),⁴⁵ *Céltiga* (1924-1932) e o xornal *El Despertar Gallego* (1922-1930), editado este último pola Federación de Sociedades Galegas.

Precisamente a citada Federación e a revista *Céltiga* organizaron entre o 16 e o 25 de decembro de 1927 unha Semana Galega na capital arxentina, que

43 “Ollo c’os estudantes”. *El Agro, semanario independiente*. 3 (15/VI/1930), p. 3.

44 “Lecturas. As novelas «Lar». *A Pecadenta silenzosa*. Por Manuel Bergueiro López”. *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*. 233, 1/II/1927, p. 12. Foi obxecto de comentario, igualmente, por parte de Manuel García Barros no xornal estradense *El Emigrado* (Ken Keirades 1927) e de Bernardo Mato y Castro na revista *Vida Gallega* (1927).

45 A presenza de Antón Vilar Ponte en *Terra* concretouse en dous textos. O primeiro, reproducido no número 2 (1923a) mais publicado no boletín das Irmandades dous anos antes (1921g), é o controvertido artigo “Dous crases de galeguistas”, que, como é sabido, resultou un dos detonantes do enfrontamento no seo das Irmandades que había conducir á súa escisión na Asemblea de Monforte. O segundo texto, tomado para o quinto número da revista bonaerense (1923b) tamén d'*A Nosa Terra* (1921i), constitúe unha evocación da figura de Porteiro Garea, redactada con motivo do terceiro cabodano do pasamento do líder da Irmandade compostelá.

incluíu a celebración dun ciclo de conferencias en que interviñeron Eduardo Blanco Amor (que falou sobre Eduardo Pondal), Eloi Fariña Núñez (que o fixo sobre Risco), Francisco L. Bernárdez (sobre Castelao e o humorismo galego), Francisco Lamas Barreiro (sobre a arte galega), Lino Pérez (sobre a música galega), Antón Alonso Ríos (sobre o nacionalismo), Ramón Suárez Picallo (sobre a significación social das Irmandades da Fala), Pedro Alcántara (sobre Curros Enríquez) e Ramiro Isla Couto, quen deu lectura a unha conferencia orixinal do propio Antón Vilar Ponte titulada “Os novos valores galegos”.⁴⁶

Ao ano seguinte, unha nova Semana Galega incluíu senllas conferencias de Blanco Amor e de Ramón Suárez Picallo, tituladas “Estado actual de la Cultura Gallega” e “El Mariscal Pardo de Cela”, respectivamente, que foron logo impresas conxuntamente nun pequeno opúsculo de corenta páxinas editado baixo o rótulo de “Propaganda galeguista”. Tal opúsculo, non por acaso, está tamén no espolio bibliográfico de Vilar Ponte conservado na Academia.

Probabelmente por toda esta serie de sintonías e empatías, Blanco Amor envioulle tamén ao xornalista viveirense como mostra de agradecemento e amizade un exemplar do seu libro de poemas *Romances galegos*, editado en 1928 na capital arxentina pola Editorial Céltiga. Na dedicatoria manuscrita, asinada o 15 de setembro dese ano, estampou as seguintes palabras: “A Antón Vilar Ponte, mestre e irmán, co-a mellor admiración de Blanco-Amor”.

Poucos días despois o de Viveiro escribiu un artigo en *El Pueblo Gallego* (1928n) situando o libro blancoamoriano nun contexto de pleno florecemento da lírica galega e enmarcando o autor, canda Amado Carballo, Manuel Antonio, Augusto Casas, Euxenio Montes, Evaristo Correa, Xulio Sigüenza, Otero Espasandín e Fermín Bouza-Brey, entre os “nuevos poetas perfectamente consubstancializados con la sensibilidad novecentista, que no tienen nada que envidiar a los mejores de España de la hora actual”. Grazas a eles, coidaba o de Viveiro, podíase afirmar sen temor a erro que o idioma galego, dentro do xénero poético, “está llegando a la suprema consagración, rinde ya frutos de óptima madurez, realmente exquisitos”.

Finalmente, con dedicatoria autógrafa tamén enviou Blanco Amor a Vilar Ponte desde Buenos Aires, o 4 de marzo de 1932, un exemplar do seu *Poema en catro tempos*, editado o ano anterior. Tal poemario pareceulle ao xornalista de Viveiro un “soberbio poema sinfónico” e un “verdadero modelo de inspiración y modernidad”, pois nel “todo es bello e inspirado” e combínanse axeitadamente

46 “O galeguismo na Arxentina”, *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*. 243 (1/XII/1927), p. 4, e tamén “Semana Gallega”, (*El Pueblo Gallego*. 13/XII/1927, p. 1).

“las esencias más puras de nuestra lírica y del creacionismo *huidobrano*, que tuvieron un maestro insuperable en aquel egregio Manuel Antonio” (1932d).

Na biblioteca vilarpontina figura, igualmente, un exemplar numerado do *Nao senlleira* (1933), de Fermín Bouza-Brey (1901-1973), un dos emblemáticos poemarios que marcaron no panorama lírico do seu tempo o estilo que deu en chamarse “neotrobadoresco”. O poeta arousán estampou nese exemplar, o 12 de maio de 1933, a seguinte dedicatoria manuscrita: “Ao Antonio Villar Ponte, loitador e troveiro, cordialmente. O Autor”. E, en correspondencia, o xornalista viveirense ponderará nun dos seus artigos na sección “Rutas gallegas” de *La Voz de Galicia* a enorme calidade dalgúns dos libros poéticos que se estaban a editar nese instante da man de autores como Aquilino Iglesia Alvariño (*Corazón ao vento*), Álvaro Cunqueiro (*Poemas do si e non*) e o propio Fermín Bouza-Brey (*Nao senlleira*). En todos eles, indicaba, “la nueva sensibilidad poética brilla con gracia original” (Sil 1933). Do libro *Nao senlleira* afirmaba, en particular, que constituía “un conjunto de modernos poemas vertidos en un fino léxico escrupulosamente sutilizado y dignificado donde el perfume racial de los viejos cancioneros se percibe en plenitud”. Non temos certeza sobre o momento preciso en que Antón Vilar Ponte e Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967) se coñeceron, aínda que debeu de ser nos anos 20, no transcurso dalgunha das estadias vacacionais na Coruña do mozo, daquela estudante en Glasgow (Escocia). O certo é que 26 de setembro de 1928, o de Corcubión dedicoulle ao de Viveiro un exemplar do seu ensaio *La Saudade y el arte en los pueblos célticos*, impreso nos obradoiros do xornal *El Pueblo Gallego* e prologado polo dono do mesmo, Manuel Portela Valladares. Tamén se conserva no fondo bibliográfico da Academia procedente da doazón dos familiares de Vilar Ponte un exemplar do volume *Dous folk-dramas de W.B. Yeats (vertidos à língua galega por Plácido R. Castro e os irmáns Vilar Ponte)*, editado pola Nós de Ánxel Casal en 1935.

Plácido e Antón coincidirían durante varios anos como columnistas do citado xornal vigués. Nun artigo publicado en marzo de 1936 no boletín *A Nosa Terra*, co gallo da morte de Antón, Plácido destacaría que fora precisamente o de Viveiro quen lle dera as primeiras palabras de alento tras publicar os primeiros traballos xornalísticos, en febreiro de 1927: “Nunca esquecin o que sinificou iste eloxio para un modesto principiante” (Castro 1936).

Ademais, ambos farían parladoiro a diario no café Galicia da urbe herculina, compartirían militancia sucesiva na ORGA e no PG, participarían xuntos

en numerosos mitins e actos públicos⁴⁷ e, xa contra os meses que resultaron finais na vida do viveirense, farían conxuntamente, co concurso tamén de Ramón Vilar Ponte, varios traballos lingüístico-literarios moi significativos dentro da súa común estratexia de dignificación do idioma, de consolidación do seu rexistro culto e de apertura ás correntes literarias europeas da época: as traducións para galego de diversas pezas dos escritores nacionalistas irlandeses William B. Yeats e John Millinton Synge. Do segundo verteron *Riders to the Sea*, aínda que o traballo ficou inédito, e do premio Nobel de Literatura de 1923 *Catuxa de Houlihan* e *O país da saudade*, ambas recollidas no volume impreso en 1935 por Ánxel Casal, xa antes citado.⁴⁸

Do afecto que se profesaron mutuamente temos abundantes testemuños. Abonde dicir que dous dos fillos de Plácido levaron como nome de pía os de Antón e Ramón, en evidente tributo de afecto por parte de aquel aos irmáns Vilar Ponte.

O *Índice de utopías gallegas*, de Evaristo Correa Calderón (1899-1986), publicado en Madrid en 1929 pola Compañía Ibero-Americana de Publicaciones dentro da colección titulada Biblioteca de Estudios Gallegos, tamén engrosou os andeis da biblioteca do xornalista viveirense e mereceu o seu comentario nas columnas da prensa diaria (1930a) nestes termos:

Correa Calderón, antes de que el año 1929 se extinguiera, publicó en un volumen de la Biblioteca de Estudios Gallegos, bajo el título atrayente de “Índice de Utopías Gallegas”, una serie de trabajos, de los cuales la inmensa mayoría ya vieran la luz en diarios y revistas. No incluimos esta obra en el balance de libros e ideas del año último que publicamos hace pocas fechas, porque cuando hemos escrito aquél aún nos era desconocida. Hoy nos limitamos solamente a acusar recibo de la misma, no sin advertir de pasada que nuestro juicio sobre ella coincide casi por completo con el que Eugenio Montes le dedicó días atrás en este propio lugar en aguda crónica que recordarán los lectores.

47 É ben sabido que no IX Congreso de Nacionalidades Europeas ou de Minorías Nacionais Europeas, organismo adxunto á Sociedade de Nacións que se reuniu en Berna (Suíza) do 16 ao 18 de setembro de 1933, Plácido R. Castro conseguiu, como secretario de relacións internacionais da Comisión Executiva do PG, o simbólico recoñecemento de Galiza como nación.

48 Da fascinación do galeguismo pola loita de liberación nacional irlandesa fica boa proba nas páxinas do boletín *Nós*, onde apareceron un artigo sobre William Butler Yeats (Risco 1920b); o artigo “Lembranza. Elexía do bon irlandés”, de Ramón Vilar Ponte (1921); a reprodución do saúdo das Irmandades á Delegación irlandesa en Madrid (núm. 7, 25/X/1921, pp. 18-19); un número monográfico dedicado a Irlanda, con poemas, artigos doutriniais, traducións etc. de autores como Taibo, Otero Pedrayo, Losada Diéguez, Cabanillas, Risco e Antón Vilar Ponte, entre outros (núm. 8, 5/XII/1921); un novo artigo de Ramón Vilar Ponte sobre Irlanda (1922) e a tradución de “Nosa señora dos outeiros” de Yeats (1923) por Vicente Risco.

Correa Calderón, el afortunado autor de “Concepción sinxela do ceo” —para nosotros su “capo laboro”— en “Índice de Utopías Gallegas”, libro del que hablaremos de modo más amplio en otros periódicos, muestra, como siempre, un serio talento y una extensa cultura que le acreditan de escritor prestigioso y de notable animador, sin duda.

Cabe lembrar aquí que o de Viveiro abriña no seu día as planas d’A *Nosa Terra* para que o daquela novel escritor de Neira de Xusá publicase os seus primeiros poemas e artigos e que colaborase logo coa súa revista *Ronsel*, concretamente co traballo “Estética racial. A parroquia”, que apareceu publicado no segundo número da mesma, en xuño de 1924. Nunha conferencia titulada “Divagacións sobor do sentimento nazonalista”, lida por Correa Calderón na Irmandade coruñesa o 29 de outubro de 1920, este autor confesou que fora pola lectura do folleto vilarpontino *Nacionalismo gallego. Nuestra firmación regional* que abrazara (se ben que por pouco tempo, ao cabo) a causa galeguista:

Meu pai facía versos galegos, i-un dos motivos que mais lle gustaba era a heroicidade do Monte Medulio.

O Monte Medulio enche todol-os ensonos da miña infancia. D’elí parten xa as miñas arelas de libertade, de redención da Terra. D’aquela eran vagas e incertas.

Nos libros de Pondal, de Rosalía, de Murguía foise percisand’o meu sentimento.

Pero eu adiviñaba unha Idea.

Un día chegou a min un pequeno libro: *Nacionalismo gallego* de Villar Ponte. O rematalo comprendín q’era *aquilo* o qu’eu pensaba vagamente.

No meu proceso spritual iste libro sinala fortemente un día.

I-a miña vida dividíuse en dúas: Enantes de lér iste libro e dimpois do lére.

Iste foi Libro Real que m’abriu os ollos á verdadeira Relixión. (Correa 1920, p. 2)

A evolución ideolóxica posterior de Evaristo Correa, porén, iría afastándoo da órbita galeguista, a pesar de facer parte co propio Vilar Ponte do selecto elenco de columnistas habituais de *El Pueblo Gallego* durante o período da ditadura de Primo de Rivera. A negativa e un tanto *tabularrasista* avaliación que o de Xusá, en nome da vangarda, fixo algunha vez sobre os esforzos e producións teatrais da xeración precedente, na que Antón era referente fundamental, debeu de influír tamén nese distanciamento.⁴⁹

49 Véxase, por exemplo, o seu artigo en dúas entregas “Arar y cantar. El teatro gallego como propaganda” (Correa 1926).

A derradeira ocasión en que achamos os dous intelectuais reunidos é na entrevista que Correa Calderón lle realizou ao entón deputado da ORGA e xefe da minoría parlamentaria galega nas Cortes Constituíntes da Segunda República nas planas do xornal lugués vespertino *Vanguardia Gallega*,⁵⁰ concretamente no seu número 89, de 20 de xaneiro de 1932. A entrada de presentación desa *entreviú* está feita nestes termos:

He aquí a Villar Ponte, el de siempre; el hombre sencillo y modesto, que por méritos adquiridos en muchos años de labor diaria, ha llegado hasta el Parlamento español.

Por una vez, al menos, los electores gallegos han reconocido y premiado estos méritos.

Villar Ponte —y hablamos para aquellos pocos que no le conocen— consagra su vida a expansionar la cultura por medio de esa cátedra popular que es el periodismo, por medio del discurso. Pero para él la cultura tiene un alma, un alma gallega.

Sobre sus cualidades, habría que añadir, además, la constancia. Día a día, desde todas las hojas periódicas de Galicia, ha ido vertiendo ideas generosas, en su afán de construir una patria mejor. (Curioso Impertinente, El 1932)

Rafael Dieste Gonçalves (1899-1981) foi, na súa mocidade, un dos máis importantes elementos da xeración “novecentista” galega. Como columnista nas planas de *El Pueblo Gallego* e como autor literario cos volumes *Dos arquivos do trasno* (relatos) e *A fiestra valdeira* (teatro) insuflou poderosos ares de renovación estética, non sempre ben aceptados nin comprendidos por certos sectores do galeguismo. Non foi o caso de Antón Vilar Ponte, quen mantivo cara ao rianxeiro unha actitude decote comprensiva e cordial, semellante á que despregou tamén co poeta Manuel Antonio. Pensando nesa pléiade de novos valores, encabezada polos dous rianxeiros e formada asemade por Jesús Bal y Gay, Evaristo Correa Calderón, Felipe Fernández Armesto, Augusto M.^a Casas, Johán Carballeira etc., que compartían con el oficio de columnistas no diario de Portela Valladares e que estaban animados por parecidas preocupacións culturais e cívicas, escribirá o de Viveiro (1926m):

50 Asinadas por Correa Calderón co pseudónimo de *El Curioso Impertinente* apareceron baixo o rótulo de “Nuestras entrevistas políticas” durante 1932, ademais da realizada ao viveirense, outras co líder lerrou-xista Gerardo Abad Conde (nº 88, 19/I/1932, p. 1), Portela Valladares (nº 94, 24/I/1932, p. 1), o aviador militar Ramón Franco Bahamonde (nº 95, 26/I/1932, p. 1), Leandro Pita Romero (nº 96, 27/I/1932, p. 1), Castelao (nº 97, 28/I/1932, p. 1), o socialista Manuel Cordero (nº 98, 29/I/1932, p. 1), Emilio González López (nº 99, 30/I/1932, p. 1), Ramón Suárez Picallo (nº 107, 8/II/1932), Basilio Álvarez (nº 108, 9/II/1932, p. 1) e Ramón Otero Pedrayo (nº 116, 18/II/1932, p. 1).

Yo los aplaudiré siempre, aunque me censuren. Yo les estimularé de continuo, aunque muchas veces no les comprenda. Porque llevo en mi espíritu, como don inapreciable, la fresca savia de la rebeldía y sueño con haber bebido en algún instante de mi vida de la milagrosa agua de la fuente de Juvencia.

Na fracción da biblioteca do viveirense que se conserva na Academia está presente un exemplar dedicado da primeira edición da obra *Dos arquivos do trasno (contos do monte e do mar)*, que saíu do prelo de *El Pueblo Gallego* en 1926.

Durante o primeiro semestre de 1925, como bibliotecario da Reunión de Artesáns coruñesa, Antón Vilar Ponte organizou un ciclo de conferencias e recitais de poesía galega nos locais desa entidade. Nese ciclo, ademais de Gonzalo López Abente, Sofía Casanova, Eladio Rodríguez González, Noriega Varela e Carré Aldao participou a poeta de orixes compostelás Herminia Fariña Cobián (1904-1967). Esta, en sinal de agradecemento polo convite, agasallou o de Viveiro en marzo do citado ano con dous exemplares de senllas obras súas que se conservan no fondo bibliográfico da Academia Galega: a titulada *Cadencias*, poemario en castelán que fora impreso en Pontevedra en 1922 e leva cuberta ilustrada por Castelao e mais *Seara*, poemario en galego, tamén publicado en Pontevedra en 1924 con ilustracións de Pintos Fonseca. A poeta estampou a seguinte dedicatoria manuscrita no exemplar de *Cadencias*: “A mi culto amigo y notable escritor galaico A. Villar Ponte. Homenaje de Herminia Fariña”.

O de Viveiro dedicoulle frases moi amábeis á poeta na súa presentación no recital celebrado na Reunión o 8 de marzo de 1925, denominándoa, por exemplo, ao modo cabanilliano, “nova rosiña rosada da roseira da nosa lírica”, mais o feito de que a autora optase por recitar a maioría dos seus poemas en castelán foi recriminado por *A Nosa Terra*, que subliñou que semellante escolla estaba “en desacordo coas verbas de loubanza que lle adicara o Sr. Villar”.⁵¹ A traxectoria posterior da escritora, a pesar de crearse arredor dela unha expectativa que a elevaba pouco menos que á categoría de “nova Rosalía”, diluíu calquera concordancia ou identificación cos afáns normalizadores e galeguistas defendidos polo viveirense, malia ser nomeada correspondente da Academia Galega no propio 1925 e tentar sorte na dramática galega coas pezas *Margarida a malfadada* e *O soldado froita*: antes de emigrar á Arxentina publicou un novo poemario en castelán, *Pétalos líricos* (1927); en terras porteñas engadiu ao seu fardel un novo título nese idioma *Hosanna. Bajo el cielo porteño* (1931) e, retornada á Península e comezada a

51 “A «Reunión de Artesanos» e os Poetas Galegos”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 211 (1/IV/1925), p. 3.

guerra, escribiu poemas entusiastas, algún deles en galego iso si, a favor de Franco no volume *iPor España y para España! (El libro del combatiente)* (1937). Retirouse logo a vivir, en relativo illamento, na parroquia de Simes (Meaño).

O latinista de orixes compostelás, exseminarista, competente políglota e catedrático de instituto Manuel García Paz (1895-1990), que xa en 1931 achegara ás páxinas do boletín *Nós* o relato “O abade Mouriño”, envioulle como agasallo ao xornalista viveirense o 4 de xuño de 1935, desde a localidade cordobesa de Peñarroya-Pueblonuevo onde residía por cuestións de traballo, un exemplar da súa obra *IV Melodía: desfie de ambiente galego*. Aparece prologada polo xornalista ourensán Jacinto Santiago, quen ao ano seguinte sería vítima de vesania fascista.

A obra de García Paz mereceu o comentario en prensa por parte de Vilar Ponte (1935c). Alén de ser obra de amena literatura, viña arriquecer o inventario dos temas campesiños, adquirindo un valor engadido do punto de vista filolóxico, etnográfico e folclórico, como canteira de motivos rústicos galegos “de enorme utilidad para las orientaciones venideras de nuestras letras”.⁵² Empeñado nesta época na confección de pezas de alento panteísta e xeórxico como *Os Evanxeos da risa absoluta* ou *A festa da malla*, Antón vaticinaba que *IV Melodía*, a pesar de certas chatas de estilo, constituiría unha obra fundamental para as letras galegas

no sólo por los documentos vivos que aporta sobre la existencia del campesino, sino por su fuerte aliento geórgico que infla como velas marineras los *epos* cotidianos del trabajo rural, para que se abran camino en nuestras letras, ya que toda Galicia, ahuyentada de las ciudades y villas por el mimetismo lamentable que ahogó la cultura urbana, tiene su refugio idóneo y salvador en el agro; en el agro que los turistas de las ideas tan abundosos entre el señoritismo gallego miran con un desdén que refleja la más triste de las esclavitudes espirituales.⁵³

Do poeta vangardista de Rianxo, Manuel Antonio (1900-1930), consérvase no espolio bibliográfico vilarpontino depositado na Academia un exemplar do seu emblemático *De catro a catro (follas sin data d'un diario d'abordo)*, editado pola *Nós* de Ánxel Casal en 1928, con cuberta de Carlos Maside.

52 Vilar Ponte coñecera persoalmente este autor en Madrid e parece que foi el propio quen o animou a completar a obra, logo de que aquel lle lese un adianto da mesma.

53 Outro autor que se ocupou de recensionar a obra de García Paz foi Ánxel Fole (1935). O futuro autor de *Terra brava* valorizaba dela, sobre todo, “sus logrados modos de originalidad y su hondo interés filológico”.

Evocando os primeiros encontros persoais entre ambos (o primeiro durante a III Asemblea Nacionalista, en Vigo, en abril de 1921; outro posterior nunha exposición de Imeldo Corral en Compostela...) e salientando o papel xogado por Cebreiro á hora de poñelos en conexión, Antón escribía (1930b):

Recibín polo correo unha cuartillíña c'uns versos estranos na compañía d'unha carta moi soberbia na que pouco mais ou menos puiden ler: "Supoño que non publicarán este poema que mando e que coido que non está mal feito". Firmaba: Manuel Antonio. Nunca, en ningures, tiña ouvido tal nome. Pro os versos agradáronme, e viron a lus de contado, c'unhas liñas ô pé escritas da miña man en xeito sinceiro de alusa [sic] loubanza. Aqueles versos foron os primeiros do egrexo autor de *Catro a catro* [sic] que da forma manuscrita pasaron á forma impresa. Así naceu a miña amizade estreita e íntima con Manuel Antonio. Así foi dend'entón o probe poeta agora finado, cada vez que viñá â Cruña, un bô irmán no meu fogar.⁵⁴

Como director d'*A Nosa Terra*, efectivamente, o de Viveiro abriera de xeito valente e decidido as páxinas do boletín para acoller as primeiras manifestacións poéticas plenamente vangardistas do mozo rianxeiro, desafiando o conservadurismo estético dun sector da redacción e do propio lectorado da publicación.⁵⁵ Pouco despois, supervisou e influíu non pouco na confección do manifesto *¡Máis alá!* asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, nun momento de crise e enfrontamento no seo das Irmandades, con derivadas como a expulsión do propio Vilar Ponte da dirección d'*A Nosa Terra*. Na correspondencia cruzada entón entre el e os dous mozos, nos primeiros meses de 1922, podemos ler palabras de alento ben significativas: "Xente moza, valente, *d'avantagarde*, compre que xurda. Que xurda e remexa as augas mortas enlixadas pol-os pes dos poetastros oitocentistas. [...] Conque, querido Manuel Antonio, *sursum corda* e a eles...".

Cando lle chegou a finais de xaneiro de 1930 a triste nova da morte do poeta rianxeiro, vítima da tuberculose, o de Viveiro experimentou unha dor moi fonda: "Ô lér a nova da súa morte sintín com'a friaxe d'un coitelo no mais fondo

54 Neste mesmo artigo, evocaba o poeta de Rianxo desta maneira: "Manuel Antonio, outo e magro, co'as meixelas tinguidas da coor rousada da tisis, c'o corpo esquel[ét]ico, sempre levando a cachimba mariñeira nos labios finos e pálidos, tocado de chapeu bohemio e de chalina d'artista oitocentista, soñaba a toda hora con aventuras esóticas. [...] A súa musa creacionista zougou o celme dos 'camiños innumerables' de que falara Esquilo, para eternizar no arte lírico impresións belidas e requintadas do océano, que teñen un senso inmurchabre de universalidade".

55 O primeiro poema do rianxeiro aparece no boletín das Irmandades o 25 de abril de 1920 ("Dispois...", núm. 118, p. 8). O derradeiro antes da expulsión de Vilar Ponte da dirección viu lume o 15 de decembro de 1921 ("Si eu quixesa saber...", núm. 153, p. 3). Tras unha longa paréntese, o nome de Manuel Antonio regresaría a *A Nosa Terra* co poema "Ao mariñeiro afogado" o 1 de setembro de 1926 (núm. 228, p. 1).

do meu ser, mentres d'orvallo queimante enchíanse os ollos...” (1930b). E ao se cumprir o primeiro cabodano do autor de *De catro a catro*, sangrando aínda pola ferida, metaforicamente falando, reflexionaría (1931d):

Manuel Antonio, como Amado Carballo (dos poetas jóvenes, fallecidos en plena juventud, capaces de honrar cualquiera lengua y cualquier patria con sus poemas modernos e inspiradísimos) no han muerto en olor de multitud. Eran demasiado exquisitos para llegar al corazón de sus contemporáneos envenenados todavía por el retórico sensiblerismo ochocentista. Y por esta causa, sin duda, la prensa de gran circulación de Galicia apenas tuvo conocimiento de su existencia, lo que nos parece sencillamente lamentable y revelador de un triste síntoma: el de que hay periódicos muy leídos y por lo tanto con la grave responsabilidad de influir en el público que no están sobre ese público, sino que sienten a su nivel y antes que orientarlo se dedican a seguirlo y a complacerlo en sus gustos y aficiones, aunque éstos sean bajos y pobres. Si así no fuera, los poemas de Manuel Antonio y de Amado Carballo hoy disfrutarían del aura fecunda de la popularidad.

Dúas obras do escritor Euxenio Montes Domínguez (1900-1982) consérvanse igualmente na fracción da biblioteca de Antón Vilar Ponte que atesoura a Academia Galega. A primeira delas é o breve ensaio *Estética da muiñeira* (1923), que aparecera previamente nas páxinas do boletín *Nós* en tres entregas (Montes 1922-1923) e cuxo exemplar presenta unha dedicatoria autógrafa que di así: “Ô Antón Villar Ponte, que ás veces carbura a miña i-alma con labaradas de patriotismo e de fé. Co agarimo de Euxenio Montes”. A segunda é o poemario *Versos a tres cás o neto* (1930), tirado do prelo por Ánxel Casal.

Euxenio Montes achegárase ao nacionalismo galego da man de Vicente Risco, participara persoalmente na II Asemblea Nacionalista (Compostela, novembro de 1919) e convertérase nun dos intelectuais novos máis relevantes, mercé á edición do seu libro *O vello mariñeiro toma o sol e outros contos* (1922) na Céltiga de Ferrol (con ilustracións de Fernández Mazas), ás súas colaboracións no boletín *Nós* e ás súas columnas en *La Zarpa* e *El Pueblo Gallego*. O 17 de novembro de 1924, convidado por Antón Vilar Ponte, daquela bibliotecario da Reunión de Artesáns, Montes pronunciou na Coruña a conferencia “El pasado y el porvenir de la cultura gallega”. O de Viveiro fixo a presentación e, segundo *A Nosa Terra*,

pronunciou unhas verbas interesantes de gabanza de Montes facendo contrastar axeitadamente a súa cultura e a súa labor idealista co'a inercia e falla de ideás da mocidade actual que non ten máis aspiracións que os deportes, conocer as marcas

dos automóveis e outras cousas pol-o xeito carentes de idealidade. Moi atinadas e oportunas verbas que merecen a nosa embora.⁵⁶

Cando obtivo por oposición unha cátedra de Lóxica no Instituto de Cádiz, Antón Vilar Ponte felicitouno cordialmente nun artigo de prensa (1926i), facendo votos para que retornase axiña a Galiza e continuase facendo achegas relevantes á nosa cultura. Mais o que aconteceu foi algo ben distinto, pois Montes, que chegou a ser discípulo académico de Ortega y Gasset e que se relacionou coa Residencia de Estudiantes, cos poetas da Xeración do 27 e con José María Pemán, non tardaría en pasar a formar parte do núcleo literario español, reaccionario no ideolóxico e ultraísta no estético, que abandeiraba Giménez Caballero coa súa revista *La Gaceta Literaria*, a colaborar de maneira asidua e como correspondente no estranxeiro (París, Londres, Berlín, Roma...) en publicacións monárquicas, católicas e dereitistas como *El Debate*, *ABC* e a revista *Acción Española*, e a destacar entre os intelectuais hispanos (Dionisio Ridruejo, Pedro Michelena, Rafael Sánchez Mazas...) que rodearon a figura de José Antonio Primo de Rivera, participando con el na fundación da Falange.

Durante a guerra e a posguerra, Montes desempeñou importantes cargos de índole cultural e propagandística para Franco, sobre todo en América Latina, aínda que padeceu a antipatía de certos círculos oficiais, que non lle perdoaban a súa “irregular” situación no plano persoal-afectivo: casado e pai de dúas fillas, estaba separado *de facto* e convivía con outra muller; a actriz, dramaturga, tradutora, guionista e produtora de cine Natividad Zaro (1901-1978), tamén vinculada á Falange. Montes publicou ensaios como *El viajero y su sombra* (1940), *Melodía italiana* (1944), *Elegías europeas* (1949) e *La estrella y la estela* (1953). Desde 1940 foi membro da Real Academia Española e desde 1954 exerceu como director do Instituto de España en Roma.

Do mozo Urbano Rodríguez Moledo (1902-1936), que foi presidente do Ateneo de Lavadores e asasinado polos falanxistas no monte do Castro, en Vigo, polo seu compromiso como sindicalista da UGT, consérvase na fracción da biblioteca Vilar Ponte depositada na Academia un exemplar dedicado o día 27 de abril de 1928 do poemario *Dolmen* (1928), no que resultan evidentes as pegadas estéticas de Cabanillas e Amado Carballo.

56 “No Circo de Artesanos. Unha conferencia de Euxenio Montes” *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 207 (1/XII/1924), p. 9.

Sobre a relación persoal que estableceu Vilar Ponte co mozo marinense pouco máis sabemos que o feito de que debateron amigabelmente na prensa en 1929 arredor da pertinencia da ORGA (1929i). Probabelmente tamén fose campo de encontro entre eles o interese pola cuestión teatral, pois Urbano, alén de sindicalista e poeta, foi cultivador entusiasta dese xénero, animando en terras viguesas o cadro de declamación Máximo Gorki e escribindo pezas como o monólogo *Orfo do mar* (1921), os xoguetes cómicos *O becho pequeno* e *Castrapadas*, o drama de beiramar en tres actos *Dosinda*, a zarzuela *O pirmeiro amor* (con música de Ángel Teijeiro) e a traxedia *A volta da perdida*, estreada en 1933 e rescatada en 2007 por Rexina Vega, autora que recreou a propia vida do autor na súa novela *Cardume*.

Do poeta e xornalista vigués Ánxel Sevillano García (1906-1989) atesóurase no espolio bibliográfico vilarpontino conservado na Academia Galega un volume, *O muíño albeiro (poemas en dous tempos)*, editado en 1935 con prólogo de Ramón Otero Pedrayo. Para ese libro tivo Antón palabras de eloxio, como as doutros críticos coetáneos,⁵⁷ salientando que a obra presentaba inconfundíbeis recendos neotrobadorescos e neopopularistas. Mais ao fío da edición dese libro, precisamente, reflexionará sobre as causas dun fenómeno desacougante relacionado coa poesía galega que se verificaba nesa altura:

¿cómo nuestros poetas modernos —que por “modernos” solamente no serían buenos— resultan menos populares que los antiguos: los del primer renacimiento y los que les siguen en orden cronológico? Desde luego porque no hacen concesiones al vulgo. También, aunque parezca paradójico, porque hoy en la Prensa gallega se les dedica menor atención a nuestros poetas que escriben en lengua vernácula que en el siglo pasado y en los comienzos del corriente. Acaso —y he aquí una nueva y triste paradoja— porque hogaño se cultiva más el gallego que antaño y en todo elogio a nuestro idioma se ve un peligro político. En cambio, los escritores extraños que sirven las agencias tienen vía libre para hablar de lo que se les antoje. Sin embargo, repito, nunca brilló con más grande esplendor que en la época actual la poesía gallega, ni nunca tampoco los poetas refinaron el léxico como ahora lo refinan. (1935i)

O feito de que *O muíño albeiro* de Sevillano resultase o único libro de poemas en galego editado ao longo de 1935 fixo que Antón escribise outro artigo

57 O volume de Sevillano sería tamén recensionado por Prudencio Taboada Tabanera (1935) e por Ricardo Carballo Calero (1935).

(1935l) en que lamentaba tan escasa colleita nun país que tiña dado mostras de posuír unha excelente tradición lírica.

Dentro deste apartado incluiremos, finalmente, a figura do xornalista e poeta de orixes herculinas Xulio Sigüenza Reimúndez (1898-1965), emigrante en diversos países de América (Cuba, EE.UU., Arxentina, Uruguai), home próximo nalgúns instantes ao movemento *irmandiño* e ao galeguismo, colaborador de numerosos cabezallos da prensa galega emigrada (a revista bonaerense *Céltiga* editoulle en 1927 o seu libro de poesía en castelán *La ruta aventurera*), director da revista *Galicia* do Centro Galego de Montevideo e, xa retornado definitivamente a Galiza, membro destacado da redacción do diario de Portela Valladares, *El Pueblo Gallego*.

Sigüenza achegou para a biblioteca vilarpontina tres exemplares distintos: o seu primeiro libro impreso, *De los agros celtas*, poemario publicado na Habana en 1923 con prólogo de Jacinto Benavente, ilustracións de Gregorio Campos e a seguinte dedicatoria manuscrita para Vilar Ponte, asinada na Habana en abril de 1924: “A Don Antonio Villar Ponte con mi admiración sincerísima”; outro poemario seu, titulado *Cantigas e verbas ao ar* e editado pola Nós de Ánxel Casal na Coruña en 1928, con cuberta de Lolita Díaz Baliño; e, finalmente, o volume de artigos publicados previamente na prensa *Galicia: cara y cruz*, que viu lume en Montevideo en 1930 da man da editora Cartel, vinculada ao propio autor. De feito, resucitaría esa denominación para a editora do seu libro *Las canciones extrañadas* (1937) e para unha revista literaria e artística que se publicou en Vigo na inmediata posguerra, ao igual que o seu *Poemas del Imperio* (1939).

Con motivo da partida de Sigüenza cara á Arxentina en 1926, logo de botar unha tempada na Coruña, louvará Antón Vilar Ponte as tres obras literarias que o escritor tiña até entón publicadas (un libro de versos, *Los agros celtas*; outro de baladas en prosa, *Del amor y la muerte*, e mais unha novela de ambiente “regional”, titulada *El lobo*, as tres editadas na Habana), animándoo a seguir o cultivo das letras e ponderando as súas virtudes como intelectual serio e modesto (1926e). Logo, en 1931, honrou co seu comentario na prensa *Galicia, cara y cruz*, aseverando que permitía deducir entre os trazos da personalidade do autor “la inteligencia clara, la bondad ingénita y el amor a lo bello —en el sentido platoniano—” (1931b).⁵⁸ Na introdución do seu comentario sobre esa obra, o de Viveiro non

58 Moito menos condescendente se amosou o anónimo comentarista de *La Voz de Galicia*, para quen a obra de Sigüenza era un simple “libro de exaltación regional” no que “sería apetecible algo más de ponderación en el encomio”, para acabar concluíndo: “No compartimos todos los puntos de vista ni aceptamos todas las sugerencias de este libro de Julio Sigüenza; pero no nos cabe duda de que su corazón y su pluma son

deixou de expresar, así e todo, certa incomodidade cos eloxios que no propio texto Sigüenza lle dirixira:

Julio Sigüenza ha publicado un nuevo libro. Se intitula *Galicia cara y cruz*. Editóse en Montevideo, donde tiene su residencia el autor. Lo leí de un tirón. Pero vacilé al tomar la pluma para dedicarle un comentario. ¿Por qué? Porque Julio Sigüenza, siempre tan bueno y tan generoso, en esta su nueva producción me endilga unos galeatos que han sublevado mi no fingida modestia. Y yo pensé después de releerlos: ¿Un libro en que se elogia a uno debe uno elogiarlo? Si es bueno, sí; en caso contrario, no. Y he aquí que, a mi pobre juicio, el libro de Sigüenza resulta obra de positivo mérito, razón por la cual me veo imposibilitado de silenciarlo. Lo silenciaría, a pesar de los elogios que me dedica, si fuese malo. Pero siendo meritorio, aunque yo lo califique de notable, nadie tendrá derecho a ver en mis palabras un nuevo ensayo de *bombo mutuo* tan corriente en nuestra latitud y en todas las latitudes. (1931b)⁵⁹

Xa fixemos referencia ao falarmos das obras de Blanco Amor presentes na biblioteca de Antón Vilar Ponte a un opúsculo editado na Arxentina en 1928 en que se xuntaron os respectivos textos dunha conferencia do escritor ourensán sobre o estado da cultura galega e doutra de Ramón Suárez Picallo (1894-1964), titulada “El Mariscal Pardo de Cela”, respectivamente.

Meniño e mozo mariñeiro en Veloi-Sada, Suárez Picallo emigrou con dezanove anos a América, onde foi activista e dirixente obreiro, brillante orador, xornalista vocacional, activo redactor da revista *Céltiga* e destacado dirixente da Federación de Sociedades Galega. Retornou á Península en 1931, para ser deputado nas Constituíntes pola ORGA e converteuse logo nun dos máximos dirixentes do Partido Galeguista, director do semanario galego de esquerdas *Ser* e deputado outra volta en febreiro do 36, nas listaxes da Fronte Popular.

movidos por un noble y levantado sentimiento de amor a Galicia” (“*Galicia cara y cruz*. Un libro de Julio Sigüenza”, *La Voz de Galicia*. 31/I/1931, p. 2).

59 O escritor coruñés emigrado en Montevideo estampara no seu libro, concretamente, a seguinte louvanza de Vilar Ponte: “Ya es hora de que Galicia rinda a Villar Ponte el homenaje nacional que en justicia le debe. Nadie ha trabajado más que él, en nuestra tierra, por elevarla al rango de discreción que hoy ocupa en el mundo. A su esfuerzo personal, a su saber y a su formidable capacidad de trabajo, debe Galicia, en los últimos quince años, el más grande impulso que ha recibido en el camino del progreso ascendente que todos le estamos viendo subir. Villar Ponte es el máximo periodista gallego; es gran dramaturgo y poeta, y el verdadero encauzador de todo ese movimiento promisorio que nace con las Hirmandades da Fala, y se infiltra en todos los órdenes de las actividades de nuestra vida de colectividad. Saltando por encima de la noble capacidad de sacrificio de Villar Ponte, Galicia debe rendir en él un homenaje al padre, al filósofo, y al orientador de ese movimiento redentor que la está capacitando.” (Sigüenza 1930, pp. 101-102).

Suárez Picallo, a quen Castelao se refería cariñosamente co alcume *rillote das Mariñas*, coñeceu en persoa o xornalista viveirense no transcurso dun acto celebrado na Reunión de Artesáns coruñesa en agosto de 1926, logo de que regresase da viaxe que o levara á localidade suíza de Xenebra para asistir, como sindicalista arxentino, á 8ª Conferencia Internacional do Traballo. Tras pasar uns días en Sada, onde recibiu unha homenaxe popular, Ramón ocupou a tribuna da Reunión para disertar sobre o tema “Galicia en América”. A súa presentación fíxoa o de Viveiro nos seguintes termos:

Díjose que los pueblos felices y las mujeres felices son los que no tienen historia. No sé si esto es cierto. Pero sí lo es y si se les puede aplicar también a los hombres, os digo que Ramón Suárez Picallo no es feliz porque, pese a sus pocos años, ya tiene una larga historia. Era casi un niño cuando salió de su tierra natal, Sada, con el petate del emigrante a costas para embarcarse en un vapor cara a Buenos Aires, sabiendo ya entonces cuanto tienen de rudo el oficio de marinero y el oficio de labriego. En Buenos Aires, en la gran metrópoli tentacular de Sudamérica, dedicando al estudio horas robadas al sueño, pudo ganar la consideración de sus hermanos de trabajo, primeramente; luego la de todo el proletariado argentino, y, por último, también la de los intelectuales.

Todavía está por hacer el poema de los nuevos conquistadores de América. En ese poema, el día que se haga, Ramón Suárez Picallo merece un puesto de honor. Porque él triunfó en la Argentina, tremolando en el aire la bandera de la ciudadanía, de la libertad y de la democracia, sin más armas que las que por sí mismo, sin ayuda de nadie, supo forjar en la gran forja de su cerebro.

Yo en Ramón Suárez Picallo saludo a un gallego honrosamente representativo, un puro vástago de la raza que tiene todos sus esenciales intereses en el campo y en la mariña, por algo Picallo es hijo de un hogar medio labriego y medio marinero, donde la hoz y el remo pudieran ser las armas de su escudo de nobleza.⁶⁰

E grazas á crónica/glosa ofrecida por Manuel García Barros no xornal estradense *El Emigrado* (Ken Keirades 1926), sabemos igualmente que Antón erixiu Suárez Picallo na súa presentación como paradigma dun novo tipo de emigrante galego:

60 “En la «Reunión de Artesanos». Clausura de la Exposición «Carmelo» y conferencia de Suárez Picallo”. *El Orzán. Diario independiente*. 22/VIII/1926, p. 1. Pola crónica do acto inserida na revista herculina *Galicia industrial y comercial* (nº 5, VIII/1926, p 10), sabemos que tanto a presentación coma a conferencia se desenvolveron, non obstante, en lingua galega.

O noso amigo trai saúde e se permite o luxo de ter ideas. ¡Qué importa que non traya cartos! El sin cartos, sin leontina d'ouro, sin anelos, colleita mais consideración aquí e n-a América que os que fixeron cartos a costa da saúde do corpo e da i-alma nas terras do novo mundo; incluso que aqués que veñen c'o corpo en automóvile e que si veñen c'o corpo en automóvile andan c'o espírito en carreta, merecendo o triste nome gogoliano de *almas mortas*, que eu lles apriqueei un día. Ramón Suárez Picallo é un alma viva, un corazón aceso, un cerebro con fervenza de pensamentos. E como fala ben o castelán, non se avergonza de falar galego, non di que se l'esqueceu o galego. I-é galego, galego enxebre por riba de todo na Arxentina e onde queira; galego dos que, por selo e por saber selo, fan mais pol-o bó nome da Terra que a maoría d'esos ricachos chamados indianos na Galicia e 'gallegos' en América que andan por ahí adiante amostrando, onde non unha cómica fachenda, a súa triste inutilidade cáseque constantemente.

2.6. INVESTIGADORES E ERUDITOS

Unha parte dos libros que pertenceron á biblioteca persoal de Antón Vilar Ponte depositados na Academia corresponden á autoría de diversos investigadores, eruditos e divulgadores culturais desa época, moitos deles residentes na mesma urbe herculina que o xornalista. Ben porque o trataban de xeito persoal, máis ou menos asiduo, en parladoiros, redaccións de xornal ou no seo de determinadas entidades (Reunión de Artesáns, Academia Galega etc.); ben porque non ignoraban o seu permanente interese en todo o que tivese que ver co desenvolvemento cultural galego; ben porque sabían que era un dos divulgadores na prensa de maior prestixio e máis lido nesa altura; ben, xaora, por calquera outra razón de índole parella que non contemplemos aquí, o certo é que eses literatos lle achegaron ao de Viveiro nalgún instante da súa traxectoria exemplares que recollían os froitos acabados dese labor de indagación e difusión en diversas materias.

O primeiro deles, seguíndomos unha orde alfabética, é o betanceiro Salvador Cabeza de León (1864-1934), destacado rexionalista na liña de Alfredo Brañas na fin do século XIX, alcalde de Compostela entre 1911 e 1914, decano e catedrático da Facultade de Dereito, fundador e primeiro presidente de Cántigas e Agarimos e, a partir de 1925 e ata a súa morte, presidente do Seminario de Estudos Galegos.

Da súa autoría gárdanse na fracción da biblioteca vilarpontina depositada na Academia dous textos impresos, o primeiro relacionado coa vida académica compostelá e o segundo lido nas sesións do Seminario de Estudos Galegos.

Titúlanse *Discurso leído en la solemne inauguración del curso académico de 1917 a 1918 en la Universidad Literaria de Santiago* (1917) e mais *Un episodio de la vida académica de don Domingo Fontán* (1924), respectivamente.

Sobre eles non coñecemos escrito do xornalista viveirense, mais si sobre outro dos traballos elaborados por Cabeza de León, titulado *A insinanza do dereito román na Universidade de Sant-Yago, hastra o plan de estudos de 1772*. Avaliouno así:

Sabiendo cuán grande es la cultura y cuán relevante el talento del digno decano de la Facultad de Derecho de la Universidad compostelana, no necesitamos añadir que el nuevo estudio que ahora nos ofrece —uno más en la larga serie de ellos que lleva ofrendado a su tierra— es algo tan meritorio como interesante para conocer la evolución de la enseñanza de una rama de la jurisprudencia en Galicia. Como pocos, el señor Cabeza de León es digno del aplauso y de la gratitud de todos sus conterráneos. (1928h)

Cómpre engadir que non chegou a ser Antón membro de pleno dereito do Seminario de Estudos Galegos, se ben é certo que asistiu en persoa a moitas das súas xuntanzas e arroupouno decote na articulística saída da súa pluma con comentarios eloxiosos ás súas publicacións, aplausos ao seu labor investigador e dignificador do idioma, suxestión sobre novas liñas de traballo, reclamacións de axuda económica por parte das diversas administracións públicas e defensas fronte aos ataques ao Seminario dun sector do claustro compostelán declaradamente contrario ao galeguismo (Novo Campelo, Carmelo Viñas Mey, Ciriaco Pérez Bustamante...). Antón figurou como socio-aspirante desde o 11 de outubro de 1924 e foi admitido unha semana despois, mais á altura de agosto de 1926 continuaba sen efectuar o ingreso. Deducimos da súa ausencia nos listados de socios nas sucesivas memorias anuais que non debeu cumprimentar posteriormente tampouco esa preceptiva entrega e lectura dun traballo orixinal en galego para adquirir a condición de numerario, a diferenza do seu irmán Ramón, quen ingresou co discurso *O sentimento nazonalista e o internazonalismo* o 12 de febreiro de 1927. Que estivese centrado neses anos nos labores da Academia Galega como membro correspondente e da Reunión de Artesáns como directivo, e que boa parte do propio Seminario estivese formado polo sector do galeguismo máis “risquiano”, reticente en liñas xerais ás ideas esquerdistas e republicanas que enarboraba o de Viveiro, talvez sexan posíbeis explicacións parciais desa matizada “distancia” entre el e a entidade presidida por Cabeza de León.

Outra figura a destacar é a do erudito, arqueólogo, profesor do Colexio Dequidt, desde 1927 numerario da Academia Galega e a partir de 1946 cronista oficial da urbe herculina Ángel del Castillo López (1886-1961), quen agasallou o viveirense en maio de 1921 co texto impreso da súa conferencia “Riqueza monumental y artística de Galicia”, pronunciada na Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns da Coruña o día 6 de maio de 1920. O exemplar aparece acompañado pola seguinte dedicatoria manuscrita: “A mi querido amigo y distinguido escritor D. Antonio Villar Ponte, con todo el agradecimiento que merece. Su reconocido amigo”.

A citada conferencia constituíu unha primeira achega do autor no proceso de elaboración do seu celebrado *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, que sería publicado moitos anos máis tarde, concretamente en 1972, pola editorial Bibliófilos Gallegos. En 1926, ao fío doutra conferencia pronunciada no Pazo Municipal coruñés por Del Castillo, titulada “Del patrimonio artístico de Galicia”, Antón Vilar Ponte dedicoulle unha acesa louvanza como estudoso e protector do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico galego (1926d), salientando a súa “verdadera solvencia intelectual” e ponderando a súa capacidade para “advertir la presencia del alma en la cosa más vetusta y antigua; sabe animar el dato frío y el detalle erudito, exhumado del polvo de los archivos y del musgo y la yedra de las ruinas, con la flor viva de la sugerencia luminosa llena de perfume creador”.

Así e todo, aínda que Del Castillo frecuentou a Cova Céltica coruñesa, colaborou desde os inicios da institución coa Academia, foi socio do Seminario de Estudos Galegos, enviou algún traballo ao boletín *Nós* e mesmo chegou a escribir e publicar unha novela en galego na colección Lar, titulada *A dona das torres* (1925), non asumiu nunca enteiramente o ideario lingüístico postulado polas Irmandades. A súa pouca sensibilidade ou a súa incongruencia á hora de procurar o emprego da verdadeira toponimia galega nos seus traballos, botando man da forma castellanizada **Cebroero* pola lexítima *Cebreiro*, por exemplo, foi motivo para que o xornalista de Viveiro lle fixese chegar a súa razoada queixa. O boletín *A Nosa Terra*, daquela en mans da Irmandade coruñesa e enfrontado ao propio Vilar Ponte, como dirixente que era da ING, saíu nesa ocasión en pechada defensa do académico,⁶¹ mais o xornalista reiteraría a súa crítica noutros artigos posteriores (1930i):⁶²

Cando oyo dicir a un galego que se considera bô galego, falando do monte do Cebreiro, el “Cebroero”, sinto algo somellante ô efeuto d’unha labazada forte. E si o galego que tal dí, é home de certa cultura, d’aquela a miña mágoa resulta maior.

61 “En poucas verbas”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 163 (15/V/1922), pp. 3-4.

62 Insistindo no tema publicaría tamén “Pretextos cotidianos. ¿Cebroero o Cebreiro?” (1931e).

Eso, mail-o feito de ver de cando en cando poemas portugueses traducidos ô castelán en xornais de Galicia, son cousas que remexen o fondal do meu enxebrismo, amarguexándoo. Un galego que non entenda os poemas portugueses en portugués, non entende nin gusta tampouco dos poemas galegos en galego, co que demostra unha triste incultura que redunda, inda que él non'o creía, en desprestixo da súa propia natureza. E o que dí “Cebrero” en troques de Cebreiro, recoñece de xeito inconsciente a inferioridade do espírito da súa terra con respecto ô de Castela, [...]. A castelanización d'esa verba com'a d'algunos outros [sic] de toponimia castiza vencellada con lendas e feitos galegos, son cancros desgalizadores [sic] pol-os que xorra o sangue da nosa i-alma colectiva para nos ir deixando murchos e magros espiritualmente. [...]

Cada verba galega —o mesmo que as dos mais idiomas—, ten unha i-alma de seu, e cando se deixa estranxeizar o que se fai é abrírlle un burato, coma quen dí, que outra i-alma estrana meténdose por él, n'un gurgullo verbal, vaia pouquiño a pouco, paseniñamente, roendo o corazón da terra que a formou no seo misterioso do propio etnos.

Por outra banda, tamén recibiu Antón Vilar Ponte de mans doutro erudito coruñés, o avogado Narciso Correal Freire de Andrade (1876-1951), con dedicatoria autógrafa incluída, o volume *La obra poética de Concepción Arenal y su romancero “Anales de la Virtud”* (1920).

Colaborador de *La Voz de Galicia* e da revista *Vida Gallega*, concelleiro monárquico nos primeiros compases do século XX e membro de diversas academias, Narciso Correal fixo doazón de libros e obxectos para a Corporación presidida por Murguía, da que foi correspondente desde 1907 e numerario a partir de 1939.

A pesar das distancias ideolóxicas que os separaban, Antón escribiría na prensa sobre outro dos ensaios de Correal arredor da penalista ferrolá, o intitulado *Concepción Arenal y los problemas sociales contemporáneos* (1923), considerando que o colocaba nun lugar moi digno entre os especialistas sobre esa figura, que era obra “admirable que nadie que de patriota y culto se precie podrá dejar de leer” e que demostraba unha querenza polos temas e persoeiros da historia galega (Teresa Herrera, Juana de Vega, Aureliano José Pereira, Benito Pla Cancela etc.) moi digna de agradecer e imitar (1923c):

Narciso Correal, que tanto incienso retórico, fruto de su espíritu exquisito y dilecto de gran artista de la palabra, lleva quemado en altares dignos de veneración para todos los gallegos, merece sinceros elogios y merece también ser puesto como modelo de ejemplaridad a los ojos de cuantos dueños de las condiciones y medios

requeridos al objeto de poder consagrarse a la glorificación y divulgación de prestigios patrios, ni lo intentan ni apoyan a otros que serían capaces de intentarlo.

O inspector de ensino Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955) foi, durante certo tempo, un dos discípulos intelectuais favoritos de Vicente Risco e un dos membros do grupo da ING ourensá en quen aquel depositou maiores esperanzas, finalmente pouco corroboradas pola posterior evolución ideolóxico-política do aludido.

Probabelmente por mor da común pertenza do mozo eumés e do xornalista Antón Vilar Ponte, durante algún tempo cando menos, á citada ING, organización xurdida da ruptura das Irmandades na Asemblea de Monforte en 1922, Couceiro fíxolle chegar en xaneiro de 1926 ao autor de *Almas mortas* un exemplar dedicado do seu libro poético *Lóstregos*. Ata onde sabemos, porén, o de Viveiro non comentou o volume en ningún artigo da súa autoría.

En maio de 1928, estes dous Antonios discutiron publicamente na prensa a propósito da corrección do léxico empregado por Otero Pedrayo na súa novela *Os señores da terra*. Mentres o de Pontedeume, que sentaba cátedra por esa época nas planas de *El Pueblo Gallego*, tanto en entrevista⁶³ coma por medio dun folletín por entregas titulado “Ortografía gallega. Bases para su unificación” (1928a),⁶⁴ sobre cales eran as orientacións máis convenientes para a unificación ortográfica e normativa do galego, afeáballe ao de Trasalba a tendencia diferencialista, hiperenxebrista e ruralista no manexo do vocabulario (1928b), o de Viveiro recrimináballe ao de Pontedeume que, como mínimo, non fose quen de expoñer eses reparos filolóxicos empregando o propio idioma galego, cuxa normativización aparentemente tanto o preocupaba (Anvipo 1928):

63 “Los problemas actuales del habla gallega. Una conversación con el Sr. Couceiro Freijomil” (*El Pueblo Gallego*, 28/IV/1928, p. 9). Indicaba Couceiro, nesta orde de cousas: “[...] propongo ajustarnos en lo posible a la ortografía castellana, ‘la más perfecta entre las ortografías de las grandes lenguas literarias’, en frase de Menéndez Pidal, y que resolvamos por la ortografía portuguesa sólo aquellos casos que no tengan solución por el castellano, pero sin introducir ningún nuevo signo, ni tampoco ninguna combinación consonántica extraña a esta lengua”.

64 O texto publicado no folletón correspondía a unha conferencia pronunciada previamente por Couceiro Freijomil durante a IV Asemblea Xeral do Seminario de Estudos Galegos. Entre as orientacións que marcaba nesas “Bases”, sempre co español como punto explícito de referencia canónica, cabe salientar a aposta polas grafías *ó* e *unha*; o uso de circunflexo en certas palabras (*pôr, môr, dôr, côr...*); o rexeitamento da gheada; o uso *x* para a representación da fricativa palatal xorda; a eliminación do *y* grego; o rexeitamento do uso de *lh* e *nh*; a representación dos grupos cultos co mesmo criterio que en español; o rexeitamento do uso de grafías como *Hespaña, irmán*; a adopción de criterios restritivos no tocante ao uso de apóstrofo e trazo etc.

Leio canto se di sobre da nosa lingua nas llanas [sic] d'este xornal. E penso unha cousa seique asisada: que ó se tratar d'un pleito que somentes interesa ós que escriben en galego, en galego tería d'escribirse todo o que se relacione c'o asunto. Non xa como agasallo á lingua que desexamos erguer senon por razón que cabería chamar pedagóxica.

Meu distinto amigo Couceiro Freixomil ven dando iñormas para ben espresármolos na lingua materna. Pro daias en castelán. E se as dera en galego, posto que demostra coñecer o galego, todos prenderíamos a escribilo como Deus e maila Filoloxía mandan. O longo dos tempos Frai Exemplo foi sempre o millor predicador. Se os que saben os xeitos mais comenentes para culturizar o noso idioma non van por diante, facendo de guieiros, atoparémonos c'a paradoxa de que se nos deixa soios ós que escribimos cativamente o galego para logo crit[ic]árenos [...]. Soio prenderemos a escribir ben o galego, ollando modelos de bó galego. Non abonda chantar na memoria as regras gramaticas; percísase máis: empregalas atinadamente, con todo xusteza, á hora da verdade, no momento de falar ou escribir para o público.

Pouco despois, en febreiro de 1929, Couceiro Freijomil saíu en defensa do nomeamento de Jaime Solá como numerario da Academia Galega, descualificando duramente os medios e autores que o criticaran, como fora o caso do xornal *A Nosa Terra* (que para Couceiro “es una revista que apenas nadie lee, circunscrita al breve grupo de los que se apodan os «bós e xenerosos» y que, a juzgar por lo que vamos viendo, no tienen nada de tales”) e das propias Irmandades fundadas por Vilar Ponte (“comparsa pseudo galleguista, que viene pretendiendo el monopolio de los temas regionales”).

E aínda despois, concretamente durante os meses de xuño e xullo de 1930, o eumés e o viveirense protagonizaron, así mesmo, unha intensa polémica pública arredor da pertinencia e lexitimidade ou non da bandeira franxiceleste como símbolo galego “auténtico”. Mentres un esixía “que la bandera de Galicia que se adopte sea la verdadera [totalmente branca], y no ese lienzo blanco con una franja diagonal azul, generalmente acatado como divisa regional sin base ninguna para conferirle tan alta categoría” (Couceiro 1930), outro replicaba que o uso da franxiceleste estaba suficientemente consagrado desde había ben tempo, pois alén da súa utilización en eventos históricos como a guerra contra o francés e de ser un deseño lexitimado por Murguía, envoltas nese lenzo baixaran á tumba figuras tan representativas da galegitude como Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Xoán V. Viqueira, Porteiro Garea e Losada Diéguez (1930f).⁶⁵

65 Reproducido tamén co título de “La bandera de Galicia” en *El Noroeste* (1930g).

Expostas as opinións, sería o plenario da Academia Galega, a requirimento de diversos sectores, quen resolverse o 8 de xullo de 1930 o preito. E a pesar de que tanto o presidente nese intre da Corporación, Eladio Rodríguez, coma o seu secretario, César Vaamonde Lores, emitiron a título particular a opinión de que era Couceiro Freijomil quen levaba razón, o criterio que finalmente prevaleceu por unanimidade, tras a elaboración e debate dos correspondentes informes, foi que a bandeira galega era a branca con franxa diagonal celeste dende o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.⁶⁶

Couceiro Freijomil, porén, non se deu por satisfeito e, co apoio de certos medios de prensa (*Vida Gallega*, *Faro de Vigo*, *El Eco de Santiago* e o madrileño ABC), aínda tornaría a colocar a polémica cuestión en 1935, atacando a bandeira “franxiceleste” xa non por inauténtica, senón porque constituía, tamén, un símbolo “separatista”. En defensa da bandeira azul e branca saíron nese debate institucións como o Seminario de Estudos Galegos e Labor Gallega de Pontevedra, xornais como *A Nosa Terra*, *Ser*, *Heraldo de Galicia* e *El Pueblo Gallego* e mais xornalistas como Vitor Casas, *Johán Carballeira*, Prudencio Taboada, Adelardo Novo e Leandro Carré. Resumindo o sentir de todos eles, sentenciaba un editorial de *El Pueblo Gallego*:⁶⁷

No parece sino que algunas gentes pretenden un obscuro fin que tenga por base la discordia. [...]

La bandera de Galicia es la que actualmente rige. La ha impuesto el uso, la costumbre, en estos últimos 50 años. [...]

Historia? Entiérrense esos señores con sus pergaminos en lo más profundo de los siglos pretéritos. No hay nada histórico si no está fabricado por el pueblo, cuyo desenvolvimiento es el motor de la Historia. Todo es mutable en la carrera de las épocas. Y esa misma bandera que se pretende dar como única, fué algún día cosa nueva y sin tradición. [...]

No hay problema ni duda sobre la bandera de Galicia. Y es necio que hablen de separatismo quienes pretenden dividirnos en dos nuevos frentes y dentro de una misma región.

Cuide la Prensa de vivir al día los problemas de la tierra que la sustenta, y niegue cerradamente sus columnas a los que, si no pretenden peores designios pretenden, por lo menos, popularizar su nombre aun cuando sea a costa de la armonía y concordia entre los gallegos.

66 “La bandera de Galicia. El dictamen de la Real Academia Gallega”. (*El Noroeste*. 10/VII/1930, p. 1) e mais “El dictamen de la Academia Gallega sobre la bandera de Galicia” (*El Pueblo Gallego*. 10/VII/1930, p. 5).

67 “Impresiones. Otra vez la bandera de Galicia” (*El Pueblo Gallego*. 29/IX/1935, p. 1).

Perante esa nova campaña de Couceiro Freijomil, o propio Antón Vilar Ponte rompería novamente lanzas para condenar ese novo intento de converter en causa de división un asunto que a opinión galega, ao seu ver, tiña xa sentenciado definitivamente:

Don Antonio Couceiro Freijomil, viejo amigo mío, vuelve sobre el tema de la bandera gallega. Y vuelve, además, de una manera francamente antigallega. Que tanto significa someter un pleito íntimo nuestro (tan íntimo, que afecta sólo a nuestro propio sentimiento) a las decisiones de una corporación centralista para que ella decida con fuerza de obligar ateniéndose a un decreto del Ministerio de la Puerta del Sol.

Era lo único que nos faltaba. Que en una cosa gallega, netamente gallega, de mera expresión sentimental, también fuésemos aceptar ingerencias extrañas iy solicitada nada menos que por un conterráneo que se preocupa de cuestiones que se relacionan con nuestra cultura original! ¿No comprende el señor Couceiro Freijomil que bastaría que el diseño de la bandera gallega nos lo impusieran desde Madrid para que todos los conterraneos conscientes lo rechazásemos con asco?

¿Que la bandera azul y blanca es un símbolo partidista y además ilegal? Parece mentira que diga eso el señor Couceiro. La bandera azul y blanca que está considerada como oficial actualmente, la ideó Murguía [...].

¿Qué bandera, pues, más digna de Galicia que ésta? [...]

Y piense además que la bandera azul y blanca, bella bandera que acribillaron a tiros los caciques de Celanova y que consoló en horas de prisión y de destierro a muchos galleguistas, amantes de la libertad, es la bandera que un hecho histórico hizo republicana, luego de haber sido sudario de egregios muertos representativos. Y nada más, porque no hace falta. (1935m)

Pese a coincidiren desde o primeiro instante no seo da Irmandade da Fala da Coruña, a sintonía entre Leandro Carré Alvarellos (1888-1976) e Antón Vilar Ponte brillou case sempre pola súa ausencia. As tensións arredor do repertorio do Conservatorio Nazonal, que levaron á súa rápida disolución e ao nacemento da man de Carré dunha Escola Dramática Galega pouco receptiva ás novas correntes estéticas, e o posterior cisma *irmandiño* que desembocou na creación da ING liderada por Risco foron dúas das moitas ocasións en que ambos os persoeiros ocuparon trincheiras confrontadas. A total ausencia do viveirense do catálogo de Lar acha, por iso mesmo, acaída explicación.

Tomando como pretexto o título do artigo vilarpontino “Duas crases de galeguistas”, aparecido orixinarimente n’A Nosa Terra o 15 de xullo de 1921,

Leandro Carré arremeteu, aínda que sen citalo expresamente, contra o de Viveiro no traballo, de título enganosamente conciliador, “É mester reitificar”, publicado no mesmo boletín o 1 de decembro de 1922. Os nacionalistas galegos, concedía o autor d’O *pecado alleo*, dividíanse, efectivamente, en dúas clases, mais non as que sinalara Vilar Ponte (“políticos” *versus* “apostólicos”) senón nestoutras: unha, a dos constantes, a dos que viñan traballando arreo desde os tempos da Liga Gallega, a *Revista Gallega*, a primitiva *A Nosa Terra*, o monumento aos mártires de Carral etc., entre as que sería figura destacada o seu propio pai, Eugenio Carré Aldao; a outra clase, á que pertencerían os Vilar Ponte, Risco e demais membros da ING, impulsores do boletín *Nós* e aplaudidores do manifesto *¡Máis alá!*, segundo Leandro Carré (1922), sería a dos nacionalistas

que apareceron agora, que se sintiron nazonalistas de pronto, por un impulso súpeto; os que se pregoan a sí mesmos como únicos e verdadeiros nazonalistas e que non queren reconocer nen-o amor á Terra nen a labor dos outros; os novos nazonalistas son os que quixeran queimar todo o noso pasado literario; os que teñen un órgano de publicidade que eles mesmos intitulan “da cultura galega”; son os que aproveitan total-as ocasións para falaren de sí mesmos, dos seus traballos, das suas colaboracións nas revistas estranxeiras; son, en fin, os que tachan, censuran e silencian canto non sexa feito por eles, para que se vexa que realmente son os bós, os *únicos*.

Con todo e con iso, na biblioteca de Vilar Ponte está presente un exemplar do *Compendio de gramática galega* publicado por Leandro Carré en 1919 baixo as iniciais R. A., que corresponden ao seu habitual pseudónimo de *Ramón Alvarriño*. Ese exemplar aparece asinado polo fillo máis vello de Antón, Antonio Vilar Chao (*Tonecho*), quen debeu de ser, imaxinamos, quen o empregase acotío no seu proceso persoal de aprendizaxe en paralelo á súa conversión nun extraordinario futbolista do Deportivo da Coruña.

O opúsculo de Leandro Carré, de tan só 36 páxinas, fixo parte da efémera Biblioteca Galeguista impulsada pola Irmandade da Fala coruñesa en 1919 e baséase, no esencial, nos contidos da gramática publicada en 1868 polo sacerdote J. A. Saco Arce. Recibiu, ao publicarse, unha feroz diatriba por parte de F. M. (Fernando Martínez Morás) nas planas de *La Voz de Galicia* (F.M. 1919), con acusacións de plaxio de por medio, o que obrigou os membros da comisión editora do folleto, composta por Ramón Vilar Ponte, Roberto Blanco Torres, Lois Peña Novo e Bernardino Varela a replicalas mediante “carta aberta” enviada ao citado diario herculino. Sen negar que o opúsculo estivese baseado na obra de Saco Arce (esgotada había tempo), os editores defendían a oportunidade e conveniencia

dunha obra como ese *Compendio*, “útil, de divulgación, económica y comprensible”, dado que a Academia Galega non dera feito ese labor (Vilar, Varela, Peña e Blanco 1919).⁶⁸

Pouco tempo despois, o propio Leandro Carré desvelaba ser o autor do *Compendio* que se agochara baixo as iniciais R. A. e explicaba as intencións con que o confeccionara. Alén de se amosar moi satisfeito do resultado, atribuía as críticas recibidas a

sabios que en todo buscan nada mais que os defeitos, non para correxilos, senon para teren o pracer de chantar os dentes nos homes de boa voluntá que, pese aos detractores, van facendo humildemente, modestamente, unha labor nobre e fecunda. (Carré 1919)

Por outra banda, tamén lle regalou a Antón Vilar Ponte un exemplar dunha obra da súa autoría o presbítero, profesor e bibliotecario do Seminario compostelán e colaborador do *Boletín* da Academia Galega José Couselo Bouzas (1869-1962). Referímonos a *La guerra hermandina: siglo xv*, impreso na tipografía da revista compostelá *El Eco Franciscano* en 1926.

O de Viveiro ocupouse da obra nun dos seus artigos en *El Pueblo Gallego*, ao que pertencen este longo, pero entendemos que tamén revelador, fragmento (1926n):⁶⁹

[...] aparece ahora un libro que se intitula *La guerra hermandina* del presbítero don José Couselo Bouzas y que viene a arrojar nueva luz sobre aquella revolución realizada por el estado llano de Galicia en el último tercio del siglo xv.

Este esfuerzo cultural del señor Couselo se nos antoja sumamente plausible. Viene a redimírnos del trabajo de peregrinar con nuestros ojos, consumiendo muchas horas de atención, por los dilatados folios del proceso promovido contra don Alonso de Fonseca por su sucesor en la sede compostelana, Juan Tavera, en mil quinientos veintiséis. Documentos de que ya tenía noticia en su tiempo aquél sagaz escritor patriota que se llamó don Bernardo Barreiro de V.V., puesto que varias veces leemos que hubo de lamentarse de la pérdida de los mismos.

El hecho es que hoy, gracias a la aparición del referido proceso y a los estudios que, compulsando los datos de sus páginas, realizaron los señores Lence Guitián,

68 Tamén n'A *Nosa Terra* se defenderá o opúsculo de Leandro Carré mediante o artigo “Namentras ladran os cás... A Gramática Galega” (*A Nosa Terra. Boletín decenal*. 85-86, 15/IV/1919, pp. 9-10).

69 Couselo Bouzas publicaría tamén volumes como *Galicia artística en el siglo xviii y primer tercio del xix* (1932), *El Colegio de Irlandeses de Santiago de Compostela* (1935) e *La Guerra de Sucesión en Galicia* (1935).

Portela Pazos y Couselo, ya podemos comenzar la formación de juicios bastante exactos sobre la interesantísima guerra de los hermandinos que constituye uno de los capítulos más substanciales de la Historia de Galicia.

Ahora ya sabemos mucho más de lo dicho por Vasco de Aponte, López Ferreiro, Gándara y otros respecto al particular. Sobre todo las referencias tomadas por el señor Couselo del proceso promovido contra don Alonso Fonseca por Juan Tavera, permiten concretar con cierta claridad determinados extremos. [...]

Por de pronto, permítasenos exteriorizar aquí un aplauso sincero para el señor Couselo que con su libro *La guerra hermandina* ha prestado un buen servicio a la cultura histórica gallega. Este libro, como los de Ramón Otero Pedrayo, *Guía de Galicia* y *Síntese Xeográfica de Galicia* —de que hablaremos otro día—, como el del señor Silva [Ferreiro], *Galicia, voto en Cortes* y como varios más de ilustres escritores gallegos que se publicarán en breve, demuestran cuanto tiene de sólido y trascendente el actual renacimiento de la cultura de nuestra tierra.

De mans do médico militar, numerario da Academia⁷⁰ e destacado erudito⁷¹ Félix Estrada Catoyra (1853-1938) recibiu Antón para a súa biblioteca particular o volume *Contribución a la historia de La Coruña: la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en sus ochenta y tres años de vida y actuación* (1930), que non deixou logo de comentar positivamente nas planas de *El Pueblo Gallego* (1930q):

D. Félix Estrada Catoyra publicó en edición bien cuidada, de formato elegante, un libro que tiene gran interés para nosotros. Este libro se intitula *Contribución a la historia de La Coruña* y viene a ser un extracto hecho con escrupulosidad y cariño de las actas de la Reunión de Artesanos, donde se reflejan los principales acontecimientos de toda índole ocurridos en la urbe herculina desde hace ochenta y tres años a la fecha.

El “Circo de Artesanos”, como se le llama comúnmente a aquella sociedad que es la más antigua de Galicia, llegará dentro de diecisiete años a la venerable categoría de centenaria. Su vida estuvo siempre consubstanciada con la del pueblo coruñés. En ella, no solo se cultiva toda clase de recreos propios de los centros de su misma clase, sino que se dan enseñanzas de idiomas, de dibujo, música y corte, se organizan

70 Ingresou nela en 1921 co discurso *Algunas consideraciones sobre la transcendencia que para la transformación social de Galicia tuvo el reinado de los Reyes Católicos*, que respondeu un destacado detractor das Irmandades da Fala, Juan Barcia Caballero e exerceu como tesoureiro da Corporación desde 1924 ata 1938.

71 Saíron da súa pluma ensaios como *Enfermedades y mortalidad en el ejército* (1883), *Historia de los ejércitos gallegos durante la Guerra de la Independencia* (1916), *Orientaciones hispanófilas* (1917) e mais *Los médicos en la conquista de América* (1928). Este último foi comentado brevisamente polo propio Antón Vilar Ponte nas planas de *El Pueblo Gallego* (1928h).

exposiciones de Arte, ciclos de conferencias, festivales populares, etc. En todo gran dolor o en toda gran alegría coruñesa, el “Circo” ha tomado parte activa, pudiéndose decir sin hipérbole que, a lo largo de los ochenta y tres años que tiene de vida, el alma local fué siempre su propia alma, hasta tal punto que el ascenso a la presidencia de la misma equivalía al mejor espaldarazo para la ocupación de cargos de relieve en otras esferas de la actividad coruñesa.

Pues a estos merecimientos del “Circo” hay que añadir el que constituye su biblioteca, la mejor de cuantas poseen sociedades de recreo españolas. [...].

D. Félix Estrada Catoyra, autor de otros libros y folletos de gran interés para nuestra tierra que le llevaron a la Real Academia Gallega de la que es numerario, con este amplio volumen intitulado *Contribución a la historia de La Coruña* prestó un gran servicio a la veterana Reunión de Artesanos y a la urbe en que la misma tiene radicación. Las nuevas generaciones hojeando las páginas de dicho libro —que amenizan multitud de fotograbados— podrán conocer los hombres que más laboraron por el progreso coruñés y los hechos de mayor relieve ocurridos en nuestra capital desde hace la friolera de ochenta y tres años.

Realizaremos, por lo tanto, un acto de estricta justicia felicitando al señor Estrada Catoyra con motivo del gran acierto que supone la publicación de dicha obra. El serio esfuerzo realizado por aquel laborioso publicista tiene que merecer, pues, el sincero aplauso de todos los coruñeses.

Estrada Catoyra e Vilar Ponte formaron parte da mesma directiva na citada entidade recreativo-cultural entre 1924-1926, se ben o feito de que o primeiro convidase á tribuna da Reunión o entón activo propagandista católico e logo bispo Ángel Herrera Oria, firme defensor da férrea censura sobre a prensa, provocou que o de Viveiro abandonase con sonoro *portazo* esa directiva e impulsase con outros intelectuais democráticos e republicanos na Coruña a refundación da Universidade Popular, que viviu así unha segunda fase entre 1927 e 1929.

Outro dos volumes que compoñen o fondo Vilar Ponte da biblioteca académica e que leva, ademais, un prólogo do propio viveirense, é a monografía *Ribadeo antigo: noticias y documentos* (Madrid, 1933), de Francisco Lanza Álvarez (1892-1951). O exemplar conservado presenta unha dedicatoria manuscrita asinada polo autor en Buenos Aires a 25 de novembro de 1933, que di exactamente: “Pr’o meu mestre e prologuista, A. Villar Ponte, con un abrazo e co agradecimento eterno”.

Galeguista e republicano como o propio Vilar Ponte, Lanza fora impulsor do Ateneo de Ribadeo (1915), colaborara en xornais locais como *La Voz del Pueblo* e *El Eco Mercantil*, promovera en 1919 o semanario *La Comarca del Eo* e actuara

durante algún tempo como correspondente na zona do diario madrileño *El Sol*, en tempos da ditadura de Primo de Rivera. Colaborou con artigos sobre historia, ensino, lingua, toponimia, folclore e etnografía da comarca de Ribadeo no *Boletín* da Academia e na revista *Nós* (recollidos logo en *Ribadeo antigo*, precisamente)⁷² e ingresou no Seminario de Estudos Galegos en 1929. Emigrado na Arxentina poucos días antes de se proclamar a Segunda República, e convertido logo en exiliado, participou activamente na Federación de Sociedades Galegas, colaborou no xornal *Galicia*, traduciu para o español diversas obras de Eça de Queiroz e preparou o volume *Dos mil nombres gallegos*, editado postumamente (1953) polo Centro Galego de Buenos Aires.

Entre o intelectual ribadense e o viveirense existiu unha relación cordial, que se pon de manifesto na revelación dalgunhas anécdotas xornalísticas protagonizadas polo primeiro das que só podía ser sabedor o segundo por confianza directa. Así, falando do primeiro centenario do nacemento do poeta italiano Giosuè Carducci, que se cumpría en 1935, Antón revelaba nun dos seus artigos en *La Voz de Galicia* (1935e) o detalle de que durante a ditadura de Primo de Rivera o xornal ribadense *La Comarca*, dirixido por Lanza, publicara nas súas páxinas uns versos de Lamas Carvajal e que o censor oficial, ignorando quen era en realidade o vate ourensán e descoñecendo que xa había anos que morrera, solicitou que se ditase orde de captura para proceder xudicialmente contra el por subversivo.

No que respecta ao prólogo que Antón escribiu para *Ribadeo antigo* diremos que está asinado na Coruña en xuño de 1933 e que alude “al afecto fraterno que Lanza me profesa” como razón última de que figurase no libro. Na continuación, entre evocacións dos seus tempos de boticario en Foz facendo excursións pola zona mariñá⁷³ e anécdotas do derradeiro encontro persoal que tivera na Coruña con Lanza nun mitin en Monelos a comezos de abril de 1931, pouco antes de que o ribadense embarcase rumbo ás Américas, Antón enumera e destaca algúns dos méritos da obra, como a “erudición concienzuda y metódica” con que estaba feita, presentándoa ademais como froito da paciente consulta de fontes

72 No boletín ourensán apareceron, efectivamente, “O insino en Ribadeo desde o s. XVI ó XIX” (Lanza 1928-1929, logo capítulo XVI de *Ribadeo antigo*); “Folclore en Ribadeo” (1929a); “Toponimia do Partido de Ribadeu” (1929b) e “Falan os de Ribadeo” (1933a). No *Boletín* da Academia publicouse o traballo “Ribadeo en la Guerra de la Independencia” (1930-1931), que aparece como capítulo XXVII en *Ribadeo antigo* (1933b).

73 San Cosme de Barreiros, San Miguel de Reinante, A Devesa... “lugares encantadores que supieron de las ilusiones de mi adolescencia y a través de los cuales peregriné con jocundo desenfado camino de Ribadeo, la villa señorial e indiana que salvó de anemia el hierro de Villadodrid y que refleja sus pintorescas ruas pinas en las aguas melancólicas de una ría de ensueño que se expande [sic] Eo arriba con la amarga tristeza de que Figueras, Castropol y la Vega, por la absurda división administrativa en privanza, obra del centralismo monárquico, aparezcan *desgalleguizadas* actualmente, siendo en realidad tan gallegas por tradición, geografía e historia...”.

orixinais que “duermen el sueño de la historia en los plúteos de los archivos”, como resultado dunha “escrupulosa y rigorista sistematización” e como atinado e fidedigno compendio de saberes humanísticos diversos. Tras advertir sobre a previa publicación autónoma, no *Boletín de la Real Academia Gallega*, dalgúns dos capítulos que conformaban o volume, o de Viveiro sentenciaba:

Si cada pueblo de nuestra tierra tuviese un hombre de los méritos y aficiones del autor de *Ribadeo Antiguo* la Historia de Galicia podría completarse muy pronto. Pero desgraciadamente los investigadores escasean y la vocación de rebuscador de lo viejo dotado de agudo espíritu crítico abunda muy poco, tal vez porque requiere constancia, tenacidad, inteligencia y cultura.

A proximidade xeracional e xeográfica orixinarias, a común relación admirativa a respecto da figura patriarcal do poeta Leiras Pulpeiro e a devoción compartida pola mítica figura do mariscal Pardo de Cela foron algúns dos factores que anoaron a empatía entre o viveirense Antón Vilar Ponte e o mindoniense Eduardo Lence-Santar Guitián (1879-1960), autor doutro dos volumes presentes no fondo bibliográfico vilarpontino depositado na Academia: *Del obispado de Mondoñedo* (1915).

Fica testemuño da boa relación entre ambos os escritores, cando novos, nas páxinas da revista cubana *Alma gallega*, promovida por Vilar Ponte en 1910, pouco antes de regresar á Terra. No primeiro editorial, facendo relación das seccións que alimentarían o seu corpo, a revista anunciaba que “nuestro distinguido amigo D. Eduardo Lence Guitián nos ha ofrecido —y pronto la recibiremos— la mejor colección de refranes, adivinanzas y cántigas populares que existen en Galicia y que él donó a la Real Academia”. A finais de 1912, ademais, Antón aplaudía desde *La Voz de Galicia* o proxecto acariñado por Lence de reunir a obra poética completa do finado Leiras Pulpeiro e publicala nun tomo que había levar prólogo de Aurelio Ribalta. Este proxecto ficou truncado por causas que ignoramos, de maneira que sería o editor Ánxel Casal en 1930 quen o levase a cabo, coa axuda de Vilar Ponte e con Otero Pedrayo como prologuista.

Lence, que se convertería en 1917 en cronista oficial da súa cidade natal (posto que desempeñou *gratis et amore* ata o final dos seus días), promoveu nela a creación dun grupo das Irmandades da Fala, publicou n’*A Nosa Terra* o seu poema “A Paula” con expresa dedicatoria a Antón Vilar Ponte⁷⁴ e foi un dos asinantes do Manifesto de Lugo (1918). Como intelectual e membro correspondente da

74 “A Paula”. *A Nosa Terra Boletín decenal*. 58 (20/VI/1918), p. 2.

Academia Galega, centrouse en escribir traballos de etnografía e de erudición local, moitos deles dedicados aos aspectos monumentais e á historia relixiosa da vella capital provincial galega. A maioría deles coñeceron divulgación en xornais como *El Ideal Gallego* e *El Compostelano*, diversas revistas da emigración galega en América e publicacións locais como *La Voz de Mondoñedo* e *Vallibria*, mais cabe tamén amentar libros da súa autoría como *El mariscal Pardo de Cela. La Santa Hermandad* (1930). Da pluma de Antón Vilar Ponte saírían, en fin, louvanzas para a investigación realizada por Lence Guitián sobre a revolta irmandiña (1926g).

Do relixioso franciscano Atanasio López (1876-1944), de orixes leonesas, ordenado sacerdote en Compostela en 1899 e que nos anos 20 imprentou en Madrid volumes como *Memoria histórica de los Obispos de Marruecos desde el siglo XIII* (1920), *Los falsos cronicones en la historia de Galicia* (1923) e *Descripción de los manuscritos franciscanos existentes en la biblioteca provincial de Toledo* (1926), recibiu Antón Vilar Ponte como agasallo para a súa biblioteca particular en 1918 a conferencia impresa *La Literatura crítico-histórica y el trovador Juan Rodríguez de la Cámara o del Padrón*, que o seu autor lera previamente nese mesmo ano nos locais da Juventud Antoniana de Padrón.

Na sección “Follas novas” d’*A Nosa Terra*⁷⁵ comentáranse con anterioridade os *Estudios crítico-históricos de Galicia*, do propio Atanasio López nestes eloxiosos termos:

Un libro patriótico. O P. Atanasio López acaba de publicar a primeira serie d’unhos *Estudios crítico-históricos de Galicia*.

Istes estudos forman tres conferencias. Todal-as tres notabres, pro n’especial a segunda, que se nomea “A Literatura medioeval”. N’ela, con fortes argumentos, esnaquiza os xuízos d’algús críticos pra soster de maneira fixa que o gallego y-o portugués non se diferenciaron até o século xv.

Ista conferencia échenos d’entusiasmo, porque é firme cimento pra a recostitución do noso idioma, y-unha nova arma que poderemos esgrimire con éxito drento e fora da “Hirmandade da Fala”.

A do P. Atanasio López é unha obra hestórica, feita a conciencia, admirabile.

Falaremos d’ela, pois de longos xuízos gasalleiros é merecente, con mais vagar que oxe. Obras eisí fan moita falla, moita...

75 “Follas Novas. Un libro patriótico”. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 7 (15/1/1917), p. 6.

Na posguerra, ademais de editar traballos como *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia* (1947) e *La imprenta en Galicia. Siglos XV-XVIII* (1953), Atanasio ostentaría a partir de 1941 a condición de membro numerario da Academia Galega.

Non pode sorprender a abundante presenza na biblioteca vilarpontina de traballos éditos do arqueólogo, prehistoriador, etnógrafo e cronista ortegalés Federico Maciñeira Pardo de Lama (1870-1943), pois moitos eran os vínculos existentes entre ambos os persoeiros, comezando polos familiares, dado que o erudito era tío por parte materna da esposa de Antón e primeira presidenta da sección feminina da Irmandade da Fala coruñesa Micaela Chao Maciñeira (1892-1928), e continuando cos cívicos, pois Antón e Maciñeira coincidiron en diversas campañas, como a de reclamación do denominado “ferrocarril da Costa”, a desenvolvida contra o Tratado de importación de carnes conxeladas do Uruguai ou a que visou a reclamación dun Museo Etnográfico para Galiza.

Aínda que politicamente Federico Maciñeira nunca fixo parte do galeguismo organizado e mesmo participou na política na comarca do Ortegal nas fileiras liberais dentro dos esquemas típicos da Restauración borbónica (foi alcalde de Ortigueira entre 1916 e 1918 e, de novo, en 1930), si colaborou en numerosas actividades das entidades culturais por aquel promovidas dun xeito ou doutro, como a Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos.

Os traballos de Maciñeira presentes no espolio vilarpontino, todos eles de carácter científico, son os titulados *Arros* (1911), *Patología vegetal* (1921), *Un nuevo torques gallego de oro* (1923), *Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos de la cuenca superior del Eume* (1929) e, finalmente, *San Andrés de Teixido: historia, leyendas y tradiciones* (1921). Este último presenta unha significativa dedicatoria autógrafa: “Al notable gallego y muy querido amigo Antonio Villar Ponte, cuya gran labor admiro. Recuerdo cariñoso de Federico Maciñeira”.

No propio ano en que se editou, 1921, Antón fixo recensión dese último traballo de Maciñeira que citamos nas planas do periódico cubano *La Correspondencia* de Cienfuegos, afirmando, entre outras cousas, o seguinte:

En este momento de resurgimiento de los valores de la región gallega, el libro de referencia presta un extraordinario servicio. Porque en él se ofrece de modo cristalino una visión de paganía trasuntada en espiritualidad religiosa al correr de los tiempos, que permite determinar perfectamente las características ancestrales de una raza como la de Galicia, capaz de producir heresiarcas del fuste de Prisciliano. Que en todos los cultos religiosos de la tierra del Noroeste peninsular late un

fermento panteísta que da a aquéllos apariencias heterodoxas. El alma gallega, en lo que tiene de pagana y lírica, surge relevante en el notable libro de Maciñeira.

Co gallo da aparición de *Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos de la cuenca superior del Eume*, que o Seminario de Estudos Galegos editou en 1929, escribiu Antón nas páxinas do diario vigués *El Pueblo Gallego* (1929f):

Federico Maciñeira —digámoslo de pasada— es un *specimen* del verdadero señor gallego que, desgraciadamente, no abunda. Se dedica a la agricultura en su granja modelo Lama irradiando el buen ejemplo entre los labriegos circunvecinos. Vive en el campo preocupado de los problemas vitales del *rus* y alterna este trabajo honorable con el estudio de la arqueología. Así, o de modo análogo, concebimos nosotros la futura aristocracia gallega.

Debemos engadir que o de Viveiro participou persoalmente nos actos de honra que se lle tributaron o 15 de setembro de 1935 a Federico Maciñeira na súa localidade natal do Barqueiro (Mañón),⁷⁶ se ben sen a participación do propio homenaxeado. Consistiron, basicamente, na celebración dun banquete, no transcurso do cal se pronunciaron diversos discursos, e mais no descubrimento dunha placa na casa natal, na parroquia de Santa María de Mogor. Desde as páxinas do xornal estradense *El Emigrado* e nunha das súas “Rexoubas”, Manuel García Barros (Ken Keirades 1935) eloxiará a coherencia e compromiso de Antón Vilar Ponte, destacando que fora o único en empregar o galego no transcurso das intervencións oratorias na citada homenaxe:⁷⁷

Menos mal que Vilar Ponte que non desminte xamais a sua galeguidade e o seu amor á Terra nai, falou patreotecamente en galego.

O que lle valeu que unha señorita da concurrencia se lle lamentara decíndolle: “¡Qué lástima que haya usted hablado en gallego! Algunos no le entendieron varias cosas, entre otros el nuevo juez”.

76 Ao falecer Federico Maciñeira, o 25 de xaneiro de 1943, tamén Ramón Vilar Ponte, casado con outra das sobriñas do erudito ortegalés, dedicarlle unhas liñas de evocación baixo o título de “In memoriam. El homenaje humilde. [Anécdota]” no *Boletín de la Real Academia Gallega* (1943).

77 Pola crónica que o propio Antón ofreceu dos actos para *El Pueblo Gallego* (1935g), sabemos que fixeron uso da palabra, ademais del propio en representación da Academia Galega, o publicista Julio Dávila, os alcaldes de Ortigueira e Mañón, o sacerdote Paulino Pedret Casado (en nome do Seminario de Estudos Galegos) e o erudito coruñés e futuro presidente da Academia Manuel Casás Fernández. Pode verse tamén outra crónica ofrecida, baixo o título de “Homenaje a Don Federico G. Maciñeira”, na revista *Vida Gallega* (641, 20/IX/1935, s.p.).

Quizais a señorita non llo dixese tan ben como Villar Ponte o conta, pero o caso foi que este aproveitou a oportunidade pra dar unha das suas leucións de mestre acreditado: “Teño por sabido que o novo xues e unha persoa culta e daráme a razón se digo que precisamente os xueces, os notarios e os mestres que autuan na Galicia son os que millor que ninguén deben de conocer a nosa lingua vernácula”. E un fato de labregos e mariñeiros que o escoitaban asentiron a unha voz: “¡Tén razón, señor!”.

Con anterioridade á celebración deste acto de homenaxe a Maciñeira, empregou as súas seccións “Pretextos cotidianos” de *El Pueblo Gallego* e “Temas de interés” de *La Voz de Galicia* para proclamar a oportunidade e xustiza do mesmo. A figura do sabio ortegano, “arquetipo del verdadero señor gallego”, obrigaba a reflexionar sobre o que podería chegar a ser a historia de Galiza “si los aristócratas de nuestro país no rindieran culto al absentismo y si alternando los trabajos del campo con los de la ciencia y el arte, se ejercitasen en una cultura integral: la de la tierra y los libros. Que esto hizo y hace Federico Maciñeira” (1935f). Don Federico era nese sentido, en palabras do xornalista viveirense,

El hombre arraigado a la tierra, afincado a la aldea, cien veces más meritorio que la multitud señorial de las urbes. Modelo de ciudadanía campesina que brindamos a los que, filósofos de café con leche, hablan despectivamente del ruralismo gallego. Como si Galicia pudiese concebirse europeizada y próspera mientras no trasunte, sin alterarlas, sus esencias rurales en fecundas fuentes de vida conforme con las exigencias modernas. (1935d)

Como terceiro número da Biblioteca de Estudios Gallegos da CIAP editouse en 1929 a monografía *La literatura medioeval en Galicia*, escrita polo frade agostiño natural de Cartelle José Mouriño Estévez (1866-1928). Un exemplar está presente igualmente no espolio vilarpontino. Ata onde sabemos, o de Viveiro non dedicou a esta obra ningún comentario.

Do médico coruñés Roberto Nóvoa Santos (1885-1933) é o volume *El instinto de la muerte*, editado en Madrid por Javier Morata en 1927, con xilografías de Vicente Cobreros Uranga. O seu autor estampou a seguinte dedicatoria autógrafa no exemplar con que agasallou o xornalista viveirense: “A Antonio Villar Ponte, militante en la vanguardia intelectual de Galicia, muy devotamente”.

Ese tratado médico-filosófico do doutor Nóvoa inclúe un capítulo de polémicas reflexións sobre a eutanasia, que Antón Vilar Ponte xulgou nos seus comentarios na revista *Alfar* e no diario *El Pueblo Gallego* como o máis interesante e suxestivo dunha obra que definirá como “breviario laico que sirve para ayudar a bien morir en nombre de la ciencia a cuantos sientan cansancio de la vida por vejez o por hastío” (1927h), se ben tamén discutíbel “sobre todo desde el punto de vista de una estricta ortodoxia religiosa” (1927l).

Con anterioridade, ocupárase o xornalista tamén do libro de Nóvoa Santos *Physis y Psyquis*, editado en 1922 nos obradoiros do xornal *El Eco de Santiago*, que constituía unha contundente alegación científica (como a peza teatral *Alén* de Xaime Quintanilla, no plano literario) contra os credos espiritistas e teosóficos, tan en voga nesa época (1922d).⁷⁸

En 1927, o directivo da Universidade Popular herculina Antón Vilar Ponte promoveu a presenza na cidade como conferenciante de Nóvoa Santos, que acababa de regresar de Madrid despois do seu brillante triunfo nas oposicións para a provisión da cátedra de Patoloxía Xeral da Facultade de Medicina da Universidade Central. O propio Antón, Plácido Peña Novo e Ángel del Castillo foron buscar o novo catedrático en automóbil a Compostela, e a conferencia, que se celebrou o 30 de decembro de 1927, constituíu un rotundo éxito de prensa e público. Con todo, nos días previos ao evento e comentando o éxito académico de Nóvoa Santos, o xornalista viveirense non deixou de abesullar algunha nota negativa (1927p):

Celebramos que triunfen nuestras mentalidades representativas fuera de Galicia, porque ello redundará en prestigio de la raza, pero nos duele que ese triunfo lleve implícito consigo el absentismo de los triunfadores que tanta falta hacen entre nosotros. De seguir el ejemplo de Nóvoa Santos y de Varela Radío, todos los que representan un verdadero valor científico en la Universidad de Santiago, ésta acabará quedando muy en precario. [...]

Por eso nosotros pensamos, dándole rienda suelta a nuestro encendido patriotismo, que los gallegos que vivan en Galicia cumplirán el mayor deber de conciencia exaltando siempre, por sobre todos, a aquellos valores de la raza que dentro del terruño laboran en pro de la cultura del mismo haciéndose cien veces más

78 Cabe traer aquí a colación, por iso, outro dos volumes presentes no espolio vilarpontino: o titulado *No morimos: pruebas científicas de la supervivencia*, de León Chevreuil (1852-1939) e mais as alusións do xornalista viveirense, nun dos seus artigos en *El Noroeste* que non podemos datar con precisión, a unha novela de Lucien Graux (1878-1944) titulada *Reencarnado*, publicada pola casa editora Aguilar de Madrid a comezos dos anos 20, en tradución de Antonio Buendía, e que, ao parecer, está ambientada en terras de Muxía e Vimianzo.

útiles para la colectividad que los que emigran, aunque éstos tengan mayor merecimiento individual.

O de Viveiro e o ilustre patólogo coruñés, autor da moi polémica e misóxina monografía *La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica* (1908), compartirían en 1931 candidatura nas listas da ORGA pola provincia da Coruña e ambos exercerían como deputados nas Constituíntes dentro da minoría parlamentaria republicana galega. Con todo, o debate sobre o carácter federal ou *integral* da República colocounos en posicións antagónicas e tivo moito que ver co proceso de paulatina marxinação e illamento do de Viveiro dentro das estruturas do partido liderado por Casares Quiroga. Como é sabido, tras nin sequera ser designado candidato nas eleccións de novembro de 1933, Antón abandonaría o Partido Republicano Galego (antiga ORGA) a comezos de 1934, para se integrar definitivamente no Partido Galeguista.

Doutro ilustre facultativo galego, José Rodríguez Martínez (1856-1921), coñecido no seu tempo como *O médico Rodríguez*, está presente no espolio vilarpontino un exemplar do folleto *Colón, español, hijo de Pontevedra* (1920), que leva prólogo de Antonio Rey Soto, dedicatoria a Ramón Peinador, contracuberta ilustrada por Castelao e que bebe sen dúbida nas teses sobre a galegitude colombina enunciadas no seu momento polo amigo persoal do propio autor, o erudito pontevedrés Celso García de la Riega.

Destacado dirixente republicano na Coruña nos primeiros lustros do século XX, o médico Rodríguez polemizara en 1907 cun daquela moi novo Antón Vilar Ponte nas planas do xornal herculino *Tierra Gallega* por mor da participación ou non no movemento da Solidaridad Gallega. Antón, en sintonía nese intre coas posicións que encarnaba o *emperador del Paralelo*, Alejandro Lerroux, negábase a que o republicanismo compartise plataforma e reivindicacións con sectores clericais e filocarlistas.

Non obstante, postas en marcha as Irmandades da Fala, o médico nado en Monelos pronunciará o 22 de novembro de 1917 unha conferencia no Casino Republicano da cidade herculina, co título de “Posición del republicanismo gallego en relación con el regionalismo”, na que saudará a viaxe dunha delegación *irmandiña* a Barcelona, falará de Porteiro Garea como “amigo y correligionario”, resumirá o seu ideal político na fórmula “Autonomía, Democracia y Libertad” e chegará, finalmente, a ofrecer ás Irmandades o apoio da súa organización.

O ex seminarista lugués Ramón Salgado Toimil (1883-1942), mestre de profesión desde 1915 e xornalista vocacional (xefe de redacción de *La Voz de la Verdad*, colaborador de *El Progreso* etc.), fíxolle chegar ao viveirense para a súa biblioteca particular dous exemplares de senllas obras da súa autoría.

A primeira, impresa por Gerardo Castro na cidade das murallas, titúlase *Puntos cardinales del pensamiento pedagógico contemporáneo. Sociología infantil. Escuela única. Pacifismo* e recolle o contido dunha conferencia dada polo seu autor no Centro Obrero de Lugo o 26 de marzo de 1927. A dedicatoria autógrafa de Salgado Toimil no correspondente exemplar sinala: “Para el genial cronista y maestro de periodistas A. Villar Ponte, espíritu selecto que sabe sentir muy íntima su alta condición de ciudadano del Mundo, con el leal afecto y la admiración sincera del Autor”.

A outra obra é *Santuarios gallegos. El Corpiño*, saída da imprenta Palacios, tamén en Lugo, en 1929 e acompañada con outra dedicatoria manuscrita polo autor, que di: “Para el admirado Villar Ponte, cuya pluma sagaz e inquieta es potente reflector de todas las vibraciones espirituales del alma gallega, con el más vivo afecto y simpatía”.

De ningunha delas fixo o de Viveiro, ata onde sabemos, comentario na prensa, a diferenza do que aconteceu con outra das producións do mestre de Fondós-Foz, a titulada *Concepción Arenal en el aspecto pedagógico* (1925), que catalogou como digna de xusta louvanza (1926b).

Do sacerdote e profesor da Universidade pontificia compostelá Manuel Silva Ferreiro (1896-1969), logo destacado propagandista historiográfico da ditadura de Franco coa súa en moitos sentidos insidiosa obra *Galicia y el Movimiento Nacional* (1938), é a monografía *Galicia, voto en Cortes: ensayo de investigación histórica*.

Editada en 1925 na tipografía do Seminario compostelán, con cuberta ilustrada por Camilo Díaz Baliño, tamén fai parte do espolio bibliográfico vilarpon-tino. Sobre ela, en xaneiro de 1926, escribiu Antón nun dos seus artigos (1926a):

De los hechos expuestos con tanta claridad por el señor Silva Ferreiro, deducimos que nuestra tierra desde el tiempo de los Reyes católicos, esto es, desde que la Frouseira se rindió —apagándose con tan trágica rendición la última llamarada del incendio purificador y liberal que provocaron los bravos hermandinos—, hasta que las huestes napoleónicas pusieron en estado naciente la conciencia gallega por quiebra vergonzosa del poder central, Galicia mostrando cierta constancia para sentirse a sí misma —lo que constituye una verdadera e ininterrumpida afirmación regionalista, que solo en los siglos XVII y XVIII ha hallado tristísima decadencia— no

tuvo, sin embargo, la voluntad precisa para imponer de modo revolucionario y varonil aquel sentimiento.

Por último, da autoría do compostelán Domingo Villar Granjel (1882-1933), empregado do ministerio de Fomento e seareiro durante a ditadura primorrista do político dereitista José Calvo Sotelo, que chegou a nomealo gobernador civil de Cuenca, é o volume *Cartas sobre Galicia*, publicado en Madrid en 1914 e presente no espolio bibliográfico vilarpontino, mais do que non coñecemos, porén, comentario ningún debido ao xornalista viveirense.

2.7. ESCRITORES DA GALIZA EMIGRADA

Fillo de indiano enriquecido en América e emigrante el propio durante tres anos en Cuba, Antón Vilar Ponte exerceu profesionalmente ademais o papel de correspondente de determinados xornais americanos en Galiza (*Diario de la Marina* habaneiro, *La Correspondencia* de Cienfuegos...). Por se isto non fose vínculo abondo, cómpre lembrar tamén a súa constante presenza en publicacións promovidas pola colonia emigrada galega en países como Cuba, Arxentina e Uruguai. Con estes datos á vista non pode admirar que unha pequena porción dos títulos presentes na súa biblioteca persoal procedesen de xornalistas, escritores e intelectuais de orixes galegas residentes nesas repúblicas, que llos facían chegar en proba de amizade ou estima, non cabe dúbida, mais tamén buscando lexitimamente que as súas obras acadasen certa resonancia na metrópole.

Do arredista afincado na Habana Fuco Gómez Gómez (1895-1972) recibiu Antón como agasallo para a súa biblioteca un exemplar dedicado do opúsculo *Naciones ibéricas*, editado por aquel en 1931 na capital cubana.

Natural dunha aldea de Becerreá e emigrado a Cuba en 1913, Fuco Gómez, de formación autodidacta, estivo presente co seu discurso político maximalista nas principais publicacións da colonia galega residente no país caribeño (*Galicia*, *Heraldo de Galicia*, *Eco de Galicia* etc.). Promoveu en 1917 unha Irmandade Galega na Habana, que chegou a editar os efémeros voceiros *Nós* e *Terra Gallega*, á que seguiron, cun apoio limitado practicamente á súa persoa e a algún que outro colaborador, un Partido Autonomista Galego (1919) e un Comité Revolucionario Arredista Galego (1920). De 1926 data o seu opúsculo *Grafía galega*. En 1931, esperanzado por se proclamar en España a Segunda República, regresou temporalmente a Galiza. Desilusionado coa liña do PG e achegado á Sociedade Pondal bonaerense e ao seu voceiro *A Fouce*, retornou a Cuba en 1935 e, tras publicar a

novela *O idioma dos animás* (1937), promoveu entre 1941 e 1961 a revista *Patria Gallega*, confeccionada practicamente en exclusiva por el propio.

De Francisco Mañach Couceiro (1861-1916) é o libro titulado *Concepción Arenal: la mujer más grande del siglo XIX*, impreso en Buenos Aires en 1907 e do que existe tamén un exemplar na biblioteca de Vilar Ponte, con dedicatoria do autor incluída. Este irmán do directivo do Centro Galego habaneiro Eugenio Mañach tivo tamén amizade con Cabanillas e Blanco Torres e participou nas campañas de axitación agrarista promovidas por Basilio Álvarez, antes de regresar definitivamente a Galiza en 1910.

O libro de Mañach recolle un mosaico de textos de moi diversa índole e autoría dedicados a enxalzar a figura da ilustre penalista ferrolá. Entre eles non faltan poemas de Pondal, Lisardo Barreiro, Emiliano Balás, Barcia Caballero, Sarah Lorenzana, Alejandro Miguéns, Fortunato Cruces, Manuel Novoa Costoya... Mais cómprenos poñer de relevo a presenza (concretamente na páxina 241) duns versos da autoría do daquela aínda mozo Antón Vilar Ponte, datados en Viveiro a 28 de setembro de 1905 e que din así:

Como el águila caudal
tiende á la altura su vuelo,
tu genio tiendes al cielo
¡Oh Concepción Arenal!
Pues tu espíritu inmortal
pensó tan alto y profundo,
que jamás hubo en el mundo,
mirando de polo á polo,
en mujer un genio solo
que te hiciese á ti el segundo...

Enviado desde Cuba en xullo de 1924, con dedicatoria autógrafa incluída, tamén pasou a facer parte da biblioteca vilarpontina un libro do fisterrán Ramón Marcote Miñarzo (1880-1955), durante moitos anos bibliotecario do Centro Galego da Habana: a *Historia de Galicia (Compendio)*, con prólogo de Enrique Zas.

Como outros afeccionados ás letras da colonia galega emigrada, Marcote sentiu entusiasmo pola tese enunciada no seu día por Celso García de la Riega, de maneira que dedicou a espallala varios artigos, que recompilou logo no volume *Colón pontevedrés* e presidiu na Habana un Comité Pro-Colón Español. Aínda que

se achegou inicialmente ás Irmandades, pasou logo a situarse en órbitas ben afastadas do nacionalismo galego: correspondente en Cuba do católico dereitista *El Ideal Gallego*, colaborador da revista *Vida Gallega* de Jaime Solá, autor do opúsculo *Contra España, no* (1928) etc.

Antón Vilar Ponte e Juan Vicente Martínez Quelle (1875-1942) coñecéronse na Habana, despois de que o segundo desembarcase como desertor da corveta da Armada española *Nautilus*. Xuntos participaron en varios cabezallos xornalísticos da colonia emigrada en Cuba (revistas *Airiños da Miña Terra* e *Follas Novas*, por exemplo) e compartiron ademais diversos actos agraristas celebrados en 1909 como protesta pola matanza de Oseira.

Posteriormente e desde a revista *Labor Gallega*, Martínez Quelle, que foi o seu fundador e director, e José Lamas, secretario, secundaron a campaña de Vilar Ponte para a fundación das Irmandades da Fala, convencidos de que “mentras os gallegos vilegos non falemos gallego, tendo isto a moito argulo [sic]; mentras non nos decatemos de que o emprego da lingua propia, debe facerse c’un convencimento de relixiosidad, todol’o [sic] demais haberá de ser inútil” (Lamas 1916). Martínez Quelle traduciu para castelán *Un ollo de vidro* de Castelao e dirixiu desde 1922 o semanario *España*.

Chegado 1929, o ferrolán envioulle ao xornalista viveirense desde A Habana un exemplar do seu libro *De mis viajes. Relato anecdótico y descriptivo*, con prólogo de Luis René Velarde e coa seguinte dedicatoria autógrafa: “Para Antón Vilar Ponte c’os mais agarimosos afectos e a admiración sinxela do Autor. ¡Terra a nosa!”. Tras regresar a Galiza en 1936, morreu na súa cidade natal en 1942.

O caso máis rechamante de *desequilibrio* entre a nutrida presenza de exemplares das obras da súa autoría na biblioteca de Antón Vilar Ponte e a falta de calquera comentario ou tratamento público por parte do xornalista viveirense afecta a Roxelio Rodríguez Díaz (1888-1948). Nada menos que catro libros seus, todos eles publicados na Arxentina e todos coas correspondentes dedicatorias autógrafas, atesoura o fondo da Academia achegado no seu día polos familiares do xornalista viveirense, mais o certo é que este non lles dedicou nunca ningunha recensión, ata onde demos comprobado.

No exemplar da primeira edición de *Cartas abertas e contos enxebres* (1925), Roxelio Rodríguez estampou do seu puño e letra estas palabras: “Ó gran mayestro das letras galegas, Antón Villar Ponte, pra quen sempre gardo sinxelas e agarimosas lembranzas”. Tamén lle enviou dedicado un exemplar da segunda edición

da mesma obra, feita en 1927. No do poemario *Alentos da terra meiga* (1927),⁷⁹ a dedicatoria autógrafa foi esta: “A Don Antonio Vilar Ponte con todo agarimo e admiración”. E tamén rubricado da súa propia man en maio de 1927 está o exemplar que contén dúas das súas pezas teatrais, *Flor de tojo* e o boceto dramático infantil en verso *La medalla*.⁸⁰

Nado en Petín de Valdeorras e seminarista primeiro en Astorga e logo na Universidade Gregoriana de Roma, Roxelio abandonou a carreira eclesiástica e emigrou á Arxentina, onde traballou como mestre e colaborou con moitas publicacións da colonia galega, tales como *Acción Gallega*, *Céltiga*, *El Despertar Gallego*, o *Galicia* do Centro Galego etc.

Adherido ao bando franquista no 36, protagonizou en xullo de 1937, no transcurso dun acto na capital arxentina da organización fascista *Acción Gallega* de Cruzados de Santiago, da que el propio era secretario, unha representación dalgunhas das escenas d’O *Mariscal* de Cabanillas e Vilar Ponte. Dirixiu ademais o xornal nacional-católico *Fe Gallega*, que se repartía gratuitamente e no que inseriu algúns poemas de exaltación da figura do ditador, denominándoo “nobre fillo da terra galega”. En 1940 publicou unha *Historia del Centro Gallego de Buenos Aires*.

Constantino Sánchez Mosquera (1882-1960), que naceu en Carral, estudou a carreira de Medicina en Compostela e Madrid e embarcou logo para Uruguai, en 1913. No país charrúa, ademais de exercer como facultativo do Hospital Español de Montevideo, promoveu ou colaborou con varias revistas, como *Arazúa* ou *Raza Celta*, e foi presidente do Centro Galego entre 1925 e 1930. Desde ese posto e coa axuda do escritor Xulio Sigüenza, promoveu a convocatoria en xullo de 1928 dun magno Certame Galego-Americano co gallo do cincuenta aniversario da fundación da entidade.

Antón Vilar Ponte, como numerario electo da Academia Galega, fixo parte do xurado, canda outros intelectuais como Eladio Rodríguez e Manuel Lugrís Freire. O concurso constaba de varias seccións, que facían referencia a temas históricos (pasado e porvir da Universidade galega, presenza galega na historia de América, historia de Galiza, análise do Renacemento galego do século XIX),

79 Trátase do terceiro libro dese xénero editado por Roxelio Rodríguez na Arxentina, pois fora precedido pola aparición do bilingüe *Horas de morriña* (1916) e por *Pingas de orballo* (1922). En 1930 publicaría o poemario en español *La voz del corazón*.

80 Dentro do xénero dramático tamén compuxo a comedia *De volta pr’a terra* (escrita en 1935 e estreada en 1941 polo cadro teatral da organización profranquista Cruzados de Santiago, que dirixía Rafael Fontenla Camiña), os dramas *iXustiza!* (1917) e *O peregrino* (1927), os sainetes *Un remuño* e *Fogar bendito* e unha adaptación do poema de Curros *A Virxe de Cristal* (1948).

económicos (fomento do turismo), artísticos (inventario de tesouros artísticos na Galiza) e literarios (con premios á mellor novela de ambiente galego e á mellor colección de versos en galego).⁸¹ O de Viveiro, que reclamou das deputacións galegas e do Concello da Coruña axudas económicas para os apartados do concurso (1928b), vista a negativa a outorgalas, recriminou severamente esa actitude por parte das institucións (1928e), mais defendeu asemade a idea de que a iniciativa levada a cabo polo Centro Galego de Montevideo debía servir de exemplo para as demais entidades homólogas da emigración galega (1928m). O veredicto da sección propiamente literaria do certame, feito público o 29 de xuño de 1929, outorgou o premio de novela á única das cinco obras presentadas que estaba redactada en galego, *Nos picoutos de Antóin*, de Leandro Carré Alvarellos, e declarou deserto o apartado poético. Pouco despois, Vilar Ponte sería un dos propagandistas máis entusiastas do número extraordinario da revista *Galicia*, do Centro Galego de Montevideo, tributando eloxios aos seus promotores, Sánchez Mosquera e Xulio Sigüenza (1929ñ).

En 1931, o citado Sánchez Mosquera publicou o libro *La Universidad de Compostela y otros problemas gallegos*, un exemplar do cal enviou con dedicatoria autógrafa á Coruña para Antón Vilar Ponte. Unha parte do contido desta obra constituíra, en realidade, o miolo da conferencia que o médico de Carral pronunciara meses antes en Buenos Aires, invitado pola Federación de Sociedades Galegas e presentado por Lino Pérez. Ao escribir sobre a obra en cuestión (1932c), Vilar Ponte aseverou con rotundidade:

[Sánchez Mosquera] reúne, pues, todas las condiciones del ejemplar modelo de conterráneos emigrados en América, que abunda tan poco, desgraciadamente. Pensando en su labor constante y admirable de galleguidad se llega a la conclusión de que si en cada una de las colonias de gallegos de los diversos países del Nuevo Mundo hubiese dos o tres paisanos del talento, la cultura y el patriotismo del doctor Sánchez Mosquera, la suerte de nuestra tierra sería hoy muy otra de la que es.

Mais retornado a Galiza en 1935, Sánchez Mosquera polemizou publicamente con algúns dos principais dirixentes do PG, Antón Vilar Ponte incluído, pola súa decantación cara á alianza coas esquerdas de obediencia estatal e a súa presunta “radicalización”, apostando, como alternativa, pola creación dun Partido Liberal Gallego que debería dirixir Portela Valladares. O de Viveiro replicou estas teses mediante un artigo publicado no semanario compostelán *Ser* (1935h),

81 “A los intelectuales gallegos. Un gran certamen gallego-americano en Montevideo”. *La Voz de Galicia*. 6/IX/1928, p. 1.

que dirixía Suárez Picallo e imprentaba Casal, reafirmando a corrección das decisións tácticas do galeguismo, porque, ademais de non esluíren o perfil e personalidade do PG como forza nacionalista e totalmente autónoma dos partidos estatais, traían consigo, na súa opinión, “maior garantía para republicanizar-a nosa terra e para conquistar a autonomía”. Ademais, o xornalista viveirense defendía o carácter plenamente democrático da organización interna do PG, negando a necesidade de dispor, como quería Sánchez Mosquera, dun *xefe*.

Comezada a guerra do 36, Sánchez Mosquera apoiou o bando sublevado e, retornado ao Uruguai, chegou a imprimir o texto da súa conferencia *Galicia y su Santo patrono el Apóstol Santiago* (1946), pronunciada no Centro Galego de Montevideo o 25 de xullo do propio 1946. Nela, sen agochar o seu apoio á ditadura franquista, pedía neutralidade ás repúblicas americanas nos asuntos de España, mais solicitaba do auditorio, en aparente *equidistancia*, un “recuerdo y una oración” tanto para os mortos dun bando (Calvo Sotelo), como para os do outro (Casal e Quintanilla).

A fracción da biblioteca persoal do viveirense hoxe depositada na Academia atesoura tamén, finalmente, un exemplar do volume *Sí ¡Colón español!*, do xornalista de orixes herculinas Enrique Zas Simó (1877-1929), editado en Cuba en 1924. O libro está composto por unha serie de artigos publicados no rotativo habaneiro *Diario Español* en que se defende a orixe galega do “descubridor” de América, tese xa exposta polo propio Zas con anterioridade nun volume titulado *Galicia, patria de Colón* (1923).

Zas, que foi membro correspondente da Academia Galega a partir de 1919, aínda escribiría e estrearía posteriormente na Habana, concretamente en 1928, a zarzuela bilingüe *Miñatos de vran*, con música de José Fernández Vide, logo reelaborada a fondo por Ramón Otero Pedrayo en colaboración co citado compositor ourensán para a súa estrea en 1959 na cidade das Burgas.

Tanto o libro colombino de Zas Simó, coma outros publicados durante o primeiro terzo do século XX por autores como Constantino Horta Pardo (*La verdadera cuna de Cristóbal Colón*, 1911), Celso García de la Riega (*Colón, español. su origen y su patria*, 1914), Ricardo Beltrán y Rozpide (*Cristóbal Colón y Cristóforo Columbo*, 1918), Rafael Calzada (*La patria de Colón*, 1920), Ramón Marcote (*Colón pontevedrés*, 1920), Javier Cabello Lapiedra (*Pontevedra, cuna de Colón*, 1924), Antonio Valero de Bernabé e Javier Montero Mejuto (*La Patria del Almirante*, 1927), suscitaron no xornalista viveirense escepticismo, desconfianza e rexeitamento a partes iguais. Un Vilar Ponte que non acreditaba en absoluto na

tese da galeguidade colombina, estampará nun dos seus artigos este parágrafo revelador (1926f):

Esto de empeñarnos en hacer a Colón gallego *a fortiori* tantos años después de su muerte, cuando él no quiso serlo en vida y caso de que lo fuera trató bastante bien de disimularlo, se nos antoja un poco humorístico. En el supósito de que resultara pontevedrés “definitivamente”, procedería equipararlo a esos conterráneos nuestros que en Madrid y provincias hacen lo posible para que no se les conozca ni por el acento por las palabras de donde son oriundos.

E para remachar o seu desinterese cara ao preito de referencia, indicaría a seguir, con sarcasmo, que a cuestión non se aclararía nunca en realidade, porque “después de despejada la incógnita de la oriundez de don Cristóbal, aun nos queda otro gran problema a resolver: el de si el famoso huevo de Colón ha sido puesto o no por gallina gallega y si el gallo que fecundó esta gallina era un gallo *enxebre*”.

2.8. LITERATOS “LOCAIS”

Dous viveirenses de nacemento, Francisco Leal Insua (1910-1997) e José Pla Zubiri (1874-1936) e un *adoptivo*, o mestre verinés José M.^º Pereda Álvarez (1892-1960), contribuíron a incrementar o fondo libresco da biblioteca do seu paisano Antón Vilar Ponte, quen, non obstante, non chegou a escribir na prensa, ata onde demos sabido, sobre os correspondentes volumes.

Leal Insua regaloulle o poemario *Horas*, editado en 1935 na imprenta Fojo viveirenses con ilustracións de Moncho (Ramón Pernas). De puño e letra estampoulle o 17 de xuño dese mesmo ano a seguinte dedicatoria: “Al ilustre escritor vivariense Antón Villar Ponte, creador de la conciencia racial de Galicia. Con admiración y afecto”. Na terceira páxina do exemplar foi grampada, ademais, unha tarxeta persoal coa seguinte expresiva anotación: “Se suplica el juicio crítico”.

Activo membro da Juventud Católica viveirenses e literato vocacional que comezou a publicar os seus primeiros traballos nas páxinas do semanario *Heraldo de Viveiro*, Leal Insua era fillo dun humilde obreiro da fábrica de Barro en Chavín e, durante a súa primeira mocidade, estivo a piques de morrer vítima da tise. No momento en que lle entregou *Horas* a Antón, facía parladoiro case a diario con Ramón Vilar Ponte, Salvador Pérez-Labarta, Antonio Prados Ledesma, Noriega Varela e outros literatos locais e exercía como correspondente na vila do Landrove do diario *El Progreso*, onde asinaba as súas crónicas co pseudónimo *Xavier*.

“Camisa vieja” de Falange, en 1938 converteuse en redactor xefe do citado diario lugués, para dar logo o salto á dirección do *Faro de Vigo*, que exerceu entre 1949 e 1961. Neste último ano instalouse en Madrid como director da revista *Mundo Hispánico*, acabando a súa traxectoria profesional na axencia EFE. Biógrafo de Pastor Díaz, axudante do amentado Noriega Varela na preparación da cuarta e derradeira edición do poemario *Do ermo* (1946) e autor de varios libros de poesía posteriores a *Horas*, todos en castelán, disputou en 1960 con Fernández del Riego o nomeamento de numerario da Academia para cubrir a vacante de López Cuevillas e foi esposo da pintora de Lourenzá Julia Minguillón.

O mestre José María Pereda, que exerceu entre 1922 e 1936 en Viveiro e participou canda o vilalbés Ángel Fraga Orosa en iniciativas progresistas como a Biblioteca Popular Circulante, a Asociación Nacional de Maestros del Partido de Vivero e a edición do opúsculo *Pulverizando insidias o verdades como montañas* (1936), que serviu de réplica ao libro *Verdades como puños* editado polo factótum da sociedade de instrución Vivero y su Comarca, Justo Taladrid Catá, achegoulle a Antón Vilar Ponte un exemplar do seu libro *Aos contos* (1930), impreso na Palacios, de Lugo. Acompañouno da seguinte dedicatoria autógrafa: “Ó meu querido amigo Antón Villar Ponte, o ‘Maciá galego’, en proba d’amistá”. Depurado polo franquismo, sobreviviu na posguerra dando aulas nunha academia particular en Verín.

Por outra banda, Antón Vilar Ponte compartira co farmacéutico viveirense José Pla Zubiri fervores republicanas durante a primeira mocidade, fundando o colectivo Germinal, editando o semanario *Nueva Brisa* e colaborando logo no semanario *El Vivariense* (segunda época), promovido entre outros polo líder republicano viveirense e “médico dos pobres” Ramón Díaz Freixo. Menor relación tivo Antón co irmán daquel, Xoán Pla Zubiri, instalado familiarmente e como rexistrador da propiedade en terras de Trives a partir de 1905. Del recibiu Antón, non obstante, un exemplar do seu poemario *A tola de Covas* (1917), editado en Madrid con prólogo de Rey Soto e fotografías do noso propio bisavó, José Ínsua López (*Pepe da Mota*). Achegado durante un breve período ás Irmandades, Xoán Pla publicou varios poemas n’*A Nosa Terra*. Posteriormente, xa instalado en terras levantinas despois dunha traumática ruptura familiar, enviaría novos textos poéticos da súa autoría á revista *Vida Gallega* e publicaría na colección Lar a novela *Desengano* (1926).

Das terras do Condado chegoulle para a súa biblioteca a Antón o volume *Fuchicadas* (1927), de *Pedro Borreiro*, pseudónimo do ponteareán de Cristiñade Saturnino Piñeiro Groba (1876-1965). Irmán do sacerdote de Angoares, Mariano Piñeiro Groba, coñecido autor do volume *Soaces d'un abade* (1946), Saturnino emigrara á Arxentina e, unha vez retornado, en 1916, converteríase nun activo propagandista agrario na súa comarca natal, exercendo ademais como director do xornal *El Tea*. Precisamente neste rotativo agrarista foran publicados previamente, durante os anos 20, os textos recollidos no volume en cuestión, que presenta un prólogo de Amado Garra e que leva manuscrita a seguinte dedicatoria: “Ô Procer da inteileituralidade galega e laboriosísimo preodista que loita pol-as libertades da nosa terra. Con un saúdo de seu admirador”.

En correspondencia á amabilidade de Saturnino e como sinal de sintonía esencial nos ideais defendidos, o de Viveiro dedicoulle unhas liñas ao seu libro no diario *El Pueblo Gallego* (1928c):

También hemos recibido, con atenta dedicatoria, un ejemplar de un librito intitulado *Fuchicadas*, de que es autor el culto publicista Pedro Borreiro y que editó la empresa del simpático periódico *El Tea*, de Puenteareas.

Fuchicadas lleva un prólogo de nuestro dilecto amigo Amado Garra, escrito en gallego, como lo está el resto del libro, y que demuestra de manera fidedigna que aquel elocuente letrado, presidente del Ateneo de Vigo, cultiva bien cuando quiere la lengua materna. *Fuchicadas* es un conjunto de crónicas y cuentos llenos de socarrona ironía y agudo aticismo, que ya vieron la luz en *El Tea* y que ahora, al ser recogidos en el volumen que nos ocupa, se salvan del olvido para hacer, las delicias de cuantos los lean.

Hojeando *Fuchicadas*, acude a nuestra memoria el recuerdo de *O catecismo do labrego* de Valentín Lamas Carvajal.

Felicítamos, pues, a Pedro Borreiro por la publicación de este libro que constituye una prueba clara del talento de su autor.

O 15 de setembro de 1929 asinou en Lugo para Antón Vilar Ponte unha dedicatoria do seu libro *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca y de los monumentos protohistóricos del partido de Monforte de Lemos* (1929) o sacerdote Ramón Castro López (1871-1949), irmán do coñecido xornalista na Arxentina Manuel Castro López (promotor entre 1898 e 1927 do *Almanaque Gallego*), correspondente da Academia Galega, colaborador do Seminario de Estudos Galegos, columnista habitual do periódico católico lugués *La Voz de la*

Verdad e cura párroco na amentada aldea do concello de Pantón ata 1928, desde a que pasou logo a exercer en Guntín.

A visión crítica que Antón Vilar Ponte dera do fenómeno migratorio na súa peza teatral *Almas mortas* fora replicada, en certo xeito, por este presbítero Castro López no volume *La emigración en Galicia*, imprentado en 1923 polo diario coruñés *El Noroeste*, mais nin iso nin outras distancias ideolóxicas evidentes entre el e o galeguista republicano foron óbice, polo que deducimos, para que se producise o agasallo bibliográfico en cuestión.

Tamén agasallo a Antón Vilar Ponte do autor, o electricista naval Alejandro Porto Leis (1887-1938), alcalde de Serantes durante a Segunda República (primeiro pola ORGA e logo por Izquierda Republicana) é o libro *Intemperancias poéticas: poesías en gallego y castellano*, editado en Ferrol en 1933 nos talleres tipográficos do xornal *El Correo Gallego*. Do total de composicións que o conforman, a maioría están en castelán e xa apareceran publicadas anteriormente en xornais como *La Libertad*, *El Gráfico*, *La Democracia* e outros.

Porto Leis, tras andar agochado durante meses en diversos montes e covas da zona ao comezar a guerra, morrería finalmente asasinado polos falanxistas na praia da Frouxeira, en Valdoviño, en febreiro de 1938. Aínda é hoxe o día que se descoñece onde están soterrados os seus restos.

Do arzuán Pedro Varela Castro (1879-1958), que se instalou en terras estradenses como procurador dos tribunais, actuou como destacado dirixente agrario na zona, promoveu o xornal *Eco de La Estrada* e exerceu como alcalde da localidade entre marzo de 1917 e abril de 1920, a biblioteca de Antón Vilar Ponte recibiu o volume *La Estrada*,⁸² impreso pola Tipografía de *El Eco de Santiago* en 1923. O citado autor figuraría posteriormente no elenco do Partido Radical, exercendo como concelleiro na propia A Estrada e como deputado provincial. Presentaríase candidato do centro portelista na circunscrición pontevedresa nos comicios de febreiro de 1936 e sería obxecto de diversas represalias (multas, inhabilitación...) durante a ditadura franquista.

No terreo das curiosidades cabe catalogar o libro que o betanceiro Guillermo Vázquez (1897- ?) lle fixo chegar o 1 de marzo de 1935 ao xornalista viveirense,

82 Foi reeditado en 2017 pola Deputación de Pontevedra, en edición preparada por Xoán Carlos Garrido Couceiro.

titulado *Pensando detrás do lar: con arreglo se habla en Galicia en 1930*. O exemplar en cuestión aparece acompañado pola seguinte dedicatoria manuscrita, cunha ortografía que reproducimos con fidelidade escrupulosa:

Billar Ponte Billar Ponte / enberdad que mucho siento / no poder estar asulado
/ dandome subuen conasego / aiudandome allebar la cruz / como Cristo en aquel
tiempo / aunque fuese de cireneu / y sobre demi el madero. / El Poeta dela Raza
G. V. / 2º Dedicado ami Amigo / Don Antonio Billar Ponte / Escritor LaCoruña
su az/mirador y autor de este Libro / Guillermo Vázquez. / Ferbenzas 1º de Marzo
/ de 1935

O volume acolle unha peza teatral titulada *A pastora roubada*, varios diálogos teatrais en castelán, como os titulados “Parrafeo de un gallego con una madrileña, en una fiesta aldeana” e “Pasatiempos y ratos de buen humor”, diversos contos e mais un feixe de poemas en galego e en castelán, sobre todo de corte costumista, como “Lumeiradas do San Juan”, “Coplas gallegas”, “Cantares do muiñeiro”, “Un recuerdo a los muertos”, “En Galicia debió de ser” etc., mais tamén reivindicativos do idioma, como o titulado “Discurso gallego”, evocadores de figuras relevantes do pasado de Galiza, como “Gallegos ilustres” e aínda outros áulicos, como “Recuerdo”, dedicado ao monarca Afonso XIII e á súa esposa.

O entusiasta escribidor da parroquia de San Vicente de Fervenzas (Aranga) daría ao prelo aínda outra obra, titulada *A vida do pobre*, que se acompañou do subtítulo “Según se habla en Galicia en 1932” e que presenta idéntica mestura de xéneros, de linguas e de temáticas, sempre dentro dunha tónica decimonónica e de moi baixa calidade estética, o que explica, probabelmente, o silencio con que o xornalista de Viveiro acolleu ambos os volumes.

Na perspectiva dese agasallo de Guillermo Vázquez a Antón Vilar Ponte cómpre recoller aquí o testemuño de Jenaro Marinhas del Valle a respecto da peculiar intervención do xornalista de Viveiro, na década dos 20, na confección definitiva e posterior publicación pola imprenta do diario *El Noroeste*, con portada do artista Francisco Miguel, dunha novela curta orixinal dun popular limpabotas coruñés do seu tempo chamado Arturo Cortada. Este, segundo relata Marinhas (1977), deulle a ler a Vilar Ponte a súa obra para coñecer opinión de calidade, e o que aconteceu despois relátanolo o propio autor de *Ramo cativo*, con fino humorismo, do seguinte xeito:

[...] é de supor que, incapaz de decepar unha ilusión, algo estremaría Antón a sua inmensa xenerosidade no enxuiciamento da obriña, porque o novel literato dispúxose a dala á publicidade e para custear os gastos reuniu anuncios do comercio local. O incipiente escritor non andaría hábil dabondo en lle dar lustre ao idioma, o seu era dárllelo ao coiro, así algo, ou moito, había de ser revisado antes de dar o manuscrito ao prelo. Villar Ponte, dado sempre, accedeu a ese labor e mao a mao có pai da criatura, nunha mesa do Café Marinada, risca aquí, engade lá, emenda e remenda, foi levando a porto a escorada nave con tan esquisito tacto que o bon do “limpa” nin por un momento chegou a dudar da paternidade absoluta de aquelas páxinas recompostas. Para os demais nunca será posibel saber se restóu algo do texto primitivo.

2.9. LITERATOS GALEGOS EN ESPAÑOL

Pouca empatía existiu, coidamos, entre Antón Vilar Ponte e o mozo ourensán Xavier Bóveda Pérez (1898-1963), a pesar de que poida pensarse o contrario á vista da presenza na biblioteca do volume escrito polo de Gomesende *La Luna, el alma y la amada: (intermezzo lírico)*, editado en Ourense en 1922 con ilustracións de Fernández Mazas.

Xa en 1917 Antón dedicara unhas liñas n’*A Nosa Terra* a comentar o fracaso colleitado polo entón novísimo poeta, de tan só dezanove anos, nun recital celebrado na Reunión de Artesáns da urbe herculina. En concreto, indicaba que a fría acollida dispensada polo público podía ser interpretada por algúns como aparente mostra de “provincianismo” ou “paletismo”, mais cabía tamén a posibilidade de entendela como sabia lección que os elementos máis cultos da urbe herculina daban a alguén como Xavier Bóveda, ansioso por triunfar “na conxugación madrileña do verbo” e talvez excesivamente ufano das súas colaboracións en revistas como *Nuevo Mundo* e *La Esfera* e mais do seu libro *El madrigal de las hermosas* (1916). Non sen ironía indicaba o de Viveiro que Bóveda “xa sabe que somos poucos os que, sin necesidá de xuicios feitos, vidos da Corte, ante unhos versos, sabemos dicir si son bos ou malos” (Anvipo 1917).

Non estamos moi errados ao supor que a Xavier Bóveda, entre outros, están dirixidos algúns ataques contidos no manifesto *¡Más alá!* de Cebreiro e Manuel Antonio, en cuxa confección tanto tivo que ver o xornalista viveirense. O de Gomesende era nesa altura parte, sen dúbida, desa mocidade intelectual, “mozos foulard e de rubí” e “pollitos bien”, que imitaba a estética modernista valleinclaniana, que claudicaba da súa misión redentora cara á propia Galiza “nun idioma

máis fácil e mercadeiro, pero alleo” e que ansiaba, abeirando todo compromiso coa súa terra, cultura e lingua orixinarias, “triunfar” nas letras castelás.

Do poeta orixinario das terras de Valdeorras Gabino Díaz de Herrera Iglesias (1906-1983), que asinou ás veces co pseudónimo *Mauro do Sil*, consérvase entre os exemplares da biblioteca vilarpontina conservada pola Academia Galega un exemplar do libro poético *Abril*, publicado en Madrid en 1927 con introito de Goy de Silva e ilustracións de Cebreiro e Abelenda. A dedicatoria autógrafa sinala: “Al notable periodista y literato A. Villar Ponte; con la más alta distinción de El Autor”.

Compañeiro de aulas de bacharelato e amigo na Coruña do debuxante Álvaro Cebreiro, e por iso mesmo vinculado tamén no trato persoal ao xornalista viveirense, Gabino Díaz foi logo estudante en Compostela e colega dalgúns dos mozos da xeración do 25 que aclimatarían as correntes de vangarda nas nosas letras: Euxenio Montes, Evaristo Correa Calderón etc. A partir de 1925 e xa instalado en Madrid, ademais de publicar o citado *Abril*, dedicouse á tradución e moveuse en ambientes teosóficos. De feito, escribiu, aínda que o deixou inédito, o ensaio *Vibraciones del espíritu en la materia*, que ía levar prólogo de Roso di Luna. Na posguerra colaborou coa revista viguesa *Cartel* dirixida por Xulio Sigüenza e traballou como funcionario, primeiro na Biblioteca Nacional de Madrid e logo no Arquivo do Reino de Galiza na Coruña.

Do escritor, dramaturgo e xornalista Ángel Lázaro Machado (1900-1985), nado en Ourense de nai cubana e pai soriano e emigrado a Cuba desde 1914, atesoura a biblioteca vilarpontina un exemplar dedicado do seu libro *El remanso gris (poesías)*, que se editou na Habana en 1920. A presenza de Lázaro como colaborador en periódicos cubanos nos que tamén escribiu Antón Vilar Ponte (*El Comercio, Diario Español, Diario de la Marina...*) probabelmente sexa o nexa de relación entre ambos que explique o envío ao de Viveiro por parte de Lázaro Machado do citado exemplar.

De regreso á Península en 1923, o ourensán asentou en Madrid e dedicouse preferentemente ao xornalismo (foi redactor do diario *La Libertad*) e á escrita teatral, editando varias pezas na colección La Farsa: *La hija del tabernero, La casada sin marido, Proa al sol...* Durante a guerra do 36 defendería a República, realizando xiras de propaganda por varios países de Sudamérica. Exiliouse finalmente en Cuba e seguiu publicando abundantísima obra. En 1955 aparecería en Madrid o seu único poemario con versos en galego, *Lonxe*, que coñecería edición bilingüe

na Habana en 1957. En 1966 publicou en Madrid o volume *Rosalía de Castro: estudio y antología*.

Tres libros do sacerdote e dramaturgo Antonio Rey Soto (1879-1966) están presentes no espolio bibliográfico vilarpontino que nos ocupa: un exemplar, con dedicatoria autógrafa, do poema dramático en tres actos *Amor que vence al amor* (Madrid, 1917); outro da traxedia rústica en catro actos *Cuento del Lar* (Madrid, 1918), con cuberta de Carlos Sobrino Buhigas e dedicatoria manuscrita; e, finalmente, un exemplar de *La Copa de Cuasia (Ensayo de un libro del dolor)*, escrito en Guatemala pero editado en París en 1928 e que presenta, de novo, dedicatoria manuscrita do seu autor a Antón Vilar Ponte.

O primeiro dos tres libros citados, *Amor que vence al amor*, foi enviado polo seu autor como agasallo á redacción do boletín das Irmandades *A Nosa Terra*, que non tardou en acusar recepción envolvendo entre os eloxios á obra unha fundada queixa idiomática. Despois de narrar que o marqués de Figueiroa lle fixera entrega igualmente dun exemplar do seu libro *Del solar galaico*, mais “adicado no noso idioma”, o anónimo redactor engadía:

Tamén o notabre poeta Antón Rey Soto mandounos seu drama *Amor que vence al amor*.

Sintimos que non nos puxera unha adicatoria en galego, en troques das garimosas verbas casteláns con que nos sauda.

Hoxe soyo podemos dicire que *Amor que vence al amor*, ten mais merecimentos pra sere levado â escena pol-a Guerreiro que *O Gran Capitán*, de Marquina.⁸³

Mentres exerceu a dirección do xornal coruñés *El Noroeste*, en 1918, Antón non deixou pasar sen comentario a aparición doutra obra de Rey Soto que está, non obstante, ausente do espolio que nos ocupa. Referímonos á novela breve *La Loba*, en que o clérigo ourensán, daquela no cumio da sona após publicar libros como *Nido de áspides*, *Amor que vence al amor*, *Remansos de paz y campos de guerra* ou *Cuento del lar*, literaturiza con grande acerto, amenidade e interese, a xuízo de Vilar Ponte, as andanzas, reais ou fabulosas, da célebre bandida galega decimonónica *Pepa a Loba*. Rey Soto, “antípoda espiritual de Maëterlinck” na medida en que prefería o alto relevo trágico ao *trágico cotián*, logrou confeccionar, en opinión do xornalista

83 “Peneirando...”, *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 19 (20/V/1917), p. 7.

un libro recio, fuerte, verdadero tónico literario en los tiempos de decadencia y afeminamiento que padecemos [...]. No se parece en nada á esas cándidas novelas gallegas agora en boga, en las cuales se inventa una anécdota superficial que sirva de pretexto para describir paisajes y costumbres y que podrían muy bien llamarse narraciones fomentadoras del turismo, dignas de recompensa por parte de los hosteleros. (1918a)

Máis tarde, aínda que sen amentalo expresamente, Antón Vilar Ponte identificou Antonio Rey Soto no seu ensaio “Da paisaxe e a pintura en Galizia [sic]”, publicado polo boletín ourensán *Nós* no cuarto número da súa primeira xeira (1921b), como un dos máximos representantes da mocidade literaria de orixes galegas que fora subxugada, en sentido metafórico, pola literatura castelanista da xeración do 98, un

dos moitos infruidos pol-o «mito azorinesco» da meseta irta, dos que non souberon ver por sí mesmos os feiticeiros encantos da sua terra i-en troques, efecto d'unha cegueira espiritoal filla d'un literatismo estrano, postizo, atopaban fermoso o deserto castelán. Era un dos moitos que, ademais de cego para os propios valores, estaba xordo para ouvir os inmortaes versos de Rosalía. (1921b, p. 5)

Aínda que o teor destes comentarios deixa abesullar a radical discrepancia consolidada xa entre o xornalista de Viveiro e o sacerdote ourensán, o certo é que este envioulle aínda en 1928 como agasallo un exemplar de *La copa de Cuasia* e que aquel correspondeu comentándoo de maneira amábel nestes termos:

El libro —libro elegantemente editado— es de Antonio Rey Soto, el gran poeta y clérigo orensano, que a fuerza de talento y simpatía logró conquistar un puesto de relieve en la capital de la República guatemalteca. Antonio Rey Soto es en la actualidad rector de la Iglesia de la Cruz del Milagro de aquella urbe ultramarina y catedrático de Literatura Española y Americana de la Universidad Nacional del mismo país. A los que conocemos los positivos méritos que adornan al ilustre autor de *Nido de Áspides* no pueden causarnos la más mínima sorpresa sus triunfos personales. Antonio Rey Soto, por su recio temperamento de artista, por su intensa y extensa cultura y por su carácter afable y audaz es de los que a donde quiera que van se imponen, sabiendo honrar siempre a la tierra que les sirvió de cuna. Es de aquellos excelsos paisanos nuestros —dueños de alas y garras— en los cuales el buen nombre de Galicia gana batallas cotidianas en el extranjero. Pero ahora no queríamos hablar del hombre, sino de la obra. De la obra última del poeta. Se intitula *La copa de cuasia*. Es un ensayo sobre el dolor, rebosante de inquietud, cogüelmo de

burbujas místicas, lleno de agudas sugerencias, que a veces nos recuerda al egregio don Miguel de Unamuno, el *Del sentimiento trágico de la vida*, con lo cual dejamos hecho su mejor elogio. No importa que no aceptemos algunas de las conclusiones a que nos lleva Antonio Rey Soto de la mano de su ortodoxia estricta. En el fondo, lo que él piensa acerca del dolor, lo pensamos también cuantos rendimos culto a la religión universal del sufrimiento, de que hablara Brunetiere [sic]. Antonio Rey Soto coincide con Schopenhauer al demostrarnos que el dolor es lo único positivo y que se puede ir a la alegría por el dolor como deseaba Beethoven. Cuantos hayan experimentado los desgarramientos interiores que produce una gran pena, apurarán con fruición el agua clara y amarga de la copa de cuasia que Rey Soto les ofrece. Así lo hemos hecho nosotros. (1929f)

A relación entre Rey Soto e Vilar Ponte, así e todo, acabou crebando definitivamente por volta de 1930, por causa dunhas declaracións do sacerdote ourensán reproducidas na revista viguesa *Vida Gallega* que suscitaron a rotunda réplica do viveirense.

Efectivamente, o 18 de outubro de 1930, o clérigo envioulle desde Guatemala ao director da revista *Vida Gallega*, Jaime Solá, unha carta que, entre outros temas, abordaba a problemática galega da lingua. Como queira que o posicionamento do autor de *Nido de áspides* era conforme co criterio contrario á normalización do galego que viña mantendo o autor de *Anduriña*, este, alén de reproducir a misiva na súa revista, enviou copia a outros xornais galegos, que procederon a inserila tamén nas súas columnas. Nesa epístola, Rey Soto indicaba:

Se necesita estar loco, en los tiempos que corremos, y no haber visto el mundo más que por un agujero, para querer que Galicia encierre su inmenso mundo espiritual dentro de las bardas mal trabadas de un idioma que ha dejado, queramos o no, de ser vernáculo, y que para desenvolver plenamente su literatura tiene que ir espigando en los campos portugueses, no sólo las palabras sino los giros y el estilo general de sus prosas. Y yo prefiero a Herculano, a Ramalho Ortigao [sic] y a Queiroz, francamente, en su propia tinta, que a través de sus imitadores. Lo mismo que prefiero ser *gallego* en Madrid que *minhoto* en Lisboa.⁸⁴

O escritor ourensán negaba ser un desamorado do galego, lingua que consideraba o *sermo* lírico e irónico por excelencia en todo o mundo, mais entendía que estaba fatalmente condenada á desaparición e que resultaban inútiles, polo tanto, todos os esforzos de conservación e difusión que no seu favor se fixesen:

84 “Dice Rey Soto. El problema de la lengua”. *El Orzán. Diario independiente*. 2/1/1931, p. 1.

Pero, adorándola, y por eso mismo, conozco su penuria y, sobre todo, la poquísima fortuna que la acompañó en la Historia, lacras ya de todo punto irremediables por nadie. Es triste, pero es lo verdadero; y por mucho que lo lamentemos es fuerza reconocerlo. El gallego no posee hoy trascendencia alguna como idioma vivo; ni puede poseerla. Es un pequeñísimo grano de trigo entre los dos grandes rodeznos del castellano y del portugués. Su destino es ser desmenuzada e incrustada en una de las dos moles entre las que está girando. Quien salga de ahí a correr el planeta en busca de fortuna, tendrá que aprender otra lengua, si sólo conoce y habla gallego. No le queda otro camino. Y no se piense en el Brasil, donde, como usted sabe, el acento gallego, lo mismo que en Portugal —y esto hay que consignarlo muy claro, si no queremos sufrir desengaños terribles— es tan mal mirado como lo era el acento galileo en Jerusalén en tiempos de Jesucristo, o en Roma el de los galos.

Finalmente, Rey Soto indicaba que toda a proxección literaria e cultural de Galiza alén das súas propias fronteiras viña precisamente da man dos autores e autoras que empregaran o español:

Galicia se conoce y vive por el castellano. Aunque nos abochornemos y nos irritase [sic] no dejaría de ser la verdad. Hoy Galicia fuera de Galicia es Fernández Flórez, Valle Inclán, los Camba, Linares, la Pardo Bazán (ésta no en la medida que debiera dar su magna obra superior a todo encomio), Basilio Álvarez, la Arenal, *La Casa de la Troya*, y también V., Jaime Solá, con sus novelas bellísimas y su admirable revista.

Loxicamente, tal batería argumental contra o idioma galego non podía ficar sen resposta por parte do fundador das Irmandades da Fala. Na sección “Pretextos cotidianos” de *El Pueblo Gallego* (1931c), Antón comezaría a súa réplica lembrándolle ao sacerdote ourensán a doutrina do Vaticano a respecto do inalienábel dereito de cada pobo ao uso da súa lingua *vernáculo*:

Y es que el sentido universal de la Iglesia sufriría seria contradicción si no respetase las lenguas creadas por la voluntad de Dios al derrumbarse la torre de Babel. El símbolo del Paracleto [sic] haciendo políglotas a los apóstoles de Cristo —de Cristo que propagó sus doctrinas en dialecto arameo— deben tenerlo en cuenta todos los sacerdotes católicos y desde luego los gallegos.

Na continuación, entraría de cheo a rebater as principais liñas argumentais desa carta, probatoria ao seu ver de que a vida ultramarina “al menos momentáneamente, le perturbó el cerebro” ao escritor ourensán, facéndolle escribir cousas “absurdas”. A primeira cuestión que resposta Vilar Ponte é a presunta consunción do galego como idioma vernáculo:

¿Sabe el señor Rey Soto lo que quiere significar el adjetivo *vernáculo*? Si no lo sabe es un ignorante, y si lo sabe un espíritu asaz ligero. Vernáculo equivale a doméstico, nativo, de nuestra casa o país. Y se aplica especialmente a los idiomas. Y el gallego ¿no es nativo, de nuestra casa o país? Nació en Galicia, se transmitió [sic] a Portugal y hoy aún, pese a cinco siglos de centralismo férreo, lo hablan, de dos millones y medio de habitantes con que cuenta nuestra tierra, más de los dos millones. Y en las montañas y marinas gallegas —sin excluir gran parte de los vecinos de las villas y ciudades— todavía a estas fechas es el único y exclusivo instrumento de expresión. ¿Puede rebatir lo que antecede el famoso clérigo orensano? Como no mienta a sabiendas o como no salga de Guatemala para entrar en Guatepeor, en modo alguno.

De manera que, queramos o no, el gallego no puede dejar de ser vernáculo. (1931c)

A seguir, o de Viveiro negaba que existise unha escisión definitiva entre galego e portugués, rebatendo así a crítica de Rey Soto ao emprego no primeiro de vocabulario, frases ou xiros eventualmente tomados do segundo:

Hasta finales del siglo xv el galaico y el luso —salvo variedades dialectales que se observan aun en los idiomas más cultivados dentro de los propios límites de su área nacional— fueron una misma lengua, y hoy siguen siéndolo todavía. A muchos extrañará esta aseveración. Pues bien, nosotros invitamos a cuantos duden de nuestras palabras autorizadas por un largo estudio del tema, que hojeen un diccionario portugués de sinónimos, puesto que si tal hacen no podrán señalar una sola palabra portuguesa que no esté viva en el gallego, exceptuando los extranjerismos, naturalmente, que para desgracia del verbo de la hermana de alén Miño son muchos y algunos muy lamentables. Entonces se convencerán de una cosa: de que quien sepa regularmente el gallego sabrá bien el portugués y de que (esto es lo trascendental) el día no lejano en que la pujanza del galleguismo se haga mayor el idioma luso ha de mirar al nuestro para “recastizarse”. [...] a él vendrán de nuevo para proclamarlo serio instrumento de expresión de unos setenta millones de almas. La torpeza mayor de Galicia sería el abandono de su idioma vernáculo que le plantea el problema del bilingüismo más serio y más trascendente que hay hoy en el mundo. (1931c)

No remate da súa réplica, explicaba Vilar Ponte a orixe e raíz da pésima consideración do galego e dos galegos en moitas latitudes, entendendo que o remedio definitivo para esa lacra estaba, precisamente, na actitude inversa á predicada por Rey Soto na súa carta a Solá, quere dicir, na afirmación orgullosa da galegüidade e no emprego dignificador da lingua:

Si el gallego es mal mirado en alguna parte —y lo es en muchas— hay que atribuirlo a que por haberse desgaleguizado culturalmente Galicia y no haber sabido crear una política gallega envió a miles de sus hijos analfabetos a que desempeñasen los oficios más bajos y serviles en el extranjero. Por esto y por avergonzarse del don supremo de su originalidad, que es el idioma vernáculo, lo que equivale a renegar de su propia naturaleza, de su *ego ipsisimus*, comenzó a sentirse pueblo inferior o lo que es igual a proclamarse íntimamente pueblo vencido. El señor Rey Soto puede verlo en sí mismo: disimula el acento gallego; se pone máscara. Gusta de que le digan: “¡Si todos los gallegos fuesen como usted! Porque usted no parece gallego...”.

¡Pues hay que ser gallegos y parecerlo! Gallegos integrales. (1931c)

Por último, doutro intelectual ourensán tamén nada proclive ao uso e normalización do idioma galego, Primitivo Rodríguez Sanjurjo (1880-1947), que tanta influencia exercería sobre os membros do “cenáculo ourensán” coas súas afeccións orientalistas, míticas e teosóficas, existe na biblioteca vilarpontina un exemplar da obra *Escenas de gigantomaquia*, editada en Ourense en 1923 mais obxecto de agasallo polo autor, segundo se deduce da dedicatoria manuscrita, na Coruña en 1927.

3. OS LIBROS “CÍVICOS”

Compoñen o espolio bibliográfico vilarpontino custodiado na Academia Galega algúns volumes que podemos catalogar como “cívicos”, por se tratar de textos publicados con clara intención de explicar, difundir ou defender as posicións de diversas plataformas e/ou movementos cidadáns que actuaron na Galiza e na España do primeiro terzo do século XX ou expresar as particulares opinións dos seus autores sobre problemáticas e debates arredor da *res publica* candentes nesa época.

Comezaremos, por razóns estritamente cronolóxicas, co folleto de Luís Costa Figueiras (1882-?) titulado *La pena de muerte*, editado en Segovia en 1907. O seu autor, irmán do tamén escritor e xornalista de Pantón (Lugo) José Costa Figueiras (1880-1955) e tío de Xavier Costa Clavell (1923-2006), fixera parte con Antón Vilar Ponte, cun irmán máis vello deste chamado Xosé Faustino (que morrería en agraz) e con outros mozos do Viveiro de comezos do século XX, como Antonio Fernández Barreiro, Pedro Casariego Baltar, Pedro Pérez Barreiro e José Pla Zubiri (irmán do autor d’A *Tola de Covas*), dun colectivo republicano denominado *Germinal*, principal responsábel da edición do “semanario independente” *Nueva Brisa*, do quen saírían un total de dezaseis números e no que o autor de *Almas mortas* iniciaría precisamente a súa carreira como xornalista.¹

Só coñecemos o décimo número desa publicación, correspondente ao xoves 7 de decembro de 1899 e composto por catro páxinas, mais sabemos da súa orientación crítica coas autoridades municipais e filo-obreirista (apoio ás primeiras folgas levadas a cabo polos mineiros da Silvarosa), dos problemas que tivo co impresor lugués Gerardo Castro (quen se negou a seguir tirando do prelo o semanario aos poucos números pola súa orientación laicista, librepensadora e anticlerical)

1 O primeiro artigo xornalístico de Antón Vilar Ponte, aparecido en *Nueva Brisa*, é, hoxe por hoxe, imposible de consultar, mais parece que constituíu, segundo declaración do propio autor, unha defensa das reivindicacións dos mineiros da Silvarosa, que levaban a cabo unha folga en protesta pola diminución salarial decretada pola empresa explotadora das minas, a The Vivero Iron Ore Company Limited (Vilar 1924c). Tamén alude a ese seu primeiro traballo na prensa en “Pretextos cotidianos. Respuesta diáfana a un amigo” (1929i).

e do seu constante enfrontamento co semanario católico-conservador *El Eco de Vivero*, dirixido polo subdiácono Jesús Noya González.²

Canto ao opúsculo *La pena de muerte*, de Luís Costa, diremos que Antón o comentou nunha colaboración xornalística aparecida no semanario *El Vivariense*,³ apoiando totalmente as súas teses a respecto da necesidade de abolir ese castigo e felicitándoo por rebater “con toda clase de argumentos y de una manera clara, sencilla y categórica, esa vergüenza de nuestro Código que se llama la última pena”. O feito de que o seu autor contase na altura tan só vinte e catro anos de idade era ponderado así por Antón:

[...] en verdad asombra que un muchacho que todavía lleva en sus labios la miel de la adolescencia pudiese adquirir tal suma de conocimientos en la difícil y abstrusa ciencia del derecho positivo, como lo demuestra su libro [...] a la edad de nuestro querido amigo [...] generalmente se piensa en los materiales placeres, en las orgías tumultuosas y en las dulces frivolidades que la sociedad impone, y cuando por excepcional impulso del temperamento y del carácter se dirige la vista en semejante época vital hacia los horizontes de la intelectualidad, entonces versos amorosos, crónicas de color ó impresiones amables son, casi siempre, los asuntos que toca la pluma.

Talvez non sobre indicar que pola mesma época en que Costa Figueiras escribía este seu traballo contra a pena capital, Antón Vilar Ponte participaba nunha campaña xornalística que, seguindo a máxima de Concepción Arenal de odiar o delito e compadecer o delincente, reclamaba o indulto para os coñecidos como “reos de Rugando”, Pedro Núñez e Manuel Losada *Salinas*, acusados do asasinato do dono dunha ferrería e condenados ao garrote vil en Lugo. Con ocasión desa campaña, apoiándose en citas evanxélicas, en argumentos dos republicanos Roque Barcia e Alfredo Calderón e subliñando o paradoxo de seren moitos autoproclamados “católicos practicantes” os maiores defensores da aplicación dese castigo máximo, escribiría o xornalista viveirense:

Y ya que ocasión se nos presenta para ello con tan triste motivo, dirijamos un dardo humilde contra la absurda pena de muerte, contra esta pena horrible, cruel, inhumana, que nos hace evocar por vivo influjo de la historia, el carro triunfal, la

2 Este referiríase a *Nueva Brisa* como “vaho apestoso, no apacible aura, sinó malsano viento, saturado de pútridas miasmas y deletéreas emanaciones, sintomáticas de infeccioso foco y corrompida sentina, del papel de Barral y de los niños bonitos” (*El Eco de Vivero*. 589, 26/XI/1899) e consideraría os seus promotores como auténticos paladíns “del naturalismo pornográfico y ateo”.

3 *El Vivariense*. 46 (26/II/1907).

argolla, el monte Taygetos, la cicuta, la cruz, la roca Tarpeya, el cuchillo, la horca, la Torre de Nesle, la Bastilla, la guillotina, el garrote vil, el tormento, la hoguera, el auto de fé, todos esos medios salvajes de que el hombre se ha valido para quitar la vida al hombre invocando la razón, y contra los cuales protesta desde las profundas entrañas de la humanidad una oleada de altruismo, hermosa como un sol vivificante, que todavía no ha logrado ganar los cerebros de las muchedumbres para orientarlas hacia la Verdad y el Bien. (Vilar 1906)

Do militar alavés, destacado masón (co nome simbólico de *Indarra*) e entusiasta activista e conspirador a prol da República Juan Cueto Ibañez de Zuazo (1881-1937) recibiu Antón Vilar Ponte para a súa biblioteca en xaneiro de 1919, con dedicatoria autógrafa incluída, un exemplar do libro *De mi ideario: divagaciones de un militar demócrata alrededor de varios temas de actualidad*, impreso en Madrid. Ata onde sabemos, o viveirense non comentou publicamente esta obra, na que o autor se declaraba abertamente “aliadófilo”, de esquerdas e amante do idioma éuscaro (“no sólo porque lo hablé en mis primeros años, sino porque, al asomarme a los umbrales de la filología, he visto en él un lenguaje príncipe entre los que hablan y han hablado los hombres”), mais tamén radicalmente oposto ao nacionalismo vasco.

Cueto, oficial do Corpo de Carabineiros e profesor de español na Universidade de Columbia durante algún tempo, publicara en 1916 outro libro, titulado *La vida y la raza a través del Quijote: resumen de las conferencias dadas por el autor a los exploradores del Escorial y a los educandos de los Colegios de Carabineros*, con limiar de Unamuno. Esa obra foi recibida na sección “Follas Novas” d’A Nosa Terra nestes termos:

A obra de Cueto, brillante e fonda, é das que honran a un home, y-ó corpo a que pertence. Cueto, capitán de carabineiros, é bon amigo noso, un verdadeiro irmán noso, e como conocemos a sua sabencia, non nos poido sorprendere c’a sua produción notabre, que ven gabando a crítica. C’unha aperta estreita, dámosll’a nosa noraboa, dicíndolle: ¡adiante!⁴

En 1931 presentouse ás eleccións ás Cortes Constituíntes pola circunscrición de Córdoba nas listaxes do Partido Republicano Federal, sen éxito. Foi logo destinado ao Cuarto Militar da Presidencia da República, primeiro con Alcalá

4 “Follas Novas (crítica literaria). *La vida y la raza a través del Quijote*”. A Nosa Terra. Boletín decenal. 4 (15/XII/1916), p. 2.

Zamora e logo con Azaña. Durante a guerra civil, loitaría no bando republicano, ao mando do denominado “batallón Azaña” (formado por militantes de Izquierda Republicana), e morrería fusilado polos franquistas poucos días despois da caída de Bilbao, en xuño de 1937.

A biblioteca particular de Antón Vilar Ponte acolleu tamén no seu día o opúsculo titulado *El problema ferroviario español en el momento presente* (1932), obra do enxeñeiro de camiños e político cordobés Rafael Delgado Benítez (1891-?), afecto inicialmente á Derecha Liberal Republicana de Alcalá Zamora, candidato polo denominado “bloque antirrevolucionario” en febreiro de 1936 e exiliado finalmente en Venezuela.

Do daquela mozo coruñés Emilio González López (1903-1991), fundador e activista da FUE en Madrid, colaborador de Casares Quiroga na promoción da ORGA-FRG e, como o propio Antón Vilar Ponte, deputado pola circunscrición coruñesa nas Cortes Constituíntes de 1931, gárdase no espolio vilarpontino da Academia Galega o volume *El espíritu universitario*, que foi imprentado por Javier Morata en Madrid en 1931 e que se centra na defensa da xustiza e pertinencia das mobilizacións do estudantado universitario democrático e republicano, organizado basicamente na FUE, contra a continuidade da ditadura de Primo de Rivera.

Noutra orde de cousas, é ben coñecido que o fogar viveirense dos irmáns Vilar Ponte padeceu duramente os estragos da tuberculose: Ramón e Antón perderon por culpa desa doenza nada menos que a súa nai, Melchora Ponte Peña (1852-1897) e tres irmáns: o máis vello Xosé Faustino (1880-1904), María de la Consolación (1884-1906) e María de la Natividad Jesusa (1892-1904). Semellante circunstancia determinou que o xornalista viveirense, estudante de Farmacia nos seus anos universitarios ademais, amosase sempre unha enorme sensibilidade para todas as iniciativas que visasen mellorar o combate contra a chamada entón “peste branca”.

É nesta perspectiva que se debe contextualizar a presenza na súa biblioteca particular, con dedicatoria manuscrita, dun volume como *La lucha antituberculosa en Galicia* (1923), do médico coruñés Enrique Hervada García-Sampedro (1883-1953).

Con el compartiu Antón, desde a definitiva instalación do facultativo na súa cidade natal en 1910 despois de facer estudos en Compostela, Madrid e París

e defender unha tese sobre a doenza sifilítica, moitas campañas que conduciron, entre outros logros, á creación dun Dispensario Antituberculoso na rúa do Sol da cidade herculina, que o propio Hervada atendía de xeito gratuíto, e á posta en marcha do Sanatorio Marítimo de Oza, onde exerceu como tisiólogo.

Coincidiron ademais na común ideoloxía republicana e nos labores de diversas entidades como a Reunión de Artesáns (da que foi presidente entre 1921 e 1923) e a Universidade Popular (tanto na primeira xeira, entre 1906 e 1916, coma na segunda, entre 1927 e 1929). Nas citadas entidades Hervada ditou numerosas conferencias sobre temas de saúde pública (hixiene, alimentación, alcoholismo, doenzas venéreas etc.), que logo imprimiu en forma de folletos divulgativos. A mesma función tiveron os seus numerosos artigos en *La Voz de Galicia*, parte dos cales reuniu en 1928 no volume *Consultas médicas frecuentes*.

O xornalista Vilar Ponte acompañou e aplaudiu todos eses esforzos do médico Enrique Hervada (1929b) e tamén outros semellantes de seu irmán Eduardo Hervada, incluído algún literario, como a publicación da súa novela *Por qué me maté*.⁵

Nun artigo no diario vigués *Galicia* (Meilán 1922a) comentou o seu folleto *Lo que todos debemos saber de la tuberculosis* (1922), adiantando como exclusiva a nova de que o doutor Enrique Hervada traballaba ademais na redacción dun tratado de ciencia médico-social que levaría por título *Adaptación de la lucha antituberculosa, según los caracteres de la región gallega*. Na pequena nota aclaratoria que introduce o seu libro *La lucha antituberculosa en Galicia* (1924), o propio Hervada aclararía a orixe da súa obra e a relación co proxecto anunciado por Vilar Ponte nestes termos:

Tuve el inmerecido honor de ser designado por el I Congreso de Reorganización Sanitaria como ponente para desarrollar el tema “Adaptación de la lucha antituberculosa, según los caracteres de la región gallega”. Aplazada indefinidamente la celebración de este Congreso, quedé con unas notas que acaso puedan ser útiles

5 A propósito da mesma escribiu o de Viveiro: “Este joven medico coruñés tenía demostrado en conferencias y artículos su cultura en cosas relacionadas con su profesión y sus innegables condiciones de escritor suelto y ameno. Pero con la novelita que acaba de dar a la publicidad, se nos revela como capacitado para más altos empeños de índole literaria. En las páginas de *Por qué me maté*, se ventila la génesis de un suicidio. Se trata de las breves memorias de un suicida, donde el punto de vista médico se acusa con agudeza. El médico, en ellas, se antepone algunas veces al escritor bien a pesar suyo. Este es el escollo de los médicos literatos, cuando no olvidan por completo la medicina al escribir obras de vaga y amena literatura, como lo hace el genial Castelao. [...] Esto no obstante, *Por qué me maté* es un librito enjundioso, que se lee con agrado, que sugiere muchas cosas y que, sobre todo, revela las felices condiciones que posee Eduardo Pérez Hervada para el difícil arte de novelar. Nosotros que pasamos un buen rato leyendo la obra de referencia, le enviamos por el buen éxito que obtendrá, seguramente, nuestro parabién más efusivo a su autor” (1929b).

para desenvolver una labor estadística y comenzar las bases de la lucha en nuestra región.

Noutro artigo publicado no *Galicia* (1925a), en fin, Antón Vilar Ponte deu conta da intención da Junta Local Antituberculosa herculina, na altura presidida por Asúnsolo Obanza e animada polo doutor Hervada, de construír un sanatorio en Cesuras, demandando dos Centros Galegos en América que axudasen a financiar esta obra.

Na mesma perspectiva, por tratarse dun opúsculo divulgativo que abordaba a problemática da tise no noso país no período de pre-guerra e por estar ademais editado polo propio Dispensario Antituberculoso herculino, ao que Antón Vilar Ponte deu apoio de toda caste, como xa explicamos, hai que considerar outro volume da fracción da biblioteca do viveirense conservada na Academia. Reférimonos a *El problema tuberculoso en Galicia* (1930), escrito polo vilalbés Plácido Peña Novo (?-1932), prologado polo doutor Demetrio Echevers e dedicado de xeito autógrafa ao viveirense con estas palabras, que levan data de 7 de xuño de 1930: “A Antonio Villar Ponte, verdadero maestro de periodistas, con sincera devoción y afecto”.

Plácido, coma o seu irmán Luís, pertencera ás Irmandades da Fala na primeira hora e fixera parte do grupo “irmandiño” creado na súa vila natal canda o redactor do *Heraldo de Villalba* García Hermida, Santiago Mato e outros.⁶ Durante o andazo de gripe do ano 1918, tivo unha actuación moi destacada, valéndolles a moitos veciños afectados. Durante a ditadura de Primo de Rivera acompañou os esforzos de Vilar Ponte e outros por animar na Coruña un Ateneo e unha Universidade Popular como tribunas libres que chocaron constantemente coa política censora e represiva do réxime.

Na súa sección “Pretextos cotidianos” de *El Pueblo Gallego* (1930e), Antón Vilar Ponte glosará os principais contidos do opúsculo escrito por Plácido Peña Novo, chamando a atención sobre os máis de oito mil mortos que provocaba a doenza anualmente en Galiza e sobre o moito que o noso país tiña que aprender no combate da enfermidade doutros de tamaño territorial e peso demográfico semellante, como Dinamarca, Irlanda ou Finlandia. Non desaproveitará tampouco a oportunidade que lle daba a edición da citada obra para denunciar a escasa infraestrutura sanitaria con que as autoridades do momento pretendían combater a tise:

6 “De Villalba”. *La Voz de Galicia*. 10/XI/1916, p. 1.

Y en nuestra tierra ¿qué hay? Avergüenza decirlo. Cuatro modestos dispensarios, un sanatorio marítimo —el de Oza— casi descontable porque lo utilizan niños de otras regiones y muy pocos gallegos, y ningún hospital. Esto, a pesar de que la emigración trae a Galicia continuos focos de contagio.

Actualmente vienen construyéndose en Galicia dos sanatorios: uno marítimo, el de la Lanzada, y otro de montaña, el de Cesures [sic, *Cesuras*] [...], que avanzan muy poco por falta de recursos para su rápida terminación. Pues cuando estes sanatorios se hallen terminados hará falta pensar en la construcción de muchos más y en el establecimiento de dispensarios rurales o de distrito. De otra manera, lejos de aminorarse la terrible plaga de la peste blanca que nos lleva un hermano cada hora, adquirirá muy pronto proporciones más aterradoras aún.

Directamente relacionado co movemento agrarista que liderou Basilio Álvarez nos anos 10 da pasada centuria e coas propagandas da súa Liga de Acción Gallega está o opúsculo do compostelán Javier Montero Mejuto (1887-1974) titulado *Valores nuevos de la política: Basilio Álvarez y los agrarios gallegos* (Madrid, 1916).

Como é ben sabido, Antón Vilar Ponte non simpatizou co movemento encabezado polo abade de Beiro e verteu contra el diversos comentarios críticos desde a sección “Con letras del siete” de *La Voz de Galicia*. A súa falta de sintonía provocou que Basilio declinase incorporarse en 1916 ás nacentes Irmandades e non asumise nunca a súa praxe ou reivindicación idiomática, a diferenza doutros destacados seguidores da Liga de Acción Gallega, como Ramón Cabanillas, Castelao ou o propio Javier Montero, que fixeron transición cara ao nacionalismo desde a plataforma do autor de *Abriendo el surco*. Constan tanto a adhesión formal de Montero Mejuto ás Irmandades, coma a súa colaboración puntual co voceiro *A Nosa Terra*, coma a súa participación na Asemblea Nacionalista de Lugo, en 1918. Foi Javier dos que felicitou publicamente a Antón cando este foi forzado a deixar a dirección de *El Noroeste*⁷ e el propio recibiu diversos ditirambos do xornal *irmandiño* no exemplar do 15 de xaneiro de 1919.⁸ Máis tarde, así e todo, Montero Mejuto integrouse na pléiade de publicistas difusores da tese da galeguidade de Colón, profundamente antipatizada e mesmo combatida con sarcasmo polo de Viveiro, como xa comprobamos.

7 “Opinión d’un forte galleguista”. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 66 (10/IX/1918), p. 3.

8 “Xavier Monteiro Mejuto”. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 78 (15/I/1919), p. 4.

De mans do dirixente socialista, masón e xornalista cordobés Gabriel Morón Díaz (1896-1973), colaborador como o propio viveirense do xornal madrileño *El Sol* en tempos da ditadura primorriverista, varias veces alcalde da súa vila natal de Puente Genil, deputado nas Cortes Constituíntes republicanas, gobernador da provincia de Almería durante a guerra e exiliado en México após a derrota, recibiu Antón Vilar Ponte en 1929, con dedicatoria autógrafa incluída, o volume *El Partido socialista ante la realidad política de España*, editado pola casa Cénit madrileña cun prólogo de Álvaro de Albornoz.

Conservou a familia de Antón Vilar Ponte e fai parte do fondo bibliográfico doado á Academia un exemplar do folleto de Lois Porteiro Garea (1889-1918) *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago (28-Mayo-1916)*, imprentado como primeiro caderno de propaganda dese grupo local irmandiño.⁹ O exemplar leva unha dedicatoria autógrafa de Porteiro, que di: “Ó gran Villar Ponte, devotamente”.

Nado en Lugo, Porteiro fixo a carreira de Dereito en Compostela e doutorouse en Madrid coa tese *El sistema parlamentario en España y sus relaciones con el caciquismo*. Na capital hispana fixo parte do grupo promotor da revista *Estudios Gallegos*, encabezado por Aurelio Ribalta. En sintonía con Antón Vilar Ponte e as súas propagandas, Porteiro liderou o proceso fundacional das Irmandades en Compostela. Exerceu como concelleiro e pasou a traballar como catedrático universitario, converténdose así nun dos referentes máis destacados do movemento no seu conxunto, ata o punto de se candidatar a deputado polo distrito de Celanova en febreiro de 1918.

Vítima dun atentado con arma de fogo no transcurso desa campaña e derrotado polo cacique Senén Canido, foi Porteiro un dos elementos que con maior forza alentou a marcha das Irmandades cara á súa definición nacionalista, mais o andazo de gripe do ano 1918 levouno á tumba o 27 de outubro, sen poder sequera participar na Asemblea de Lugo. O penúltimo artigo de Antón Vilar Ponte n’*A Nosa Terra* antes da celebración da amentada xuntanza foi, precisamente, unha necrolóxica en que verteu a súa profunda amargura pola morte do amigo e correlixionario, lamentou a mala fada que se abatía máis unha vez sobre Galiza, recriminou o tratamento minusvalorativo dado á nova infausta na maior parte dos xornais galegos e, finalmente, retratou en profundidade o perfil moral, intelectual,

9 En 1932, o Grupo de Compostela do Partido Galeguista faría unha segunda edición do mesmo, modificando en parte o seu título polo de *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Irmandade da Fala en Santiago no ano 1917* [sic].

político e humano do compañeiro desaparecido (1918c). Para Vilar Ponte, Lois Porteiro caracterizárase, basicamente, por ser un traballador e un loitador incansábel e un político xenial enteiramente entregado á causa galeguista. Aínda que non alcanzara categoría de literato, “porque non tivo tempo para facer literatura”, Porteiro “foi artista da palabra sugeridora, artista das frases inquietantes, sementador d’emocions, pensador polifacético e supracivil”. De espírito atento e cun temperamento de escultor de pobos, encarnara como ninguén, en opinión de Vilar Ponte, o ideal redentor da moderna democracia aristárquica, “a do goberno do pobo polo millor do pobo para ben do pobo”, de xeito que nun futuro próximo tería de se converter nun referente modélico para todos os galegos e galegas:

Hai un Porteiro ‘de todos’, que finou para sempre nun domingo de pasión. Este Porteiro fica sepultado baixo sete capas de logares comúns callados d’adjetivos, logo que lle tiveron feito funeraes casteláns de terceira nas irexas parroquiais da publicidade cotiana da terra galega. Pero hai outro Porteiro, o meu, o noso, o irmán dos irmáns na idea, íntimo para os íntimos, espírito de finura descomprendido polos espíritos matemáticos de que falou Pascal nas súas *Cartas*, forza perene cheia d’inquietudes emocionaes, que conquerimos agora enteiro para nos, que resucitou somente para nos, cando morreu o Porteiro ‘de todos’. E este Porteiro-idea, este Porteiro-símbolo, este Porteiro sentimento [sic], ponte de un único arco trunfal que une o pasado con o porvir, neste boletín enxebre, ermida fechada a cotío para a publicidade, ergueita baixo o palio dos pinos pondalinos, cal sanatorio para os nosos mozos tuberculosos do espírito, terá quincenalmente un *Te Deum* saudador, fermoso como unha alborada de primavera... A nosa fouce emblemática poderá mais que a gadaña da morte [...] ¡Cando o Porteiro “noso” se troque no Porteiro de “todos”!... Entón chegará o sábado de gloria da “sua” Galicia. (1918c, p. 2)

Durante 1925, movido polos requirimentos que ao respecto lle formulou o dirixente da Mocidade Céltica de Madrid, Fermín F. Penzol, Antón Vilar Ponte traballou, coa axuda de Álvaro Cebreiro, na recolleita de materiais para a edición dun volume que contivese textos de Porteiro Garea. Dese volume farían parte tanto os artigos escritos nos xornais *A Nosa Terra*, *El Noroeste* e outros, coma as moitas cartas particulares súas que o propio Vilar Ponte conservaba. Tamén incluíría semblanzas da súa figura elaboradas por Risco, Quintanilla e o propio xornalista viveirense, así como diversos retratos e caricaturas obra de diversos artistas. Tal proxecto, porén, nunca chegou a termo. O propio Vilar Ponte, ao se amosar disposto a emprendelo, en carta a Fermín F. Penzol datada a 26 de outubro de 1925, xa lle advertía que “o labor de escolma de canto escribú non ha ser moi doado” (Vilar 1981, p. 326).

Da estreita relación persoal e profesional que se estableceu entre o xornalista Antón Vilar Ponte e Manuel Portela Valladares (1867-1952), antigo deputado liberal polo distrito da Fonsagrada, candidato agrario en 1923 polo distrito tudense (en resposta á matanza perpetrada en Sobredo) e propietario de *El Pueblo Gallego* de Vigo, dá proba a presenza na fracción da biblioteca do xornalista de Viveiro conservada na Academia de dous folletos escritos e publicados polo destacado político.

O primeiro deles recolle a conferencia *Momentos de Galicia*, que pronunciara orixinarmente Portela no Ateneo de Vigo o 28 de agosto de 1922. O exemplar presenta unha dedicatoria autógrafa datada a 20 de marzo de 1926, que di: “Pra D. Antonio Villar Ponte gran xornalista, abridor de camiños, de quen tanto ufana a nosa terra: con estimación, con amizade, con fervore d’ideal”. O segundo, pola súa vez, leva por título *Unificación y diversificación de las nacionalidades* e foi editado en Barcelona en 1932, con deseños de Castelao.¹⁰

A traxectoria de Portela Valladares, así e todo, alternou etapas de maior e menor sintonía coas posicións defendidas e encarnadas polo de Viveiro. Certo que aquel abriu o seu xornal durante o período final da ditadura de Primo de Rivera para moitas voces pro-democráticas e republicanas, mais non secundou, porén, a táctica de Vilar Ponte de crear a ORGA e mesmo chegou a promover, co apoio de sectores conservadores do galeguismo, como alternativa á citada ORGA e á presenza desta no Pacto republicano de Donosti, o chamado Pacto de Barrantes. Entre novembro de 1933 e febreiro de 1936 produciuse novamente un claro divorcio entre as posicións de Vilar Ponte e do PG, por unha banda, que conduciron á participación na Fronte Popular, e a de Portela Valladares, por outra, ministro e presidente do Goberno durante o “bienio negro” e promotor nos comicios lexislativos do 36 dunhas candidaturas de centro ás que se abeirarían algúns elementos procedentes do galeguismo como Ramón Cabanillas, Paz-Andrade e Xoán Xesús González, entre outros. Un tímido amago de achegamento entre Portela e o PG, xa con Antón ausente deste mundo, verificouse á calor da campaña pro-estatutista e do plebiscito autonómico do 28 de xuño de 1936, mais axiña chegaría o golpe militar de xullo, o seu fracaso e a guerra civil subseguinte.

Durante algún tempo, as traxectorias de Antón Vilar Ponte e do seu tocaio Antón Valcárcel López (1887-1963), avogado e xornalista de orixes ourensás que procedía das fileiras do social-catolicismo, que dirixira na Coruña desde 1914 ata 1916

10 O de Viveiro saudaría na prensa a aparición dun terceiro opúsculo debido a Portela, o titulado *Ante el Estatuto* (1932) e nesa ocasión chegou o propietario e director de *El Pueblo Gallego* como “uno de los pocos políticos militantes que jamás dejara de sentir la llamada de la Tierra” e como “apóstol de la democracia” (1932f).

o xornal *El Eco de Galicia* e que exercería como secretario da Cámara de Comercio coruñesa desde ese último ano citado ata o de 1926, confluíron tanto no campo publicístico (ambos fixeron parte entre 1916 e 1918 dos corpos de redacción do boletín *A Nosa Terra* e do diario *El Noroeste*) coma no político (ambos impulsaron o movemento das Irmandades da Fala desde os seus comezos). Certo é que, a partir do fracaso das candidaturas *irmandiñas* en febreiro de 1918 e da decantación nacionalista subseguinte na Asemblea de Lugo, en novembro dese mesmo ano, esa plena sintonía quebrou: Valcárcel, canda Aurelio Ribalta, Rodrigo Sanz, Xosé Iglesias Roura e outros, afastouse da Irmandade coruñesa e promoveu un Centro Rexionalista, ao cabo de escaso percorrido. Durante 1919-1920 exerceu como correspondente do diario madrileño *El Sol* na Coruña.¹¹

No período de máxima colaboración entre ambos, Valcárcel achegou para o boletín *A Nosa Terra*, que dirixía o de Viveiro, diversas poesías orixinais, traducións para galego e artigos de fondo. Nun deles referiuse ao autor d'*A patria do labrego* como “un cerebro san e un corazón valente” (Valcárcel 1917). No contexto das propagandas das Irmandades imprentou en 1917, ademais, a súa conferencia *O municipio galego*, que chegou a ser ofrecida gratuitamente aos asinantes do boletín das Irmandades como xeito de compensalos pola interrupción na normal saída do número 28 da publicación, causada pola represión governamental desatada durante o conflitivo verán de 1917 (eco no obreirismo da revolución na Rusia tsarista, asembleas de parlamentarios perante o fechamento das Cortes etc.).¹² Valcárcel aínda pronunciaría posteriormente algunhas outras importantes conferencias antes de afastarse das Irmandades, como a que deu na Coruña en novembro de 1917 baixo o título de “La autoridad, el orden y la justicia en relación con el regionalismo”, na que, segundo indica *La Voz de Galicia*, “demostró de manera casi matemática que España sólo podrá renovarse para ser un gran pueblo, dentro de los moldes regionalistas”¹³ ou a que pronunciou a comezos de decembro dese mesmo ano citado nos locais da Cámara de Comercio de Barcelona,¹⁴ facendo parte da “embaixada galega” que as Irmandades enviaron a Cataluña para dar a coñecer a problemática global do noso país e asinar un pacto de colaboración coa Lliga de Cambó.

11 Coordinaría as páxinas extras dedicadas á provincia coruñesa no exemplar de *El Sol* de 17 de outubro de 1917, que acolleu colaboracións, entre outros, de Eladio Rodríguez González, Manuel Lugrís Freire, Antonio Rey Soto, José García Acuña, Eloy Luís André, Rof Codina, Labarta Pose e Castelao, quen achegou varias caricaturas. Ademais, entre outros artigos, Valcárcel (1920) publicaría tamén no diario madrileño unha evocación eloxiosa da figura de Víctor Said Armesto.

12 *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 28-29 (30/VIII/1917), p. 11.

13 “Conferencias regionalistas”. *La Voz de Galicia*. 10/XI/1917, p. 1.

14 Indica *La Veu de Catalunya* na súa crónica (2/XII/1917, p. 7) que “acaba el señor Valcárcel afirmand que la región gallega es rica, pero le manquen els mitjans per fer fructificar i valdre les seves riqueses”.

Un exemplar da conferencia impresa de Valcárcel *O municipio galego* consérvase na Academia, con dedicatoria manuscrita a Antón Vilar Ponte. O traballo foi obxecto de eloxiosos comentarios durante o verán de 1917 nas planas de xornais como o ourensán *O Tío Marcos da Portela* (3ª época), a revista vilalbesa *Galicia Pintoresca*, o semanario viveirense *Verdad y Justicia*, o diario católico lugués *La Voz de la Verdad* e outros, e mereceu as gabanzas do líder político conservador Antonio Maura, reproducidas por *A Nosa Terra*.¹⁵

Fecha este subconxunto o exemplar do folleto anónimo *El Estatuto de Galicia y la asamblea regional de municipios*, editado con cuberta de Camilo Díaz Baliño en 1932 en Compostela, como parte da campaña pro-autonomista.

15 “Á xuventude galega. Volveu fala-lo mestre”. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 30 (10/IX/1917), p. 5.

4. OS LIBROS “XORNALÍSTICOS”

Non pode admirar que entre o espolio bibliográfico vilarpontino que nos ocupa haxa volumes confeccionados por colegas profesionais seus, xornalistas galegos ou doutras latitudes que así o agasallaban en proba de amizade, como signo de simpatía ou sintonía ideolóxica ou por simple deferencia e amabilidade entre compañeiros de oficio.

Seguindo unha orde alfabética atopamos, en primeiro termo, o volume *Y el bufón reía* (A Coruña, 1917), de Manuel Barbeito Herrera (Ferrol, 1885-Madrid, 1968), que nos anos dez do pasado século pertenceu sucesivamente ás redaccións do *Diario Ferrolano*, *El Ideal Gallego*, *El Noroeste* e *El Orzán*, antes de instalarse en Madrid a partir de 1922. Antón compartira con el en 1915 pertenza á directiva da Asociación de Prensa da cidade herculina (o de Viveiro como presidente e o de Ferrol como secretario segundo), mais non pode dicirse que se xerara entre eles demasiada concordancia: Barbeito abandonou *El Noroeste* para fundar *El Orzán* cando o *irmandiño* Antón entrou a dirixir o primeiro dese xornais, non quixo contribuír ao cultivo literario do galego en ningunha das súas producións (novelas como *El divino monstruo* e *La querida del diablo*) e posteriormente, cando o de Viveiro rompeu o seu vínculo con *La Voz de Galicia*, Barbeito actuou precisamente como correspondente dese xornal en Madrid.

Maior relevancia na traxectoria do promotor das Irmandades ten o volume editado en 1917 na imprenta de *La Voz de Galicia* na Coruña *Del arte gallego. Exposición regional, 1917 (Bocetos de crítica)*, de Alejandro Barreiro Noya (1874-1948), pois leva un prólogo do propio Antón Vilar Ponte e consta dunha dedicatoria manuscrita, datada a 16 de novembro de 1917, que resulta ben reveladora:

Para Antonio Villar Ponte con perenne gratitud por su concurso fraternal en la publicación de este libro, que él inició y tuvo la bondad de sacar de pila con un

prólogo magnífico, como suyo. Un gran abrazo y todo el afecto de su reconocido compañero.

Como é sabido, Alejandro Barreiro, que entrara no citado xornal en 1889 como tipógrafo e que o dirixía desde febreiro de 1914, recolleu en *Del arte gallego*, ilustradas con traballos de Manuel Bujados, Cortés Bugía e Castelao e con reproducións fotográficas dalgunhas das obras en cuestión, diversas impresións e entrevistas previamente publicadas no diario herculino cos artistas galegos que participaron na Exposición Rexional celebrada na Coruña durante o verán de 1917: Antonio Palacios, Sotomayor, Román Navarro, Francisco Lloréns, Corredoira, Castelao, Germán Taibo, Carlos Sobrino, Víctor Morelli, González del Blanco, Juan Luís, Manuel Bujados, Castro Gil, Felipe Bello Piñeiro, Federico Ribas, Imeldo Corral, Seijo Rubio, Manuel Abelenda, Requejo, Concheiro, E. de Madariaga, Magariños, Francisco Asorei...¹

No seu prólogo, louvado por Blanco Torres como “admirable” e polo xornal *Galicia Nueva* de Vilagarcía de Arousa como “rebotante de erudición”, Vilar Ponte puña énfase na importancia de que Barreiro se decidise a publicar os seus traballos en forma de libro, pois salvagardaba así unha información e unha valoración coetáneas que alcanzarían maior relevo canto máis tempo transcorrese e canto máis clara ficase para a posteridade a importancia decisiva desa Exposición no desenvolvemento da pintura galega.

Cómpre dicir que moitas das ideas expostas por Antón Vilar Ponte neste seu prólogo ao libro de Barreiro pasarían máis tarde ao ensaio “Da paisaxe e a pintura en Galicia”, publicado polo boletín ourensán *Nós* no cuarto número da súa primeira xeira (1921b). Combater a falsa crenza, moi arraigada entón nos ambientes da crítica e da produción artística na España coetánea (e defendida, entre outras figuras, pola condesa de Pardo Bazán na revista *Nuestro Tiempo*), de que as terras do noroeste peninsular, pouco solleiras, resultaban ermas para a pintura e postular, ao mesmo tempo, a necesidade dun movemento pictórico galego enxebre, como parte ineludíbel do desenvolvemento cultural e da autoafirmación galega, son dúas das mensaxes vilarpontinas máis rotundas presentes nese texto. Da inferiorización e desestimación da lingua propia devían, na súa opinión, todas as demais manifestacións do rebaixamento dos propios valores, fosen estes literarios, pictóricos, musicais ou de calquera outra caste: “E como arrenegáramos da fala, arrenegáramos da propia natureza. A nós a luz i-o nós verde (chegamos a

1 No decenario das Irmandades, *A Nosa Terra*, dirixido polo de Viveiro, Eladio Rodríguez González dera á estampa paralelamente, co rótulo común de “Pintores d’almas”, unha serie de poemas dedicados precisamente a varios artistas participantes nesa Exposición.

pensar pol-o que nos dixeran alleos) non valían pra seren levados ó lenzo. O nóso orballo e a nósua chuva miuda, eran cousas da nosa terra que nos facían inferiores”.

Talvez consciente de que levara as súas palabras a uns territorios en que o propio autor do volume mal podía sentirse cómodo, o de Viveiro poríalle o ramo ao seu prólogo con diversas louvanzas á persoa de Alejandro Barreiro, quen “como todo buen periodista, condenado a los trabajos forzados de la Redacción, lleva en su alma un excelente literato guillotinado”, e mais ao propio volume *Del arte gallego*,

bello libro, noble y generoso, que es como el censo idealizado de los nombres creadores de la naciente escuela de arte gallego. Este libro prestará un buen servicio en todas las bibliotecas de las personas cultas que sigan con interés los progresos de nuestra pintura y escultura. ¡Con qué satisfacción volveremos hacia él los ojos, cuando, pasado algún tiempo, veamos triunfantes a algunos jóvenes artistas a quienes Barreiro juzga y alienta con amor y entusiasmo!

Mais pola época en que o volume de Barreiro veu lume, a finais de 1917, a situación de Antón Vilar Ponte no seo da redacción de *La Voz de Galicia* era en realidade moi incómoda, como consecuencia da crecente animadversión que desde o rotativo se manifestaba contra as propagandas nacionalistas das Irmandades da Fala.

Fora nas planas de *La Voz de Galicia*, concretamente na súa sección “Con letra del siete”, onde Antón Vilar Ponte expuxera e divulgara desde o seu ingreso na redacción do xornal en 1912 os razoamentos que conduciran finalmente á constitución da primeira das Irmandades da Fala na Coruña, en maio de 1916. A súa campaña galeguizadora fora secundada inicialmente polo propio rotativo. A empresa regaláralle ao seu redactor a impresión dunha segunda edición, en formato libro, do folleto *Nacionalismo gallego* e tirara do seu prelo, ademais, os once primeiros números do *idearium* das Irmandades, *A Nosa Terra*. Ademais, algúns membros da redacción, como Robustiano Faginas, Augusto Barreiro ou o propio Alejandro Barreiro, figuraran como socios da Irmandade na primeira hora e mesmo asinaran algúns traballos no amentado boletín *irmandiño*.

Non obstante, a medida que o movemento das Irmandades foi asentando e definindo con maior precisión os seus postulados lingüístico-políticos, *La Voz de Galicia*, enfeudada aos intereses da facción do partido liberal que lideraba Manuel García Prieto, irase retraendo e distanciando paulatinamente do proxecto, até consumir unha ruptura absoluta que mesmo desembocará en determinados instantes en mutua hostilidade. Foi o diario dirixido por Barreiro, por exemplo, un dos máis combativos contra a alianza das Irmandades con Cambó, dando cancha entón nas

súas planas aos ataques contra o movemento *irmandiño* proferidos por colaboradores e defensores do *regionalismo sano y bien entendido* como Manuel Casás Fernández, Bartolomé Calderón, Alfredo García Ramos ou Francisco Camba.

Neste sentido, pódese dicir que o feito de que Antón prologase o volume de Alejandro Barreiro constitúe unha sorte de “canto de cisne” da súa noutrora moi intensa amizade persoal² e mesmo da súa relación profesional, pois apenas dous ou tres meses despois o de Viveiro abandonaba definitivamente a redacción de *La Voz de Galicia*, na que entrara da man de Federico Maciñeira en 1912, para asumir o posto de director do diario *El Noroeste*, adquirido naquela altura polos catalanistas da Lliga en alianza coas Irmandades. Á separación a que os condenou a desavianza ideolóxica alude o de Viveiro cando se refire no prólogo ao seu carácter de promotor “de una palabra nueva (la palabra *nacionalismo*, que me impone sacrificios y desgarramientos interiores)”.³ Significativo é o feito de que cando a Alejandro Barreiro se lle tribute en Compostela, en xullo de 1919, unha homenaxe pública co gallo da xuntanza denominada Primera Asamblea de Periodistas Gallegos, Antón non figure nin entre os adherentes nin entre os comensais que acudiron ao correspondente banquete.

Así e todo, cando en abril de 1928 o goberno francés lle impoña a Barreiro a distinción honorífica das Palmas Académicas, nunha cerimonia que se celebrou na Reunión de Artesáns coruñesa, o de Viveiro non deixará de acudir e de expresar na súa columna de *El Pueblo Gallego* (1928d) o seu sentir cara ao colega, xa atemperados, segundo parece, os profundos desencontros de outrora:

2 Alejandro Barreiro actuara como padriño da voda de Antón Vilar Ponte e Micaela Chao Maciñeira en 1913 e mais como padriño nun duelo que o de Viveiro sostivera en abril de 1914 con Joaquín Martín Martínez, director na altura do xornal *Tierra Gallega*, por mor do contido dun artigo publicado no semanario coruñés *El Ciudadano*.

3 As aparicións da pluma de Antón Vilar Ponte no xornal fundado por Fernández Latorre fariáanse a partir de entón e durante varios lustros moi escasas, terían case sempre razón de ser algunha efeméride ou conmemoración puntual na traxectoria do xornal e mesmo aparecerían asinadas co pseudónimo *Meilán*, que tamén empregaría no diario vigués *Galicia*. Só a partir de 1933 e ata a súa propia morte, en marzo de 1936, Antón volvería facer parte do corpo de colaboradores habituais do diario. Pouco antes de reincorporarse e co gallo de se cumprir o cincuentenario da fundación do xornal escribía (1932b): “Podré no haber estado algunhas veces de acuerdo con las cosas de este periódico; pero ello no empece para que mi afecto hacia él haya sido siempre grande. Lo haya sido y lo siga siendo. [...] Seis años he sido yo redactor de dicho periódico. Muchos más colaborador. Aquellos seis años fueron los mejores de mi [vida desde el] punto de vista íntimo y desde el punto de vista público. Me considero, pues, ligado a *La Voz* con lazos irrompibles. [...] A través de *La Voz* me desposé con La Coruña en eterno connubio ofrendándole a Galicia un ideal de redención al propio tiempo. Mi supremo valor ideológico en este periódico tuvo un medio expresivo y difusivo. En las hojas de algunos volúmenes de su colección están las cosas más felices de mi pluma. [...]. ¿Cómo, pues, no concurrir vestido con mis mejores galas a la celebración de las bodas de oro de este periódico en el que hay tantas páginas nutridas con la sangre de mi espíritu?”. Moito menos condescendente era a visión de Roberto Blanco Torres sobre as razóns desa presenza vilarpontina no diario que dirixía Barreiro: “Allí está prisionero por un sueldo misérrimo un escritor izquierdista, Antonio Villar Ponte, con el que a veces quieren cubrir en *La Voz de Galicia* la mercancía liberal” (Blanco 1935).

A lo largo de los días habremos podido disentir muchas veces de la ideología política de Alejandro Barreiro; pero siempre le tuvimos y seguimos teniéndole, por un buen camarada, por un noble amigo y por un distinguido periodista, de vocación ejemplar, como pocos.

Diremos, por último, que ambos coincidirían nos anos 30 como numerarios da Academia Galega, mais sostendo posicións claramente confrontadas sobre a orientación e o deber ser da entidade e sobre a causa da normalización de usos do idioma de Rosalía. De feito, polos días en que Barreiro era nomeado académico de número, *A Nosa Terra* puña en destaque a nula atención que o xornal que dirixía, *La Voz de Galicia*, viña emprestando á literatura galega, aludindo ao feito de que non dixeran res de *Os camiños da vida*, *O porco de pé*, *O galo*, *Romances Galegos* de Eduardo Blanco Amor etc.⁴

Do xornalista de Baleira José Díaz Andión (1892-1948), quen traballou como tipógrafo e funcionario de Correos e tivo militancia republicana, está presente na biblioteca vilarpontina o breve folleto *Los precursores de la libertad. Juan Díaz Porlier*, editado en Madrid en 1932. Pola figura deste mártir do liberalismo e vítima da represión absolutista fernandina, así como pola de Sinforiano López e pola de Xoana de Vega, tivo Antón Vilar Ponte devoción especial durante toda a súa vida e, de feito, emprendeu sobre elas diversos proxectos literarios e teatrais que, infelizmente, non conseguiu concluír.

Outro dos xornalistas galegos que achegou obras da súa autoría ao espolio bibliográfico de Antón Vilar Ponte que nos ocupa foi o ferrolán Pedro Fraga de Porto (?-?). Director en 1915 do *Diario Ferrolano*, coincidiu co viveirense en diversas campañas cívicas a prol do denominado “ferrocarril da Costa” (Ferrol-Xixón) e isto fixo que se achegase circunstancialmente á Irmandade da Fala ferrolá nos seus primeiros compases, colaborando co seu boletín *Galicia*, por exemplo.⁵

4 “Peneirando”. *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*. 257 (1/II/1929), p. 5.

5 No artigo “Exaltación gallega”, publicado no segundo número do boletín (20 de decembro de 1917), Fraga de Porto realiza aseveracións que revelan o limitado do seu discurso sociolingüístico e que non poden considerarse, en absoluto, paradigmáticas do sentir hexemónico das Irmandades. Ao lado dunha defensa do futuro do galego, establecía un horizonte final francamente diglósico, falsamente compensatorio, en que o galego ficaría como lingua “sentimental” e o español como lingua de “intelixencia”: “El paisano gallego cre que se envilece hablando gallego; es preciso hacerle comprender, hablándolo todos, que ese idioma, que se ha perpetuado durante cinco siglos de esterilidad literaria, tiene méritos suficientes para ser vehículo de nuestro sentimiento, de nuestra idea, de nuestra alma. Si

Arredado axiña delas, porén, e abandonando a faceta xornalística tras dirixir a revista ferrolá *Juventud* en 1919, desenvolveu a partir dos anos 20 unha traxectoria en Madrid máis ben centrada no mundo do dereito. Na posguerra, perseguido e inhabilitado polo franquismo pola súa condición de masón, veuse na obriga de facer numerosas traducións para gañar a vida.⁶

Fraga de Porto editou en Ferrol en 1919 o volumen *Concepción Arenal: fragmentos de sus obras completas*, unha recompilación dalgúns dos traballos máis relevantes da ilustre penalista. Á fronte do exemplar que lle entregou ao de Viveiro estampou a seguinte dedicatoria manuscrita:

A meu querido amigo Antón Villar Ponte, faro aceso na órbita da gran xuventude d'estrelas que van saíndo da nebulosa de nosos ceos. Cunha aperta en que latexa a miña admiración pola súa densidade de pensamento, extensión de cultura, xentileza e esprito. En proba de fonda amizade.

O certo é que con anterioridade a recibir o volume en cuestión, Vilar Ponte tiña manifestado a súa admiración pola figura de Concepción Arenal en moi diversas ocasións, situándoa xunto a María Pita, Xoana de Vega, Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro como referencia imprescindible do prototipo de muller galega que rompeira os roles tradicionais. Así, no discurso que pronunciara en setembro de 1909 no Teatro Nacional durante o acto de inauguración dun novo curso escolar no colexio Concepción Arenal, vinculado á Sección Instrutiva do Centro Galego da Habana, o de Viveiro subliñara que a muller “puede salir del campo de la égloga [...] para escalar las cimas sociales, y llamarse, entonces, Rosalía Castro en la poesía, María Pita en el heroísmo y el valor, Emilia Pardo Bazán en la novela y la crítica, Concepción Arenal en el terreno sociológico” (1926h, p. 2). Tamén lle rendera homenaxe á penalista ferrolá en Cuba en 1910, dedicándolle lugar preferente nas planas da súa efémera revista *Alma Gallega*, e volvería facelo

hoj está atrasado con respecto al idioma castellano, ¿qué importa? Prosperará con el ritmo de nuestra prosperidad económica y política, vivirá nuestra propia vida y seremos bilingües, tendremos dos lenguas: una para el corazón —la gallega—; otra para la inteligencia —el español”. Non por acaso o artigo en cuestión remataba con estas expresivas palabras: “¡Separarse de España por voluntad: ¡nunca! [...]. En nosotros Galicia y España se confunden [...]. ¡Viva Galicia y viva España!”.

- 6 Así, títulos como *La enemiga de Napoleón* (1943), de Giuseppe Borghetti; *Pensamientos y aventuras* (1943) e máis *Grandes contemporáneos* (1944), de Winston Churchill; *La víctima de Napoleón: el duque de Enghien* (1943), de Marcel Dupont; *Estampas napoleónicas* (1944), de Alessandro Varaldo; *La emperatriz trágica. La agonía del zarismo* (1944), de Julia Nicolaievna Danzas; *Draga Mascin, la reina fatal* (1944), de Elio Zorzi; *Cavour, el artifice de la unidad de Italia* (1945), de Alfredo Panzini; *El hombre que se perdió a sí mismo* (1945), de Osbert Sitwell; *La tripulación del “Anaconda”* (1945), de Archibald Gordon Macdonell; *La balada y la fuente* (1946), de Rosamond Lehmann; *Los años* (1946), de Virginia Woolf; *El tigre ruín* (1963), de Howard Spring etc.

nunha conferencia que pronunciou o 18 de decembro de 1910 na Juventud de Galicia lisboeta, aproveitando a súa estada na capital portuguesa como correspondente para *La Voz de Galicia* e para o *Diario de la Marina* nos días en que tiña lugar a proclamación da República no país irmán. No transcurso desa conferencia, citando Concepción Arenal, María Pita, Rosalía e Pardo Bazán e en claro desafío ao dominio moral exercido sobre moitas mulleres polo clero nesa época, Antón concluíra que as mulleres serían “la base de la extirpación de rancias costumbres, el día que los cuervos negros dejen de perseguirlas”.

En outubro de 1926, Fraga de Porto fíxolle chegar a Vilar Ponte un opúsculo da súa autoría, titulado *Notas sobre justicia municipal*, impreso en Puertollano. Acompañou o exemplar con esta dedicatoria autógrafa: “A meu bon amigo Antón Villar Ponte, ilustre xefe de vanguardia n’as loitas de reconquista de Galicia. C’ unha aberta”.

O de Viveiro acolleu o envío confeccionando como resposta un artigo que publicou na sección “Galerías” de *El Pueblo Gallego*. Nel amosábase un tanto compunxido ao constatar que unha figura de talento como o ferrolán, “periodista para periodistas”, aquel “hombre cultísimo que lograba transparentar agudezas de pensamiento servidas por una ironía muy sutil en párrafos de prosa impecable” e que tanto talento tiña derramado nas páxinas do *Diario Ferrolano*, estivese a sacrificar unha brillante carreira en aras do triunfo profesional no campo da avogacía, limitándose á redacción de folletos como o de referencia. Nese sentido, animaba a Fraga de Porto a que colaborase con *El Pueblo Gallego*, “que es como la casa grande donde busca acogida, y la encuentra entusiasta, toda la intelectualidad gallega” (1927c).

Outra figura do xornalismo galego do primeiro terzo do século XX que lle achega a Antón Vilar Ponte un exemplar dun opúsculo da súa autoría é Heliodoro Gallego Armesto (1872-1934). Trátase de *Los Ferrocarriles de Galicia: novísima guía en forma de itinerarios descriptivos*, impreso na Tipografía de *El Eco de Santiago* en 1926, mais que leva dedicatoria manuscrita un tanto posterior, pois está datada na Coruña a 12 de agosto de 1928.

Matemático, divulgador científico,⁷ afeccionado á literatura de viaxes (na súa mocidade publicou unha pioneira *Guía del ciclista en España: Provincia de Madrid*, 1896), colaborador habitual da revista viguesa *Vida Gallega* e profesor na Escola de Artes e Oficios compostelá, Heliodoro nacera na Pobra de Trives no seo

7 Con opúsculos como *El eclipse total de sol del día 30 de mayo próximo* (Santiago, 1905) e *Matemáticos españoles contemporáneos* (Santiago, 1924).

dunha familia de gran relevancia na zona: seu pai, Germán Gallego Armesto, foi alcalde da localidade entre 1904 e 1909 e el propio chegou a ostentar a condición de deputado provincial en Ourense entre 1901 e 1904. Heliodoro vinculouse con lazos de amizade e veciñanza durante un tempo, nas terras bañadas polo Bibei, co escritor viveirense Xoán Pla Zubiri, cuxo irmán José participara de cheo durante a mocidade co propio Antón Vilar Ponte, en terras do Landrove, en iniciativas como a edición do xornal republicano *Nueva Brisa* e a posta en marcha do grupo Germinal.

Aínda que orbitou nalgúns instantes arredor do galeguismo, primeiro coa Irmandades da Fala compostelá que presidía Lois Porteiro e logo, implantada a Segunda República, co Partido Republicano Nazonalista que liderou en Ourense Ramón Otero Pedrayo, Heliodoro nunca fixo parte, porén, do segmento máis visíbel e comprometido desa tendencia. Así e todo, enténdese que lle fixese chegar ao de Viveiro o seu opúsculo sobre camiños de ferro, xa que Antón xogara un rol moi relevante en 1915 na demanda de construción do “ferrocarril da costa” e aínda había ter posteriormente algún protagonismo nos debates parlamentares celebrados nas Cortes do bienio republicano constituínte arredor das obras do ferrocarril Zamora-Ourense.

Nada menos que cinco son os libros do xornalista e ensaísta Victoriano García Martí (1881-1966) que figuran no quión da biblioteca persoal de Antón Vilar Ponte que nos ocupa. Sen afastarse nunca do cultivo exclusivo do castelán e tendo actuacións como xornalista que o situaron en posicións contrarias ás defendidas polas Irmandades,⁸ García Martí optou por reflexionar non poucas veces nas

8 Cando García Martí, daquela redactor de *El Liberal* de Madrid e secretario do Ateneo da capital hispana, intentou constituír en Compostela unha asociación de xornalistas galegos contando co concurso de boa parte dos redactores e directores da prensa obediente aos partidos caciquís que sostían o réxime da Restauración, recibiu inmediatamente a irada resposta de Antón Vilar Ponte por medio do voceiro irmandiño *A Nosa Terra*. Ademais de propinarlle ao da Pobra varios epítetos negativos (“cursi e fracasado”), a propia xuntanza sería xulgada severamente polo de Viveiro nestes termos: “¡A I Asambleia de xornalistas galegos! Non, a I Asambleia de dependentes d’empresas xornalísticas feitas por caciques para caciquearen. Iso, somentes iso, porá ser a farsada que o derradeiro d’este mes xuntaráse en Compostela. Os verdadeiros xornalistas galegos que hai na Galiza acháranse [sic] arredados d’ela. Porque os verdadeiros xornalistas galegos —co’a esceución de catro ou cinco que escriven en xornaes— son os redautores dos semanarios, quincenarios e mensuarios agraristas e galeguistas. Eses homes, que a mais de non cobraren nada pol-o seu traballo patriótico e xusticiero [sic] fan a cotio moitos sacrificios, espóndose aínda, coma premio, a sofriren os rigores da lei. Os inflategramas e inflafondos dos xornaes d’Empresa non pasan d’escravos do caciquismo, apoiadores e sostenedores da forza d’este. E ademais a sua cultura, cáseque sempre, corre parellas [sic] co’a sua ética [...]. A devandita Asambleia podería, pois, chamarse asambleia de «plumíferos» galegos devotos de García Prieto, Gasset, Bugallal, Riestra, etc., pero asambleia de xornalistas galegos, non, non e non” (1921h).

súas producións sobre aspectos da historia, da idiosincrasia e mesmo do porvir de Galiza, de maneira que, sen chegar a se identificar co nacionalismo *irmandiño* e mesmo entrando ás veces en civilizada controversia con el, pódese dicir que sentiu certa irmandade espiritual co xornalista de Viveiro e con outros intelectuais galeguistas.

García Martí destacou sempre polo seu cultivado e cosmopolita perfil (familia rica de orixes catalás, estudos de doutoramento en Madrid, pasante no despacho de Eduardo Dato, pensión na Universidade de La Sorbonne, alumno de sociólogos e filósofos como Emilio Durkheim e Henri Bergson...), pola súa constante presenza na prensa escrita (tanto na capital española coma en revistas da colonia galega emigrada), polo seu trato próximo con figuras como Ortega y Gasset, Gregorio Marañón e Valle Inclán e pola súa prolífica obra, onde caben novelas como *Don Severo Carballo* (1917), pezas de teatro como *La tragedia de todos* (1928) e ensaios como *Del mundo interior* (1911), *La sonrisa de un espíritu* (1911), *Del vivir heroico* (1921), *Verdades sentimentales* (1921), *Caracteres de la vida social y mundana* (1921), *Lugares de devoción y belleza. Impresiones de Galicia* (1922), *De la felicidad* (1924), *Del vivir heroico y del mundo interior* (1925) e *Una punta de Europa* (1927).

Sobre este último, prologado por Ortega y Gasset, considerou Antón Vilar Ponte que ningún galeguista debía deixar de lelo “no sólo por lo que sugiere, sino también por lo que tiene de rebatible”.⁹ Estaba lonxe o de Viveiro, efectivamente, de se facer solidario con moitos dos conceptos vertidos nesa obra por García Martí, especialmente no relativo ao pesimismo paralizante que o seu autor amosaba nela con respecto ao futuro do país: “El discurso de fé y esperanza que anhelamos la mayoría de los gallegos —pensando en el advenimiento feliz del Fichte de la raza, con mayúscula o minúscula, es lo mismo—, aún no se contiene en las bellas páginas de *Una punta de Europa*” (1927m).¹⁰ Tamén non estaba conforme coa idea, exposta polo escritor da Pobra do Caramiñal nese libro, de que Portugal e o agro constituísen desde o comezo dous motivos “tópicos” do movemento galeguista, pois:

[...] si los movimientos galleguistas no han tenido otro pecado original que el de referencia no precisan para nada de las aguas bautismales y purificadoras.

9 Da mesma opinión eran os redactores do boletín *Nós*, que sinalaban nese sentido: “[...] tivo García Martí moitos contraditores, e tíñaos que ter, xa que todol-os que en col de Galiza escriben, áchanse pol-o xeral en íntimo desacordo. E cecáis tamén estea millor que sexa d’iste xeito” (*Nós: boletín mensual da cultura galega*. 45 (15/IX/1927), p. 17).

10 O prologuista Ortega y Gasset aproveitaba a ocasión, ademais, para combater os nacionalismos, pedíndolles a galegos, vascos e cataláns que “abandonen la creencia tan falsa como ingenua, de que basta que exista una cierta peculiaridad étnica, un cierto modo de ser corporal y moral para tener derecho a constituir un Estado”.

Si Portugal y el agro dejan de ser categorías dentro de todo anhelo galleguizador; si se les considera como tópicos, ¿dónde buscar los módulos esenciales de un puro ideario de galleguidad? [...] siendo de los primeros propagandistas del movimiento galleguizante integral podemos sentirnos orgullosos de haber orientado hacia Lusitania y hacia el agro nuestras más serias preocupaciones. [...]

Mientras haya un pueblo vecino del nuestro, algunas partes del cual estuvieron influidas por Galicia, que posee un idioma análogo al gallego —y que tuvo al gallego por padre— hablado en la actualidad por más de treinta millones de almas, [...] y mientras la realidad geográfica nos diga que el *rus* en nuestra tierra es casi todo y la *urbe* casi nada, los topiqueros no estarán entre los galleguistas militantes sino entre los *dilletantes* del galleguismo. (1927n)

Non obstante, o xuízo global de Vilar Ponte sobre esa obra de García Martí non deixaba de ser positivo: “[...] es obra plausible, llena de amor a Galicia, escrita de manera brillante, que honra a su autor y le proclama como buen ensayista y exquisito literato” (1927m).¹¹

Mais centrándonos nesos cinco volumes que o autor pobrense lle enviou a Vilar Ponte, diremos que o primeiro deles, cronoloxicamente falando, é *La emoción del momento* (*Ensayos de ideología política*) (1929), editado pola CIAP e comentado por Antón na sección “Pretextos cotidianos” de *El Pueblo Gallego* (1929m) case ao propio instante da súa saída. Velaquí os fragmentos que xulgamos máis eloquentes desa recensión:

Victoriano García Martí acaba de regalarnos con un nuevo libro suyo. Se denomina *La emoción del momento*. Contiene una colección de ensayos sobre ideología política. Estudia primero cosas de interés universal, enfocando de modo sereno y agudo los problemas más serios que hoy preocupan a los pensadores de todos los pueblos. Luego acaba refiriéndose solamente a España y a Hispanoamérica.

Cuantas valoraciones históricas de tipo sentimental sirvieron de aglutinante en sociedades pretéritas, se analizan con justa sobriedad en las páginas del libro que nos ocupa, para llegar a la conclusión de que se hallan en crisis, mostrándonos la clave de este drama de la inteligencia, que, como ha dicho alguien recientemente, está enferma de ideas negativas, y “no pudiendo volver a los viejos mitos, no puede tampoco aceptar la verdad nueva”. Entre otras razones, porque esta verdad no existe todavía. De la autoridad a la libertad, del nacionalismo al internacionalismo, de la brutalidad al espíritu, anda oscilando el péndulo de la inteligencia sin encontrar el punto fiel donde poder detenerse.

11 Tamén atendería o de Viveiro á publicación de *La tragedia de todos* (1928l).

En torno a esto y a otras muchas cosas derivadas del mismo tema, hace Victoriano García Martí consideraciones y deducciones llenas de profundas sugerencias, demostrándonos así una vez más sus notorias dotes de moderno ensayista. [...]

Múltiples son los problemas de que trata Victoriano García Martí en su nuevo libro que hace pensar mucho y se lee con sumo agrado.

O segundo volume, editado nese mesmo ano de 1929 por Mundo Latino, titúlase *El sentimiento de lo eterno (Meditación)* e tamén coñeceu o rápido e moi positivo comentario do viveirense no diario propiedade de Portela Valladares (1929o):

Tenemos a la vista un nuevo libro de Victoriano García Martí, que nos proporcionó con su lectura unas horas de verdadera emoción. Aun fresca la tinta de otra obra suya, ha salido a luz esta, de la que queremos decir breves palabras, que se intitula *El sentimiento de lo eterno*. Trátase de una meditación serena sobre el problema de los problemas, cuya incógnita no habrá de despejarse jamás, y que puede ser enunciada en dos sencillas preguntas: ¿De dónde? y ¿A dónde? Más acá o más allá de estas interrogantes se abre la sima del misterio impenetrable; el mismo mar sin orillas, la niebla inconsútil de una inquietud turbadora y desconcertante, que nunca el sol del pobre raciocinio humano podrá disipar por completo. ¿De dónde?, nos preguntamos al oír los primeros vagidos del niño que nunca fué y llega ahora a ser uno más en nuestra casa. ¿A dónde?, nos preguntamos cuando la última mueca agónica extingue bruscamente el estertor de la garganta del moribundo que acababa de hablarnos y mirarnos y que jamás volveremos a ver. ¿De dónde? y ¿a dónde? Y el hombre juega con estas palabras al juego de la filosofía, igual que el rapaz con sus muñecos juega a la vida de los hombres. Pero el Destino juega con todos. [...]

Victoriano García Martí es un constante preocupado de este gran problema, que resulta en último término el único verdadero problema. Lo aborda ya en su primer libro que se intitula *Del mundo interior* —no menos notable que ninguno de sus libros posteriores— y continúa abordándolo en *El sentimiento de lo eterno*. Y lo mismo en éste que en el otro refléjanse una serenidad y una bondad que son a nuestro ver las características más acusadas del ilustre escritor gallego preparado como pocos para tratar de tema tan profundo y trascendental, que se irisa de ironías ligeramente pirandellianas en su grave juguete *El problema de todos*.

Por idénticos cauces que *El sentimiento trágico de la vida* de don Miguel de Unamuno, discurre la linfa intelectual de Victoriano García Martí. Igual que el egregio escritor vasco, nuestro culto y bondadoso paisano refleja en la corriente de sus meditaciones, que se embalsa en remansos sombríos donde espejean con grácil

temblor paisajes invertidos, cuyo fondo sin fondo es un ilusorio trozo de cielo que hace inapreciable el fondo verdadero, el eterno afán de resolver el metafísico problema de la inmortalidad del alma. Como negras pupilas de pozo son los capítulos del último libro de Victoriano García Martí. Brillantes y profundos. Capaces de reflejar la imagen de nuestra pequeñez física en su tersa sobrehoz, pero incapaces de mostrarnos los sublimes misterios del alma que la anima. Después de leerlos y saborearlos queda en los labios de nuestra pobre razón la sed de verdad, de la verdad primera y última, que siempre serán interrogantes en la boca de la Esfinge: ¿De dónde? ¿A dónde?

Cando o escritor da Pobra publicou a finais de 1930, da man da editora madrileña Renacimiento, un novo libro titulado *La tragedia del caballero de Santiago (Estampas de la vida compostelana)*, non deixou de lle enviar un exemplar con dedicatoria manuscrita ao xornalista de Viveiro e este correspondeu, máis unha vez, cun comentario en prensa. Nese comentario situou a nova obra dentro da serie de traballos literarios precedentes que tentaran retratar, con desigual fortuna e distinta profundidade, o pulso e o ser da capital de Galiza e que foran asinados por autores como López Ferreiro, Navarro Villoslada, Unamuno, Gómez Carrillo, Pérez Lugín ou Otero Pedrayo. E engadiu (1930s):

Ahora, Victoriano García Martí también quiso novelar el ambiente compostelano en su libro [...]. ¿Consiguió su propósito? Sólo en parte. Para enfrentarse con la grandeza de la urbe jacobea se requiere una seria meditación previa y un largo subsumimiento [sic] en su atmósfera moral. Y para nosotros esta obra de García Martí, el ilustre pensador —que no lleve a mala parte nuestro juicio— es de las que su pluma trazó más á la ligera. Por descontado que se lee con gusto; por supuesto que tiene atisbos felices y cosas bellas. Un escritor de talento no puede incurrir en la chabacanería. Pero García Martí en *La tragedia del caballero de Santiago* se inclinó más del lado de la frivolidad y del humorismo superficial que de lo que de eterno y profundo tiene la urbe del Apóstol. [...]

García Martí busca pretexto para penetrar en el ambiente compostelano en una anécdota de escaso interés y de acción muy diluída. Quiere mostrarnos el contraste del vivir mundano y europeo con el de la quieta ciudad santiaguesa que duerme un sueño de glorias, acariciado por la tradición, sobre la gris almohada de sus piedras vetustas. Y lo consigue a veces felizmente; pero no siempre como cabría esperarlo de un escritor de su cultura y su talento. Lo mejor para nosotros de *La tragedia del caballero de Santiago* son las estampas que figuran al final del libro, alguna de las cuales puede señalarse como modelo de humorismo. La que se denomina “La caballería y el mar”, verbigracia.

Con todo felicitamos cordialmente a García Martí por este nuevo libro que demuestra cuánto tiene de ágil su inteligencia y cuánto bueno puede hacer todavía para honra y prez de las bellas letras.

O penúltimo libro de García Martí presente no espolio villapontino é o titulado *De la zona atlántica (Galicia y Portugal). Ensayos*, publicado pola Sociedad General Española de Librería en 1934. Antón dedicoulle unha longa divagación que, en realidade, non era senón un texto escrito e publicado máis dunha década antes no diario vigués *Galicia* co título de “Galicia y el marinismo” (1934b). Lamentaba nese traballo o de Viveiro a escasa presenza do mundo do mar na novelística galega e reivindicaba o “atlantismo” como bandeira estética, cultural e sociolóxica característica de Galiza (1923e).

A derradeira das obras de García Martí que pasou a integrar a biblioteca persoal vilarpontina, debidamente dedicada polo da Pobra, foi o ensaio *El Amor*, editado en 1935 na Tipografía Yagües de Madrid. Antón fíxolle unha recensión nas planas de *La Voz de Galicia*, subliñando as moitas discrepancias entre as teses sobre tal sentimento defendidas polo escritor arousán e as expostas polo propio prologuista da obra, o doutor Gregorio Marañón (1887-1960). O de Viveiro, facendo referencia ao contido da súa peza teatral *Os Evanxeos da risa absoluta*, sinalou o seu acordo esencial coa opinión de Marañón, que vía no amor “una forma de amistad entre dos personas de distinto sexo, que confina al sur con el instinto y al norte con la literatura” (1935b).

Tamén fixo parte da biblioteca do autor de *Almas mortas*, con dedicatoria autógrafa incluída, un volume titulado *Semblanzas raciales (Primera serie)*, que foi editado pola madrileña Espasa-Calpe en 1930 e do que é autor o xornalista galego Andrés Martínez Morás (1879-1939), fillo do académico e erudito astorgano Andrés Martínez Salazar (1846-1923) e irmán de Fernando Martínez Morás (1885-1937), que foi compañeiro do propio Antón na redacción do diario *La Voz de Galicia* pola época en que naceron as Irmandades. Con prólogo de Alejandro Rodríguez Cadarso e epílogo de Enrique Hervada, abundan entre os persoeiros retratados literariamente polo autor os médicos e farmacéuticos (Ricardo Varela, Jacobo López Elizagaray, Roberto Nóvoa Santos...), dado que se relacionou frecuentemente con eles desde o seu posto de director publicitario dun instituto oficial dedicado á soroterapia.

O citado Andrés, que pasou unha parte importante da súa vida na República Arxentina (concretamente entre 1893 e 1918), primeiro como dependente de comercio e xa logo dedicado á vida bohemia e ao xornalismo (empregando

moitas veces o pseudónimo *Rómulo Galíndez* para asinar os seus traballos), publicou na capital bonaerense varios volumes recompilatorios de crónicas e artigos, como *Íntimas: fragmento de una autobiografía e impresiones de un viaje* (1903); *Rasgos, colección de artículos* (1904); *Ráfagas* (1905) e *Siluetas: primera serie* (1907). Cómpre dicir tamén que estivo presente na nómina de colaboradores da revista *Estudios Gallegos*, dirixida en Madrid por Aurelio Ribalta e que tanta importancia tivo no proceso de confluencia de voces que apoiaron o nacemento en maio de 1916 da antes citada entidade defensora da lingua galega.

Un penúltimo xornalista que debemos traer a colación neste apartado é Jesús Rey Alvite (1878-1941), quen lle regalou ao de Viveiro, con dedicatoria manuscrita incluída, un exemplar da segunda edición feita na Tipografía de Jacobo Rey González do seu folleto *Primer centenario del natalicio de Méndez Núñez: como se efectuó el primer homenaje popular al “Héroe del Callao”, esbozo biográfico de tan benemérito marino español y preclaro hijo de Galicia*.

Nin a figura do citado almirante nin o folleto de Rey Alvite foron obxecto porén, ata onde sabemos, de ningún traballo alusivo por parte de Antón Vilar Ponte, talvez porque, camaradería profesional á parte, non participou nunca aquel do contorno xornalístico máis directamente implicado na causa galeguista. Probablemente a súa identificación co “monterismo”, primeiro; a súa indolencia a respecto das reivindicacións políticas e idiomáticas das Irmandades da Fala, despois; o seu acomodo ao réxime do xeneral Primo de Rivera e á prensa de pendor dereitista (*Faro de Vigo, El Compostelano...*) e a temática confesional, militarista e monárquica de varios dos opúsculos que publicou¹² marcaron, sen dúbida, distancias insalvábeis co pensar e co sentir vilarpontinos, se ben non impediron a coincidencia e o interese común por certas figuras e institucións da cultura galega: Rey Alvite escribiu en 1912 unha biografía de Curros, alentou a erección do monumento a Rosalía na Alameda compostelá en 1917, foi membro correspondente da Academia, escribiu sobre a figura de Antonio López Ferreiro etc.

Finalmente, Jerónimo Sal Lence (1884-1960), médico do Corpo de Sanidade Militar, experto oftalmólogo con consulta aberta desde 1909 na Coruña, facultativo no hospital de Oza e simpatizante do Partido Galeguista durante o período

12 Sirvan como exemplo os titulados *El Regimiento Infantería de Zaragoza 12 “El Glorioso”: Estudio histórico* (1925); *Los Santuarios jacobeos de la nación española* (1932); *El arma de caballería española y su patrono el Apóstol Santiago* (1935) e *La Ofrenda Nacional al Apóstol Santiago* (1936).

republicano, agasallou a Antón en 1928 co volume *El Ferrocarril Central Gallego y otros problemas regionales*, estampando nel a seguinte dedicatoria autógrafa: “Afectuoso homenaje del autor a su ilustre amigo e infatigable luchador gallego Dⁿ Antonio Villar Ponte”.

O libro constitúe unha recompilación de artigos publicados previamente na prensa galega e neles abórdanse cuestións como a necesidade de novas infraestruturas ferroviarias no país, as peregrinacións xacobeas, a Residencia de Estudiantes compostelá, a muralla romana de Lugo, os destinos do aforro galego, a repoboación forestal etc. Cabe salientar a sintonía ideolóxica que, no esencial, existiu entre Sal Lence e Villar Ponte no tratamento deses asuntos citados. De feito, coidamos que hai certo vínculo entre a lectura do volume con que o agasallou Sal Lence e a confección por parte do viveirense do artigo xornalístico “Ante un problema transcendental”, que viu lume nas planas de *El Pueblo Gallego* o 15 de novembro de 1928 e foi reproducido logo pola revista galaico-bonaerense *Céltiga* (núm. 99, febreiro de 1929).

5. OS LIBROS DAS CULTURAS “IRMÁS”

Un derradeiro lote dos libros de Antón Vilar Ponte que atesoura a Biblioteca da Real Academia Galega está formado, en fin, por obras de diversa índole debidas a intelectuais de diversas latitudes cos que o de Viveiro tivo contacto, relación e mesmo sintonía en diferentes instantes da súa traxectoria.

5.1. LIBROS HISPANOAMERICANOS

Comecemos por enumerar catro figuras intelectuais cubanas que Antón tratou persoalmente e cos que sintonizou en chave republicana, democrática e anti-imperialista: Enrique Gay-Calbó, José de la Luz León, Emeterio S. Santovenia e Juan Arévalo Vieytes.

Ao xornalista, avogado e masón Enrique Gay-Calbó (1889-1977) coñeceuno Antón Vilar Ponte durante a súa propia estadía de aproximadamente tres anos en Cuba, entre 1908 e 1910, cando aquel estaba comezando a despuntar no panorama xornalístico da illa, primeiro como director do xornal *El Comercio*, de Cienfuegos e logo, a partir de 1913, como secretario de redacción da prestixiosa revista mensual habaneira *Cuba Contemporánea*.

Gay-Calbó regaloulle a Antón, con dedicatoria autógrafa incluída, un exemplar do seu libro *La América indefensa* (A Habana, 1925), que presenta como elocuentes subtítulos os de “La intromisión norteamericana en Centroamérica. Centroamérica intervenida. Diplomacia interamericana”.

Ao fío desta obra, o de Viveiro escribiu para o xornal *El Pueblo Gallego* o artigo titulado “Alrededor del hispanoamericanismo”, no que criticou a doutrina monroísta (advertindo que baixo a fórmula do “América para os americanos” ocultábase en realidade a de “América para os norteamericanos”), mais postulou asemade a idea de que a estabilidade xeopolítica do continente e os intereses económicos de moitos empresarios europeos asentados en países da área residían en boa medida nesa actitude estadounidense. Os EE.UU., concluía, constituían “lo

único serio y europeo, desde el punto de vista político, de aquel vasto Continente” e a dependencia en que mantiñan os diversos pobos e países latinoamericanos moito tiña a ver, na súa opinión, coa falta de madurez cívico-política destes:

Gracias a la celosa vigilancia de los Estados Unidos, gracias al control que este gran pueblo ejerce en centroamérica [sic] en una u otra forma, los súbditos extranjeros logran moverse tranquilamente y pueden emprender negocios sin riesgo [...]. Si la hegemonía norteamericana cesase de modo súbito, cosa imposible naturalmente, el caudillaje revolucionario se expansionaría a sus anchas [...] convirtiendo el Nuevo Mundo en un verdadero campo de Agramante [...].

Será lamentable la efectividad de la intromisión norteamericana en Centroamérica [sic]. Pero los culpables de ella no son tanto los Estados Unidos como los pueblos de habla castellana que la provocan y sufren, porque merecen sufrirla.

Mientras la América sajona sea la más próspera y la más seria República del Nuevo Mundo; mientras resulte allí la suprema garantía de respetabilidad en todos los órdenes, incluso en el sanitario, no valdrán de nada las lamentaciones hispanoamericanistas.

Por outra banda, Antón tratou con estreita amizade durante anos o cónsul cubano na Coruña José de la Luz León (1892-1981), quen entrara na carreira diplomática en 1918 tras licenciarse en Dereito e dirixir en Baracoa a emblemática revista cultural *Alma Joven*. Tras deixar o consulado herculino, o intelectual cubano exercería logo como representante do seu país en cidades como Barcelona, Sevilla e Calcuta, na propia Sociedade de Nacións en Berna e, após a segunda guerra mundial, en París, en Roma e, xa coa categoría de embaixador, en Colombia.

En 1927, co gallo da publicación dun dos libros máis destacados do diplomático cubano, *Amiel o la incapacidad de amar*, que xira arredor da figura do escritor xenebrino Henri Frédéric Amiel (1821-1881) e leva un prólogo de Salvador de Madariaga, o de Viveiro publicou un artigo comentándoo moi positivamente (1927ñ):

José de la Luz León, cónsul de Cuba en La Coruña y dilecto colaborador de este periódico, acaba de publicar un libro —del que ya tienen noticias los lectores— que está llamado, o mucho nos equivocamos, a obtener el doble éxito feliz que anhela todo literato; el del elogio crítico y el de la copiosa venta. Porque no se trata de una de tantas obras de vaga y amena literatura, como a diario se muestran en los escaparates de las librerías, sino de un trabajo escrupuloso, hecho a conciencia, que forzosamente deberán conocer todos los que tienen en la debida estima la

interesantísima figura del ginebrino Enrique Federico Amiel, digno conterráneo de Juan Jacobo Rousseau.

Lleva el libro que nos ocupa y cuyo título es *Amiel o la incapacidad de amar*, un breve pero enjundioso prólogo de Salvador Madariaga, en el cual este insinúa la tesis de que el autor del *Diario íntimo*, como escritor, pertenece apenas a la literatura, y como creador, no existe. Tesis bastante discutible, sobre todo en el primer aspecto, porque si no merece el nombre de literato quien como Enrique Federico escribió miles de páginas reverberantes de cultura, en auto-introspección cotidiana, a lo largo de muchos años, con notorio bien decir, pocos lo merecerán sin duda de cuántos, a la hora de ahora, ofrecen los renglones de sus cuartillas trasmutados en líneas impresas integradoras de libros que se llaman novelas, ensayos, etc.

En el segundo aspecto, acaso estemos conformes con Salvador Madariaga. “Amiel, como hombre, sufrió incapacidad de amar, y como artista, sufrió la incapacidad de crear”. Pero ¿es que no se puede ser literato sin ser creador? He aquí el problema que dejamos en pié, según el prologuista de referencia lo plantea, para que cada cual lo resuelva conforme a su leal saber y entender.

El hecho indudable es que José de la Luz León, a quien conocíamos hasta ahora como excelente periodista y como brillante escritor, con su libro recién salido de las prensas de la Biblioteca Nueva se nos ha revelado pleno de aptitudes para el ejercicio de la crítica literaria y del ensayismo culto. En *Amiel o la incapacidad de amar* puede decirse que agota el tema que se propuso desarrollar y esclarecer, con método, con buen sentido de la medida, con elegancia y con admirable y paciente acopio de erudición. [...]

Para nosotros, de lo mejor del libro que venimos comentando, acaso sea aquel capítulo que se intitula «Un espejo a través de un alma» y donde se establece un feliz paralelo entre Amiel, Constant y Stendhal.

De la Luz León agasallou Vilar Ponte a comezos de 1934 co volume *Enrique José Varona: su olvidada doctrina*, imprentado pola casa Moret. E precisamente co pretexto de comentar esta obra sobre Varona (1849-1933), primeiro intelectual que exerceu a presidencia da Academia Cubana de la Lengua, escribiu o viveirense (1934a):

José de la Luz-León, cónsul de Cuba en La Coruña, haciendo un nuevo alarde de su inteligencia y de su cultura nos ofrece en un pequeño libro —que bien pudiera calificarse de breviario patriótico— el verdadero retrato espiritual de Enrique José Varona glosando algunos de los muchos pensamientos que este egregio cubano perpetuó en sus obras.

El autor de *Amiel o la incapacidad de amar* nos habla en páginas brillantes, que rebosan amor hacia el país de que es hijo, de la noble tarea a que ha consagrado una larga vida fecunda el primer filósofo de la Gran Antilla.

José de la Luz-León cree olvidada la doctrina que a través del tiempo fué mostrando Enrique José Varona en libros, conferencias y artículos y esto le lleva a consideraciones amargas que envuelve en el manto de la melancolía con que suelen ataviarse todos los espíritus dilectos. Así puede decir con plena exactitud que su nueva obra constituye un verdadero ideario cubano; ideario que ahora, como nunca tal vez desde que Cuba logró su independencia, debieran tener presente los súbditos de aquel país.

Yo no sé qué porvenir le estará reservado a Cuba, hoy en plena combustión de inquietudes confusas y contradictorias que muestran el penacho de las llamas en que se abrasan el caudillismo marcial, la juvenil rebeldía escolar y el ansia palingsénica del proletariado. [...]

Por lo que yo conozco de Cuba, me atrevería a insinuar que si sus dirigentes políticos y sociales tuvieran buen tacto y feliz suerte, amén de un alto patriotismo, quizá aquel país muy pronto lograría convertirse en una democracia patriarcal. Porque pocos hay, mundo adelante, que reúnan mejores condiciones para ello que la Gran Antilla.

Los hechos revolucionarios que allí se vienen experimentando tienen a mis ojos todas las trazas de una liquidación del espíritu colonial que la joven República del trópico no pudo realizar hasta ahora porque las formas tradicionales de su economía lo mantuvieron en pie entre tanto el bienestar común fue posible en más o en menos. De ser así, cabe el propósito de que sobre los escombros del coloniaje —español y norteamericano— Cuba pueda encontrarse a sí misma para ofrecerle al mundo su propia personalidad original. Una personalidad totalmente diversa de la que hasta hoy tuvo. [...]

Cuba posee un excelente núcleo de intelectuales, entre los que José de la Luz-León tiene un puesto por derecho propio. Que Dios les ilumine para que ellos puedan iluminar a las masas. El porvenir de la patria de Enrique José Varona de esto depende. Hago votos por verla limpia del espíritu del voluntariado de la época colonial, de la ambición fenicia de los colonizadores de la calle de la Muralla, del incivilismo convulsivo de los generales políticos y de la rubia tiranía yanqui que cierra con la llave heráldica habanera el candado de la enmienda Platt.

De mans do historiador Emeterio S. Santovenia Echaide (1899-1968), con raíces paternas asturianas e na altura secretario da Presidencia da República de Cuba, que exercía Carlos Mendieta, e director da Academia de la Historia do país

caribeño, recibiu Antón Vilar Ponte para a súa biblioteca particular, con dedicataria autógrafa incluída, un exemplar do libro *Bolívar y Martí*, editado na Imprenta Siglo XX da Habana en 1934. Acusando recibo do mesmo, o xornalista viveirense congratulábase da definitiva redención da “emenda Platt” e facía votos polo triunfo dos ideais redentores e democráticos de Bolívar e Martí no continente americano (1934c):

El ensayo sobre las vidas que pueden llamarse paralelas de los dos egregios libertadores americanos llega al público cuando Cuba, contra lo que muchos creían, consigue gracias a la revolución que provocó la dictadura machadista sacarse de su cuerpo la espina de la Enmienda Platt, que le restaba el derecho a la integridad de Estado soberano.

Cierto que todavía continúa establecido [sic] en Guantánamo la base naval estadounidense; pero aquella cláusula onerosa, de omnímodo tutelaje, que autorizaba al Gobierno de Washington para intervenir en los pleitos políticos y sociales de la Gran Antilla, como en los de su propio territorio, siempre que se le antojase, al socaire del más mínimo pretexto, eso se anuló ya definitivamente de modo pleno y categórico. Los ciudadanos de Cuba que se sentían capitidismuinidos en el sentimiento de total soberanía por el que lucharon intrépidamente años y años, a costa de toda clase de sacrificios, ahora, debido a la última gesta revolucionaria en que obreros, soldados y estudiantes participaron, han conseguido adquirir la plena mayoría de edad política. Ahora, únicos responsables de sus actos, habrán de demostrar al mundo si son dignos de llamarse continuadores de la obra de Martí, de Céspedes, de Estrada Palma, de Sanguily, de Agramonte y de todos los demás apóstoles y héroes epónimos de la causa de la independencia nacional

Galego de orixe (nacera en 1891 en Dexo, Oleiros) mais cubano por arraigo e compromiso foi o líder sindical, militante socialista, carpinteiro de profesión e xornalista vocacional Juan Arévalo Vieytes, que chegou ao país caribeño en 1911 e faleceu na Habana, abatido a tiros por pistoleiros da patronal, en 1948.

Ao igual que faría o sadense Ramón Suárez Picallo, líder sindical na Arxentina, Juan Arévalo aproveitou varias viaxes a Xenebra como representante dos sindicatos cubanos nas Conferencias Internacionais do Traballo para visitar puntualmente a súa terra natal, e froito desa experiencia naceu o seu libro *Por tierras de Galicia*, subtítulo “Crónicas de la vida íntima y una conferencia pública al Sindicato Agrícola de Santa Ana de Mera”. Publicouse na Habana en 1929 e o autor envioulle persoalmente un dos exemplares a Antón Vilar Ponte en novembro dese mesmo ano, coa seguinte dedicataria manuscrita: “Al admirado

periodista y paisano Sr. Vilar Ponte, como un admirador de su labor en la Región amada. Cordialmente”.

Ata onde sabemos Antón non comentou, porén, o volume nos seus artigos de prensa, a diferenza do que fixo a revista galaico-cubana *El Eco de Galicia*, que o cualificou como

un libro de íntima emoción en el que se reseña con prosa sencilla muy amena, las mil y una peripecias sentimentales del arribo del hijo pródigo a la casa nativa, desprendido de ella desde luengos años y donde es recibido con lágrimas y abrazos efusivos de los autores de sus días.

Es un libro desposeído de intentos literarios, muchas veces falsos e irreales, y por encima de esto campea la literatura del corazón que muy bien comprendemos aquellos que, cual su autor, vivimos en el exilio. Más que el cerebro está ligada el alma a esta narración; es algo así como un altar ante el cual postrado de rodillas rinde ofrenda el hijo bueno a la más santa de todas las santas: a la Madre. Quizás por ello no pueda interesar a quienes desconozcan las tristezas del vivir en el desierto, fuera del alcance y cariño de los seres más queridos en tierras “lonxanas”, fuera del ambiente en que se desarrolló nuestra niñez; ya que, estas lecturas sentimentales sólo son comprendidas por los que perennemente llevamos prendido el sello inconfundible a, través de nuestra larga peregrinación con la “morriña y la saudade” “d-aquela meiga e garimosa terra nosa”, y, cuanto más transcurren los años, más nos hace revivir la esperanza de “volvere a éla”...

El cariño filial que envuelve toda la obra nos entenece y nos pone al descubierto la característica más noble de Juan Arévalo, el líder obrero [...]¹

5.2. LIBROS DOS PAÍSOS CATALANS

Por outra banda, tres escritores vinculados ao espazo lingüístico-cultural dos Países Catalans que agasallaron e nutriron tamén a biblioteca do viveirense con obras da súa autoría foron Enric Prat de la Riba i Sarrà (1870-1917), Joan Estelrich i Artigues (1896-1958) e Daniel Martínez i Ferrando (1887-1953).

1 “Libros recibidos. Por *Tierras de Galicia*. (Por Juan Arévalo Vieites) Habana 1929” (*El Eco de Galicia*. 354, 1/XII/1929, p. 13).

O volume *La nacionalitat catalana*, editado en 1910 por Prat de la Riba, un dos fundadores do Institut d'Estudis Catalans e primeiro presidente da Mancomunitat de Catalunya (1914), foille entregado a Antón Vilar Ponte, segundo se constata lendo a dedicatoria manuscrita que contén, no transcurso da chamada Semana Galega, isto é, a viaxe dunha delegación das Irmandades da Fala a Barcelona en novembro de 1917 para concertar unha alianza coa Lliga de Cambó e dar a coñecer a realidade de Galiza e as principais reivindicacións do galeguismo.

O de Viveiro lamentou nun traballo de prensa a morte de Prat de la Riba, acontecida con anterioridade a esa Semana Galega, concretamente en agosto de 1917. Por revelar unha fonda simpatía cara ao catalanismo, como movemento reivindicativo da liberdade das nacionalidades, e un pensamento galego claramente nacionalista, aspectos ambos distantes da liña editorial de *La Voz de Galicia*, ese artigo necrolóxico ao que aludimos apareceu en “Con letra del siete”, contra o que era costume, asinado expresamente polo xornalista. Antón Vilar Ponte referíase ao falecido como “escultor de Cataluña” e definitivo clarificador das doutrinas suxeridas no seu día por Guimerá, Valentí Almirall e outros (1917d):

Prat de la Riba era un hombre enemigo de las moscas de la plaza pública, un hombre de gabinete, temperamento de generalísimo civil entregado al recogimiento austero donde florecen los mejores frutos del trabajo intelectual. Refinado en sus gustos, profundo en sus meditaciones reverberadoras de una gran cultura, dueño de una voluntad de hierro, dijérase un gran señor del Renacimiento, educado en una República italiana por los preceptores de Maquiavelo. Había en su espíritu toda la serenidad mediterránea, toda la claridad latina, pero concentradas en un cerebro vigoroso a semejanza del de Fichte. Así se comprende que haya hecho un libro de garra, claro y profundo como el mar clásico, donde la “nacionalidad catalana” aparece abocetada con genialidad rodinesca.

Non por acaso o decenario *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades dirixido polo xornalista de Viveiro, recolleu nos seus números iniciais abondosas máximas e pensamentos dos xa citados Prat de la Riba² e Valentí Almirall,³ así como doutros líderes catalanistas como Cirici Ventalló (1917) e o propio Francesc Cambó (1917).

2 *A Nosa Terra. Boletín decenal.* 9 (6/II/1917), pp. 6 e 7, e “Cataluña e Galicia. De un libro de Prat de la Riba”.
A Nosa Terra. Boletín decenal. 30 (10/IX/1917), p. 6.

3 *A Nosa Terra. Boletín decenal.* 9 (6/II/1917), p. 7.

Tamén se beneficiou a biblioteca persoal vilarpontina do envío do volume *Catalanismo y reforma hispánica* (Barcelona, 1932) por parte do seu autor, o intelectual Joan Estelrich i Artigues, fundador do xornal *La Veu de Mallorca*, promotor da entidade normalizadora Nostra Parla (que serviu claramente de modelo inspirador para as Irmandades da Fala), secretario persoal de Cambó, director da Fundación Bernat Metge e destacado dirixente e deputado da Lliga durante o período republicano, mais logo conspicuo defensor da sublevación franquista desde París, onde organizou un Comité Intelectual de Amizade franco-española que deu cobertura ás súas actividades propagandísticas. Desde 1952, Estelrich chegaría a representar a España de Franco na UNESCO.

Vilar Ponte e Estelrich teceron desde 1917 en diante unha amizade que se manifestou de moi diversos xeitos. O de Viveiro, por exemplo, aplaudiu nos seus artigos en numerosas ocasións o traballo de tradución para catalán e edición dos clásicos greco-latinos levado a cabo pola Fundación Bernat Metge, que Estelrich presidía. Na recíproca, o catalanista convidou o galeguista a colaborar coa revista parisiense *L'Europe Nouvelle*, nos anos 20, e estableceu intercambio entre varias das publicacións que dirixía e os boletíns *A Nosa Terra* e *Nós*, cando menos durante algún tempo.

Antes de recibir o volume a que nos referimos, Antón Vilar Ponte xa se fixera eco na prensa galega, en realidade, de anteriores publicacións de Estelrich, como a titulada *La qüestió de les minories nacionals* (1928), á que dedicou o seguinte comentario (1929d):

La Biblioteca de Estudios económicos, sociales y políticos de la Librería Catalonia de Barcelona ha publicado un nuevo volumen de gran interés: *La qüestió de les minories nacionals*, cuyo autor es Juan Estelrich. El mismo tema que don Francisco Maspons trata en su libro *Tornant de Ginebra* del cual hablamos a su debido tiempo y que editó también la Librería Catalonia, se desenvuelve en esta obra con gran extensión y con notable documentación.

El volumen de Estelrich que tenemos a la vista ha de seguir otro del propio autor en el que se continuará la exposición documental y crítica del pleito de las minorías nacionales. Y ambos volúmenes nos mostrarán de modo claro y sistematizado la historia del movimiento de las nacionalidades después de la gran guerra hasta la reunión del consejo de la Sociedad de Naciones en marzo del año actual.

Entre las cuestiones de carácter general europeo relacionadas con las posibilidades de una paz duradera —si se resuelven bien, pues en caso contrario serán los gérmenes de futuras guerras— figura como una de las más importantes la de las minorías nacionales.

Hemos leído con verdadera atención el nuevo libro de Juan Estelrich y una vez más rendimos pleitesía al talento, a la cultura y al patriotismo humanitario de este notable ensayista y polígrafo que impuso su firma en las mejores revistas de Europa y que rige por derecho propio la “Fundació Bernat Metge” que, como sabéis, es una de las instituciones literarias más serias de cuantas existen en el Viejo Continente. Vaya, pues, nuestra felicitación efusiva para Juan Estelrich, a quien consideramos siempre como un buen hermano espiritual, por su interesantísimo libro *La questió de les minories nacionals* que no habrá de faltar sin duda en ninguna biblioteca seria.

Catalanismo y reforma hispánica (1932), libro que leva prólogo de Ángel Ossorio y Gallardo e cuxo exemplar entregado ao xornalista viveirense leva unha dedicatoria autógrafa do autor asinada en Donosti a 15 de setembro de 1932 co texto “A Antonio Villar Ponte en este día consagrador de las libertades catalanas, preludio de las libertades gallegas, con el fervoroso homenaje de admiración de su devoto”, suscitou no autor d’*A patria do labrego* a redacción dun artigo de ton moi louvatorio do que tiramos este fragmento (1932g):

Juan Estelrich, uno de los hombres más cultos de Cataluña y de España publicó hace poco tiempo un nuevo libro que se intitula *Catalanismo y reforma hispánica*. A mis manos llegó un ejemplar con la dedicatoria que copio: “En este día consagrador de las libertades catalanas, preludio de las libertades gallegas...”. Estas líneas las trazó en el blanco de la anteportada Estelrich, con unas cuantas frases de afecto personal para mí, el 15 de septiembre último, después de aprobado en las Cortes el Estatuto autonomista de su tierra.

El nombre de Estelrich no puede ser extraño para mis lectores. Quienes no lo conozcan por sus propias obras —son varias y notables las que tiene ya publicadas— lo conocerán a través de las referencias que de aquellas he hecho yo más de una vez en estas mismas columnas. Estelrich, miembro prestigioso de la Lliga Regionalista, a pesar de que todavía es joven, ostenta el cargo de director de la Fundación Bernat Metge, siendo en la actualidad también diputado a Cortes. Catalanista de siempre y benjamín del camboísmo en lo que este tiene de consubstancial con el “seny” catalán, puede considerarse como el líder de la nueva generación intelectualista de su tierra que consagra a la política sin abandonar las disciplinas de la cultura estricta, las mayores actividades de su vida. Del torso de su espíritu refinado arrancan las olas vigorosas de un amplio poliglottismo. Domina los principales idiomas del mundo, sin excluir el portugués y el gallego. Por eso pudo adquirir los grandes conocimientos que posee y que lo hacen pensador de pura esencia universalista, en las fuentes originales del saber europeo.

Feita esta *laudatio* do autor, comentaba Antón sobre o libro en si:

Catalanismo y reforma hispánica abarca uno de los más importantes temas de nuestro tiempo en relación con el problema de Cataluña. Es como una historia sintética de la cultura catalanista y de su influencia en la política catalana donde la aguda exquisitez del pensador se alía con la realidad para ofrecernos vivo y palpitante el supremo anhelo espiritual de las gentes de su raza mediterránea. Es un libro de cordialidad en el cual no se advierte la menor veladura hipócrita; como una invitación serena y elegante al diálogo con las “élites” intelectuales de los demás países hispánicos.

Estelrich no acepta íntegramente el supósito spengleriano de la decadencia de Occidente. Estelrich cree —así parece deducirse de su obra— que hay muchas cosas malas en Europa, adscritas al imperialismo, que caminan a un ocaso trágico. Pero, europeísta acérrimo, piensa que en el viejo Continente hay esencias de originalidad cultural, casi inéditas, que pueden ser, si se sabe aflorarlas como Dios manda, elementos admirables para darle al nuevo espíritu europeo inyecciones de futuridad incorruptible. Bajo el crugiente caparazón imperialista que oprime a tantas almas raciales vivas hay una reserva de energías espirituales que prometen óptimos frutos porveniristas.

Desde este punto de vista —a parte el ejemplar que el caso de Cataluña nos ofrece— el nuevo libro de Estelrich tiene para nosotros, los gallegos, un interés considerable. Por eso lo hemos leído [con] el mismo gusto con que se lo recomendamos a los lectores.

Tres obras distintas do escritor valenciano afincado en Mallorca Daniel Martínez i Ferrando nutren o fondo bibliográfico vilarpontino conservado na Academia. As tres foron impresas pola casa editorial Cervantes de Barcelona e levan por título *A través de Galicia. Ciudades y paisajes* (1922), *Las ciudades del camino (visión poética de Italia)* (1923) e *Ciudades islámicas: peregrinación sentimental por Turquía, Siria y el norte africano* (1927?), respectivamente.

Colaborador de publicacións de xorne nacionalista como *Patria Nova* (1923) e represaliado no franquismo con varios anos de cárcere por esquerdista e masón, renovador da poesía valenciana en chave modernista a comezos da vixésima centuria e autor de varios libros na lingua de Lluïll como *La cançó de l'isolat* (1911), *Vora el mar del Nord* (1915) ou *Visions de l'Horta* (1916), publicou tamén en español novelas como *Juventud perdida* e *Las brujas* (1925) e diversos libros de viaxes, entre os que figuran os tres aquí considerados.

A relación do escritor valenciano co nacionalismo galego en xeral e coa persoa de Antón Vilar Ponte en particular debeu de comezar por volta de 1921. Nese ano apareceu algunha colaboración súa en xornais galegos como *El Noroeste*, daquela dirixido polo betanceiro José García Acuña (Martínez 1921). Por outra banda, no boletín *A Nosa Terra*, aínda so a dirección de Vilar Ponte, deuse conta da mensaxe de adhesión enviada por Martínez i Ferrando á velada que se celebrou no Balneario de Mondariz con motivo da entrega de premios dun certame artístico-literario patrocinado polos irmáns Peinador no que resultaron vencedores Lois Peña Novo, con ensaio *La mancomunidad gallega*, e o pintor Carlos Sobrino.⁴ Acusou tamén recibo por esa época o voceiro das Irmandades dunha tradución feita polo escritor valenciano da obra intitulada *Tres ingleses en Alemania*⁵ e sabemos polo propio testemuño de Antón Vilar Ponte que Martínez Ferrando foi un dos lectores e críticos “de confianza” da súa peza teatral *Almas mortas* (1924f):

Alrededor de anécdotas vulgares, arrancadas de la realidad, procuramos poner de relieve todos los términos del problema. Hasta tal punto, que escritor tan ponderado, tan culto y tan exquisito como Daniel Martínez Ferrando nos dijo, quizás con sumo acierto, que en *Almas mortas* había asunto para varias obras.

Tampouco podemos esquecer, na mesma orde de cousas, que un irmán de Daniel Martínez, Eduard, figuraba entre o máis destacado da intelectualidade valenciana da época e mantiña contacto estreito co nacionalismo galego. Por esa razón *A Nosa Terra*, ao informar en 1935 sobre o seu óbito, sinalaba que “conoscía o movemento galeguista e sentía por él gran atención. Perante moitos anos, cando *A Nosa Terra* facíase na Cruña, era leída por él e foi grande a correspondencia cruzada por nós co bón escritor que agora acaba de morrer”.⁶

Explícase ben, xa que logo, que o escritor valenciano solicitase de Antón Vilar Ponte un limiar para o seu libro, que se presenta dividido en vinte e cinco breves capítulos, e que *A Nosa Terra* anunciase a súa publicación: “Asegún nos comunica o mesmo Martínez Ferrando, axiña imprentará n’un volume as suas interesantes crónicas sobre Galiza, nas que o amore â nosa Terra sempre áchase aceso, c’un prólogo de A. Villar Ponte”.⁷ O exemplar que se conserva na Academia

4 “O acto cultural galego de Mondaíz [sic]”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 147 (15/IX/1921), p. 7.

5 “Follas Novas. Libros e Revistas. *Tres ingleses en Alemania*”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 151 (15/XI/1921), p. 7.

6 “Follas Novas”. *A Nosa Terra. Boletín do Partido Galeguista*. 380 (31/VIII/1935), p. 2. Nesta ocasión o propio boletín enviaba ademais o seu pésame a Daniel, “mañífico escritor que sobor Galicia escribiu un libro de viaxes e a quén tivemos ocasión de tratar”.

7 “Follas Novas. Libros e Revistas. *Tres ingleses en Alemania*”. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 151 (15/XI/1921), p. 7.

presenta unha dedicatoria autógrafa de Martínez i Ferrando datada en Palma a 20 de maio de 1922 e que di así: “Al brillant escriptor de la terra gallega, mon estimat amic Antonio Villar Ponte, amb un forte abraç”.

O de Viveiro estampou o seu prólogo, titulado “Liñas Prelimiare”, na lingua de Rosalía, probablemente convencido de que o público esencial desa obra de Martínez i Ferrando, por máis que escrita en castelán e editada por unha casa catalá, ía ser galego.

Tras indicar o carácter de colectánea de artigos previamente publicados na prensa que tiña o volume, Antón Vilar Ponte (“Villar Conte”, por erro, na capa do libro) vinculou o seu contido e o seu enfoque ás teorías e elucubracións anti-industrialistas, naturistas, primitivistas e, en certa maneira, ecoloxistas *avant la lettre* de filósofos e escritores como Jean-Jacques Rousseau, Herbert Spencer, John Ruskin ou Palacio Valdés. O libro de Martínez i Ferrando, polo seu esforzo en visionar Galiza ante todo e sobre todo como natureza, fuxía por sorte, en opinión do viveirense, da tendencia á exaltación do maquinismo, do avance tecnolóxico e do industrialismo que representaban daquela na arte e nas letras movementos puxantes como o futurismo (“O *muñño abandonado*, de Rembrandt, para nós, pol-o d’agora, encerra maor poesía e encanto que as visións futuristas de Marinetti”, explica graficamente). Antón colócase na mesma perspectiva que o escritor valenciano, considerando que

Co’a negra brétema cheirenta das chimeneas e a branqueciña dos automóveis, tecémol-a tea gris conque anda a se uniformare a terra, esquecendo costumes, tradicións e lendas e decrarándolle a guerra a todo o antigo.

Os santuarios modernos, cuio sô deus é o noxento e xeadó positivismo, son as fábricas e as estacións de ferrocarrís [...]. As belas carnes dispidas, nuas, das fadas, xa se non amostran tremeladoras nas risadas de cristal das espellantes augas dos ríos: as *Galateas* d’agora chámanse mineraes e turbinas. As brancas cabeleiras bohemias das ferverzas campesiñas van sendo rasuradas pol-a máquina do cero do utilitarismo e acochadas en longos canuteiros de ferro. E as pedras poéticas e venerabeis de castelos e abadías, que apreixan as hedras emblema do onte e nas que os corvos lembran a tradición, paseniñamente anda ás derrubare a picaraña do progreso pra trocalas en marrillo [sic] d’estrada, en maseira de porcos ou en parede de risibel *chalet*.

Manifestación paralela a este divorcio elemental coa natureza que vivía a civilización moderna era, segundo Vilar Ponte, a perda de referentes estéticos e artísticos válidos e a súa substitución por propostas en que predominaba o

chocalleiro, o mimético e o postizo. En ningures como na arquitectura detectaba o xornalista ese fenómeno:

Do románico e do barroco pasamos á arte de catálogo vienés e do estilo de pazo señorial (hoxe esquecido cicais por non haber señores) ao rastacüero estilo *ché*, que acaí na nosa paisaxe com'o un teón d'anuncios n'un museu de pintura antiga, e ao raña-ceos americano, antiestética gaiola de ferro e cemento, filla da necesidade, non do bô gosto, que a civilización europea anda a rechazare.

Feitas estas consideracións xenéricas, entraba o xornalista na gabanza dos méritos concretos da obra de Daniel Martínez i Ferrando, sinalando especialmente tres: “amostrare a nosa Terra através d'un temperamento levantiño”, abertamente pictórico e colorista; acertar “coase que sempre nos xuicios que fai percorrendo a nosa Terra...” e, finalmente, conseguir que as crónicas constitúan todo un “modelo de fidelidade ao natural”. Non foi da mesma opinión, porén, Vicente Risco, pois no boletín *Nós* asegurou que no libro do valenciano “non deixa d'estar Galiza vista demasiado cos ollos, nin d'estar o libro aínda moi apegado ó aneudótico” (Risco 1922, p. 19).

Vilar Ponte ponderaba tamén no seu limiar o acerto do escritor valenciano á hora de captar a esencia nada positiva predominante no vivir de cada unha das grandes urbes galegas que visitou: o peso das almas mortas, en Compostela; o predominio dos espíritos só movidos polo chincar fenicio dos cartos nos mostradores, en Vigo; o uniformismo cuarteleiro no Ferrol; a ledicia frívola da Coruña; o carácter tartarinesco de Vilagarcía de Arousa; a melancolía abafante, o pendor levítico e o desleixo imperdoábel cara á súa grandiosa muralla, en Lugo; o ambiente dionisiaco ourensán; o servilismo bufonesco de Pontevedra, “cibdá de Real Orde, n'un marco de belezas incomparabeis”; o divorcio cos irmáns portugueses en Tui... Deste xeito, Martínez i Ferrando

no campo e nas urbes ollou todo tendendo ao cativo gosto e a despersoalización suicida; todo morto ou con vida artificiosa, agás a vida labrega, na que latexa aínda (ie que seia por moitos anos!) a tradición venerabel e a i-alma da raza conservada nos costumes, nas cantigas e na fala que andan a corrompere os *indianos* valeiros d'idealismo, nin galegos na Galiza nin americanos na América, os mozos tornadores do servizo do Rei e os novos ricos que ao iren ao agro na tempada do vran, servos da moda que os acucia, sinten a horribel escravitude de dous meses no seio da Natureza [...] pensamos (como Martínez Ferrando o terá pensado tamén despois das suas pelengrinacións románticas pol-a Galiza) que existen aquí dúas vidas opostas e coase impenetrabeis: a d'esos homes que traballan e arranxan a terra,

unhas veces cantando e outras chorando, e a dos habitantes das vilas (foreiros, absentistas, picapleitos, caciques, mercadeiros e señoritos) que somentes aprezan os encantos da Natureza pol-o verde e as froles dos xardins e parques municipais.

O de Viveiro puxo o ramo ao seu prólogo ponderando o carácter auténticamente decisivo que para o futuro da Galiza tiña aquel momento histórico e sinalou, en velada alusión á ING risquiiana, coa que se sentía nese intre en plena sintonía: “¡Sô unha aristarquía d’enxebres poderá salvarnos!”.

Con posterioridade á publicación de *A través de Galicia*, Antón permanecerá sempre moi atento ás evolucións literarias do seu amigo Daniel Martínez i Ferrando e recensionará nos diarios *Galicia* e *El Pueblo Gallego* de Vigo outras obras súas como *La conversión de Ben Amadi* (1925b), *Guía sentimental de Mallorca* (1925l), con prólogo de Gabriel Alomar, *Palestina* (1927q), *El país donde nadie se muere* (1932e)⁸ e as dúas das que se conserva tamén exemplar no fondo vilarpontino da Academia Galega, as xa citadas *Las ciudades del camino* e *Ciudades islámicas*.

O exemplar de *Las ciudades del camino* pertencente á biblioteca de Vilar Ponte leva unha dedicatoria manuscrita datada en Palma de Mallorca en xaneiro de 1924 que di: “Para mi queridísimo amigo Antonio Villar Ponte, compañero de caminos de luz y de amor, de los que ya nunca es posible apartarse, con el creciente afecto que le profesa Daniel Martínez Ferrando”. Comentándoo no xornal *Galicia*, o de Viveiro considerará esta obra propia dun escritor “nómada, inteligente y culto” (1924b).⁹

Finalmente, Antón comentou *Ciudades islámicas* en dous medios distintos, o diario *El Pueblo Gallego* (1927d) e o boletín *Nós* (1927f), con idéntico ton de louvanza en ambas as recensións. O escritor valenciano, que xa era un dos mellores autores peninsulares dentro do xénero da literatura de viaxes, en opinión de Vilar Ponte, “sobe un escalón máis no camiño da súa xusta sona de brillante literato, no que vai acochado un requintado poeta” (1927f). A clave para ofrecer unha tan atinada observación e interpretación da alma oriental como a recollida no libro estribaba, para o de Viveiro, na capacidade de Martínez Ferrando de ollalo todo “con retina de pintor valenciano”.

8 O escritor valenciano ocupábase nesta ocasión de Suíza, ambientando os capítulos nun dos moitos balnearios para enfermos de tuberculose existentes no país helvético.

9 *A Nosa Terra* tamén acusaría recibo desta obra (“Lecturas. *Las Ciudades del Camino*.— Daniel Martínez Ferrando”, núm. 198, 1/IV/1924, p. 8).

5.3. LIBROS DE EUSKAL HERRÍA

Alimentou tamén o legado bibliográfico do xornalista viveirense o intelectual *abertzale* Luis González de Etxabbarri (1893-1971), con dous dos seus libros poéticos en castelán, titulados *El Arcano entrevistado* (1926)¹⁰ e *Los trabajos divinos* (1927), respectivamente, ambos editados na Arxentina por Sebastián de Amorrortu.

Etxabbarri exiliárase na República do Prata en 1924 despois de protagonizar numerosos episodios de loita cultural e cívica no período inmediatamente anterior ao golpe de Estado primorriverista, como destacado dirixente da mocidade nacionalista vasca que se xuntou arredor do xornal *Aberrri*, posto en marcha en 1916 e do que foi director en 1923. Como escritor publicou entre 1917 e 1918 varios volumes de contos infantís en éuscaro, logo reunidos e traducidos para o castelán como *Cuentos patrióticos* (1920). Na faceta xornalística publicou numerosos artigos, que asinou con pseudónimos como *Vicente de Aizkibel*, *Koldokika Etxabbarri* e *Bingen Aizkibel*. Tivo tamén certa relevancia na posta en marcha en 1918 da Eusko-Ikaskuntza (Sociedade de Estudos Vascos) e, un ano máis tarde, da Euskaltzaindia (Academia da Lingua Vasca), da que foi membro correspondente. Durante o seu longo exilio en terras americanas colaborou con moitas publicacións da colonia vasca, traballou para o *Eusko Deya* e para o diario bonaerense *La Nación* e traduciu numerosas obras do francés e do inglés para a emblemática editora Losada,¹¹ asinando case sempre como Luís Echavarrri ou Luís G. de Echávarri. Nunca regresou ao seu país natal.

No exemplar de *Los trabajos divinos* depositado na Academia Galega pódese ler a seguinte dedicatoria manuscrita, asinada en agosto de 1927: “Al ilustre escritor D. Antonio Villar Ponte, en testimonio de admiración”.

5.4. LIBROS DE ALÉN MIÑO

Non podían faltar na biblioteca de Antón Vilar Ponte, por outra banda, exemplares de obras da intelectualidade de Alén Miño. El mesmo visitara o país veciño como correspondente de prensa en 1910, con ocasión da proclamación da Primeira República, mais, sobre todo, convertérase dentro das Irmandades a partir

10 Este volume foi comentado na revista arxentina *Martín Fierro* polo crítico Antonio Gullo (1926), quen amosou desagrado co ton excesivamente pesimista e confesional dos poemas do escritor vasco.

11 De autores como Stendhal, Gustave Flaubert, o marqués de Sade, Vitor Hugo, Baudelaire, Françoise Sagan, Alexandre Dumas, G. K. Chesterton, Eugène Ionescu, André Gidé, Mark Twain, Tickell, Robert Graves, William Golding, Albert Camus, Boris Vian, Sartre, Henry Miller e Vicky Baum. Tamén traduciu biografías de figuras destacadas da música clásica (Beethoven, Schubert, Mendelssohn...), da filosofía (Nietzsche) e da literatura (Virxilio, Cervantes, Shakespeare, Mirabeau...), así como textos de política internacional (Hans Kelsen, Trotsky, Bertrand Russell...).

de 1918 nunha das voces que con máis forza apostara polo establecemento de canles de colaboración con determinados segmentos, publicacións e individualidades de Portugal, como o grupo da Renascença Portuguesa, a revista *A Águia*, a *Revista da Faculdade de Letras* do Porto e figuras como Teixeira de Pascoaes, Júlio Dantas, Leonardo Coimbra, João de Castro, Alexandre de Córdova etc. Para definir esa corrente de mutua simpatía galaico-portuguesa, con evidentes repercusións en todas as esferas da vida pública, acuñou o de Viveiro entón a etiqueta “Pangaleguismo”.

Do escritor de Viana do Castelo Cláudio Basto (1886-1945), grande especialista en etnografía, filoloxía e cultura popular da rexión do Alto Minho, conserva o legado bibliográfico vilarpontino un exemplar do ensaio *A linguagem de Camilo* [Castelo Branco], publicado pola casa editora Maranus no Porto en 1927 e con dedicatoria manuscrita dirixida á redacción de *A Nosa Terra*. Basto, que colaborou puntualmente co boletín *Nós*, foi asiduo da *Revista Lusitana* que fundara no seu día Leite de Vasconcellos, á que achegou artigos como o titulado “*Saudade em português e galego*”. En 1926 deu ao prelo unha colección de cantigas populares do seu país co título de *Flores de Portugal*.

Por outra parte, o volume *Nacionalismo*, da autoría do avogado de Resende Ângelo César Machado (1900-1972), amigo de Teixeira de Pascoaes, promotor en 1927 das Milicias Lusitanas (organización católica e filofascista), futuro membro da Assembleia Nacional salazarista e presidente do FC Porto entre 1938 e 1940, foi editado pola Sociedade Editorial Pátria en Vila Nova de Gaia en 1933. Un exemplar do mesmo fixo parte tamén da biblioteca de Antón Vilar Ponte, coa seguinte dedicatoria autógrafa engadida na cidade do Porto a 13 de xaneiro de 1934: “A Antonio Villar Ponte, esta homenagem pobre de um filho de Portugal a outro da Galiza”.

O de Viveiro non lle dedicou, que saibamos, comentario ningún na prensa, en clara mostra, coidamos, de radical discrepancia ideolóxica coa doutrina totalitarista e reaccionaria exposta nesa obra.

O poeta e pensador creacionista Leonardo Coimbra (1883-1936), ministro de Instrução durante a Primeira República en Portugal en dúas ocasións (1919 e 1922-23), promotor xunto con Teixeira de Pascoaes, Raúl Proença, Jaime Cortesão e outros intelectuais do grupo da Renascença Portuguesa (co seu voceiro, a revista

A *Águia*) e director da *Revista da Faculdade de Letras* da cidade do Douro, estabeleceu contacto directo cos círculos galeguistas nunha visita realizada á cidade da Coruña en setembro de 1921, no transcurso da cal acompañou o Orfeón portuense e deu unha conferencia na Reunión de Artesáns.

Xa con anterioridade, a súa figura comezara a ser coñecida e moi ben valorizada nos citados círculos mercé ao intercambio epistolar con Vicente Risco (que terá reflexo no boletín *Nós*) e aos artigos que lle dedicaron en setembro de 1920 nas páxinas d'*A Nosa Terra* tanto Xoán Vicente Viqueira¹² coma o propio Antón Vilar Ponte. Este, no traballo “Portugal e Galiza” (1920c), puxo en contraste o espírito aberto e construtivo de Leonardo Coimbra e demais colaboradores da amentada *Revista da Faculdade de Letras* co amosado historicamente pola institución universitaria compostelá, “que non é mais que unha das moitas fábricas de licenciados que temos na Hespaña”. Tamén reiterou nese traballo a súa idea de que Portugal, como nación independente e con cultura de seu feita nunha lingua irmá da galega, representaba “a única defensa e garantía do noso porvir nacional como povo que quere ser «unha Pátria co’a sua propria fisionomía espiritualista»” Nesta perspectiva reclamaba o de Viveiro unha “Aljubarrota galega no orde do pensamento”.

A desaparición física de Leonardo Coimbra, a comezos de xaneiro de 1936, sería chorada por Antón Vilar Ponte, quen evocaría na súa necrolóxica a visita do filósofo lusitano á Coruña en 1921 e o seu contacto coas Irmandades da Fala: “Su patria ha perdido un valor indiscutible, una gloria positiva; Galicia un amigo bueno y excepcional” (1936b).

Na biblioteca de Antón Vilar Ponte conservada na Academia Galega figura un exemplar dedicado do volume *Adoração: cânticos de amor*, de Leonardo Coimbra, editado pola Renascença Portuguesa en Porto en 1921 e comentado por Vicente Risco no sétimo número do boletín *Nós*.

Do avogado e poeta portugués Alexandre Francisco Ferreira, máis coñecido como Alexandre de Córdova (1896-1969), consérvase no espolio vilarpontino un exemplar da primeira edición de *Magnólia: rimas d’amor e de primavera*, impreso en Gaia en 1920 e dedicado polo autor con autógrafa ao xornalista de Viveiro en Coímbra o 4 de setembro de 1921. É máis que probable que o poeta portugués aproveitase para entregarlle o libro en persoa ao xornalista viveirense a viaxe que realizou á Coruña nese mesmo mes e ano, facendo parte da comitiva intelectual que acompañou o Orfeón do Porto nunha serie de actuacións na cidade

12 “Da cultura irmá. Leonardo de Coimbra”. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 129 (5/X/1920), pp. 9-10.

herculina. Canda el viaxou, entre outros moitos, o xa citado Leonardo Coimbra. Posteriormente Alexandre de Córdova, que xa publicara tamén o poemario *Rosas de Malherbe* (1913) e diversas colaboracións na revista mensual *Atlântida* (1915-1920), enviaría textos ao boletín *Nós* dirixido por Risco e ao boletín *Terra* editado en 1923 polo grupo da ING bonaerense, con Blanco Amor á fronte.

Da autoría do militar, político e publicista portugués Francisco Cunha Leal (1888-1970), ministro de Finanzas en 1920-1921 e do Interior en 1922, reitor da Universidade de Coimbra en 1924 e, a partir de certa altura, destacado opositor ao Estado Novo de Oliveira Salazar e á súa política colonial, consérvase no espolio bibliográfico vilarpontino depositado na Academia un exemplar do libro *Ditadura, democracia ou comunismo?: o problema português*, que foi imprentado en 1931 na casa Moret coruñesa,¹³ mentres Cunha Leal permanecía exiliado no noso país. Ese exemplar leva, ademais, a seguinte dedicatoria autógrafa de Cunha Leal, datada na urbe herculina a 28 de agosto de 1931: “Ao Ex^{mo} Senhor Antonio Villar Ponte, ilustre escritor, grande amigo dos portugueses, homenagem de Cunha Leal”.

Precisamente referíndose ao exilio padecido por ese dirixente portugués antisalazarista, que moraría entre 1930 e finais de 1932 sucesivamente en Vigo e A Coruña, Antón Vilar Ponte cualificaríao como “desterro amenguado”, e isto

porque él, como todos sus compañeros de exilio, pudo darse perfecta cuenta de que nunca un portugués será extranjero en tierra de Galicia. Galicia y Portugal son como dos ramas escindidas de un tronco común por fatalidades históricas. La lengua portuguesa se considera en nuestro país como nuestra propia lengua, pues una y la misma fué hasta el siglo XVI y aun ahora resultan escasas las diferencias que entre ambas se advierten. Diferencias análogas a las que surgen entre el castellano de España y el de algunas Repúblicas de América. Pues como tenemos comunidad de lengua, rasgos étnicos análogos y vecindad geográfica estrecha, que el Miño lejos de estorbar, afirma, para un portugués Galicia tiene que ser, y lo es de hecho, como la indudable prolongación de su propio país. (1932i)

Dous volumes do escritor portugués Júlio Dantas Lagos (1876-1962) están presentes tamén na biblioteca do xornalista de Viveiro: un exemplar da 4ª edición de *Pátria portuguesa* (a primeira publicárase en 1914) e outro da 2ª edición (1916) do drama nun acto *Sóror Mariana* (a primeira publicárase o ano anterior).

13 Tamén o foi outro opúsculo de Cunha Leal, *Os partidos políticos na República portuguesa* (1932).

Deputado desde 1905, varias veces ministro a comezos dos anos vinte, presidente tamén varias veces da Academia das Ciéncias de Lisboa e embaixador de Portugal no Brasil en tempos do Estado Novo, Dantas consagrouse como autor teatral en 1902 coa súa peza *A ceia dos cardeais*, á que seguiron outras como *Crucificados* (1902), *Paço de Veiros* (1903), *Um serão nas laranjeiras* (1904), *Rosas de todo o ano* (1907), *Mater dolorosa* (1908), *A Santa Inquisição* (1910), *O que morreu de amor* (1918) e *O reposteiro verde* (1918), así como traducións de dramaturgos clásicos europeos como Rostand ou Shakespeare.

A estética de Júlio Dantas, parnasiana e aristocratizante en certos sentidos e naturalista noutros, sería duramente atacada polo vangardista Almada Negreiros no célebre *Manifesto Anti-Dantas*, mais non cabe dúbida de que lle facilitou un considerábel éxito de crítica e público na súa época. Moitas das pezas teatrais que escribiu foron vertidas para o castelán por Ribera Rovira e por Francisco Villaespesa e o Conservatorio Nazonal da Irmandade coruñesa, animado polo propio Antón Vilar Ponte e por Fernando Osorio Docampo fixo diversas representacións entre 1919 e 1921 de *Mater dolorosa*, *Rosas de todo o ano* e *Sóror Mariana*. En prosa escribiu, entre outras obras, *Abelhas doiradas* (1920), título que evoca inmediatamente a editada por Xosé Lesta Meis en 1930 con prólogo de Vilar Ponte, *Abellas de ouro*, arriba citada.

Outro dos autores portugueses con presenza no espolio bibliográfico villarpontino é o poeta, dramaturgo, ensaísta, historiador literario e político João de Castro Osório de Oliveira (1899-1970), habitualmente coñecido como João de Castro. O de Setúbal agasallou o de Viveiro con dous dos seus libros: a traxedia *O clamor* (1923), que aparece cunha dedicatoria autógrafa que di “A Antón Villar-Ponte este libro de Raça comum apertada entre a Montanha e o Mar-Tenebroso. Com muita admiração”; e mais o ensaio *A Revolução nacionalista* (1922), tamén adornado coa seguinte rúbrica manuscrita do autor: “A Antón Vilar-Ponte com muito agradecimento e toda a simpatia mental. Esta primeira luta dentro da Horda pelo triunfo da ideia sagrada”.

Algunhas das pezas teatrais de João de Castro, como *Rainha santa* (1920) e *A horda* (1921), foron empregadas por Vilar Ponte e Fernando Osorio para integrar no seu momento o repertorio “anovador” do cadro de declamación do Conservatorio Nazonal da Irmandade coruñesa. O de Viveiro comentou ademais n’*A Nosa Terra* a propia peza *A horda*.¹⁴ Ao seu ver, o dramaturgo portugués

14 É ben revelador da sintonía persoal, estética e ideolóxica existente nesta altura entre Antón Vilar Ponte e Vicente Risco o feito de que o ourensán comente algunhas obras deste mesmo autor portugués nas páxinas do boletín *Nós*.

cultivou nela “un género de teatro irepresentábel [sic]. Un teatro poemático, cheio de símbolos, através dos que óllase a realidade”. Esa obra deulle pé ao de Viveiro para reflexionar sobre a problemática relación entre o binomio “éxito / calidade” das obras teatrais nos seguintes termos (1921n):

Despois de termos lido *A Infanta* [de Manuel de Figueiredo] e *A Horda* [de João de Castro] nós pensamos como outras moitas veces, si o *teatro teatral* é mostra da cultura d’un povo, e si pode darse un país próspero no senso espiritual carecendo de verdadeiro teatro propio para as multitudes. Alguen dixo que a do teatro é unha arte inferior, e logo de termos lido o máis exquisito de Maeterlinck e Ibsen, verbigracia, ficamos na dúbida. Por que nin moitas das millores obras escénicas do escritor belga e do escritor noruego, chegan a o chamado gran público, nin as de Figueiredo e Joao de Castro poderan chegar nunca.

E con todo superan pol-a beleza da forma e pol-o admirabel do fondo a coase todas isas pezas teatraes que erguen aos espeitadores de coliseu, nas suas cadeiras, obrigándolle a juntaren as maos para o aplauso.

A deriva ideolóxica posterior do dramaturgo portugués, caracterizada por unha crecente fascistización moi influída polo exemplo do seu admirado Gabriele d’Annunzio e plasmada en artigos nos xornais *A Pátria* (1922) e *A Ditadura* (1923), pola defensa dun nacionalismo de corte imperialista, católico e reaccionario e polo compromiso explícito coa ditadura implantada en 1926, por forza tivo que suscitar o desagrado do viveirense en tanto republicano, demócrata e progresista.

Nesta perspectiva enténdese que cando o dramaturgo portugués viaxou ata A Coruña en 1929 para participar na Semana Portuguesa organizada pola Reunión de Artesáns, a Irmandade da Fala e a Universidade Popular, o de Viveiro, designado para facer a súa presentación diante do auditorio, centrou exclusivamente a súa intervención na faceta literaria, deixando propositadamente á marxe o labor político de João de Castro.

Mais, se algún nome representa con rotundidade a efervescencia “pangaleguista” e de fraternidade que animou certos círculos intelectuais a ambas beiras do Miño nos anos 20 e comezos dos 30 da pasada centuria, ese non é outro que o de Teixeira de Pascoaes (1877-1952). A pegada da súa poesía “saudosista” fíxose evidente en moitos dos autores da literatura galega coetánea, nomeadamente Noriega Varela e Cabanillas. Ademais, versos da súa autoría nutriron as planas d’*A Nosa Terra*, *Nós* e outras revistas e mantivo continua e relevante correspondencia epistolar coa *crème* da intelectualidade do que el propio chamou “terra irmá de Portugal”.

O poeta portugués foi reverenciado n'*A Nosa Terra* continuamente. En agosto de 1920, Vilar Ponte saudou con xúbilo que Teixeira de Pascoaes se fixese asinante do boletín das Irmandades, reclamando poder escoitar máis cedo ca tarde algunha conferencia ou recital seu na Galiza (1920b). Cebreiro dedicoulle un retrato; Risco (1920a) publicou un ensaio sobre a súa poesía e o de Viveiro fixo, como agora veremos, recensión de varias das súas publicacións, etiquetándoo como “o mais alto representante do nazionalismo [sic] espiritualista na Iberia” (1921e).

Os *Cantos indecisos* de Teixeira de Pascoaes, especialmente o seu apartado de elexías, mereceron no boletín *irmandiño* o comentario entusiasta de Antón Vilar Ponte, quen chegou a escribir que facían do poeta portugués “un dos primeiros líricos do mundo na hora actual” (1921i). Ao comentar, noutro traballo posterior, a obra *O bailado*, o de Viveiro salientou que o “ilustre poeta criador da escola saudosista lusitano-galega” conseguiu facer un libro íntimo, de recollemento, un “breviario de delicadezas psíquicas e tamén un poema en prosa” (1921ñ). Ao seu xuízo, o conxunto da obra de Pascoaes tiña que se converter nun activo na propia reivindicación lingüístico-cultural e mesmo política enarborada polas Irmandades:

Teixeira de Pascoaes é un genio da nosa raza. Unha das meirandes glorias literarias da irmá Lusitania.

Defundindo [sic] as suas obras imorrentes pol-a Galiza, conquerimos prestixos para a nosa língoa, ponla espléndida da arbre admirabel onde o idioma portugués amostra froitos eternaes. Canto mais se universalice a lingua lusitana pol-a imposición dos seus genios, maor razón para o cultivo do galego terémol-os nazionalistas da Irlanda peninsular. Así a independenza de Portugal ha ser tida por nós como a propia independenza. Ja o dixemos moitas veces: si algún día os soños imperialistas ridícolos de Castela quixer perturbaren [sic] a vida propia da irmá lusitana, cousa non doada, os nazionalistas galegos como un só home teríamos a sagra obriga de pornos, por instinto de conservación, do lado de Portugal en corpo e alma. Que Portugal é como a pedra de toque onde os nosos valores esvaídos ja renascentes, han de se poderen aquilatar sempre.

Co'a axuda de Portugal, no intercambio entre os seus artistas, literatos e pensadores e os nosos, hemos de atopar as armas para nos cobrire de gloria nunha nova Aljubarrota espiritoal, frente a Castela. (1921ñ, p. 7)

Do poeta de Amarante conserva a Academia Galega, no fondo procedente da doazón da familia de Antón Vilar Ponte, un exemplar da segunda edición do poemario *Marános*, coa seguinte dedicatoria autógrafa, datada en agosto de 1920: “Ao meu querido camarada, Antonio Villar Ponte, o seu muito admirador e amigo”.

O célebre poema de Teixeira que comeza co verso “Galiza, terra irmã de Portugal” foi o pretexto sobre o que Vilar Ponte teceu o seu comentario n’*A Nosa Terra* dese libro *Marános*. Recomendando vivamente a súa lectura, Antón salientou a significativa sintonía espiritual que se estaba a establecer entre os máis destacados escritores lusitanos e o movemento das Irmandades, en contraste coa incomprensión e aldraxe constantes de que eran obxecto Galiza e a súa cultura por parte da maioría dos intelectuais centralistas:

A nosa Pátria está d’embora. Anda a chegar a sua Pascua de Resurreición. No altar de Rosalía e Pondal, baixo a bóveda dos piñaes, oficia o grande sacerdote da Saudade. Tanguen os sinos espallando pol-o âr azul da Nosa Terra en primaveira, os sons cristaiños e buligantes, anunciadores do “aleluya”. As névoas do Miño, como veos nupciaes, esvaen as fronteiras que Castela ergueu para que os ollos de Galiza non viran a Verdade. Y a Saudade eterna, alma de duas almas xemeas, comenza a pôr n’un ritmo igoal corazóns de dous povos que a Natureza, obra de Deus, tiña unificado, i-a Historia, obra dos homes, quixo reitificar absurdamente... ¡Depren-damos na “Arte de ser português” a arte de sermos galegos! (1921d, p. 6)¹⁵

En 1930, Antón Vilar Ponte sumaríase desde as columnas de *El Pueblo Gallego* á homenaxe que se lle preparaba a Teixeira de Pascoaes en Portugal, como debían facer na súa opinión todos os intelectuais galegos que “ven en Lusitania una hermana mayor emancipada que honra a través de la historia a la familia original” (1930ñ). Aínda que a noutrora profunda influencia do saudosismo nas letras e no pensamento galegos estaba nese instante xa un tanto amerada e diluída, Antón continuaba gardándolle lei ao poeta de Amarante, inspirador de moitas das teorizacións que caracterizaron o seu pensamento na primeira metade da década dos 20, cando a sintonía co Vicente Risco xefe supremo da ING fora meirande.

15 O 25 de abril dese mesmo ano, Antón Vilar Ponte remitíalle unha carta a Teixeira de Pascoaes informándoo desta recensión súa, agradecéndolle a dedicatoria a Galiza que presidía o seu libro e expóndolle con franqueza o ideal do nacionalismo galego nesa altura, cifrado nun pacto entre Galiza, Portugal, Cataluña e Euskadi que puxese fin á hexemonía castelá na Península (Álvarez e Alonso Estraviz 1999, pp. 57-60).

5.5. LIBROS HISPANOS

Finalmente, hai algúns exemplares na biblioteca vilarpontina dun dos escritores que o de Viveiro máis admirou na súa mocidade, o novelista canario Benito Pérez Galdós e outros poucos de autores da literatura hispana de preguerra cos que tivo relación puntual.

Ese é o caso do madrileño Tomás Borrás Bermejo (1891-1976), que lle regalou a Vilar Ponte un exemplar do seu libro *Las rosas de la fontana* (1911) talvez como acto de camaradería por seren ambos colaboradores do xornal madrileño *La Mañana*, nos primeiros compases da centuria. Así e todo, a traxectoria posterior de Borrás non puido ser máis antitética, ideoloxicamente falando, á do viveirense: redactor do diario upetista *La Nación*, colaborador do diario monárquico e dereitista *ABC*, militante de Falange etc.

Do escritor de Pola de Laviana Emilio Martínez Suárez (1878-1959), que foi emigrante en Cuba, casou en 1905 coa galega Josefina López Marzoa e residiu logo durante algúns anos na Coruña, recibiu Antón Vilar Ponte para a súa biblioteca o volume *Sol de ocase* (1928), impreso na casa Moret, prologado por Alfonso Camín e que contén algúns textos do frade e misioneiro agostiño Faustino Martínez, irmán do propio autor.

Emilio dérase a coñecer na Habana con traballos nos xornais *Heraldo de Asturias* e *Crónica de Asturias*, gañando algúns certames literarios do Centro Asturiano e publicando o volume poético *Nubes y rocío* (1912). Colaborou tamén co *Diario de la Marina* e coa revista habaneira *Horizontes*, na que tivo a sección “Españoladas”. En 1936 adheriuse ao bando sublevado contra a República, poñendo a súa pluma ao servizo de Franco e no ano 1950 chegou a ser nomeado cronista oficial da súa vila natal.

Aludimos antes á presenza de libros de Benito Pérez Galdós (1843-1920) no espello vilarpontino conservado na Academia. Algún deles, como *El equipaje del Rey José* (1928), foron adquiridos en librarías de ocasión, o que parece indicativo dun proxecto “coleccionista” por parte do xornalista viveirense. Talvez haxa que vincular esa quenenza polas obras galdosianas por parte de Antón ao seu desexo de documentarse sobre o século XIX hispano a través dos Episodios Nacionales, como paso previo a confeccionar esas obras sobre figuras como Porlier, Sinforianito López

ou Xoana de Vega ás que xa aludimos ao falar do xornalista Díaz Andión e que ficaron infelizmente inacabadas.

Algúns parágrafos de artigos do Antón Vilar Ponte mozo (1915) deixan ben ás claras a estima e positiva avaliación que da obra narrativa do canario tivo desde sempre:

Cuanto produce don Benito resulta digno de consideración. Así resultó siempre; pero especialmente ahora, cuando viejo, enfermo, achacoso, no muy holgado de intereses, teniendo que dictar sus cuartillas, sigue dando á los jóvenes literatos un alto ejemplo de fecundidad y de constancia en el trabajo, que admira y sorprende á todos [...]. Con ansia esperamos *La razón de la sin razón*, este nuevo libro del anciano siempre joven, que, aparte los méritos insinuados, tiene otro mayor todavía: el de haber introducido en España, cuando la decadencia literaria lo inundaba todo, las nuevas formas de novelar y dramatizar que en Europa ya eran familiares.

Comentou Vilar Ponte (1916c), alegrándose por iso, o éxito obtido polo ancián Pérez Galdós coa estrea da versión dramática de *Marianela*, a cargo da compañía Xirgú. Tamén a estrea en 1918 no Teatro de la Princesa de Madrid, pola citada compañía, da peza *Santa Juana de Castilla* de Pérez Galdós, permitiulle a Vilar Ponte compoñer unha nova gabanza do escritor canario, facendo fincapé na súa fecundidade e laboriosidade, na súa valente revisión de valores históricos e na súa superioridade á hora de abordar literariamente “todo aquilo que en versos fríos, retoricistas, carentes de alma, llevó á la escena, sin gran escrúpulo ni respeto, Eduardo Marquina” (1918b).

Ao se producir, en xaneiro de 1920, o falecemento do autor de *Fortunata y Jacinta*, Antón confeccionou un artigo necrolóxico para *La Voz de Galicia* (1920a). Ese, coas súas palabras, “venerable patriarca de las letras españolas”, que morrera despois de ter dado de si nunha longa vida consagrada ao traballo, deixaba un admirábel e cuantioso herdo de arte e patriotismo. Galdós fora, ao entender de Vilar Ponte, o gran modernizador e europeizador das letras españolas, o liquidador do retoricismo oitocentista e do efectismo pseudorromántico. A nota do viveirense finalizaba lamentando que non se lle outorgase ao escritor canario un galardón do que, ao seu ver, se fixera sobradamente merecedor: o Premio Nobel de Literatura.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, Eloísa e Alonso Estraviz, Isaac (1999). *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário*. Sada: Edición do Castro.
- Anvipo [Vilar Ponte, Antón] (1917). Breviario enxebre (pra lér pensando). *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 15 (10/IV/1917), 1-2.
- Anvipo [Vilar Ponte, Antón] (1928). Exemplos. Predicar e praiticar. *El Pueblo Gallego*. 16/V/1928, 1.
- Armada Losada, Juan (1890). Del renacimiento literario y artístico de Galicia. *La España Moderna. Revista Ibero-americana*. 14 (II/1890), 42-77.
- Armada Losada, Juan (1920). ¿Fada ou quimeira? ¿Vixilia ou sono? *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 3 (30/XII/1920), 1-2.
- Armada Losada, Juan (1925). Falares miñotos. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 21 (15/IX/1925), 1-2.
- Armada Losada, Juan (1926). [Todos chámanlle coitado]. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 31 (25/VII/1926), 7.
- [Blanco Torres, Roberto] (1935). Un balance lamentable. La prensa gallega, reaccionaria. *El País. Diario de la tarde*. 29/IV/1935, 1.
- Cambó, Francisco (1917). Verbes d'un apóstol. Do evanxelio nacionalista. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 20 (30/V/1917), 1-2.
- Carballo Calero, Ricardo (1935). Crítica. En col de *O muíño albeiro*. *El Pueblo Gallego*. 14/XII/1935, 9.
- Carré Alvarellos, Leandro (1919). A gramática galega. Incógnita desfeita. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 87 (25/IV/1919), 3.
- Carré Alvarellos, Leandro (1922). É mester reitificar. As duas crases de nazionalistas. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 174 (1/XII/1922), 3-4.
- Casas, Álvaro de las (1930). El momento político. Habla para *La Zarpa* el marqués de Figueroa. *La Zarpa. Diario de los agrarios gallegos*. 22/IV/1930, 7.
- Castro, Plácido R. (1936). Expresión da nosa lembranza emocionada. *A Nosa Terra. Boletín do Partido Galeguista*. 405 (13/ III/1936), 2.
- Correa Calderón, Evaristo (1920). Divagación sobor do sentimento nazionalista. Conferencia de Correa-Calderón, lida na Irmandade da Cruña o 29 de Outono de 1920. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 130-131 (5/XI/1920), 1-4.

- Correa Calderón, Evaristo (1926). Arar y cantar. El teatro gallego como propaganda. *El Pueblo Gallego*. 14/I/1926, 1 e 15/I/1926, 1.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1928a). Ortografía gallega. Bases para su unificación. *El Pueblo Gallego*. 4/V/1928, 7; 5/V/1928, 11; 9/V/1928, 10; 12/V/1928, 9; 17/V/1928, 11; 22/V/1928, 13; e 24/V/1928, 13.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1928b). Minucias filológicas. Sobre el último libro de Otero Pedrayo. *El Pueblo Gallego*. 8/V/1928, 1-2.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1929). Temas gallegos. ¡Prudencias, señores! *Vida Gallega*. 404 (20/II/1929), [s.p.].
- [Couceiro Freijomil, Antonio] (1930). Una iniciativa. La bandera regional. *El Noroeste. Diario de La Coruña*. 17/VI/1930, 1.
- Curioso Impertinente, El [= Correa Calderón, Narciso] (1932). Nuestras entrevistas políticas. Don Antonio Villar Ponte, Jefe de la minoría gallega en el Parlamento, expone la actuación de nuestros diputados. *Vanguardia Gallega*. 89 (20/I/1932), 1.
- F. M. [= Martínez Morás, Fernando] (1919). De Gramática gallega. *La Voz de Galicia*. 12/IV/1919, 1.
- Fole, Ánxel (1935). Calendario. *Desfile de campesinos*. *El Pueblo Gallego*. 28/VIII/1935, 16.
- Fraga Porto, Pedro (1917). Exaltación gallega. *Galicia. Boletín rexionalista*. 2 (20/XII/1917).
- González, Juan Jesús (1928). La cuestión idiomática. Una conversación con el académico y filólogo don Armando Cotarelo Valledor. *El Pueblo Gallego*. 11/V/1928, 9.
- Gullo, Antonio (1926). Tres libros argentinos. *Martín Fierro*. 35 (5/XI/1926), 12.
- Ken Keirades [=García Barros, Manuel] (1926). Rexoubas. *El Emigrado*. 211 (16/XI/1926).
- Ken Keirades [=García Barros, Manuel] (1927). Rexoubas. *El Emigrado*. 220 (16/II/1927), 1 e 6.
- Ken Keirades [=García Barros, Manuel] (1935). Rexoubas. *El Emigrado*. 533 (7/X/1935), 1-2.
- Lamas, José (1916). Os amigos da fala gallega. *Labor Gallega*. 4 (20/VI/1916), [s.p.].
- Lanza Álvarez, Francisco (1928-1929). O insino en Ribadeo desde o s. XVI ó XIX. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 60 (15/XII/1928), 217-219; e 61 (15/I/1929), 4-6.
- Lanza Álvarez, Francisco (1929a). Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza. Folklore en Ribadeo. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 61 (15/I/1929), 16.

- Lanza Álvarez, Francisco (1929b). Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza. Toponimia do Partido de Ribadeu. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 65 (15/V/1929), 89-90.
- Lanza Álvarez, Francisco (1930-1931). Ribadeo en la Guerra de la Independencia. *Boletín de la Real Academia Gallega*. 224-225 (1/VI/1930), 217-224; 226 (1/VII/1930), 232-239; 227 (1/IX/1930), 269-272; 229 (1/I/1931), 21-24; e 232 (1/VI/1931), 88-92.
- Lanza Álvarez, Francisco (1933a). Falan os de Ribadeo. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 114 (15/VI/1933), 146-154; 116 (15/VIII/1933), 169-172; e 118 (15/X/1933), 207-211.
- Lanza Álvarez, Francisco (1933b). *Ribadeo antigo*. Madrid: [s.n.].
- Lesta Meis, José (1922). Cosas del día. *Céltiga y Almas Mortas. La Zarpa. Diario de los agrarios gallegos*. 20/VI/1922, 1.
- Mariñas del Valle, Jenaro (1977). Retrato en tres tempos. *La Voz de Galicia*. Suplemento *Los Domingos de la Voz*. 15/V/1977, [s.p.].
- Martínez Ferrando, Daniel (1921). Crónicas gallegas. La Peneda. *El Noroeste. Diario de La Coruña*. 7/V/1921.
- Mato y Castro, Bernardo (1927). *A pecadenta silenciosa*. Novela, por M. Bergueiro López. *Vida Gallega*. 341 (20/V/1927), [s.p.].
- Meilán [=Vilar Ponte, Antón] (1922a). Impresiones coruñesas. Referencias de unos trabajos medicos. *Galicia. Diario de Vigo*. 7/XII/1922, 2.
- Meilán [=Vilar Ponte, Antón] (1922b). Impresiones coruñesas. Una figura conocida. *Galicia. Diario de Vigo*. 30/XII/1922, 2.
- Montes, Eugenio (1922-1923). Estética da muiñeira. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 13 (1/XI/1922), 1-6; 14 (1/XII/1922), 7-10; e 15 (1/I/1923), 11-14.
- Redondo Abal, Francisco Xavier (2007). A pillaxe da biblioteca de Santiago Casares Quiroga: un exemplo de incautación dunha biblioteca privada. *A Trabe de Ouro*. 69, 73-85.
- Redondo Abal, Francisco Xavier (2009). *O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil*. Ames: Laiovento.
- Redondo Abal, Francisco Xavier (2010). *Proceso a unha biblioteca. A persecución de Castela a través da incautación da súa biblioteca*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Redondo Abal, Francisco Xavier (2014). *Bibliotecarias e Bibliotecarios "infames". A depuración franquista do corpo bibliotecario republicano. O caso galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ribalta, Aurelio (1915). El cultivo de la lengua propia. *Estudios Gallegos. Revista quincenal de lenguaje, finanza, turismo*. 4 (20/III/1915), [s.p.].

- [Ribalta, Aurelio] (1916a). A campaña pola fala. *Estudios Gallegos. Revista quincenal de lenguaje, finanza, turismo*. 20 (VI/1916), 217-220.
- [Ribalta, Aurelio] (1916b). Os Amigos da fala. *Estudios Gallegos. Revista quincenal de lenguaje, finanza, turismo*. 20 (VI/1916), 220-223.
- Risco, Vicente (1920a). Estudios críticos. Un libro de Teixeira de Pascoaes. Os poetas lusiadas (1919). *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 114 (5/III/1920), 2-4.
- Risco, Vicente (1920b). Letras Irlandesas. W.B. Yeats. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 3 (XII/1920), 15-16.
- [Risco, Vicente] (1922). Os homes, os feitos, as verbas. Libros. *A través de Galicia*, por Daniel Martínez Ferrando. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 12 (15/VIII/1922), 18-19.
- Risco, Vicente (1925a). Os homes, os feitos, as verbas. Libros. *D'outono*, por Gonzalo López Abente. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 19 (25/VII/1925), 19.
- [Risco, Vicente] (1925b). Biblioteca escollida de autores galegos. Valentín Lamas Carvajal. Poesías. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 23 (15/XI/1925), 15-16.
- Santiso Girón, [Laureano] (1931). Impresiones. Costumbres compostelanas. *El Pueblo Gallego*. 13/I/1931, 12.
- Sigüenza, Julio (1930). *Galicia: cara y cruz*. Montevideo: Cartel.
- Sil [= Vilar Ponte, Antón] (1933). Rutas gallegas. Información literaria. *La Voz de Galicia*. 15/VI/1933, 1.
- Taboada Tabanera, Prudencio (1935). Ágora dos libros. Comentario en dous tonos d-uns poemas en dous tempos. *El Pueblo Gallego*. 22/XI/1935, 16.
- Valcárcel, Antón (1917). Crítica miuda. Villar Ponte. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 20 (30/V/1917), 3.
- Valcárcel, Antonio (1920). Galicia. Nota del momento. Said Armesto. *El Sol*. 25/VIII/1920, 6.
- Ventalló, Cirici (1917). Consellos dos alleos. Galicia a irredenta. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 12 (10/III/1917), 1.
- Vilar Ponte, Antón (1906). Contra la pena de muerte. Por los reos de Rugando. *El Vivariense*. 29 (30/X/1906).
- Vilar Ponte, Antón (1911). *Cantares gallegos*. *La Voz de Galicia*. 17/X/1911, 2.
- [Vilar Ponte, Antón] (1912). Literatura regional. La obra de Leiras Pulpeiro. *La Voz de Galicia*. 16/XI/1912, 1.
- [Vilar Ponte, Antón] (1915). Con letra del siete. *La razón de la sinrazón*. *La Voz de Galicia*. 19/XI/1915, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1916a). *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. La Coruña: Imp. La Voz de Galicia.
- [Vilar Ponte, Antón] (1916b). Ramón Cabanillas. *La Voz de Galicia*. 2/VII/1916, 1.

- [Vilar Ponte, Antón] (1916c). Con letra del siete. Después del éxito. *La Voz de Galicia*. 20/X/1916, 1.
- [Vilar Ponte, Antón] (1917a). Con letra del siete. Las obras de Ramón Cabanillas. *La Voz de Galicia*. 29/IV/1917, 1.
- [Vilar Ponte, Antón] (1917b). Con letra del siete. Zapatos y versos. *La Voz de Galicia*. 6/VI/1917, 1.
- [Vilar Ponte, Antón] (1917c). Con letra del siete. *Alento da Raza*. *La Voz de Galicia*. 22/VI/1917, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1917d). Con letra del siete. *Post mortem*. *La Voz de Galicia*. 6/VIII/1917, 1.
- [Vilar Ponte, Antón] (1917e). Ramón Cabanillas, poeta da Raza. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 32 (30/IX/1917), 6; 33 (10/X/1917), 6; 34 (20/X/1917), 6; 35 (30/X/1917), 6; 37 (20/XI/1917), 6; 38 (30/XI/1917), 6; e 39 (10/XII/1917), 6.
- [Vilar Ponte, Antón] (1917f). Charlón e Hermida. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 39 (10/XII/1917), 7.
- Vilar Ponte, Antón (1918a). *La Loba*, de Rey Soto. Después de terminar su lectura. *El Noroeste*. [Ca. 1918].
- Vilar Ponte, Antón (1918b). Jornadas. El viejo siempre joven. *El Noroeste*. [Ca. 1918].
- Vilar Ponte, Antón (1918c). In memoriam. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 71 (5/XI/1918), 2-3.
- [Vilar Ponte, Antón] (1919). Follas Novas. *O deputado por Veiramar*. Novela de Gonzalo López Abente. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 88 (5/V/1919), 3.
- Vilar Ponte, Antón (1920a). Una gloriosa figura. Cuando muere el Abuelo... *La Voz de Galicia*. 6/I/1920, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1920b). O mestre Teixeira Pascoaes. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 125 (10/VIII/1920).
- Vilar Ponte, Antón (1920c). Portugal e Galiza. Leonardo Coimbra e a *Revista do Porto*. *A Nosa Terra. Boletín decenal*. 128 (25/IX/1920), 3.
- Vilar Ponte, Antón (1921a). El Santo Graal. *La Correspondencia*. [Cienfuegos, ca. 1921].
- Vilar Ponte, Antón (1921b). Da paisaxe e a pintura en Galizia. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 4 (31/I/1921), 3-10.
- Vilar Ponte, Antón (1921c). Teatro gallego. Ante el estreno de *Rosiña* [sic]. *La Voz de Galicia*. 22/II/1921, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1921d). Follas Novas. Libros e Revistas. *Marános*. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 137 (31/III/1921), 5-6.
- Vilar Ponte, Antón (1921e). Os nosos grandes Mestres. Teixeira de Pascoaes. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 141 (31/V/1921), 6.

- [Vilar Ponte, Antón] (1921f). Da velada homenaxe a Francisco Tettamáncy. Unhas liñas de Murguía. Discurso do irmán A. Villar Ponte. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 143 (1/VII/1921), 2-3.
- Vilar Ponte, Antón (1921g). Resposta a un e a moitos. Duas crases de galeguistas. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 144 (15/VII/1921), 1-2.
- [Vilar Ponte, Antón] (1921h). A 1.^a Asambleia de xornalista galegos. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 144 (15/VII/1921), 3.
- Vilar Ponte, Antón (1921i). Follas Novas. Libros e Revistas. *Cantos indecisos*, de Teixeira de Pascoaes. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 144 (15/VII/1921), 7.
- Vilar Ponte, Antón (1921j). O Malogrado. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 150 (31/X/1921), 2.
- [Vilar Ponte, Antón] (1921m). O traballo de Villar Ponte. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 151 (15/XI/1921), 1-3.
- Vilar Ponte, Antón (1921n). Follas novas. Libros e Revistas. *A Horda* tragedia de Joao de Castro. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 153 (15/XII/1921), 7.
- Vilar Ponte, Antón (1921ñ). Follas novas. Libros e Revistas. *O Bailado* de Teixeira de Pascoaes. *A Nosa Terra. Boletín quincenal*. 154 (31/XII/1921), 6-7.
- Vilar Ponte, Antón (1922a). Nuevo renacimiento de las letras gallegas. Algunos libros nuevos. *La Voz de Galicia*. 22/I/1922, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1922b). Crónicas de la vida gallega. *Diario de la Marina*. 21/II/1922.
- Vilar Ponte, Antón (1922c). Arte, crítica, literatura. Valores culturales de Galicia. *Revista de Casa América-Galicia*. 21 (IX/1922), 4-5.
- Vilar Ponte, Antón (1922d). Nuestros articulistas. Notas marginales de un profano. Acerca del nuevo libro de Nóvoa Santos. *Galicia. Diario de Vigo*. 19/XII/1922, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1923a). Duas crases de galeguistas. *Terra. Idearium da I. N. G. n'América do Sul*. 2 (25 /VII/1923), 15-16.
- Vilar Ponte, Antón (1923b). O Malogado [sic]. *Terra. Idearium da I. N. G. n'América do Sul*. 5 (X/1923), 11.
- Vilar Ponte, Antón (1923c). Bibliocrítica. Al margen de un buen libro. *Galicia. Diario de Vigo*. 25/XI/1923, 3.
- Vilar Ponte, Antón (1923d). Nuestros articulistas. El Marqués de Figueroa y la personalidad de Galicia. *Galicia. Diario de Vigo*. 28/XI/1923, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1923e). Nuestros articulistas. Galicia y el marinismo. *Galicia. Diario de Vigo*. 12/XII/1923, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1924a). Nuestros articulistas. Una próxima exposición de arte en La Coruña y Vigo. *Galicia. Diario de Vigo*. 29/I/1924, 1.

- Vilar Ponte, Antón (1924b). Bibliocrítica. *Las ciudades del camino*. Galicia. *Diario de Vigo*. 10/II/1924, 3.
- Vilar Ponte, Antón (1924c). Una entrevista conmigo mismo. Galicia. *Diario de Vigo*. 20/V/1924, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1924d). Estética racial. A parroquia. *Ronsel. Revista de Arte*. 2 (VI/1924), 8-9.
- Vilar Ponte, Antón (1924e). El arte en Galicia. Unos comentarios a la exposición de Mariano Miguel. Galicia. *Diario de Vigo*. 19/VII/1924, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1924f). Nuestros articulistas. Pretextos cotidianos. El tema de la emigración. Galicia. *Diario de Vigo*. 17/IX/1924, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1924g). In memoriam. A Nosa Terra. *Boletín quincenal*. 205 (1/X/1924), 3.
- Vilar Ponte, Antón (1925a). Pretextos cotidianos. Se busca la solidaridad de toda Galicia para la lucha antituberculosa. Galicia. *Diario de Vigo*. 14/I/1925, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1925b). Pretextos cotidianos. *La conversión de Ben Amadi*. Galicia. *Diario de Vigo*. 15/I/1925, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1925c). Temas regionales. La poesía gallega en la actualidad. *Hispania*. 2 (30/I/1925).
- Vilar Ponte, Antón (1925d). Libros. *D'Outono*. Colección de sonetos de Gonzalo López Abente. *Alfar. Revista de Casa América-Galicia*. 49 (IV/1925), 33-34.
- Vilar Ponte, Antón (1925e). Libros. *Da vella roseira*. Cántigas de Victoriano Taibo. *Alfar. Revista de Casa América-Galicia*. 49 (IV/1925), 34-35.
- Vilar Ponte, Antón (1925f). Pretextos cotidianos. Un gallego ejemplar. Galicia. *Diario de Vigo*. 10/V/1925, 3.
- Vilar Ponte, Antón (1925g). Pretextos cotidianos. Selección de poemas de Lamas Carvajal. Galicia. *Diario de Vigo*. 4/X/1925.
- Vilar Ponte, Antón (1925h). Pretextos cotidianos. En la muerte del hombre que nació pretérito. Galicia. *Diario de Vigo*. [Ca. mediados de outubro de 1925].
- Vilar Ponte, Antón (1925i). Pretextos cotidianos. Los *continuadores* que reposan en Safoy y en Ouces. Galicia. *Diario de Vigo*. [Ca. finais de outubro de 1925].
- Vilar Ponte, Antón (1925l). *La Guía sentimental de Mallorca*. Galicia. *Diario de Vigo*. 22/XI/1925.
- Vilar Ponte, Antón (1926a). Pretextos cotidianos. Una lección de historia gallega. Galicia. *Diario de Vigo*. 19/I/1926.
- Vilar Ponte, Antón (1926b). Pretextos cotidianos. Un libro digno de loa. Galicia. *Diario de Vigo*. 27/I/1926.
- Vilar Ponte, Antón (1926c). Galerías. El inventariador de nuestra riqueza artística. *El Pueblo Gallego*. 7/II/1926, 1.

- Vilar Ponte, Antón (1926d). Galerías. Donde menos se piensa salta un novelista. *El Pueblo Gallego*. 7/II/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1926e). Galerías. Un poeta modesto y silencioso. *El Pueblo Gallego*. 17/II/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1926f). Galerías. Un pleito demasiado serio. *El Pueblo Gallego*. 14/IV/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1926g). Galerías. Estudios de relevante interés. *El Pueblo Gallego*. 9/V/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1926h). Galerías. Pro Carolina Otero gallega. *El Pueblo Gallego*. 11/V/1926, 1-2.
- Vilar Ponte, Antón (1926i). Galerías. Al margen de un triunfo. *El Pueblo Gallego*. 23/V/1926, 1.
- [Vilar Ponte, Antón] (1926l). No Circo de Artesanos. Conferencia e lectura de poesías por Victoriano Taibo. *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*. 226 (1/VII/1926), 2-5.
- Vilar Ponte, Antón (1926m). Galerías. Al margen de un bello gesto. *El Pueblo Gallego*. 15/VIII/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1926n). Galerías. *La guerra hermandina*. *El Pueblo Gallego*. 19/IX/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1926ñ). Galerías. Una obra que era necesaria. *El Pueblo Gallego*. 5/X/1926, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1927a). Galerías. Homenaje reivindicatorio. *El Pueblo Gallego*. 4/II/1927, 7.
- [Vilar Ponte, Antón] (1927b). Nuestras letras. Las novelas de *Lar*. *El Pueblo Gallego*. 5/II/1927, 8.
- Vilar Ponte, Antón (1927c). Galerías. El abogado que mata al escritor. *El Pueblo Gallego*. 17/II/1927, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1927d). Galerías. Un nuevo libro de Martínez Ferrando. *El Pueblo Gallego*. 25/II/1927, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1927e). Galerías. Un libro póstumo de Viqueira. *El Pueblo Gallego*. 5/III/1927, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1927f). Os homes, os feitos as verbas. Libros. *Las ciudades islámicas*. Daniel Martínez Ferrando. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*. 39 (15/III/1927), 20.
- Vilar Ponte, Antón (1927g). Temas de interés. Un nuevo libro gallego. *El Pueblo Gallego*. 25/VI/1927, 1.
- Vilar Ponte, Antón (1927h). Galerías. *El instinto de la Muerte*. *El Pueblo Gallego*. 28/VI/1927, 1.

- Vilar Ponte, Antón (1927i). Libros. *Proel*. Libro de versos gallegos de Luis Amado Carballo. *Alfar. Revista de Casa América-Galicia*. 61 (15/VII/1927), 28-29.
